

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4117** *Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### ÍNDICE

- Título preliminar.
- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Economía sustentable.
- Artigo 3. Principios.
- Título I. Mellora do ámbito económico.
- Capítulo I. Mellora da calidade da regulación.
- Artigo 4. Principios de boa regulación aplicables ás iniciativas normativas das administracións públicas.
- Artigo 5. Instrumentos das administracións públicas para a mellora da regulación.
- Artigo 6. Adaptación da regulación vixente aos principios de sustentabilidade e boa regulación.
- Artigo 7. Transparencia e seguimento da mellora regulatoria.
- Capítulo II. Organismos reguladores.
- Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais sobre os organismos reguladores.
- Artigo 8. Natureza xurídica e réxime de funcionamento dos organismos reguladores.
- Artigo 9. Relación coas entidades públicas e privadas, e independencia funcional.
- Sección 2.<sup>a</sup> Do obxecto dos organismos reguladores.
- Artigo 10. Obxecto da actuación dos organismos reguladores.
- Sección 3.<sup>a</sup> Dos órganos de dirección dos organismos reguladores.
- Artigo 11. Organización dos organismos reguladores.
- Artigo 12. O Consello e o seu presidente.
- Artigo 13. Nomeamento e mandato dos membros do Consello.
- Artigo 14. O presidente do organismo regulador.
- Artigo 15. Funcións e incompatibilidades dos membros do Consello.
- Artigo 16. Causas de cesamento no exercicio do cargo.
- Sección 4.<sup>a</sup> Do persoal dos organismos reguladores.
- Artigo 17. Persoal directivo.
- Artigo 18. Persoal non directivo.
- Artigo 19. Obriga de informar e garantías para a actuación.
- Sección 5.<sup>a</sup> Da transparencia e a responsabilidade social dos organismos reguladores.
- Artigo 20. Publicidade das actuacións dos organismos reguladores.
- Artigo 21. Control parlamentario.
- Artigo 22. Impugnación das decisións dos organismos reguladores.

Sección 6.<sup>a</sup> Dos mecanismos de colaboración e cooperación dos organismos reguladores.

Artigo 23. Cooperación interinstitucional.

Artigo 24. Cooperación entre os organismos reguladores e coa Comisión Nacional da Competencia.

Sección 7.<sup>a</sup> Normas relativas ao establecemento e cálculo da porcentaxe, tipos de gravame e cotas das taxas dos organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia, así como para o seu endebedamento.

Artigo 25. Establecemento e cálculo da porcentaxe, tipos de gravame e cotas das taxas dos organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 26. Endebedamento.

Capítulo III. Mercados financeiros.

Sección 1.<sup>a</sup> Transparencia e goberno corporativo.

Artigo 27. Principios de bo goberno corporativo e adecuada xestión do risco en relación coas remuneracións dos executivos.

Artigo 28. Mellora da supervisión financeira.

Artigo 29. Responsabilidade no crédito e protección dos usuarios de servizos financeiros.

Sección 2.<sup>a</sup> Mercados de seguros e fondos de pensións.

Artigo 30. Mercados de seguros e fondos de pensións.

Sección 3.<sup>a</sup> Mecanismos de protección dos clientes de servizos financeiros.

Artigo 31. Protección de clientes de servizos financeiros a través dos servizos de reclamacións dos supervisores financeiros.

Capítulo IV. Sustentabilidade financeira do sector público.

Artigo 32. Sustentabilidade orzamentaria das administracións públicas.

Artigo 33. Cooperación con outras administracións públicas.

Artigo 34. Plan de Austeridade da Administración xeral do Estado

Artigo 35. Sustentabilidade na xestión das empresas públicas.

Artigo 36. Incumprimento por parte das entidades locais da obriga de remitir información relativa á liquidación dos seus orzamentos á Administración xeral do Estado.

Capítulo V. Contratación pública e colaboración público-privada.

Artigo 37. Impulso á eficiencia na contratación pública e financiamento da colaboración público-privada.

Artigo 38. Fomento da contratación pública de actividades innovadoras.

Capítulo VI. Responsabilidade social das empresas.

Artigo 39. Promoción da responsabilidade social das empresas.

Título II. Competitividade.

Capítulo I. Simplificación administrativa.

Sección 1.<sup>a</sup> Da ampliación do ámbito do silencio positivo.

Artigo 40. Ampliación do ámbito do silencio positivo.

Sección 2.<sup>a</sup> Dos supostos de licenzas locais de actividade.

Artigo 41. Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 42. Reforma do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Capítulo II. Simplificación no réxime de tributación.

Artigo 43. Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Artigo 44. Simplificación das obrigas formais dos grupos fiscais no imposto sobre sociedades.

Artigo 45. Adaptación da normativa tributaria á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Capítulo III. Da actividade catastral.

Artigo 46. Principios reitores da actividade catastral.

Capítulo IV. Telecomunicacións e sociedade da información.

Artigo 47. Utilización das novas tecnoloxías na banda de frecuencias de 900 MHz e 1.800 MHz.

Artigo 48. Ampliación das bandas de frecuencia en que se pode efectuar a transferencia de títulos habilitantes ou cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico.

Artigo 49. Redes de telecomunicación de acceso ultrarrápido.

Artigo 50. Redución da taxa xeral de operadores de telecomunicacións.

Artigo 51. Reorganización do espectro radioeléctrico na banda de frecuencias 790-862 Mhz.

Artigo 52. Inclusión, como parte integrante do servizo universal, dunha conexión que permita comunicacións de datos de banda larga a unha velocidade de 1Mbit por segundo.

Capítulo V. Ciencia e innovación.

Sección 1.<sup>a</sup> Transferencia de resultados na actividade investigadora.

Artigo 53. Ámbito de aplicación.

Artigo 54. Titularidade e carácter patrimonial dos resultados da actividade investigadora e do dereito a solicitar os correspondentes títulos de propiedade industrial e intelectual para a súa protección.

Artigo 55. Aplicación do dereito privado ás transmisións a terceiros de dereitos sobre os resultados da actividade investigadora.

Artigo 56. Cooperación dos axentes públicos de execución co sector privado a través da participación en empresas innovadoras de base tecnolóxica.

Sección 2.<sup>a</sup> Promoción dos dereitos de propiedade industrial.

Artigo 57. Difusión da propiedade industrial.

Artigo 58. Modificación da contía das taxas.

Artigo 59. Medidas para incrementar a eficacia e axilizar a concesión de dereitos da propiedade industrial.

Sección 3.<sup>a</sup> Formación, investigación e transferencia de resultados no sistema universitario.

Artigo 60. Obxectivos en materia universitaria.

Artigo 61. Formación universitaria e economía sustentable.

Artigo 62. Competitividade universitaria.

Artigo 63. Agregacións estratéxicas en campus universitarios.

Artigo 64. Investigación e transferencia do coñecemento.

Sección 4.<sup>a</sup> Fiscalidade das actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Artigo 65. Mellora das deducións no imposto sobre sociedades por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica e para o fomento das tecnoloxías da información.

Capítulo VI. Internacionalización.

Artigo 66. Internacionalización das empresas.

Artigo 67. Incorporación de novas liñas directoras á política de internacionalización.

Artigo 68. Instrumentos do sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización.

Artigo 69. Creación dun mecanismo de avaliación e control do sistema de apoio financeiro á internacionalización.

Artigo 70. Modificación da Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación.

Artigo 71. Impulso da rede española de convenios para evitar a dobre imposición.

Capítulo VII. Formación profesional.

Artigo 72. Obxectivos en materia de formación profesional.

Artigo 73. A calidade na formación profesional.

Artigo 74. Participación dos interlocutores sociais.

Artigo 75. Colaboración coas empresas privadas.

Artigo 76. Instalacións e equipamentos docentes.

Título III. Sustentabilidade ambiental.

Capítulo I. Modelo enerxético sustentable.

Artigo 77. Principios da política enerxética.

Artigo 78. Obxectivos nacionais en materia de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables.

Artigo 79. Planificación enerxética indicativa.

Artigo 80. Planificación enerxética vinculante.

Artigo 81. Cooperación entre administracións públicas.

Artigo 82. Fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito de enerxías renovables e o aforro e a eficiencia enerxética.

Artigo 83. Transparencia e información aos consumidores.

Artigo 84. Simplificación de procedementos administrativos.

Artigo 85. Aforro enerxético das administracións públicas.

Artigo 86. Seguimento e avaliación.

Artigo 87. Investimento do factor de esgotamento no réxime da minaría.

Capítulo II. Redución de emisións.

Artigo 88. Obxectivo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

Artigo 89. Capacidade de absorción dos sumidoiros españois.

Artigo 90. Compensación de emisións.

Artigo 91. Constitución dun fondo para a compra de créditos de carbono.

Artigo 92. Incremento da dedución por investimentos ambientais.

Capítulo III. Transporte e mobilidade sustentable.

Sección 1.<sup>a</sup> Regulación do transporte.

Artigo 93. Principios da regulación do sector do transporte.

Artigo 94. Promoción da competencia e clasificación dos mercados de transporte.

Artigo 95. Servizos de transporte de interese público.

Artigo 96. Autonomía de xestión.

Sección 2.<sup>a</sup> Planificación e xestión eficiente das infraestruturas e dos servizos do transporte.

Artigo 97. Obxectivos e prioridades da planificación estatal das infraestruturas do transporte.

Artigo 98. Sistema de información sobre a rede estatal de infraestruturas do transporte e de análise e avaliación da demanda dos servizos de transporte.

Sección 3.<sup>a</sup> Mobilidade sustentable.

Artigo 99. Principios en materia de mobilidade sustentable.

Artigo 100. Obxectivos da política de mobilidade sustentable.

Artigo 101. Os plans de mobilidade sustentable.

Artigo 102. Fomento dos plans de mobilidade sustentable.

Artigo 103. Elaboración dos plans de transporte en empresas.

Artigo 104. Modernización tecnolóxica e uso eficiente dos medios de transporte.

Artigo 105. Promoción do transporte por estrada limpo por parte dos poderes adxudicadores.

Artigo 106. Adquisición, por parte dos poderes adxudicadores, de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes.

Capítulo IV. Rehabilitación e vivenda.

Artigo 107. Fins comúns das políticas públicas para un medio urbano sustentable.

Artigo 108. Información ao servizo das políticas públicas para un medio urbano sustentable.

Artigo 109. Rehabilitación e renovación para a sustentabilidade do medio urbano.

Artigo 110. Actuacións de renovación e rehabilitación urbanas.

Artigo 111. Obras e instalacións necesarias para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.

Título IV. Instrumentos para a aplicación e avaliación da Lei de economía sustentable.

Artigo 112. O Fondo de Economía Sustentable.

Artigo 113. Coordinación administrativa no seguimento e avaliación da aplicación da lei.

Artigo 114. Informe do Goberno sobre o desenvolvemento da economía sustentable.

Disposición adicional primeira. Responsabilidade por incumprimento de normas de dereito comunitario.

Disposición adicional segunda. Acceso á información do Rexistro Nacional de títulos Universitarios, Rexistro Nacional de títulos Académicos e Profesionais Non Universitarios e rexistros nacionais e autonómicos de certificados de profesionalidade.

Disposición adicional terceira. Clasificación dos mercados de transporte.

Disposición adicional cuarta. Actualización do Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes.

Disposición adicional quinta. Centros de formación profesional e Campus de Excelencia Internacional.

Disposición adicional sexta. Metodoloxía para o cálculo dos custos de utilización durante a vida útil dos vehículos recollidos no artigo 106 desta lei.

Disposición adicional sétima. Modificación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional oitava. Avaliación da normativa existente sobre licenzas locais de actividade.

Disposición adicional novena. Adaptación da composición do número de membros do Consello dos Organismos Reguladores e da Comisión Nacional da Competencia.

Disposición adicional décima. Impulso dos sectores produtivos vinculados con ciencia e innovación e maior capacidade de internacionalización.

Disposición adicional décimo primeira. Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.

Disposición adicional décimo segunda. Modificación da compensación equitativa por copia privada.

Disposición adicional décimo terceira. Réxime especial das telecomunicacións en Canarias.

Disposición adicional décimo cuarta. Desenvolvemento da Estratexia integral para a Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición adicional décimo quinta. Modificación da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Disposición adicional décimo sexta. Modificación da Lei 12/1992, do 27 de maio, sobre contrato de axencia.

Disposición adicional décimo sétima. Impulso á implantación da sociedade da información.

Disposición adicional décimo oitava. Mellora da actividade económica de internacionalización ou investigación.

Disposición adicional décimo novena. Proxecto de Lei de mobilidade sustentable.

Disposición adicional vixésima. Informe do Goberno sobre inclusión do IVE en procedementos de contratación pública.

Disposición transitoria primeira. Adaptación das axencias de subscrición.

Disposición transitoria segunda. Norma provisional sobre o seguro de responsabilidade civil profesional para exercer como axencia de subscrición.

Disposición transitoria terceira. Adaptación dos comercializadores de plans de pensións individuais e dos contratos de comercialización.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio dos recursos propios das entidades xestoras de fondos de pensións.

Disposición transitoria quinta. Procedemento de presentación de reclamacións ante o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición transitoria sexta. Cancelación de asentos no Rexistro Mercantil referidos a feitos non suxeitos a inscrición relacionados cos fondos de pensións e remisión telemática de solicitudes e comunicacións.

Disposición transitoria sétima. Contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desa lei.

Disposición transitoria oitava. Reserva para investimentos en Canarias.

Disposición transitoria novena. Fondo de reserva obrigatorio de cooperativas de crédito transformadas.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición derradeira cuarta. Organismo regulador do sector transporte.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.

Disposición derradeira novena. Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, e outras normas do sistema financeiro.

Disposición derradeira décima. Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Disposición derradeira décimo cuarta. Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Disposición derradeira décimo quinta. Réxime fiscal dos organismos públicos que se transformen en axencias estatais.

Disposición derradeira décimo sexta. Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Disposición derradeira décimo sétima. Reforma da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición derradeira décimo oitava. Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira décimo novena. Modificación da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.

Disposición derradeira vixésima. Modificación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

Disposición derradeira vixésimo primeira. Enerxías renovables.

Disposición derradeira vixésimo segunda. Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Disposición derradeira vixésimo terceira. Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

Disposición derradeira vixésimo cuarta. Modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición derradeira vixésimo quinta. Modificación do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.

Disposición derradeira vixésimo sexta. Estudo sobre medidas de simplificación e axilización de constitución de empresas contidas nesta lei.

Disposición derradeira vixésimo sétima. Adaptación da Lei reguladora do imposto xeral indirecto canario aos cambios realizados na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, pola Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Disposición derradeira vixésimo oitava. Adaptación da Lei reguladora do imposto xeral indirecto canario aos cambios realizados na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, pola Lei 2/2010, do 1 de marzo, pola que se traspoñen determinadas directivas no ámbito da imposición indirecta e se modifica a Lei do imposto sobre a renda de non-residentes para adaptala á normativa comunitaria.

Disposición derradeira vixésimo novena. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Disposición derradeira trixésima. Concepto de rehabilitación para os efectos da materialización da reserva para investimentos en Canarias.

Disposición derradeira trixésimo primeira. Desenvolvemento regulamentario sobre difusión de información en política de investimento de fondos de pensións.

Disposición derradeira trixésimo segunda. Autorización para elaborar un texto refundido en materia de contratación pública.

Disposición derradeira trixésimo terceira. Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Disposición derradeira trixésimo cuarta. Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición derradeira trixésimo quinta. Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Disposición derradeira trixésimo sexta. Modificación da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

Disposición derradeira trixésimo sétima. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira trixésimo oitava. Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

Disposición derradeira trixésimo novena. Modificación da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Disposición derradeira cuadraxésima. Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira cuadraxésimo primeira. Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

Disposición derradeira cuadraxésimo segunda. Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

Disposición derradeira cuadraxésimo terceira. Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico; o Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual; e da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, para a protección da propiedade intelectual no ámbito da sociedade da información e de comercio electrónico.

Disposición derradeira cuadraxésimo cuarta. Modificación do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario no sector eléctrico.

Disposición derradeira cuadraxésimo quinta. Acceso da tecnoloxía fotovoltaica ás liñas de liquidez do ICO.

Disposición derradeira cuadraxésimo sexta. Modificación do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Disposición derradeira cuadraxésimo sétima. Modificación da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.

Disposición derradeira cuadraxésimo oitava. Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Disposición derradeira cuadraxésimo novena. Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

Disposición derradeira quincuaxésima. Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira quincuaxésimo primeira. Autorización ao Goberno para a aprobación do procedemento básico de certificación enerxética en edificios existentes.

Disposición derradeira quincuaxésimo segunda. Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.

Disposición derradeira quincuaxésimo terceira. Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Disposición derradeira quincuaxésimo cuarta. Modificación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.



Disposición derradeira quincuaxésimo quinta. Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Disposición derradeira quincuaxésimo sexta. Modificación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición derradeira quincuaxésimo sétima. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira quincuaxésimo oitava. Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira quincuaxésimo novena. Desenvolvemento normativo.

Disposición derradeira sesaxésima. Entrada en vigor.

Anexo á disposición adicional sexta. Datos para o cálculo dos custos de utilización dos vehículos de transporte por estrada durante a súa vida útil.

## PREÁMBULO

### I

A crise financeira e económica internacional, a máis grave en moitas décadas, afectou tamén con intensidade a economía española interrompendo o longo período de continuo crecemento experimentado por esta durante tres lustros.

No noso país, a crise tivo o efecto singular de precipitar con inusitada brusquidade o axuste do sector da construción que se iniciara en 2007. Como consecuencia diso, e de ser este un sector moi intensivo en man de obra, produciuse un forte aumento do desemprego nun lapso moi curto de tempo.

En consonancia coas pautas adoptadas polo grupo de países do chamado G20 e coas decisións da Unión Europea, o Goberno impulsou, en primeiro termo, un conxunto de accións dirixidas a reforzar o noso sistema financeiro e a conter a acentuada caída da actividade, paliando as súas consecuencias tanto no ámbito económico coma no social. Ese conxunto de accións integrou o Plan Español para o Estímulo da Economía e o Emprego, o Plan E, que comportou un esforzo fiscal moi considerable.

Paralelamente, o Executivo elaborou unha Estratexia de recuperación da economía española que descansa na convicción, reafirmada pola propia incidencia da crise no noso país, de que é necesario acelerar a renovación do modelo produtivo que se puxo en marcha en 2004.

Este novo paso na modernización da economía española responde ao reto de reforzar os elementos máis sólidos e estables do noso modelo produtivo. Con iso poderase reducir a excesiva dependencia duns poucos sectores sometidos á conxuntura e, en cambio, impúlsanse ao máximo as posibilidades abertas polo avance de novas actividades que ofrecen unha maior estabilidade no seu desenvolvemento, especialmente en canto á xeración e ao mantemento do emprego e que, por esa mesma razón, exixen unha cualificación superior nos seus traballadores. Actividades, ademais, en que as empresas españolas se implicaron con forza e chegaron xa a ocupar posicións de liderado internacional. Esa é a economía sustentable que esta lei quere impulsar.

A Estratexia para unha economía sustentable, aprobada polo Consello de Ministros en novembro de 2009, articula, así, un ambicioso e exixente programa de reformas, que aprofunda na dirección dalgunhas das opcións estratéxicas adoptadas desde a anterior legislatura, como a prioridade outorgada ao incremento no investimento en investigación, desenvolvemento e innovación, ou ao fomento das actividades relacionadas coas enerxías limpas e o aforro enerxético; ou xa nesta legislatura, dentro do propio Plan E, á transposición rigorosa da Directiva de servizos.

A Estratexia inclúe un variado elenco de iniciativas legislativas, regulamentarias e administrativas, así como a promoción de reformas en ámbitos específicos da economía española, como o laboral ou o da Comisión do Pacto de Toledo. Todas elas pretenden servir a un novo crecemento, a un crecemento equilibrado, duradeiro: sustentable. Sustentable en tres sentidos: economicamente, isto é, cada vez máis sólido, asentado na mellora da competitividade, na innovación e na formación; ambientalmente, que faga da

imprescindible xestión racional dos medios naturais tamén unha oportunidade para impulsar novas actividades e novos empregos; e sustentable socialmente, en canto promotor e garante da igualdade de oportunidades e da cohesión social.

A Lei de economía sustentable é unha das pezas máis importantes da Estratexia, xa que aborda, transversalmente e con alcance estrutural, moitos dos cambios que, con rango de lei, son necesarios para incentivar e acelerar o desenvolvemento dunha economía máis competitiva, máis innovadora, capaz tanto de renovar os sectores produtivos tradicionais como de abrirse decididamente ás novas actividades demandantes de empregos estables e de calidade.

A lei estrutúrase nun título preliminar, onde se define o seu obxecto, o concepto de economía sustentable e os principios resultantes de actuación dos poderes públicos, e en catro títulos que conteñen o conxunto de reformas de impulso da sustentabilidade da economía española. O primeiro deles céntrase na mellora do ámbito económico, entendendo por tal as actuacións do sector público que determinan o contexto de desenvolvemento da economía; o título II introduce unha serie de novidades directamente vinculadas co impulso da competitividade do modelo económico español, eliminando obstáculos administrativos e tributarios, actuando especificamente sobre tres eixes de mellora da competitividade das empresas españolas: o desenvolvemento da sociedade da información, un novo marco de relación co sistema de I+D+i e unha importante reforma do sistema de formación profesional, que se leva a cabo mediante esta lei e unha lei orgánica complementaria, que efectúa as modificacións de carácter orgánico necesarias nas disposicións vixentes. O título III contén unha serie de reformas que, desde a sustentabilidade ambiental, inciden nos ámbitos centrais do modelo económico: a sustentabilidade do modelo enerxético, a redución de emisións, o transporte e mobilidade sustentable, e, especialmente relevante no caso español, o impulso do sector da vivenda desde a perspectiva da rehabilitación. Á marxe do contido da lei quedan as reformas correspondentes á sustentabilidade social, esencialmente en materia de emprego e de seguridade social, pois as exixencias específicas de acordo nestes ámbitos, no marco do diálogo social e do Pacto de Toledo, respectivamente, aconsellan tramitar as propostas en textos e procedementos diferenciados. O título IV, finalmente, contén os instrumentos para a aplicación e avaliación da Lei de economía sustentable. A lei ten vinte disposicións adicionais, nove transitorias, sesenta derradeiras e unha disposición derogatoria.

## II

O título preliminar define o obxecto da lei, o concepto de economía sustentable e recolle unha serie de principios de acción dos poderes públicos que están na base da súa acción sobre o modelo de crecemento económico e o seu desenvolvemento, tanto mediante a obriga de impulsar determinadas finalidades na actuación propia e dos particulares, desde o aforro e a eficiencia enerxética, a promoción das enerxías limpas e o seu I+D+i á racionalización da construción residencial, como mediante deberes de mantemento dun ámbito público eficiente para o desenvolvemento económico, a que apuntan claramente os principios de mellora da competitividade ou de estabilidade das finanzas públicas.

## III

O título I concentra as reformas no sector público que se orientan a garantir un ámbito económico eficiente e de apoio á competitividade da economía española. En coherencia con esa finalidade xeral, o título adopta reformas que se proxectan sobre a actuación de todas as administracións públicas, en exercicio das competencias estatais sobre procedemento administrativo común e sobre ordenación xeral da economía.

Así, o capítulo I, relativo á mellora da calidade da regulación, recolle os principios de boa regulación aplicables ás iniciativas normativas e os instrumentos para a mellora regulatoria, con especial atención á transparencia e á avaliación previa e posterior das ditas iniciativas e á formalización de instrumentos para ese fin: os novos informes periódicos

sobre as actuacións de mellora regulatoria e o traballo do Comité para a Mellora da Regulación das Actividades de Servizos.

O capítulo II aborda a reforma dos organismos reguladores, introducindo por primeira vez no noso ordenamento un marco horizontal, común a todos eles, que asume as súas características de independencia, fronte ao Goberno e fronte ao sector correspondente, e a súa actuación de acordo con principios de eficiencia e transparencia. Así, redúcese o número de membros dos consellos co fin de mellorar o goberno das institucións, e establécense novos mecanismos de rendición de contas, a través da comparecencia do ministro propoñente e dos candidatos a presidente e a conselleiros do organismo regulador ante o Parlamento e da elaboración dun informe económico sectorial e un plan de actuación do organismo. A propia lei determina o seu ámbito de aplicación á Comisión Nacional de Enerxía, á Comisión do Mercado das Telecomunicacións e á Comisión Nacional do Sector Postal, e declara aplicables boa parte dos seus preceptos á Comisión Nacional da Competencia. Quedan por agora fóra deste marco común os organismos vinculados ao ámbito financeiro, que se deberán adecuar ás regras resultantes do proceso de discusión sobre o seu réxime, que actualmente se desenvolve no ámbito internacional e europeo.

O capítulo III inclúe as medidas de reforma do mercado financeiro, na liña asentada polos acordos internacionais de incremento da transparencia e mellora do goberno corporativo, coa correspondente modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, para que as sociedades cotizadas poñan á disposición dos accionistas un informe sobre remuneracións que será aprobado na Xunta Xeral, e da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro, que lle permitirá ao Banco de España exixirlles ás entidades de crédito políticas de remuneración coherentes cunha xestión do risco prudente e eficaz. Como mecanismos de protección dos usuarios de servizos financeiros e co fin de asegurar a práctica dun crédito responsable, as entidades de crédito deberán avaliar a solvencia do prestameiro, á vez que aumentar a información proporcionada sobre os produtos financeiros e bancarios que se lle ofrecen.

O cumprimento destas medidas destinadas a incrementar a transparencia das entidades que operan nos mercados financeiros pode supor o tratamento de datos de carácter persoal. Ademais de se garantir o cumprimento en materia de protección de datos pola Intervención da Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, do Banco de España na dita publicación, hai que sinalar que estas iniciativas se impulsan seguindo, por unha parte, a Recomendación da Comisión Europea que complementa as recomendacións 2004/913/CE e 2005/162/CE no que atinxe ao sistema de remuneración dos conselleiros das empresas que cotizan en bolsa, publicada o 30 de abril de 2009; e, por outra, as conclusións de foros económicos internacionais como o G-20.

Na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III inclúense medidas de reforma dos mercados de seguros e fondos de pensións para mellorar a tutela dos dereitos dos asegurados e fomentar o desenvolvemento da actividade económica neste sector mediante a transparencia na mediación de seguros e reaseguros, simplificar e axilizar os trámites e aumentar a protección dos aforradores e dos tomadores de seguros; para iso modifícanse a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados e o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, e o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo III desenvólvense os mecanismos de protección dos clientes de servizos financeiros, permitindo a actuación dos servizos de reclamacións dos supervisores financeiros mediante a modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

O capítulo IV introduce principios de actuación, regras e mecanismos de sanción e avaliación que permitan contribuír ao logro da sustentabilidade financeira do sector público, como elemento de apoio á solidez do modelo produtivo que, tras os efectos da crise, necesita dun impulso especial. Estas medidas inclúen a aplicación, por parte das

administracións públicas, de políticas de racionalización e contención do gasto, de acordo cos obxectivos de estabilidade orzamentaria. No marco do Consello de Política Fiscal e Financeira e da Comisión Nacional da Administración Local, a Administración xeral do Estado informará as comunidades autónomas e as entidades locais das medidas adoptadas. A lei regula un instrumento específico de especial relevancia no ámbito da Administración xeral do Estado, o plan de austeridade, que permita manter o equilibrio orzamentario de acordo coa normativa de estabilidade orzamentaria, e que poderá levar en última instancia á racionalización das estruturas da Administración xeral do Estado e do sector público empresarial.

A lei contén un instrumento específico de aseguramento da información e transparencia en materia de disciplina orzamentaria das entidades locais, como elemento fundamental para a coordinación das facendas públicas no pleno respecto á súa autonomía, pois habilítase o Ministerio de Economía e Facenda para que, baixo determinadas condicións, reteña o importe das entregas mensuais á conta da participación nos tributos do Estado que lle corresponda, cando as entidades locais incumpran a obriga de remitir a liquidación dos seus respectivos orzamentos de cada ano, e modifícase con este fin o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No capítulo V impúlsase a eficiencia na contratación pública e a colaboración público-privada, como elementos fundamentais de relación entre a Administración pública e o tecido empresarial e, á vez, como ámbitos en que se debe reforzar a vinculación a parámetros de sustentabilidade económica. A adopción destas medidas comporta a reforma da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, modificada na disposición derradeira décimo sexta. En especial, modifícase por completo a normativa dos modificados de obras, de acordo coas prácticas recomendadas pola Unión Europea, e tendo en conta, especialmente, a postura manifestada pola Comisión sobre modificacións non previstas nos documentos de licitación e sobre o carácter de alteración substancial daquelas que excedan en máis dun 10 por cento o prezo inicial do contrato. Así mesmo, establécese unha maior transparencia da información na contratación pública, foméntase a realización de contratos de investigación e desenvolvemento, e impúlsase a participación de pequenas e medianas empresas na contratación pública. Ademais, centralízase o acceso á información contractual nunha plataforma electrónica na cal se difundirá toda a información relativa ás licitacións convocadas polo sector público estatal. Así mesmo, simplifícanse os trámites administrativos nos procesos de contratación diminuindo o custo que para os empresarios implica participar en procedementos de adxudicación de contratos públicos. Establécese regras específicas para a denominada «contratación precomercial», considerada pola Comisión Europea como un instrumento imprescindible para impulsar a innovación e proporcionar servizos públicos de calidade e sustentables, o que permite unha maior implicación da contratación pública na implementación da política de investigación, desenvolvemento e innovación. Por último, inclúense certas previsións que completan o réxime xurídico das fórmulas contractuais e institucionais de colaboración entre o sector público e o sector privado, para potenciar estas figuras e facilitar o seu emprego por parte do sector público, ao tempo que se regulan os termos en que os adxudicatarios destes contratos poden concorrer aos mercados de capitais para obteren financiamento para a súa execución.

O capítulo VI dedícase á promoción da responsabilidade social das empresas, introducindo a adopción dun conxunto de indicadores para a autoavaliación nesta materia, que lles facilitará, especialmente ás pequenas e medianas empresas, o desenvolvemento deste ámbito empresarial.

#### IV

O título II recolle as reformas que a lei realiza coa finalidade de incidir directamente na mellora da competitividade do tecido económico español. Deste modo, a Lei de economía sustentable continúa o esforzo de remoción de obstáculos administrativos iniciado coas normas de transposición da Directiva de servizos, pero, ademais, asume a necesidade de

incidir noutros aspectos que resultan na actualidade negativos para a situación da nosa economía ou que son susceptibles de simplificación e axilización.

Xunto a esta perspectiva axilizadora, a lei pretende reforzar tres eixes fundamentais na competitividade dos axentes económicos españois: o desenvolvemento da sociedade da información, a vinculación coas actuacións de I+D+i e a formación dos nosos traballadores, con especial atención ao sistema de formación profesional.

O capítulo I introduce medidas de simplificación administrativa en dous ámbitos. En primeiro lugar, na sección 1.<sup>a</sup> do capítulo I establécese a obriga, para o Goberno e para as comunidades autónomas, de impulsar reformas normativas para ampliar o ámbito de aplicación do silencio administrativo positivo. Na sección 2.<sup>a</sup> modifícase a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para restrinxir a posibilidade de exixir licenzas a aquelas actividades en que concorran razóns imperiosas de interese xeral, vinculadas coa protección da saúde ou seguridade públicas, o ambiente ou o patrimonio histórico-artístico. Habilítanse as facendas locais, a través da reforma do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para cobraren taxas polas actividades de verificación para aquelas actividades non suxeitas a autorización ou control previo, e prevese na disposición adicional oitava un procedemento de clarificación da situación resultante en canto ás licenzas exixibles tras a reforma.

O capítulo II do título II céntrase na simplificación do réxime de tributación. Lévese a cabo a incorporación da figura do traballador autónomo economicamente dependente na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio. Esta definición permite ampliar o ámbito da redución do rendemento neto de actividades económicas. Para os grupos fiscais incorpórase a simplificación na comunicación das súas variacións. Finalmente, para impulsar os medios telemáticos nas relacións coa Administración tributaria, substitúense determinadas obrigas de publicación das administracións tributarias en boletíns oficiais pola posibilidade de publicación en sede electrónica.

No capítulo III abórdase a reforma da actividade catastral mellorando a súa coordinación co Rexistro da Propiedade Inmobiliaria e axilizando a tramitación, todo iso mediante a modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo. Redúcense así as cargas administrativas que soportan os cidadáns, mediante o reforzo na colaboración que prestan ao catastro os notarios e rexistradores da propiedade, ao se ampliaren os supostos nos cales a información que comunican suple a obriga de presentar declaración e ao se incorporar a posibilidade de mellorar, tras a intervención notarial, a conciliación entre a base de datos catastral e a realidade física inmobiliaria. E, ademais, ponse á disposición da sociedade a cartografía dixital catastral mediante acceso telemático e de forma gratuíta, polo menos a través da sede electrónica do Catastro e do xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España.

O impulso á sociedade da información abórdase no capítulo IV, tomando en consideración o carácter transversal deste ámbito sobre todos os elementos do noso modelo produtivo e a súa modernización. Regúlase a utilización das novas tecnoloxías na banda de frecuencias de 900 MHz, e permítese o uso desta banda non só polos tradicionais sistemas GSM, senón tamén polos sistemas UMTS. Habilítase máis espazo no espectro radioeléctrico para prestar servizos de comunicacións electrónicas aproveitando a liberación da banda de frecuencias de 790-862 MHz. Ao mesmo tempo avánzase na ampliación das bandas de frecuencia en que se pode efectuar a transferencia de títulos habilitantes ou a cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, dándose un novo impulso ao mercado secundario do espectro. Redúcese a taxa que os operadores de telecomunicacións deben satisfacer conforme a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, ata o 1 por mil. Por último, introdúcese como elemento integrante do servizo universal a conexión a banda larga a unha velocidade de 1Mbit por segundo,

provista a través de calquera tecnoloxía. As condicións de prestación do servizo de conexión de banda larga á rede pública estableceranse mediante real decreto.

O capítulo V incorpora medidas de impulso á actividade investigadora e á innovación, e moi especialmente á súa vinculación coa actividade empresarial. A sección 1.<sup>a</sup> do capítulo V dedícase á transferencia dos resultados da actividade investigadora, facilitando que os centros de investigación poidan transferir coñecementos ao sector privado e fomentando a cooperación dos axentes públicos e privados a través da participación en empresas innovadoras de base tecnolóxica. Por outra parte, na sección 2.<sup>a</sup> deste capítulo impúlsase a articulación de mecanismos que permitan unha tramitación preferente das solicitudes de patentes relativas aos obxectivos de sustentabilidade a que se refire a lei, e establécese unha redución do 18 por cento en tres anos de diversas taxas en materia de propiedade industrial. A sección 3.<sup>a</sup>, finalmente, favorece a investigación universitaria, establecendo ao mesmo tempo medidas que faciliten a transferencia dos seus resultados ao sector produtivo. Fiscalmente, increméntase a dedución no imposto sobre sociedades, do 8 ao 12 por cento, das actividades de innovación tecnolóxica.

A importancia da actuación das empresas españolas no ámbito internacional levou a recoller no capítulo VI novas liñas directoras da política de internacionalización, que guiarán o apoio público e a xestión da política de internacionalización da empresa, e que á vez definen as operacións de especial interese para a política económica e comercial. Incorpóranse, así, elementos como a imaxe de marca, a transferencia de tecnoloxía ou o impacto da actividade da empresa no ambiente, que completan o concepto tradicional de exportación.

O capítulo VII introduce importantes reformas no sistema de formación profesional. Os aspectos de carácter orgánico desta reforma lévanse a cabo a través dunha lei orgánica complementaria desta Lei de economía sustentable. O obxectivo é facilitar a adecuación da oferta formativa ás demandas do sistema produtivo, ampliar a oferta de formación profesional, avanzar na integración da formación profesional no conxunto do sistema educativo e reforzar a cooperación das administracións educativas.

En concreto, as iniciativas que se aproban mediante a lei orgánica complementaria permiten axilizar a actualización do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e dos módulos dos títulos de formación profesional e dos certificados de profesionalidade, e introducen a posibilidade de crear cursos de especialización e unha plataforma de educación a distancia para todo o Estado. Por outra parte, adóptanse os cambios normativos necesarios para fomentar a mobilidade entre a formación profesional e o bacharelato, así como entre a formación profesional e a universidade.

Por último, a través desta lei foméntase unha oferta integrada de formación profesional, así como a participación dos interlocutores sociais e unha maior colaboración coas empresas privadas.

## V

O título III da lei recolle disposicións relativas a distintos ámbitos da sustentabilidade ambiental, desde a cal se abordan algunhas reformas globais dos sectores afectados. Estes ámbitos son o modelo enerxético, a redución de emisións, o transporte e a mobilidade sustentable e, en especial pola súa importancia no modelo económico español, a rehabilitación e a vivenda.

O capítulo I, dedicado á sustentabilidade do modelo enerxético, recolle os grandes principios aplicables na materia, isto é, a garantía da seguridade da subministración, a eficiencia económica e o respecto ao ambiente, así como os obxectivos nacionais para 2020 sobre aforro e eficiencia enerxética e sobre utilización de enerxías renovables, coherentes cos establecidos na Unión Europea e dos cales deriva un modelo enerxético que, mediante os instrumentos de planificación previstos na propia lei, buscará aumentar a participación das enerxías renovables, reforzar a previsibilidade e a eficiencia das decisións de política enerxética e, en especial, do marco de incentivos e reducir a participación das enerxías con maior potencial de emisións de CO<sub>2</sub>. Por outra parte, impúlsase a cooperación entre administracións públicas, no marco da Conferencia Sectorial de Enerxía, e foméntanse a investigación, o desenvolvemento e a innovación en materia de enerxías renovables e aforro

e eficiencia enerxética, con atención especial a novas obrigas para as administracións públicas. Adóptanse medidas para que a información chegue aos usuarios e que estes poidan coñecer os custos do modelo de subministración enerxética e a súa composición.

O capítulo II atribúelle ao Goberno a tarefa de impulsar as actuacións precisas para que o noso país cumpra a súa parte do obxectivo asumido pola Unión Europea sobre redución de gases de efecto invernadoiro. Con ese fin, impúlsase o incremento na capacidade de absorción por sumidoiros, en particular, os vinculados ao uso forestal, a compensación voluntaria de emisións de CO<sub>2</sub>, en sectores que deben reducirse e non están suxeitos ao comercio de dereitos de emisión, e, tamén, a constitución dun fondo público para adquirir créditos de carbono, obtidos por empresas españolas e para impulsar a súa actividade en sectores asociados á loita contra o cambio climático, mellorando ademais o réxime fiscal de dedución dos gastos efectuados en investimentos destinados á protección do ambiente.

O capítulo III impulsa decididamente a transformación do sector do transporte para incrementar a súa eficiencia económica e ambiental e a competitividade nel. A sección 1.<sup>a</sup> establece os principios aplicables á regulación do transporte, como son a garantía dos dereitos dos operadores e usuarios, a promoción da competencia, a xestión eficiente e o fomento dos medios de transporte de menor custo ambiental e enerxético; e prevé levar a cabo unha clasificación periódica dos mercados de transporte, para avaliar o seu grao de competencia e propor medidas que a promovan, o que concreta a disposición adicional terceira exixindo unha avaliación do grao de competencia existente en cada un dos mercados e a proposta de medidas para aumentar a competencia. É obxecto de definición o concepto de servizos de transporte de interese público susceptibles de seren subvencionados; e modifícase, mediante a disposición derradeira vixésimo segunda, a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, no que se refire aos servizos públicos de transporte regular interurbano de viaxeiros por estrada, para acurtar o prazo máximo de duración das concesións e promover unha maior competencia nos concursos para adxudicar as liñas.

Pola súa banda, a sección 2.<sup>a</sup> aborda medidas relativas á planificación e xestión eficiente das infraestruturas e servizos do transporte, incorporando como obxectivos a promoción da competitividade, a cohesión territorial e a mobilidade sustentable e as prioridades da planificación estatal na materia, que se centran especialmente no desenvolvemento do transporte ferroviario.

A sección 3.<sup>a</sup> ocúpase da mobilidade sustentable. Son principios desta política o fomento dos medios de transporte de menor custo social, ambiental e enerxético, a participación da sociedade na toma de decisións que afecten a mobilidade e o cumprimento dos tratados internacionais relativos á preservación do clima e a calidade ambiental. A consideración deses principios deberase realizar nos plans de mobilidade sustentable, que a lei regula en canto á súa natureza, posible ámbito territorial (autonómico, supramunicipal ou municipal), contido mínimo, vixencia e actualización, supeditando a concesión de subvencións estatais ao transporte público urbano ou metropolitano á posta en marcha destes plans. Avánzase tamén no fomento da mobilidade sustentable nas empresas, dando rango legal á previsión de plans de transporte. En materia de promoción do transporte por estrada limpo por parte dos poderes adxudicadores, trasponse a Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se crea un marco para a homologación dos vehículos de motor e dos remolques, sistemas compoñentes e unidades técnicas independentes destinados aos ditos vehículos que executen os poderes adxudicadores e os operadores que executen obrigas de servizo público.

As previsións da lei nesta materia obrigan a actualizar o Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes, para o cal a disposición adicional cuarta fixa o prazo dun ano.

Por outra parte, a disposición derradeira cuarta prevé a creación dun organismo regulador do sector transporte, que integrará as funcións atribuídas ao Comité de Regulación Ferroviaria e a regulación do resto de modos de transporte. O Goberno remitirá ao Parlamento un proxecto de lei para o efecto cando así o aconsellen as condicións de

competencia nos mercados de transporte e, en particular, os avances no proceso de liberalización do sector ferroviario. Entre tanto, a disposición derradeira vixésimo terceira modifica a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, para dar maior independencia ao Comité de Regulación Ferroviaria, dotalo de maiores competencias e establecer que as súas resolucións porán fin á vía administrativa; deste modo reforzase o papel deste órgano regulador no impulso da competencia no mercado do transporte ferroviario.

O capítulo IV dedícase ao impulso da recuperación do sector da vivenda mediante unha serie de reformas centradas no impulso á rehabilitación e á renovación urbanas. Xunto ao novo marco normativo de impulso das actuacións de rehabilitación e renovación, a lei prevé que a Administración xeral do Estado, no ámbito das súas competencias propias e en colaboración coas administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, impulse as accións de rehabilitación e renovación da cidade e os demais núcleos existentes e a coordinación das medidas, os fondos, as axudas e os beneficios, incluídos os previstos en programas comunitarios, destinados a tales obxectivos. Así mesmo, para asegurar a obtención, actualización permanente e explotación da información necesaria para o desenvolvemento das políticas e as accións anteriores, as administracións públicas poderán establecer un sistema informativo xeral coordinado.

#### VI

O título IV da lei establece os instrumentos necesarios para a súa aplicación e avaliación. Como instrumento financeiro recóllese o Fondo de Economía Sustentable, cuxo fin é apoiar os particulares no desenvolvemento dos principios e obxectivos contidos na lei. Prevense igualmente instrumentos de coordinación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, así como coas entidades locais, no seguimento e avaliación da aplicación da lei. Estas administracións intercambiarán información sobre as actuacións levadas a cabo no exercicio das súas competencias. Igualmente, introdúcese mecanismos de participación dos interlocutores sociais nas tarefas de avaliación e seguimento e, especialmente, no informe que, polo menos cada dous anos, debe aprobar o Goberno sobre o desenvolvemento da economía sustentable, que incorporará as recomendacións de actuación para o período seguinte.

#### VII

A disposición adicional primeira regula a responsabilidade por incumprimento das normas de dereito comunitario, xeneralizando a regulación xa presente en parte da normativa sectorial. A disposición derradeira terceira flexibiliza as condicións que obrigan a comunicar as operacións de concentración económica á Comisión Nacional da Competencia, eliminando cargas administrativas e facilitando os procesos de concentración empresarial.

As disposicións transitorias primeira a quinta detallan o réxime de adaptación aplicable ás medidas de reforma dos mercados financeiros recollidas no capítulo III do título I e nas disposicións derradeiras quinta a décimo cuarta.

A disposición derradeira primeira establece que a lei se dita ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución española e detalla os títulos competenciais específicos de diversos preceptos.

Por último, en virtude da disposición derradeira sesaxésima, a lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a modificación introducida no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que entrará en vigor para todas as pólizas de seguro subscritas ou renovadas a partir do 1 de xaneiro de 2013.



## TÍTULO PRELIMINAR

### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto introducir no ordenamento xurídico as reformas estruturais necesarias para crear condicións que favorezan un desenvolvemento económico sustentable.

### Artigo 2. *Economía sustentable.*

Para os efectos desta lei, enténdese por economía sustentable un patrón de crecemento que concilie o desenvolvemento económico, social e ambiental nunha economía produtiva e competitiva, que favoreza o emprego de calidade, a igualdade de oportunidades e a cohesión social, e que garanta o respecto ambiental e o uso racional dos recursos naturais, de forma que permita satisfacer as necesidades das xeracións presentes sen comprometer as posibilidades das xeracións futuras para atender as súas propias necesidades.

### Artigo 3. *Principios.*

A acción dos poderes públicos nos seus respectivos ámbitos de competencia para impulsar a sustentabilidade da economía española, nos termos definidos no artigo anterior, estará guiada polos seguintes principios:

1. Mellora da competitividade. As administracións públicas impulsarán o incremento da competitividade das empresas, mediante marcos regulatorios que favorezan a competencia e a eficiencia nos mercados de bens e servizos, faciliten a asignación dos recursos produtivos e a mellora da produtividade, en particular a través da formación, a investigación, a innovación e o uso de novas tecnoloxías, e incrementen a capacidade para competir nos mercados internacionais.

2. Estabilidade das finanzas públicas. As administracións públicas garantirán a estabilidade no tempo das súas finanzas para contribuír ao mellor desenvolvemento da actividade económica e ao adecuado funcionamento do Estado.

3. Racionalización das administracións públicas. As administracións públicas adoptarán medidas de simplificación e sustentabilidade da estrutura administrativa e de acceso directo dos cidadáns aos servizos e prestacións públicas garantindo unha actuación ética, eficaz, eficiente e transparente.

4. Fomento da capacidade innovadora das empresas. As administracións públicas desenvolverán unha política de apoio á investigación e á innovación que favoreza tanto as empresas e industrias innovadoras, como a renovación dos sectores tradicionais, co fin de aumentar a súa competitividade.

5. Aforro e eficiencia enerxética. O aforro e a eficiencia enerxética deben contribuír á sustentabilidade propiciando a redución de custos, atenuando a dependencia enerxética e preservando os recursos naturais.

6. Promoción das enerxías limpas, redución de emisións e eficaz tratamento de residuos. As administracións públicas adoptarán políticas enerxéticas e ambientais que compatibilicen o desenvolvemento económico coa minimización do custo social das emisións e dos residuos producidos e os seus tratamentos.

7. Racionalización da construción residencial. As administracións públicas adoptarán políticas que favorezan a racionalización da construción residencial para conciliar a atención ás necesidades da poboación, a rehabilitación das vivendas e dos núcleos urbanos, a protección ao ambiente e o uso racional dos recursos económicos.

8. Extensión e mellora da calidade da educación e impulso da formación continua. As administracións públicas favorecerán a extensión e mellora da educación e da formación continua como instrumentos para a mellora da cohesión social e o desenvolvemento persoal dos cidadáns.

9. Fortalecemento e garantía do Estado social. As administracións públicas, a prol da cohesión social, conciliarán o avance paralelo e harmonizado do progreso económico coa mellora das prestacións sociais e a sustentabilidade do seu financiamento.

## TÍTULO I

### Mellora do ámbito económico.

#### CAPÍTULO I

#### Mellora da calidade da regulación.

Artigo 4. *Principios de boa regulación aplicables ás iniciativas normativas das administracións públicas.*

1. No exercicio da iniciativa normativa, o conxunto das administracións públicas actuará de acordo cos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia. Na iniciativa normativa quedará suficientemente xustificada a adecuación a estes principios.

2. En virtude do principio de necesidade, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral.

3. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa normativa que se propoña deberá ser o instrumento máis adecuado para garantir a consecución do obxectivo que se persegue, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas e menos distorsionadoras que permitan obter o mesmo resultado.

4. Co fin de garantir o principio de seguridade xurídica, as facultades de iniciativa normativa exerceranse de xeito coherente co resto do ordenamento para xerar un marco normativo estable e predicible, creando un ámbito de certeza que facilite a actuación dos cidadáns e empresas e a adopción das súas decisións económicas.

5. En aplicación do principio de transparencia, os obxectivos da regulación e a súa xustificación deben ser definidos claramente.

6. Para garantir o principio de accesibilidade, estableceranse os mecanismos de consulta cos axentes implicados que estimulen a súa participación activa no proceso de elaboración normativa, así como instrumentos de acceso sinxelo e universal á regulación vixente.

7. O principio de simplicidade exige que toda iniciativa normativa atenda á consecución dun marco normativo sinxelo, claro e pouco disperso, que facilite o seu coñecemento e a comprensión.

8. En aplicación do principio de eficacia, a iniciativa normativa debe partir dunha identificación clara dos fins perseguidos, establecendo uns obxectivos directos e evitando cargas innecesarias e accesorias para a consecución deses obxectivos finais.

9. En todo caso, os poderes públicos procurarán o mantemento dun marco normativo estable, transparente e o máis simplificado posible, facilmente accesible polos cidadáns e axentes económicos, que posibilite o coñecemento rápido e sinxelo da normativa vixente que resulte de aplicación e sen máis cargas administrativas para os cidadáns e empresas que as estritamente necesarias para a satisfacción do interese xeral.

Artigo 5. *Instrumentos das administracións públicas para a mellora da regulación.*

Para contribuír ao obxectivo de mellora da calidade regulatoria e á aplicación dos principios de sustentabilidade e boa regulación, as administracións públicas:

1. Impulsarán os instrumentos de análise previa de iniciativas normativas para garantir que se teñan en conta os efectos de todo tipo que estas produzan, co obxectivo de non lles xerar aos cidadáns e ás empresas custos innecesarios ou desproporcionados, en relación co obxectivo de interese xeral que se pretenda alcanzar.

2. Prestarán a máxima atención ao proceso de consulta pública na elaboración dos seus proxectos normativos, e xustificarán, entre outros, os principios de boa regulación aplicables ás iniciativas normativas, fomentando a participación dos interesados nas iniciativas normativas, co obxectivo de mellorar a calidade da norma. Para iso porán á disposición dos interesados todas as canles de comunicación necesarias, especialmente a través de medios telemáticos, e así mesmo achegarán a información adecuada para a mellor comprensión e valoración dos efectos esperados das iniciativas normativas.

3. Promoverán o desenvolvemento de procedementos de avaliación a posteriori da súa actuación normativa, dispoñendo o establecemento dos correspondentes sistemas de información, seguimento e avaliación.

#### Artigo 6 *Adaptación da regulación vixente aos principios de sustentabilidade e boa regulación.*

1. As administracións públicas revisarán periodicamente a súa normativa vixente para adaptala aos principios de boa regulación e aos obxectivos de sustentabilidade recollidos nesta lei.

2. Para os efectos do previsto neste capítulo, no marco da Conferencia Sectorial de Administración Pública, acordaranse e impulsaranse criterios para promover a aplicación dos principios de boa regulación.

3. Igualmente, as administracións públicas, no marco do Comité para a Mellora da Regulación das Actividades de Servizos, cooperarán para promover a análise económica da regulación e, en particular, evitar a introdución de restricións inxustificadas ou desproporcionadas ao funcionamento dos mercados e impulsar iniciativas de reforma neste ámbito.

#### Artigo 7. *Transparencia e seguimento da mellora regulatoria.*

1. Coa periodicidade que se acorde na Conferencia Sectorial de Administración Pública, a Administración xeral do Estado e as administracións autonómicas publicarán un informe sobre as actuacións de mellora regulatoria que realizen, incluíndo unha referencia aos avances no programa de redución de cargas, así como o programa de traballo en materia de mellora regulatoria para o período seguinte.

2. No marco do Comité para a Mellora da Regulación das Actividades de Servizos aprobarase, coa periodicidade que se acorde, un informe das súas actuacións, que poderá conter propostas para mellorar o funcionamento dos mercados.

## CAPÍTULO II

### Organismos reguladores

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións xerais sobre os organismos reguladores*

#### Artigo 8 *Natureza xurídica e réxime de funcionamento dos organismos reguladores.*

1. Para os efectos do previsto neste capítulo, teñen a consideración de organismo regulador as actuais Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións e Comisión Nacional do Sector Postal.

2. Sen prexuízo do anterior, serán de aplicación á Comisión Nacional da Competencia o punto 2 do artigo 9, os puntos 2, 3, 5, 6, 7, 8 e 9 do artigo 12, o artigo 13, os puntos 1, 3 e 4 do artigo 15, o artigo 16, o artigo 19, o punto 3 do artigo 20, o artigo 21 e o artigo 24 desta lei. O director de Investigación da Comisión Nacional da Competencia, dada a súa condición de alto cargo da Administración xeral do Estado, estará sometido ao réxime establecido no artigo 15.3.

3. Os organismos reguladores están dotados de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada. Actúan no desenvolvemento da súa actividade e para

o cumprimento dos seus fins con autonomía orgánica e funcional, plena independencia das administracións públicas e dos axentes do mercado. Así mesmo, están sometidos ao control parlamentario e xudicial.

4. Os organismos reguladores rexeranse polas normas deste capítulo, pola súa lexislación específica, no que non resulte afectado por esta lei, e polos seus estatutos, aprobados mediante o correspondente real decreto. No non previsto nas anteriores normas, rexeranse pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto na súa disposición adicional décima, pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e polo resto do ordenamento xurídico.

#### Artigo 9. *Relación coas entidades públicas e privadas, e independencia funcional.*

1. Os organismos reguladores actuarán, no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins, con independencia de calquera interese empresarial ou comercial. As relacións que, no exercicio das súas funcións, establezan co Goberno e coa Administración xeral do Estado desenvolveranse a través do titular do ministerio competente.

2. No desempeño das funcións que lles asigna a súa lexislación específica, e sen prexuízo da colaboración con outros órganos e das facultades de dirección política xeral do Goberno exercidas a través da súa capacidade normativa, nin o persoal nin os membros dos órganos reitores dos organismos reguladores ou da Comisión Nacional da Competencia poderán solicitar ou aceptar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

3. Para os efectos do previsto nesta lei, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións relacionaranse co titular do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio; e a Comisión Nacional do Sector Postal relacionarase co titular do Ministerio de Fomento.

#### *Sección 2.ª Do obxecto dos organismos reguladores*

#### Artigo 10. *Obxecto da actuación dos organismos reguladores.*

1. Os organismos reguladores terán como obxecto prioritario da súa actuación velar polo adecuado funcionamento do sector económico regulado para garantir a efectiva dispoñibilidade e prestación duns servizos competitivos e de alta calidade en beneficio do conxunto do mercado e dos consumidores e usuarios. Con tal fin, os organismos reguladores preservarán e promoverán o maior grao de competencia efectiva e transparencia no funcionamento dos sectores económicos regulados, sen prexuízo das funcións atribuídas á Comisión Nacional da Competencia ou aos órganos equivalentes das comunidades autónomas con competencias en materia de defensa da competencia.

2. Para o cumprimento dos anteriores obxectivos, os organismos reguladores exercerán, segundo dispoña a súa normativa sectorial, as funcións de supervisión, outorgamento, revisión e revogación dos títulos correspondentes, inspección, sanción, resolución de conflitos entre operadores, arbitraje no sector e aquelas outras que lles atribúa a lei.

#### *Sección 3.ª Dos órganos de dirección dos organismos reguladores*

#### Artigo 11. *Organización dos organismos reguladores.*

Os organismos reguladores exercerán as súas funcións a través dun consello. A representación legal do organismo corresponderalle ao seu presidente.

Artigo 12. *O Consello e o seu presidente.*

1. O Consello é o órgano colexiado de decisión en relación coas funcións atribuídas ao organismo regulador, sen prexuízo das delegacións que poida acordar. Entre as súas facultades indelegables encóntranse a aprobación dos orzamentos do organismo, e da súa memoria anual e os seus plans anuais ou plurianuais de actuación en que se definan os seus obxectivos e as súas prioridades, así como, se as tivese atribuídas, as funcións de arbitraje e a potestade de ditar instrucións de carácter xeral aos axentes do mercado obxecto de regulación ou supervisión en cada caso.

2. Serán membros do Consello o presidente do organismo, que tamén o será do Consello, e seis conselleiros.

3. Ás reunións do Consello poderá asistir con voz, pero sen voto, o persoal directivo, e calquera persoa do persoal non directivo, que determine o presidente, de acordo cos criterios xerais que para tal efecto acorde o Consello. Non poderán asistir ás reunións do Consello os membros do Goberno nin os altos cargos das administracións públicas.

4. Corresponde á presidencia do Consello o exercicio das seguintes funcións:

a) Exercer, en xeral, as competencias que aos presidentes dos órganos colexiados administrativos lles atribúe a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Convocar o Consello por propia iniciativa ou por petición de, polo menos, a metade dos conselleiros, e presidilo.

c) Establecer o criterio de distribución como relatores, se é o caso, de asuntos entre os conselleiros.

5. O Consello entenderase validamente constituído coa asistencia do presidente e tres conselleiros. A asistencia dos conselleiros ás reunións do Consello é obrigatoria, salvo casos xustificados debidamente.

6. Os acordos adoptaranse por maioría de votos dos asistentes. En caso de empate decidirá o voto de quen presida.

7. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do presidente, suplirao o conselleiro de maior antigüidade e, a igualdade de antigüidade, o de maior idade.

8. O Consello, por proposta do presidente, elixirá un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto, ao cal lle corresponderá asesorar o Consello en dereito, informar sobre a legalidade dos asuntos sometidos á súa consideración, así como as funcións propias da secretaría dos órganos colexiados. O servizo xurídico do organismo dependerá da Secretaría do Consello.

9. O Consello aprobará o regulamento de funcionamento interno do seu organismo, no cal se regulará a actuación dos seus órganos, a organización do persoal, o réxime de transparencia e de reserva da información e, en particular, o funcionamento do Consello, incluíndo o seu réxime de convocatorias e sesións, e o procedemento interno para a elevación de asuntos para a súa consideración e a súa adopción. A aprobación do Regulamento requirirá o voto favorable de, polo menos, cinco membros do Consello.

Artigo 13. *Nomeamento e mandato dos membros do Consello.*

1. O presidente e os conselleiros serán nomeados polo Goberno, mediante real decreto, por proposta do titular do ministerio competente, entre persoas de recoñecido prestixio e competencia profesional, logo de comparecencia do ministro e das persoas propostas como presidente e conselleiros ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados, que versará sobre a capacidade dos candidatos. A comparecencia do presidente, ademais, estenderase ao seu proxecto de actuación sobre o organismo e sobre o sector regulado.

2. O mandato do presidente e dos conselleiros será de seis anos sen posibilidade de reelección como membro do Consello. A renovación dos conselleiros farase parcialmente para fomentar a estabilidade e continuidade do Consello.

Artigo 14. *O presidente do organismo regulador.*

Correspóndelle ao presidente do organismo regulador, que tamén o será do seu Consello:

- a) Representar institucionalmente o organismo.
- b) Velar polo adecuado desenvolvemento das actuacións do organismo, de acordo co ordenamento xurídico.
- c) Manter a boa orde e goberno da organización do organismo regulador.
- d) Impulsar a actuación do organismo regulador e o cumprimento das funcións que teña encomendadas. En particular, a proposta dos plans anuais ou plurianuais de actuación, nos cales se definan os seus obxectivos e prioridades.
- e) Exercer funcións de dirección e coordinación en relación cos directivos e o resto do persoal do organismo regulador, de acordo coas competencias atribuídas pola súa lexislación específica.
- f) Dirixir, coordinar, avaliar e supervisar as distintas unidades do organismo regulador, sen prexuízo das funcións do Consello.
- g) Dar conta ao titular do ministerio competente das vacantes que se produzan no Consello do organismo regulador.
- h) Dirixir a execución dos orzamentos do organismo regulador.
- i) Dirixir a contratación do organismo regulador.
- j) Cantas funcións lle delegue o Consello.
- k) Efectuar a rendición de contas do organismo regulador.

Artigo 15. *Funcións e incompatibilidades dos membros do Consello.*

1. O presidente e os conselleiros do Consello do organismo exercerán a súa función con dedicación absoluta.

2. Sen prexuízo da súa función, se é o caso, como relatores dos asuntos, en aplicación do previsto no artigo 12.4.c), os conselleiros non poderán asumir individualmente funcións executivas ou de dirección de áreas concretas do organismo, que corresponderán ao persoal directivo a que se refire o artigo 17 desta lei.

3. O presidente e os conselleiros do organismo estarán sometidos ao réxime de incompatibilidade de actividades establecido para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como no Acordo do Consello de Ministros do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

4. Durante os dous anos posteriores ao seu cesamento, o presidente e os conselleiros non poderán exercer ningunha actividade profesional privada relacionada co sector regulado, tanto en empresas do sector coma para empresas do sector, no caso dos organismos reguladores. No caso da Comisión Nacional da Competencia, ao cesar no seu cargo, e durante os dous anos posteriores, o presidente e os conselleiros non poderán exercer ningunha actividade relacionada coa actividade da Comisión. En virtude desta limitación, o presidente e os conselleiros dos organismos, ao cesaren no seu cargo por renuncia, expiración do termo do seu mandato ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o seu cesamento e durante un prazo igual ao que tivesen desempeñado o cargo, co límite máximo de dous anos, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do oitenta por cento do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado.

Artigo 16. *Causas de cesamento no exercicio do cargo.*

O presidente e os conselleiros cesarán no seu cargo:

- a) Por renuncia.
- b) Por expiración do termo do seu mandato.
- c) Por incompatibilidade sobrevida.
- d) Por ter sido condenado por delito doloso.
- e) Por incapacidade permanente.
- f) Mediante separación acordada polo Goberno por incumprimento grave dos deberes do seu cargo ou por incumprimento das obrigas sobre incompatibilidades, conflitos de interese e do deber de reserva. A separación será acordada polo Goberno, con independencia do réxime sancionador que, de ser o caso, puiden corresponder, logo de instrución de expediente polo titular do ministerio competente.

*Sección 4.<sup>a</sup> Do persoal dos organismos reguladores*

Artigo 17. *Persoal directivo.*

1. Os organismos reguladores organizaranse en áreas de responsabilidade, calquera que sexa a súa denominación, á fronte das cales se designará o persoal directivo.

2. Corresponde ao persoal directivo a dirección, organización, impulso e cumprimento das funcións encomendadas á área á fronte da cal estea, de acordo coas instrucións emanadas do Consello e do presidente do organismo.

3. O persoal directivo será nomeado polo Consello do organismo regulador por proposta do seu presidente. A selección realizarase mediante convocatoria pública e con procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade, de acordo co previsto no artigo 13.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. O dito persoal colaborará cos membros do Consello para o mellor desempeño das súas funcións.

Artigo 18. *Persoal non directivo.*

1. O persoal non directivo dos organismos reguladores desempeñará as súas funcións con obxectividade e aplicando criterios exclusivamente profesionais.

2. Os organismos reguladores deseñarán unha carreira profesional do persoal non directivo que favoreza a dedicación, a superación e a formación continuadas.

3. A selección do persoal non directivo realizarase mediante convocatoria pública e con procedementos baseados nos principios de igualdade, mérito e capacidade, de acordo co previsto no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. O persoal non directivo colaborará cos membros do Consello e co persoal directivo para o mellor desempeño das súas funcións.

Artigo 19. *Obriga de informar e garantías para a actuación.*

1. O presidente, conselleiros, directivos e empregados que prestasen os seus servizos profesionais en entidades do respectivo mercado regulado ou os seus representantes, e que teñan fronte ás citadas entidades dereito, calquera que sexa a súa denominación, a reserva ou recuperación das relacións profesionais, a indemnizacións ou a calquera vantaxe de contido patrimonial, deberán notificar esta circunstancia ao órgano reitor do organismo en que presten servizos, o cal os deberá facelos públicos, no caso dos membros do Consello.

2. En aplicación dos principios de independencia e obxectividade, os organismos reguladores e a Comisión Nacional da Competencia garantirán que os seus empregados contén nas súas actuacións e nos procedementos en que interveñan con regras obxectivas, predeterminadas e que delimiten adecuadamente as responsabilidades que lles incumben.

*Sección 5.ª Da transparencia e a responsabilidade social dos organismos reguladores*

*Artigo 20. Publicidade das actuacións dos organismos reguladores.*

1. O organismo regulador fará públicas todas as disposicións, resolucións, acordos e informes que se diten en aplicación das leis que os regulan, preservando, en todo caso, aqueles aspectos que afecten a confidencialidade a que teñen dereito as empresas, e en particular:

a) A organización e funcións do organismo regulador, incluíndo os curriculum vitae dos membros do Consello.

b) Relación dos acordos adoptados nas reunións do Consello.

c) Os informes en que se basean as decisións do Consello.

d) A memoria anual de actividades que inclúa as contas anuais, a situación organizativa e a información relativa ao persoal e ás actividades realizadas polo organismo, cos obxectivos perseguidos e os resultados alcanzados, que enviará á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do ministerio competente.

e) O informe económico sectorial, de carácter anual, no cal se analizará a situación competitiva do sector, a actuación do sector público e as perspectivas de evolución do sector. Neste informe incluíranse as observacións e suxestións do organismo regulador sobre a evolución do mercado, así como as súas propostas de reforma regulatoria, destinadas a reforzar o grao de competencia efectiva no sector. O informe enviarase á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do ministerio competente.

f) O plan de actuación do organismo para o ano seguinte, incluíndo as liñas básicas da súa actuación nese ano, cos obxectivos e prioridades correspondentes. Este plan de actuacións enviarase tamén á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do ministerio competente.

g) As reunións do organismo regulador con empresas do sector, coa Comisión Nacional da Competencia e con outros organismos reguladores.

h) A preparación e tramitación das normas cuxa aprobación lles corresponda, así como, se é o caso, das propostas normativas que deban formular.

2. As disposicións, resolucións, acordos, informes e a memoria anual de actividades e o plan de actuación faranse públicos por medios electrónicos, unha vez notificados aos interesados, tras resolver, se é o caso, sobre os aspectos confidenciais ou meramente preparatorios do seu contido e logo de disociación dos datos de carácter persoal a que se refiren o artigo 3.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o artigo 24.2 da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

3. Cada tres anos, os organismos presentarán unha avaliación dos seus plans de actuación e os resultados obtidos para poder valorar o impacto do organismo no sector e o grao de cumprimento das resolucións ditadas. Estas avaliacións enviaranse tamén á comisión correspondente do Congreso dos Deputados e ao titular do ministerio competente.

*Artigo 21. Control parlamentario.*

1. Os presidentes dos organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia deberán comparecer con periodicidade polo menos anual ante a comisión correspondente do Congreso dos Deputados para expor as liñas básicas da súa actuación e os seus plans e prioridades para o futuro.

2. As comparecencias anuais estarán baseadas nas memorias anuais de actividades e nos plans de actuación dos organismos e servirán para o exame anual dos organismos por parte das Cortes Xerais.

3. Sen prexuízo da súa comparecencia anual, o presidente comparecerá ante a comisión correspondente do Congreso ou do Senado, por petición destas nos termos establecidos nos seus respectivos regulamentos.



4. Cada tres anos haberá unha comparecencia especial para debater a avaliación dos plans de actuación e os resultados obtidos polos organismos.

*Artigo 22. Impugnación das decisións dos organismos reguladores.*

Os actos e resolucións do organismo regulador ditadas no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas ante a xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na súa lei reguladora.

*Sección 6.<sup>a</sup> Dos mecanismos de colaboración e cooperación dos organismos reguladores*

*Artigo 23. Cooperación interinstitucional.*

Co fin de ampliar o coñecemento dos seus sectores correspondentes e mellorar as súas capacidades de decisión, así como contribuír activamente ao perfeccionamento do mercado único europeo e o sistema económico internacional, os organismos reguladores deberán fomentar o contacto, a colaboración e a coordinación regular e periódica cos organismos reguladores dos Estados membros da Unión Europea, da Comisión Europea e doutros Estados.

*Artigo 24. Cooperación entre os organismos reguladores e coa Comisión Nacional da Competencia.*

1. Os organismos reguladores cooperarán entre eles e coa Comisión Nacional da Competencia no exercicio das súas funcións nos asuntos de interese común, respectando en todo caso as competencias atribuídas a cada un deles.

2. Os presidentes de todos os organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia reuniranse, con periodicidade polo menos anual, para analizar a evolución dos mercados nos seus respectivos sectores, intercambiar experiencias en relación coas medidas de regulación e supervisión aplicadas e compartir todo aquilo que contribúa a un mellor coñecemento dos mercados e a unhas tomas de decisións máis eficaces no ámbito das súas respectivas competencias. As reunións previstas no parágrafo anterior convocaranse de forma rotatoria, empezando polo presidente do organismo de maior antigüidade. O presidente do organismo convocante elaborará a orde do día e procurará a documentación pertinente, sempre logo de consulta cos demais presidentes. As conclusións da reunión faranas públicas os organismos participantes.

3. Os organismos reguladores e a Comisión Nacional da Competencia acordarán e establecerán os protocolos de actuación necesarios para facilitar o cumprimento do previsto no artigo 17 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

*Sección 7.<sup>a</sup> Normas relativas ao establecemento e cálculo da porcentaxe, tipos de gravame e cotas das taxas dos organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia, así como para o seu endebedamento*

*Artigo 25. Establecemento e cálculo da porcentaxe, tipos de gravame e cotas das taxas dos organismos reguladores e da Comisión Nacional da Competencia*

1. A Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá anualmente:

a) A porcentaxe da taxa xeral de operadores, prevista no anexo I, sobre taxas en materia de telecomunicacións, da Lei 32/2003, de 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

b) O tipo de gravame da taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos líquidos, da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

c) O tipo de gravame da taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico, da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

d) O tipo de gravame da taxa aplicable á prestación de servizos e realización de actividades pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector de hidrocarburos gasosos, da disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

e) A cota da taxa por análise e estudo das operacións de concentración do artigo 23 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior terase en conta o establecido nos artigos 7 e 19 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

#### Artigo 26. *Endebemento.*

Os organismos previstos no punto 1 do artigo 8 desta lei e a Comisión Nacional da Competencia requirirán autorización legal para emitir débeda ou contraer crédito. No entanto, poderán concertar operacións de crédito para atender desfasamentos temporais de tesouraría, sempre que se concerten e cancelen dentro do mesmo exercicio orzamentario, co límite do 5 por cento do seu orzamento.

### CAPÍTULO III

#### Mercados financeiros

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Transparencia e goberno corporativo*

Artigo 27. *Principios de bo goberno corporativo e adecuada xestión do risco en relación coas remuneracións dos executivos.*

En aplicación dos principios de bo goberno corporativo emanados dos acordos e organismos internacionais, e co fin de reforzar a súa solvencia e asegurar unha xestión adecuada dos riscos das entidades por parte dos seus directivos:

a) As sociedades cotizadas incrementarán a transparencia en relación coa remuneración dos seus conselleiros e altos directivos, así como sobre as súas políticas de retribucións, nos termos previstos no artigo 61 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Adicionalmente, as entidades de crédito e as empresas de servizos de investimento aumentarán a transparencia nas súas políticas de remuneración, e a coherencia delas coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva, nos termos previstos no artigo 61 bis da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e 10 ter da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros e outras normas do sistema financeiro.

Artigo 28. *Mellora da supervisión financeira.*

As autoridades financeiras incorporarán ao exercicio das súas facultades de inspección e sanción os principios, normas e criterios de calidade incorporados nas disposicións derradeiras quinta, sétima, oitava, novena e décima desta lei.

Artigo 29. *Responsabilidade no crédito e protección dos usuarios de servizos financeiros.*

1. As entidades de crédito, antes de que se celebre o contrato de crédito ou préstamo, deberán avaliar a solvencia do potencial prestameiro, sobre a base dunha información suficiente. Para ese efecto, a dita información poderá incluír a facilitada polo solicitante,

así como a resultante da consulta de ficheiros automatizados de datos, de acordo coa lexislación vixente, especialmente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Para a avaliación da solvencia do potencial prestameiro teranse en conta as normas específicas sobre xestión de riscos e control interno que lles son aplicables ás entidades de crédito segundo a súa lexislación específica.

Adicionalmente, de acordo coas normas ditadas en desenvolvemento da letra a) do punto seguinte, as entidades de crédito levarán a cabo prácticas para a concesión responsable de préstamos e créditos aos consumidores. Estas prácticas recolleranse en documento escrito do cal se dará conta nunha nota da memoria anual de actividades da entidade.

As obrigacións establecidas no parágrafo anterior enténdense sen prexuízo das fixadas na Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, e na súa normativa de desenvolvemento.

Igualmente, de acordo co previsto na lexislación vixente, as entidades facilitaránlles aos consumidores, de maneira accesible e, en especial, a través da oportuna información precontractual, as explicacións adecuadas para que poidan avaliar se todos os produtos bancarios que lles ofrecen, en particular os depósitos a prazo e os créditos ou préstamos hipotecarios ou persoais, se axustan aos seus intereses, necesidades e á súa situación financeira, facendo especial referencia ás características esenciais destes produtos e aos efectos específicos que poidan ter sobre o consumidor, en especial as consecuencias en caso de falta de pagamento.

2. Facúltase o ministro de Economía e Facenda para que, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, aprobe as normas necesarias para garantir o adecuado nivel de protección dos usuarios de servizos financeiros nas súas relacións coas entidades de crédito, e inclúense, en todo caso, as medidas relacionadas coa transparencia das condicións financeiras dos préstamos e créditos hipotecarios e do crédito ao consumo. Estas normas terán a condición de normas de ordenación e disciplina e, sen prexuízo do disposto no artigo 48.2 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, poderán ter o contido seguinte:

a) Normas dirixidas a promover as prácticas de concesión responsable de préstamos ou créditos, incluíndo prácticas que favorezan:

1.º Unha adecuada atención aos ingresos dos consumidores en relación cos compromisos que adquiren ao recibiren un préstamo;

2.º A adecuada e independente valoración das garantías inmobiliarias que aseguren os préstamos de forma que se prevexan mecanismos que eviten as influencias indebidas da propia entidade ou das súas filiais;

3.º A consideración de diferentes escenarios de evolución dos tipos nos préstamos a xuro variable, as posibilidades de cobertura fronte a tales variacións e todo iso tendo, ademais, en conta o uso ou non de índices oficiais de referencia;

4.º A obtención e documentación apropiada de datos relevantes do solicitante;

5.º A información precontractual e asistencia apropiadas para o consumidor;

6.º O respecto das normas de protección de datos.

b) Normas sobre a prestación aos consumidores dos restantes servizos bancarios distintos dos de investimento, en especial respecto da contratación de depósitos e das comunicacións que permitan o seguimento das operacións realizadas polos ditos clientes.

c) A información precontractual que se lles debe facilitar aos consumidores antes de formalizaren as súas relacións contractuais coas entidades, incluíndo as que deben figurar nas páxinas electrónicas da entidade cando se ofrezan servizos por esa vía ou por outras de comercialización a distancia, todo iso para asegurar que aquela reflicta de forma explícita e coa necesaria claridade os elementos máis relevantes dos produtos contratados.

O previsto neste artigo entenderase sen prexuízo da liberdade de contratación que, nos seus aspectos substantivos e coas limitacións que puidesen emanar doutras disposicións legais, deba presidir as relacións entre as entidades de crédito e a súa clientela.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Mercados de seguros e fondos de pensións*

#### *Artigo 30. Mercados de seguros e fondos de pensións.*

As administracións competentes velarán pola aplicación dunha regulación máis transparente e eficaz dos mercados de seguros e fondos de pensións que asegure o cumprimento das seguintes finalidades:

a) Unha maior transparencia e eficiencia na xestión das entidades aseguradoras, nos termos establecidos no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, na redacción derivada da disposición derradeira décimo cuarta desta lei.

b) A simplificación e axilización dos trámites e procedementos administrativos de autorización e rexistro dos fondos de pensións, conforme o indicado no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, na redacción derivada da disposición derradeira décimo terceira desta lei.

c) A racionalización na asignación de recursos propios exigibles ás entidades xestoras de fondos de pensións, mellorando a súa eficiencia e mantendo un nivel suficiente e adecuado á súa actividade, nos termos previstos no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, na redacción derivada da disposición derradeira décimo terceira desta lei.

d) A protección dos aforradores e dos tomadores de seguros e dos demais usuarios dos servizos prestados polas entidades aseguradoras, así como o reforzamento da seguridade xurídica na comercialización dos plans de pensións, de acordo co establecido no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, ambos na redacción derivada das disposicións derradeiras décimo terceira e décimo cuarta desta lei.

e) Un maior desenvolvemento e transparencia na mediación de seguros e reaseguros, de acordo coa Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, nos termos da disposición derradeira décimo segunda desta lei.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Mecanismos de protección dos clientes de servizos financeiros.*

#### *Artigo 31. Protección de clientes de servizos financeiros a través dos servizos de reclamacións dos supervisores financeiros.*

Os servizos de reclamacións do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerán as súas facultades en materia de protección aos usuarios de servizos financeiros nos termos previstos no artigo 30 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

## CAPÍTULO IV

**Sustentabilidade financeira do sector público.***Artigo 32. Sustentabilidade orzamentaria das administracións públicas.*

1. Todas as administracións públicas deben contribuír ao logro da sustentabilidade orzamentaria das finanzas públicas, entendida como a capacidade para financiar os compromisos de gasto presentes e futuros.

2. Para garantir a sustentabilidade orzamentaria, as administracións públicas aplicarán unha política de racionalización e contención do gasto e adecuaranse aos principios de estabilidade orzamentaria, transparencia, plurianualidade e eficacia, nos termos definidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

3. As disposicións legais e regulamentarias, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación das administracións públicas deberán valorar as súas repercusións e efectos, de forma que se garanta a sustentabilidade orzamentaria.

4. Todo gasto se avaliará atendendo aos principios de eficiencia e simplificación dos servizos prestados, incentivando a produtividade do sector público. En especial, o Estado promoverá a colaboración entre as administracións públicas para mellorar a eficiencia na prestación de servizos públicos.

*Artigo 33. Cooperación con outras administracións públicas.*

1. No seo do Consello de Política Fiscal e Financeira e da Comisión Nacional de Administración Local, o Ministerio de Economía e Facenda informará as comunidades autónomas e as entidades locais, respectivamente, das medidas adoptadas en cumprimento do previsto neste capítulo no exercicio inmediatamente anterior.

2. Igualmente, o Goberno impulsará a adopción de acordos dos citados órganos de cooperación e as actuacións das correspondentes administracións co fin de adoptar medidas de racionalización e contención do gasto público nas súas respectivas áreas de competencia, en especial no marco dos plans económico-financeiros de reequilibrio previstos na normativa de estabilidade orzamentaria.

*Artigo 34. Plan de Austeridade da Administración xeral do Estado.*

1. A política de racionalización e contención do gasto público da Administración xeral do Estado instrumentarase a través dun plan de austeridade da Administración xeral do Estado que permita, por unha banda, manter o equilibrio orzamentario ao longo do ciclo económico de acordo cos principios da normativa de estabilidade orzamentaria, as previsións do dereito comunitario e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea; e, por outra, adaptar os programas de gasto da Administración xeral do Estado aos recursos orzamentarios dispoñibles a medio e longo prazo, de forma que se garanta a sustentabilidade orzamentaria.

2. O plan de austeridade comportará a revisión e a análise de todos os programas e políticas de gasto e, así mesmo, a racionalización das estruturas da Administración xeral do Estado e do sector público empresarial estatal, co obxectivo de adecuar a estrutura e organización aos principios de eficiencia e economía na programación e execución do gasto público e de garantir a sustentabilidade orzamentaria a medio e longo prazo.

3. Anualmente, o Goberno dará conta ás Cortes Xerais do progreso na implantación do Plan de Austeridade da Administración xeral do Estado.

*Artigo 35. Sustentabilidade na xestión das empresas públicas.*

1. As sociedades mercantís estatais e as entidades públicas empresariais adscritas á Administración xeral do Estado adaptarán a súa xestión aos principios enunciados nesta lei.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, adaptarán os seus plans estratéxicos para:

a) Presentar anualmente informes de goberno corporativo, así como memorias de sustentabilidade de acordo con estándares comunmente aceptados, con especial atención á igualdade efectiva entre mulleres e homes e á plena integración das persoas con discapacidade.

b) Revisar os seus procesos de produción de bens e servizos aplicando criterios de xestión ambiental orientados ao cumprimento das normas do sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental.

c) Favorecer a adopción de principios e prácticas de responsabilidade social empresarial por parte dos seus provedores, en particular relativas á promoción da integración da muller, da igualdade efectiva entre mulleres e homes e da plena integración das persoas con discapacidade, con especial atención ao cumprimento do previsto no artigo 38.1 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos.

d) Incluír nos seus procesos de contratación, cando a natureza dos contratos o permita, e sempre que sexan compatibles co dereito comunitario e se indiquen no anuncio de licitación e no prego ou no contrato, condicións de execución referentes ao nivel de emisión de gases de efecto invernadoiro e de mantemento ou mellora dos valores ambientais que se poden ver afectados pola execución do contrato. Así mesmo, nos criterios de adxudicación dos contratos, cando o seu obxecto o permita, e estas condicións estean directamente vinculadas a el, valorarase o aforro e o uso eficiente da auga e da enerxía e dos materiais, o custo ambiental do ciclo da vida, os procedementos e métodos de produción ecolóxicos, a xeración e xestión de residuos ou o uso de materiais reciclados e reutilizados ou de materiais ecolóxicos.

e) Optimizar o consumo enerxético das súas sedes e instalacións celebrando contratos de servizos enerxéticos que permitan reducir o consumo de enerxía, retribuindo a empresa contratista con aforros obtidos na factura enerxética.

f) Identificar liñas de actuación asociadas a procesos de investigación, desenvolvemento e innovación relacionadas coas actividades do obxecto social ou estatutario da entidade, orientadas a obter tecnoloxía non existente no mercado susceptible de contribuír a mellorar os seus procesos produtivos.

g) Propore, de ser o caso, establecer, no marco da negociación colectiva, mecanismos que faciliten a mobilidade dos traballadores no ámbito do sector público empresarial do Estado, así como establecer un sistema de formación orientado á cualificación e adaptación dos traballadores ás novas tecnoloxías e á cultura da sustentabilidade.

3. Os departamentos ou organismos aos cales se adscriban os grupos empresariais públicos elaborarán, tendo en conta o contido dos plans estratéxicos das empresas, un plan de sustentabilidade do grupo onde se establezan as medidas de apoio, reforzo e coordinación complementarias das iniciativas das empresas e se definan os mecanismos para o seguimento e control dos obxectivos de sustentabilidade asumidos polo grupo.

*Artigo 36. Incumprimento por parte das entidades locais da obrigaón de remitir a información relativa á liquidación dos seus orzamentos á Administración xeral do Estado.*

1. No suposto de que as entidades locais incumpran a obrigaón de remitirle ao Ministerio de Economía e Facenda toda a información relativa á liquidación dos seus respectivos orzamentos de cada exercicio, de acordo co establecido no artigo 193.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais procederá a reter a partir do mes de setembro do exercicio seguinte a aquel a que corresponda aquela liquidación, e ata que se produza a citada remisión, o importe das entregas mensuais á conta da participación nos tributos do Estado que lles corresponda. Para estes efectos, será obxecto de retención

a contía resultante, unha vez practicados, de ser o caso, os reintegros e as devolucións dos anticipos regulados nas leis de orzamentos xerais do Estado, así como as retencións a que se refire a disposición adicional cuarta do mencionado texto refundido.

2. No suposto de que as entidades locais xustifiquen razoadamente a imposibilidade material de lle dar cumprimento á obrigaición mencionada no punto anterior, a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais suspenderá polo tempo que determine, de acordo con aquelas alegacións, a retención de fondos a que se refire o dito punto, logo de solicitude do Pleno da entidade local afectada.

3. Cando se remita a mencionada información á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas comunidades autónomas e coas entidades locais, esta renovará o pagamento das entregas á conta, a partir da que corresponda ao mes seguinte ao da súa recepción, así como o das cantidades retidas con anterioridade. A remisión poderase realizar utilizando o procedemento de transmisión electrónica, de acordo coa norma da Lei de orzamentos xerais do Estado que regule a información que subministrarán as corporacións locais.

4. Ata a realización do pagamento citado no punto anterior, as cantidades retidas poderán permanecer ingresadas nas contas de acredores non orzamentarios habilitadas na Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, citadas nas normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais, contidas nas leis de orzamentos xerais do Estado.

## CAPÍTULO V

### Contratación pública e colaboración público-privada

*Artigo 37. Impulso á eficiencia na contratación pública e financiamento da colaboración público-privada.*

1. Os entes, organismos e entidades do sector público velarán pola eficiencia e polo mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, favorecerán a axilización de trámites, valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos nos procedementos de contratación pública e promoverán a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, modificada pola disposición derradeira décimo sexta desta lei.

2. O financiamento dos colaboradores privados nos contratos de colaboración público-privada non institucionalizados, nos supostos en que por razón do obxecto teñan natureza de concesión de obra pública, levarase a cabo nas condicións e nos termos previstos na normativa reguladora de financiamento da concesión pública.

3. A regulación do financiamento dos adxudicatarios de contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado rexerese polas seguintes normas:

a) Cando se determine o réxime de remuneración do contratista, co alcance previsto no artigo 120, letras d), e) e f) da Lei de contratos do sector público, poderanse establecer previsións sobre as garantías que, conforme o previsto nas disposicións reguladoras do financiamento privado das concesións de obras públicas, pode obter o contratista para a captación do financiamento necesario para a execución de contrato.

b) O contrato preverá un réxime de notificación por parte do contratista das operacións financeiras que concerte para o financiamento do contrato.

No caso de que proceda a resolución do contrato, o órgano de contratación, antes de acordar esta, dará audiencia aos acredores por se estes ofrecen subrogarse no cumprimento do contrato, directamente ou a través dunha entidade participada, en condicións que se consideren compatibles co seu bo fin, sempre que reúnan os requisitos exixidos ao adxudicatario.

c) Cando a execución do contrato comporte custos de investimento iniciais e se prevea que as obras ou equipamentos que se xeren se vaian incorporar ao patrimonio da entidade contratante ao concluír ou resolverse o contrato, poderase establecer que, cando proceda a resolución do contrato, a entidade contratante poida pór á disposición dos acredores unha cantidade non superior ao 80 por cento do custo real dos investimentos realmente executados, detraendo esta cantidade da liquidación do contrato.

4. A regulación do financiamento da colaboración entre o sector público e o sector privado baixo fórmulas institucionais rexerase polas seguintes normas:

Sen prexuízo da posibilidade de utilizar medios de financiamento tales como emisión de obrigacións, empréstitos ou créditos participativos, as sociedades de economía mixta constituídas para a execución dun contrato público no marco dunha colaboración público-privada de carácter institucional a que se refire a disposición adicional trixésimo quinta da Lei de contratos do sector público poderán:

a) Acudir a ampliacións de capital, sempre que a nova estrutura deste non modifique as condicións esenciais da adxudicación, salvo que estivese prevista no contrato.

b) Titulizar os dereitos de cobramento que teñan fronte á entidade adxudicadora do contrato cuxa execución se lle encomende, logo de autorización do órgano de contratación, cumprindo os requisitos previstos na normativa sobre mercado de valores.

*Artigo 38. Fomento da contratación pública de actividades innovadoras.*

O Consello de Ministros, mediante acordo, fixará dentro dos orzamentos de cada departamento ministerial e de cada organismo público vinculado con ou dependente da Administración xeral do Estado, as contías necesariamente destinadas ao financiamento de contratos a que fai referencia o artigo 4.1. r) da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Unha parte delas poderase reservar a pequenas e medianas empresas innovadoras.

## CAPÍTULO VI

### Responsabilidade social das empresas

*Artigo 39. Promoción da responsabilidade social das empresas.*

1. Co obxectivo de incentivar as empresas, organizacións e institucións públicas ou privadas, especialmente as pequenas e medianas e as empresas individuais, a incorporar ou desenvolver políticas de responsabilidade social, as administracións públicas manterán unha política de promoción da responsabilidade social, difundindo o seu coñecemento e as mellores prácticas existentes e estimulando o estudo e a análise sobre os efectos en materia de competitividade empresarial das políticas de responsabilidade social.

En particular, o Goberno porá á súa disposición un conxunto de características e indicadores para a súa autoavaliación en materia de responsabilidade social, así como modelos ou referencias de reporte, todo iso de acordo cos estándares internacionais na materia.

2. O conxunto de características, indicadores e modelos de referencia a que se refire o punto anterior deberá atender especialmente aos obxectivos de transparencia na xestión, bo goberno corporativo, compromiso co local e co ambiente, respecto aos dereitos humanos, mellora das relacións laborais, promoción da integración da muller, da igualdade efectiva entre mulleres e homes, da igualdade de oportunidades e accesibilidade universal das persoas con discapacidade e do consumo sustentable, todo iso de acordo coas recomendacións que, neste sentido, faga o Consello Estatal da Responsabilidade Social Empresarial, constituído polo Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.

3. As sociedades anónimas poderán facer públicos con carácter anual as súas políticas e resultados en materia de responsabilidade social empresarial a través dun



informe específico baseado nos obxectivos, características, indicadores e estándares internacionais mencionados nos puntos anteriores. En todo caso, no dito informe específico deberá constar se foi verificado ou non por terceiras partes.

No caso de sociedades anónimas de máis de 1.000 asalariados, este informe anual de responsabilidade social empresarial será obxecto de comunicación ao Consello Estatal de Responsabilidade Social Empresarial que permita efectuar un adecuado seguimento sobre o grao de implantación das políticas de responsabilidade social empresarial nas grandes empresas españolas.

Así mesmo, calquera empresa poderá solicitar voluntariamente ser recoñecida como empresa socialmente responsable, de acordo coas condicións que determine o Consello Estatal de Responsabilidade Social Empresarial.

4. O Goberno facilitará os recursos necesarios para que o Consello Estatal de Responsabilidade Social Empresarial poida levar a cabo plenamente as súas funcións.

## TÍTULO II

### Competitividade

#### CAPÍTULO I

##### Simplificación administrativa

###### *Sección 1.<sup>a</sup> Da ampliación do ámbito do silencio positivo*

Artigo 40. *Ampliación do ámbito do silencio positivo.*

1. Co fin de axilizar a actuación das administracións públicas, o Goberno, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de lei de modificación do sentido do silencio administrativo nos procedementos que non se consideren cubertos por razóns imperiosas de interese xeral, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As comunidades autónomas avaliarán igualmente a existencia de razóns imperiosas de interese xeral que xustifiquen o mantemento dos efectos desestimatorios do silencio administrativo nos procedementos administrativos regulados por normas anteriores á redacción do artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, derivada da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. A dita avaliación levarase a cabo no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei e servirá de base para impulsar a adecuación normativa oportuna.

###### *Sección 2.<sup>a</sup> Dos supostos de licenzas locais de actividade*

Artigo 41. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Modifícase a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo artigo 84. bis coa seguinte redacción:

«Artigo 84. bis.

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou a outro medio de control preventivo. No entanto, poderanse someter a licenza ou control preventivo aquelas

actividades que afecten a protección do ambiente ou do patrimonio histórico-artístico, a seguridade ou a saúde públicas, ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público, sempre que a decisión de sometemento estea xustificada e resulte proporcionada. En caso de existencia de licenzas ou autorizacións concorrentes entre unha entidade local e algunha outra Administración, a entidade local deberá motivar expresamente na xustificación da necesidade da autorización ou licenza o interese xeral concreto que se pretende protexer e que este non está xa cuberto mediante outra autorización xa existente.»

Dous. Engádesse un artigo 84. ter coa seguinte redacción:

«Cando o exercicio de actividades non precise autorización habilitante e previa, as entidades locais deberán establecer e planificar os procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o seu exercicio polos interesados previstos na lexislación sectorial.»

Artigo 42. *Reforma do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Modifícase a letra i) do artigo 20.4 co seguinte contido:

«i) Outorgamento das licenzas de apertura de establecementos, así como pola realización da actividade de verificación do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades non suxeitas a autorización ou control previo.»

## CAPÍTULO II

### Simplificación no réxime de tributación

Artigo 43. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010, modifícase o número 2.º do artigo 32.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactado nos seguintes termos:

«2.º. Para a aplicación da redución prevista neste punto será necesario o cumprimento dos requisitos que se establezan regulamentariamente, e en particular os seguintes:

a) O rendemento neto da actividade económica deberase determinar conforme o método de estimación directa. No entanto, se se determina conforme a modalidade simplificada do método de estimación directa, a redución será incompatible co previsto na regra 4.ª do artigo 30.2 desta lei.

b) A totalidade das súas entregas de bens ou prestacións de servizos debe efectuarse a unha única persoa, física ou xurídica, non vinculada nos termos do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, ou que o contribuínte teña a consideración de traballador autónomo economicamente dependente conforme o disposto no capítulo III do título II da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo e o cliente do cal dependa economicamente non sexa unha entidade vinculada nos termos do artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

c) O conxunto de gastos deducibles correspondentes a todas as súas actividades económicas non pode exceder o 30 por cento dos seus rendementos íntegros declarados.

d) Deberanse cumprir durante o período impositivo todas as obrigacións formais e de información, control e verificación que regulamentariamente se determinen.

e) Que non perciban rendementos do traballo no período impositivo.

f) Que polo menos o 70 por cento dos ingresos do período impositivo estean suxeitos a retención ou ingreso á conta.»

*Artigo 44. Simplificación das obrigacións formais dos grupos fiscais no imposto sobre sociedades.*

Un. Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2011, modifícase o punto 6 do artigo 70 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«6. A sociedade dominante comunicará os acordos mencionados no punto 1 deste artigo á Administración tributaria con anterioridade ao comezo do período impositivo en que sexa de aplicación este réxime.

Así mesmo, cando se produzan variacións na composición do grupo fiscal, a sociedade dominante comunicarallo á Administración tributaria, identificando as sociedades que se integraron nel e as que foron excluídas. Esta comunicación realizarase na declaración do primeiro pagamento fraccionado a que afecte a nova composición.»

Dous. Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei, engádese unha disposición transitoria trixésimo segunda ao texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo segunda. *Comunicación de modificacións na composición dos grupos fiscais.*

No suposto dos grupos fiscais que tributen no réxime de consolidación fiscal no período impositivo que estivese en curso en 1 de xaneiro de 2011, respecto das modificacións na composición dese grupo producidas no dito período con anterioridade a esa data, a comunicación a que se refire o artigo 70.6 desta lei realizarase na declaración do primeiro pagamento fraccionado do grupo que se deba presentar con posterioridade á dita data. A comunicación das modificacións producidas con posterioridade a esa data realizarase na declaración do primeiro pagamento fraccionado a que afecte a nova composición.»

*Artigo 45. Adaptación da normativa tributaria á Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

Modifícase o artigo 112 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 112. *Notificación por comparecencia.*

1. Cando non sexa posible efectuar a notificación ao interesado ou ao seu representante por causas non imputables á Administración tributaria, e tentada polo menos dúas veces no domicilio fiscal ou no designado polo interesado, de se tratar dun procedemento iniciado por solicitude del, faranse constar no expediente as circunstancias dos intentos de notificación. Será suficiente un só intento cando o destinatario conste como descoñecido no dito domicilio ou lugar.

Neste suposto citarase o interesado, ou o seu representante, para ser notificado por comparecencia por medio de anuncios, que se publicarán, por unha soa vez para cada interesado, por algún dos seguintes medios:

a) Na sede electrónica do organismo correspondente, nas condicións establecidas nos artigos 10 e 12 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A Axencia Estatal de Administración Tributaria publicará por este medio os anuncios correspondentes ás notificacións que deba practicar, en exercicio das competencias que lle corresponden en aplicación do sistema tributario estatal e alfandegueiro e na xestión recadatoria dos recursos que ten atribuída ou encomendada. Mediante orde do ministro de Economía e Facenda determinaranse as condicións, datas de publicación e prazos de permanencia dos anuncios na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As demais administracións tributarias, cando opten por este medio de publicación, deberano facer de forma expresa mediante disposición normativa do seu órgano de goberno publicada no boletín oficial correspondente e na cal se faga constar a data en que empeza a producir efectos.

b) No Boletín Oficial del Estado ou nos boletíns das comunidades autónomas ou das provincias, segundo a Administración da cal proceda o acto que se pretende notificar e o ámbito territorial do órgano que o dite. A publicación no boletín oficial correspondente efectuarase os días cinco e vinte de cada mes ou, de ser o caso, o inmediato hábil posterior.

Cada Administración tributaria poderá convir co boletín oficial correspondente ao seu ámbito territorial de competencias que todos os anuncios a que se refire o parágrafo anterior, con independencia de cal sexa o ámbito territorial dos órganos desa Administración que os ditén, se publiquen exclusivamente no dito boletín oficial. O convenio, que será de aplicación ás citacións que se deban anunciar a partir da súa publicación oficial, poderá conter previsións sobre recursos, medios adecuados para a práctica dos anuncios e datas de publicación deles.

Estes anuncios poderanse expor, así mesmo, na oficina da Administración tributaria correspondente ao último domicilio fiscal coñecido. No caso de que o último domicilio coñecido radicase no estranxeiro, o anuncio poderase expor no consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

2. Na publicación na sede electrónica e nos boletíns oficiais constará a relación de notificacións pendentes con indicación do obrigado tributario ou do seu representante, o procedemento que as motiva, o órgano competente da súa tramitación e o lugar e prazo en que o seu destinatario deberá comparecer para ser notificado.

En todo caso, a comparecencia deberase producir no prazo de 15 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación na sede electrónica ou publicación do anuncio no correspondente boletín oficial. Transcorrido o dito prazo sen comparecer, a notificación entenderase producida para todos os efectos legais o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado.

3. Cando o inicio dun procedemento ou calquera dos seus trámites se entendan notificados por non comparecer o obrigado tributario ou o seu representante, terase por notificado das sucesivas actuacións e dilixencias dese procedemento, e manterase o dereito que o asiste a comparecer en calquera momento deste. No entanto, as liquidacións que se ditén no procedemento e os acordos de alleamento dos bens embargados deberán ser notificados conforme o establecido nesta sección.»

## CAPÍTULO III

### Da actividade catastral

Artigo 46. *Principios reitores da actividade catastral.*

Co fin de aumentar a dispoñibilidade da información catastral para o conxunto da sociedade e de dar mellor resposta aos principios de eficiencia, transparencia, seguridade xurídica, calidade, interoperabilidade e impulso á Administración electrónica e á produtividade, que rexen a actividade catastral, e nos termos que establece o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo, na redacción derivada da disposición derradeira décimo oitava desta lei:

1. En atención ao principio de eficiencia, e de acordo co obxectivo de actualización continua da información catastral, redúcense os prazos de envío de información ao Catastro polos notarios e ampliáanse os casos de comunicación polos ditos fedatarios públicos e polos rexistradores da propiedade, incrementando os supostos en que se supe a obrigaçión de declarar por parte dos titulares dos inmobles.

2. En atención ao principio de transparencia, ampliáse a información catastral á disposición da sociedade, tanto cartográfica coma descritiva dos inmobles, mellorando a accesibilidade por medios electrónicos coas limitacións que deriven do réxime de protección de datos.

3. Para o reforzo do principio de seguridade xurídica, xeneralízase a utilización da certificación catastral descritiva e gráfica, o emprego da cartografía catastral e mellórase a operatividade na utilización da referencia catastral.

4. Co fin de incrementar a calidade da información catastral, ampliáse e mellórase o procedemento de comunicacións e o deseño de novos mecanismos de conciliación da información catastral coa realidade inmobiliaria; para estes efectos os notarios poderán participar na solución de discrepancias e rectificación de erros.

5. No marco do impulso ao desenvolvemento da Administración electrónica, os procedementos de acceso á información catastral, comunicación e colaboración entre administracións desenvolveranse preferentemente a través de medios telemáticos.

6. De acordo co principio de impulso á produtividade, a cartografía dixital do Catastro será accesible de forma telemática e gratuítamente polo menos a través da sede electrónica do Catastro e do Xeoportal da Infraestrutura de Datos Espaciais de España definido na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre infraestruturas dos servizos de información xeográfica de España.

## CAPÍTULO IV

### Telecomunicacións e sociedade da información

Artigo 47. *Utilización das novas tecnoloxías na banda de frecuencias de 900MHz e 1.800MHz.*

1. As bandas de frecuencias de 880-915MHz e 925-960MHz (banda de 900MHz) e de 1.710-1.785MHz e 1.805MHz-1.880MHz (banda de 1.800MHz) pónense á disposición dos sistemas GSM e dos sistemas UMTS, así como doutros sistemas terrestres capaces de prestar servizos de comunicacións electrónicas que poidan coexistir cos sistemas GSM, de conformidade co disposto na Directiva 2009/114/CE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se modifica a Directiva 87/372/CEE do Consello relativa ás bandas de frecuencia que cómpre reservar para a introdución coordinada de comunicacións móbiles terrestres dixitais celulares públicas paneuropeas na Comunidade, e na Decisión da Comisión do 16 de outubro de 2009 relativa á harmonización das bandas de frecuencias de 900MHz e 1.800MHz para os sistemas terreais capaces de prestar servizos paneuropeos de comunicacións electrónicas na Comunidade.

2. O Goberno, mediante real decreto, determinará o procedemento e as condicións que se deberán cumprir para que as ditas bandas de frecuencias se poidan utilizar por sistemas terrestres capaces de prestar servizos de comunicacións electrónicas que poidan coexistir cos sistemas GSM. En particular, o citado real decreto poderá modificar ou reconsiderar os dereitos de uso privativo do espectro para garantir que o uso da banda de 900 MHz por outras tecnoloxías distintas da GSM para a prestación de servizos paneuropeos avanzados non dá lugar a situacións de distorsión da competencia nos mercados afectados, mantendo en todo caso o equilibrio económico-financeiro dos títulos habilitantes.

3. Os dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico na banda de frecuencias de 900MHz e 1.800MHz que, en aplicación do disposto no punto anterior, poidan revertir ao Estado, asignaranse conforme o disposto no réxime xurídico das comunicacións electrónicas.

*Artigo 48. Ampliación das bandas de frecuencia en que se pode efectuar a transferencia de Títulos habilitantes ou cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico.*

O Goberno, mediante real decreto, aprobará as previsións necesarias para a introdución de novas bandas de frecuencias en que se pode efectuar a transferencia de títulos habilitantes ou cesión de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, en particular as bandas de frecuencias de 900MHz (880-915MHz e 925-960MHz), 1.800MHz (1.710-1.785MHz e 1.805MHz-1.880MHz) e 2.100MHz (1.900-2.025MHz e 2.110-2.200MHz), utilizadas actualmente para a prestación dos servizos de comunicacións móbiles, e a banda de 3,5GHz (3,4-3,6GHz), utilizada para a prestación de servizos de acceso sen fíos.

*Artigo 49. Redes de telecomunicación de acceso ultrarrápido.*

A normativa reguladora das infraestruturas comúns de telecomunicacións nos edificios garantizará, conforme o principio de neutralidade tecnolóxica, a dispoñibilidade dos elementos técnicos necesarios para que as vivendas se poidan conectar ás redes de telecomunicacións de acceso ultrarrápido, e a novos servizos audiovisuais, de forma que se promova a competencia no sector e a capacidade de elección dos cidadáns no acceso aos servizos.

*Artigo 50. Redución da taxa xeral de operadores de telecomunicacións.*

O importe da taxa anual que, conforme o punto 1, do anexo I, da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, os operadores deben satisfacer con cargo ao ano 2010 pola prestación de servizos a terceiros será o resultado de aplicar o tipo do 1 por mil á cifra dos ingresos brutos de explotación que obteñan aqueles de acordo co establecido no anexo I da Lei xeral de telecomunicacións.

*Artigo 51. Reorganización do espectro radioeléctrico na banda de frecuencias 790-862MHz.*

A banda de frecuencias 790-862MHz destinarase principalmente para a prestación de servizos avanzados de comunicacións electrónicas, en liña cos usos harmonizados que se acordan na Unión Europea. Esta banda deberá quedar libre para poder ser asignada aos seus novos usos antes do 1 de xaneiro de 2015.

Os custos derivados da reorganización do espectro radioeléctrico que é necesario realizar para liberar a banda de frecuencias 790 a 862Mhz serán sufragados pola Administración cos ingresos obtidos nas licitacións públicas que se convoquen para asignar espectro radioeléctrico.

O Goberno adoptará unha proposta de actuacións en materia de espectro radioeléctrico, que incluíra a banda de frecuencias 790 a 862MHz, unha vez analizadas as achegas dos axentes do sector e as comunidades autónomas. O obxectivo principal será a optimización e flexibilización do uso do espectro e a posta á disposición do sector de todo o espectro dispoñible.

Artigo 52. *Inclusión, como parte integrante do servizo universal, dunha conexión que permita comunicacións de datos de banda larga a unha velocidade de 1Mbit por segundo.*

1. A conexión á rede pública de comunicacións con capacidade de acceso funcional á internet, garantida polo servizo universal de telecomunicacións, deberá permitir comunicacións de datos en banda larga a unha velocidade en sentido descendente de 1Mbit por segundo. Esta conexión poderá ser provista a través de calquera tecnoloxía.

O Goberno, no prazo de catro meses desde a entrada en vigor desta lei, mediante real decreto, establecerá as condicións de acceso de banda larga á rede pública e poderá actualizar esta velocidade de acordo coa evolución social, económica e tecnolóxica, tendo en conta os servizos utilizados pola maioría dos usuarios.

2. A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Economía e Facenda, e logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, garantirá o carácter accesible dos prezos dos servizos incluídos dentro do servizo universal. En particular, poderá fixar un prezo máximo para as conexións que permitan comunicacións en banda larga incluídas dentro do servizo universal.

## CAPÍTULO V

### Ciencia e innovación

#### *Sección 1.ª Transferencia de resultados na actividade investigadora*

Artigo 53. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste capítulo son de aplicación aos organismos públicos de investigación, ás universidades públicas, ás fundacións do sector público estatal, ás sociedades mercantís estatais e a outros centros de investigación dependentes da Administración xeral do Estado.

2. Estas disposicións son aplicables aos resultados das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación realizadas como consecuencia do desempeño das funcións que lle son propias polo persoal investigador das entidades mencionadas no punto anterior, calquera que sexa a natureza da relación xurídica por que estean vinculados a elas.

3. Consideraranse obxecto de propiedade industrial e de propiedade intelectual os recoñecidos como tales na lexislación vixente respecto diso.

Artigo 54. *Titularidade e carácter patrimonial dos resultados da actividade investigadora e do dereito a solicitar os correspondentes Títulos de propiedade industrial e intelectual para a súa protección.*

1. Os resultados das actividades de investigación, desenvolvemento e innovación a que se refire o artigo anterior, así como o dereito a solicitar os títulos de propiedade industrial adecuados para a súa protección xurídica pertencerán ás entidades cuxos investigadores os obtiveron no exercicio das funcións que lles son propias.

2. Os dereitos de explotación relativos á propiedade intelectual corresponderán ás entidades en que o autor desenvolvese unha relación de servizos, nos termos e co alcance previsto na lexislación sobre propiedade intelectual.

Artigo 55. *Aplicación do dereito privado ás transmisións a terceiros de dereitos sobre os resultados da actividade investigadora.*

1. A transmisión a terceiros de dereitos sobre os resultados da actividade investigadora a que se refire o artigo anterior requirirá a declaración previa, polo titular do ministerio a que estea adscrita ou vinculada a entidade investigadora, ou polo órgano competente da

universidade, de que o dereito non é necesario para a defensa ou mellor protección do interese público.

2. A transmisión a terceiros de dereitos sobre os resultados da actividade investigadora, ben se trate de cesión da titularidade dunha patente ou de concesión de licenzas de explotación sobre ela, ou das transmisións e contratos relativos á propiedade intelectual, rexeráse polo dereito privado, nos termos previstos por esta lei e polas disposicións reguladoras e estatutos das entidades a que se refire o artigo 53, aplicándose os principios da lexislación do patrimonio das administracións públicas para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

3. A transmisión de dereitos levarase a cabo mediante adxudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando os dereitos se transmitan a outra Administración pública ou, en xeral, a calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público. Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando os dereitos se transmitan a unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública.

c) Cando fose declarado deserto o procedemento promovido para o alleamento ou este resultase errado como consecuencia do incumprimento das súas obrigacións por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a súa realización. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores ás anunciadas previamente ou a aquelas en que se produciu a adxudicación.

d) Cando a titularidade do dereito corresponda a dous ou máis propietarios e a venda se efectúe a favor dun ou de máis copropietarios.

e) Cando a transmisión se efectúe a favor de quen teña un dereito de adquisición preferente.

f) Cando a titularidade do dereito corresponda a dous ou máis propietarios algún dos cales non pertenza ao sector público, e o copropietario ou copropietarios privados formulasen unha proposta concreta de condicións da transmisión. Neste caso, os copropietarios públicos deberán aprobar expresamente as condicións propostas, logo de verificación da súa razoabilidade.

g) Cando, polas peculiaridades do dereito, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa.

h) Cando resulte procedente pola natureza e características do dereito ou da transmisión, segundo a normativa vixente, como nos casos das licenzas de pleno dereito ou das licenzas obrigatorias.

4. En supostos distintos dos enumerados no punto anterior, para a transmisión deberase seguir un procedemento baseado na concorrencia competitiva de interesados, no cal se garanta unha difusión previa adecuada do obxecto e condicións dela, que se poderá realizar a través das páxinas institucionais mantidas na internet polo organismo ou entidade titular do dereito e o departamento ministerial de que dependa ou ao cal estea adscrito. No dito procedemento deberase asegurar, así mesmo, o segredo das proposicións e a adxudicación á proposición economicamente máis vantaxosa.

5. En todo caso, a transmisión dos dereitos sobre estes resultados farase cunha contraprestación que corresponda ao seu valor de mercado.

6. Cando se transfira a titularidade do dereito a unha entidade privada deberase prever, na forma que regulamentariamente se determine, a inclusión no contrato de cláusulas de mellor fortuna que lles permitan ás entidades públicas recuperar parte das plusvalías que se obteñan en caso de sucesivas transmisións dos dereitos ou cando, debido a circunstancias que non se tiveron en conta no momento da taxación, se apreciase



que o valor de transferencia da titularidade do dereito foi inferior ao que tería resultado de se teren en conta as ditas circunstancias.

*Artigo 56. Cooperación dos axentes públicos de execución co sector privado a través da participación en empresas innovadoras de base tecnolóxica.*

1. Os organismos públicos de investigación, as universidades e os demais axentes incluídos no ámbito de aplicación deste capítulo poderán participar no capital de sociedades mercantís cuxo obxecto social sexa a realización dalgunha das seguintes actividades:

- a) A investigación, o desenvolvemento ou a innovación.
- b) A realización de probas de concepto.
- c) A explotación de patentes de invención e, en xeral, a cesión e explotación dos dereitos da propiedade industrial e intelectual.
- d) O uso e o aproveitamento, industrial ou comercial das innovacións, dos coñecementos científicos e dos resultados obtidos e desenvolvidos polo ditos axentes.
- e) A prestación de servizos técnicos relacionados cos seus fins propios.

2. Deberán ser obxecto de autorización polo Consello de Ministros, de acordo co establecido no artigo 169.f) da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, en relación coas sociedades a que se refire o punto anterior, os actos e negocios que impliquen que as ditas sociedades adquiran ou perdan a condición de sociedade mercantil estatal, definida no artigo 166.1.c) da citada Lei 33/2003.

A participación dos organismos públicos de investigación no capital das sociedades mercantís a que se refire o punto 1 deste artigo, cuxo capital sexa maioritariamente de titularidade privada, requirirá a autorización previa do departamento ministerial a que estean adscritos.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Promoción dos dereitos de propiedade industrial*

*Artigo 57. Difusión da propiedade industrial.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través do organismo autónomo Oficina Española de Patentes e Marcas, impulsará a difusión e utilización dos dereitos de propiedade industrial como elementos fundamentais de promoción da competitividade das empresas españolas no mercado nacional e internacional.

2. A Oficina Española de Patentes e Marcas adoptará as medidas oportunas para axilizar e simplificar a concesión dos títulos de propiedade industrial, potenciará a súa incorporación en plans educativos nacionais e manterá unha política internacional que fomentará a utilización do español nos sistemas internacionais de propiedade industrial.

*Artigo 58. Modificación da contía das taxas.*

1. As taxas en materia de propiedade industrial serán revisadas periodicamente mediante norma con rango de lei. Na modificación das súas contías teranse en conta a redución progresiva de custos debida á utilización de medios telemáticos de presentación de solicitudes e aos consecuentes incrementos da produtividade e a eficiencia nos seus procedementos de tramitación. Así mesmo, á hora de fixar as contías teranse en conta as políticas de apoio á innovación empresarial, especialmente das pemes. En todo caso, as súas contías deberán experimentar unha redución global do 18 por cento no período 2010-2012 respecto das taxas vixentes en 31 de decembro de 2009.

2. No suposto de modalidades de propiedade industrial reguladas no marco de tratados ou acordos internacionais de que España forma parte, o importe das taxas será o que resulte do establecido por eles.

Artigo 59. *Medidas para incrementar a eficacia e axilizar a concesión de dereitos da propiedade industrial.*

1. Para a consecución dos obxectivos indicados no artigo 57, logo de consulta ás organizacións sectoriais que promoven a protección, difusión e defensa da propiedade industrial, a Oficina Española de Patentes e Marcas, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, proporalle ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as medidas necesarias para incrementar a protección e eficacia dos dereitos de propiedade industrial.

2. No ámbito das súas competencias, a Oficina Española de Patentes e Marcas promoverá e, de ser o caso, adoptará medidas a nivel nacional e internacional destinadas a axilizar a concesión dos dereitos de propiedade industrial, en particular naqueles sectores clave e actuacións estratéxicas definidas nos instrumentos de referencia para a elaboración dos plans de investigación científica e técnica.

3. Para os efectos previstos no punto anterior, por proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, poderanse establecer os prazos máximos dos distintos trámites dos procedementos de concesión e rexistro das diversas modalidades de propiedade industrial.

4. Así mesmo, por proposta da Oficina Española de Patentes e Marcas, mediante orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio, poderase dispor a tramitación preferente de solicitudes de patentes e modelos de utilidade relativas a tecnoloxías relacionadas cos obxectivos de sustentabilidade a que se refire esta lei.

*Sección 3.ª Formación, investigación e transferencia de resultados no sistema universitario*

Artigo 60. *Obxectivos en materia universitaria.*

Co fin de contribuír aos obxectivos desta lei, sen prexuízo do establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e na Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o sistema universitario atenderá á consecución dos seguintes obxectivos:

a) Facilitar, a través da formación, a adquisición das cualificacións demandadas polo sistema produtivo e o sector público e a adaptabilidade ante os cambios económicos e sociais e, en xeral, a capacidade para afrontar os desafíos a longo prazo.

b) Promover a calidade, a competitividade e internacionalización das universidades mediante a especialización formativa investigadora, a modernización das súas infraestruturas e a mellora na eficiencia na súa xestión, cun compromiso reforzado co Espazo Europeo de Educación Superior e co Espazo Europeo de Investigación.

c) Impulsar a produtividade científica, a transferencia de coñecemento, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, en todas as ramas do saber.

d) Facilitar a gobernanza universitaria impulsando medidas que garantan o exercicio das funcións de goberno e dirección; a revisión dos procedementos internos de dirección e xestión, e a implementación de boas prácticas, conforme os criterios internacionalmente recoñecidos de calidade e eficiencia na xestión.

e) Incrementar a transparencia, o control interno das súas finanzas e o equilibrio orzamentario, así como a avaliación externa das súas actividades.

f) Fomentar a captación de talento, a mobilidade internacional e a colaboración con universidades e centros de investigación de referencia mundial.

g) Impulsar medidas de atracción de capital privado nacional e internacional para contribuír ao financiamento dos obxectivos da universidade, especialmente á investigación, transferencia do coñecemento e á creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica.

Para iso, as universidades atenderán a un esforzo de modernización, mellora da eficiencia e procura da calidade e da excelencia académica.

Artigo 61. *Formación universitaria e economía sustentable.*

Para garantir a súa achega á economía sustentable, a formación universitaria debe responder aos seguintes principios:

a) A incorporación nos seus plans de estudo de habilidades e destrezas orientadas á innovación, ao fomento da creatividade, ao emprendemento e espírito empresarial, integradas en materias, conceptos, competencias transversais, métodos de aprendizaxe e de exame, e en todos os niveis da educación, singularmente o doutoramento. Estes plans de estudos deberanse establecer en cooperación cos centros de investigación, industria e outras institucións e axentes, segundo proceda.

b) A proposta de novos títulos e ofertas educativas que preparen os estudantes para as novas cualificacións que demandan os novos empregos, de maneira que mellorasen a empregabilidade dos cidadáns no mercado laboral, así como modernizar e adaptar as súas ensinanzas á produción de produtos, servizos, formulacións e métodos innovadores na economía e na sociedade en sentido máis amplo.

c) A promoción da adaptabilidade ante os cambios económicos e sociais dando oportunidades completas de formación continua e de extensión universitaria, especialmente as posibilidades de incrementar a mobilidade na aprendizaxe en España e en Europa, así como a incorporación efectiva dos titulados universitarios, incluídos os docentes, no mercado laboral, reforzando as conexións entre universidade e empresa, con especial atención ao fomento de capacidades para a iniciativa empresarial e o autoemprego.

Artigo 62. *Competitividade universitaria.*

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias e no marco da Estratexia Universidade 2015, promoverá a competitividade das universidades españolas e a súa progresiva implantación no ámbito internacional, mediante a mellora da calidade das súas infraestruturas e a súa agregación con outros axentes e actores, públicos e privados, que operan na sociedade do coñecemento. Estas iniciativas articularanse a través do Programa Campus de Excelencia Internacional.

Para estes efectos, convocarase anualmente o Programa Campus de Excelencia Internacional, que terá os seguintes obxectivos básicos:

a) Promover a agregación de institucións que, compartindo un mesmo campus, elaboren un proxecto estratéxico común.

b) Desenvolver un contorno académico, científico, emprendedor e innovador, de calidade, dirixido a obter unha alta visibilidade internacional.

c) Crear un contorno académico e de innovación que sexa un verdadeiro contorno de calidade para a vida universitaria, integrada socialmente nun distrito urbano ou nun territorio e con alto nivel de prestacións de servizos e de melloras enerxéticas e ambientais.

2. No marco deste programa, o Goberno, a través do Ministerio de Educación, priorizará aqueles proxectos que persigan as seguintes finalidades:

a) Xerar campus universitarios altamente competitivos de recoñecido prestixio internacional e cun elevado nivel de diferenciación e especialización, ao potenciar as súas fortalezas e actividades máis excelentes.

b) Fomentar campus onde exista unha mellor investigación, transferencia de coñecementos e especialización. Potenciaranse a maior especialización e diferenzas dentro deles.

c) Promover a agregación de institucións que elaboren un proxecto estratéxico común e desenvolvan un contorno académico, científico, emprendedor e innovador de calidade.

d) Mellorar as infraestruturas universitarias, en xeral, e as relacionadas coa investigación e innovación, en particular, promovendo, ademais, a súa accesibilidade.

e) Xerar un alto nivel de prestacións de servizos públicos dirixidos á comunidade universitaria, promovendo un novo urbanismo que teña en conta tamén melloras enerxéticas, ambientais e de accesibilidade.

f) Concentrar nun mesmo espazo urbano ou periurbano os centros docentes, as instalacións deportivas, os servizos de apoio, uns contornos e servizos que fomenten o desenvolvemento sustentable ambiental, social e económico, e a residencia de estudantes, profesores, investigadores de institutos de posgrao con vocación internacional.

g) Potenciar a cooperación ao desenvolvemento, configurando os Campus de Excelencia Internacional como espazos de socialización, de transmisión de valores humanos e de garantía da igualdade de oportunidades, igualdade de xénero e a plena integración das persoas con discapacidade.

h) Incorporar fórmulas flexibles de organización do traballo, é dicir, a asunción de medidas que permitan conciliar a vida persoal, familiar e laboral.

i) Promover o coñecemento sobre a importancia da creatividade e o fomento da innovación para conseguir e conservar unha nova economía baseada na creación de valor.

3. Os investimentos derivados da execución dos proxectos sinalados no punto anterior poderán ser financiados, total ou parcialmente pola Administración xeral do Estado, a través de subvencións e préstamos, e fomentando o investimento polas comunidades autónomas e os concellos en cuxo territorio radiquen as instalacións ou equipamentos obxecto do investimento.

#### Artigo 63. *Agregacións estratéxicas en campus universitarios.*

1. As universidades, como promotoras de Campus de Excelencia Internacional, promoverán acordos de agregación estratéxica con entidades públicas e privadas orientados á formación, á investigación e á innovación.

Estas colaboracións fomentarán o desenvolvemento económico sustentable local ou territorial, a través da consolidación de ecosistemas de coñecemento que faciliten o intercambio de coñecemento e a innovación aberta guiada pola empresa e baseada na mellor investigación universitaria.

Consideraranse estratéxicas as agregacións que teñan como obxectivo potenciar os sectores (industriais ou de servizos) nos cales haxa a posibilidade de penetración no mercado global con achega de valor engadido.

2. As universidades, as administracións públicas e as empresas promoverán, no marco dos parques científicos e tecnolóxicos universitarios e dos campus universitarios, interaccións entre a cultura académica e a cultura empresarial cuxo obxectivo fundamental deberá ser incrementar a riqueza da súa rexión, promover a cultura emprendedora e a innovación e fomentar a competitividade das empresas e as institucións xeradoras de coñecemento instaladas ou asociadas ao parque.

#### Artigo 64. *Investigación e transferencia do coñecemento.*

1. As universidades potenciarán as súas funcións de investigación básica e aplicada e de transferencia do coñecemento á sociedade para a mellora do benestar e a competitividade, mediante o desenvolvemento de proxectos e iniciativas en colaboración co sector produtivo.

2. A colaboración entre as universidades e o sector produtivo poderase articular mediante calquera instrumento admitido polo ordenamento xurídico e, en particular, poderá adoptar as seguintes modalidades:

- a) A constitución de empresas innovadoras de base tecnolóxica.
- b) A xeración de polos de innovación, mediante a concorrencia nun mesmo espazo físico de centros universitarios e de empresas.
- c) A posta en marcha e a potenciación de programas de valorización e transferencia de coñecemento.

- d) A formación de consorcios de investigación e transferencia do coñecemento.
- e) A creación de cátedras-empresa baseadas na colaboración en proxectos de investigación que lles permitan aos estudantes universitarios participar e conciliar a súa actividade investigadora coa mellora da súa formación.

3. As universidades poderán promover a creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica, abertas á participación no seu capital societario dun ou de varios dos seus investigadores, co obxecto de realizar a explotación económica de resultados de investigación e desenvolvemento obtidos por estes. As ditas empresas deberán reunir as características previstas no artigo 56 desta lei.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Fiscalidade das actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica*

*Artigo 65. Mellora das deducións no imposto sobre sociedades por actividades de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica e para o fomento das tecnoloxías da información.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir da entrada en vigor desta lei, introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. A letra c) do artigo 35.2 queda redactada da seguinte forma:

- «c) Porcentaxe de dedución. O 12 por cento dos gastos efectuados no período impositivo por este concepto, sen que sexan de aplicación os coeficientes establecidos no punto 2 da disposición adicional décima desta lei. »

Dous. O punto 1 do artigo 44 queda redactado da seguinte forma:

«1. As deducións previstas no presente capítulo practícaranse unha vez realizadas as deducións e bonificacións dos capítulos II e III deste título.

As cantidades correspondentes ao período impositivo non deducidas poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 10 anos inmediatos e sucesivos. No entanto, as cantidades correspondentes ás deducións previstas nos artigos 35 e 36 desta lei poderanse aplicar nas liquidacións dos períodos impositivos que conclúan nos 15 anos inmediatos e sucesivos.

O cómputo dos prazos para a aplicación das deducións previstas neste capítulo poderase diferir ata o primeiro exercicio en que, dentro do período de prescrición, se produzan resultados positivos, nos seguintes casos:

- a) Nas entidades de nova creación.
- b) Nas entidades que saneen perdas de exercicios anteriores mediante a achega efectiva de novos recursos, sen que se considere como tal a aplicación ou capitalización de reservas.

O importe das deducións previstas neste capítulo ás cales se refire este punto, aplicadas no período impositivo, non poderán exceder conxuntamente o 35 por cento da cota íntegra minorada nas deducións para evitar a dobre imposición interna e internacional e as bonificacións. No entanto, o límite elevarase ao 60 por cento cando o importe da dedución prevista nos artigos 35 e 36, que corresponda a gastos e investimentos efectuados no propio período impositivo, exceda o 10 por cento da cota íntegra, minorada nas deducións para evitar a dobre imposición interna e internacional e as bonificacións.»

## CAPÍTULO VI

### Internacionalización

#### Artigo 66. *Internacionalización das empresas.*

1. Será obxectivo prioritario da política comercial española a internacionalización das empresas e, en especial, das pequenas e medianas empresas e dos traballadores autónomos. En particular, promoverase o acceso aos mercados internacionais daquelas empresas cuxo proceso de internacionalización se poida ver obstaculizado pola existencia de barreiras que lles impiden desenvolver a súa actividade de forma regular.

2. A definición da política de internacionalización deseñarase en colaboración coas comunidades autónomas e cos organismos representativos do sector privado, prestando especial atención á remoción de barreiras que lles impidan ás empresas desenvolver a súa actividade de forma regular, e a aqueles mercados que se consideren de elevado potencial, atendendo entre outros factores á súa elevada renda per cápita, tamaño de mercado, reducida presenza de empresas españolas ou o seu carácter de mercado emerxente. Para tales mercados definiranse plans integrais de desenvolvemento de mercado.

#### Artigo 67. *Incorporación de novas liñas directrices á política de internacionalización.*

A política comercial exterior orientarase á internacionalización da empresa, de acordo coas seguintes liñas directrices:

a) Entenderase que unha operación ou proxecto é de interese para a internacionalización cando teña un impacto positivo nas empresas, ben porque comporte a exportación directa de bens e servizos, ben porque o proxecto reúna determinadas características que fagan que a súa execución reverta en beneficios claros para as empresas. En especial, considerarase o impulso da marca, a transferencia de tecnoloxía, a contribución do proxecto á mellora da produtividade dos investimentos no exterior, a adquisición de créditos de carbono, a fabricación de equipamentos subministrados por filiais españolas en países terceiros e a vinculación da operación con contratos de concesión para a prestación de servizos que comporten o investimento de empresas españolas no exterior.

b) O apoio público á internacionalización da economía sustentable dirixirase ao fomento da competitividade e será complementario, nunca substitutivo, da actividade do mercado privado.

c) A xestión da política de internacionalización da empresa e a economía sustentable realizarase de acordo cos principios de transparencia, eficiencia e optimización na utilización dos recursos públicos.

d) Serán operacións de especial interese para a política comercial exterior aquelas que, contribuíndo á consecución do obxectivo de internacionalización da economía, se vinculen de forma especial á loita contra o cambio climático.

#### Artigo 68. *Instrumentos do sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización.*

1. O sistema español de apoio financeiro oficial á internacionalización está integrado polo conxunto de instrumentos de apoio financeiro á internacionalización. Entre outros, forman parte do sistema:

a) O seguro de crédito á exportación por conta do Estado, nas súas distintas modalidades;

b) O convenio de axuste recíproco de xuros;

c) Os fondos de fomento ao investimento español no exterior da Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento, COFIDES, SA.

d) O Fondo para a Internacionalización da Empresa xestionado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

2. Así mesmo, integranse neste sistema cantos instrumentos oficiais de apoio financeiro oficial á internacionalización se poidan crear no futuro, sempre que así se determine na súa norma de creación. Da mesma forma, poderanse revisar ou modificar os instrumentos existentes.

*Artigo 69. Creación dun mecanismo de avaliación e control do sistema de apoio financeiro á internacionalización.*

Co obxecto de manter a calidade e a eficacia do sistema español de apoio á internacionalización, por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio regularase un mecanismo de avaliación anual dos instrumentos que o integran. O resultado da avaliación farase público e servirá de base para propor as modificacións necesarias na normativa de aplicación a ese sistema.

*Artigo 70. Modificación da Lei 10/1970, do 4 de xullo, pola que se modifica o réxime do seguro de crédito á exportación.*

Engádese unha disposición adicional segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. Garantías en operacións de financiamento directo.

1. Nas operacións de financiamento directo en que o propio Estado español asume a totalidade do risco de contrapartida será necesario que os debedores acheguen garantía soberana. Con todo, de conformidade co informe preceptivo de CESCE sobre a calidade das garantías, en operacións de préstamo poderanse admitir outras non soberanas que supoñan unha capacidade de pagamento suficiente dos ditos debedores. Estas garantías serán analizadas caso por caso por CESCE e en ningún caso suporán unha rebaixa sobre a calidade do risco soberano.

2. O Goberno, mediante real decreto, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para a instrumentación dos esquemas de garantías non soberanas sinalados.»

*Artigo 71. Impulso da rede española de convenios para evitar a dobre imposición.*

Co fin de favorecer a internacionalización da economía española, garantir a seguridade xurídica dos investimentos transfronteirizos e loitar contra a fraude fiscal, España reforzará a súa rede de convenios para evitar a dobre imposición e previr a evasión fiscal, e de acordos para o intercambio de información en materia tributaria.

## CAPÍTULO VII

### Formación profesional

*Artigo 72. Obxectivos en materia de formación profesional.*

No ámbito da formación profesional, sen prexuízo do previsto na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na Lei 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, esta lei persegue os seguintes obxectivos:

a) Facilitar a adecuación constante da oferta formativa ás competencias profesionais demandadas polo sistema produtivo e a sociedade, mediante un sistema de áxil actualización e adaptación do Catálogo nacional das cualificacións profesionais e dos títulos de formación profesional e certificados de profesionalidade.

- b) Ampliar a oferta integrada de formación profesional do sistema educativo e para o emprego, mediante un mellor aproveitamento dos recursos.
- c) Regular e facilitar a mobilidade entre a formación profesional e o resto das ensinanzas do sistema educativo.
- d) Reforzar a cooperación das administracións educativas e laborais cos interlocutores sociais no deseño e execución das accións formativas.
- e) Fomentar e impulsar o papel da formación profesional nos campos da innovación e a iniciativa emprendedora.
- f) Flexibilizar as ofertas de formación profesional para lles facilitar ás persoas adultas a súa incorporación ás diferentes ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.
- g) Garantir a calidade da formación profesional, de acordo coas directrices europeas en materia de calidade, co fin de lograr altos niveis de excelencia. Así mesmo, garantir a avaliación e o seguimento destas ensinanzas.
- h) Mellorar a cualificación dos cidadáns a través da aplicación do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e aprendizaxes non formais e da oferta da formación complementaria necesaria para obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade.
- i) Promover a accesibilidade dos servizos públicos de información e orientación profesional aos cidadáns, independentemente da súa condición social e profesional e da súa localización xeográfica, coordinando os servizos actualmente existentes e desenvolvendo novas ferramentas telemáticas.
- j) Implementar medidas que faciliten a reincorporación ao sistema educativo dos mozos que o abandonaron de forma prematura.
- k) Establecer un sistema de avaliación e calidade externa para garantir a adecuación permanente do sistema de formación profesional ás necesidades, así como na súa eficacia e eficiencia no seu impacto no sistema produtivo.

*Artigo 73. A calidade na formación profesional.*

1. O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá unha rede de aseguramento de calidade en coherencia e resposta á Rede europea. Esta rede coordinará as accións e medidas de planificación, desenvolvemento e avaliación establecidas para a mellora do sistema de formación profesional.

2. O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, incentivará o esforzo dos centros para a mellora dos niveis de calidade como contribución á excelencia no ámbito da formación profesional.

3. O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, promoverá plans de formación específicos para o profesorado e formadores de formación profesional das distintas familias profesionais, contando coa Rede de centros de referencia nacional.

4. As administracións educativas e laborais promoverán a colaboración coas empresas dos diferentes sectores produtivos para potenciar a innovación, a transferencia de coñecemento e a especialización en materia de formación profesional.

5. As administracións educativas e laborais potenciarán a iniciativa innovadora en aspectos didácticos, tecnolóxicos e de orientación e inserción profesional mediante o desenvolvemento de iniciativas de investigación, desenvolvemento e innovación.

6. O Goberno establecerá o novo Marco nacional de cualificacións, en relación co Marco europeo, para favorecer e incrementar a mobilidade dos estudantes e dos traballadores.

7. O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, desenvolverá as actuacións necesarias para incrementar a participación de estudantes, traballadores, profesorado e formadores en programas de mobilidade nacional e internacional.



Artigo 74. *Participación dos interlocutores sociais.*

1. As administracións educativas e laborais en cada comunidade autónoma promoverán a participación de todos os axentes implicados co fin de adecuar a oferta de formación profesional ás necesidades da sociedade e da economía no ámbito territorial correspondente, sen prexuízo dos vixentes ámbitos de participación autonómico e sectorial.

2. Para iso regularán mecanismos e órganos de participación, nos cales estarán adecuadamente representados os interlocutores sociais. Estes mecanismos e órganos encargaranse polo menos de:

- a) Realizar un seguimento das actividades dos centros que realicen a dita oferta integrada, asegurando a calidade e o rendemento dos servizos.
- b) Detectar as necesidades de formación xerais e específicas das empresas e dos traballadores locais, tanto dos asalariados coma dos autónomos.
- c) Trasladarlles ás administracións educativas e laborais competentes as necesidades de formación, para os efectos da súa inclusión na programación da oferta formativa nos correspondentes ámbitos territoriais.

Artigo 75. *Colaboración coas empresas.*

1. As administracións educativas e laborais promoverán a colaboración coas empresas e entidades empresariais e de profesionais autónomos e, en particular, con aquelas relacionadas cos sectores emerxentes, en crecemento e innovadores.

2. Esta colaboración terá as seguintes finalidades:

- a) A realización do módulo de formación en centros de traballo, do módulo de formación práctica establecido nos certificados de profesionalidade, as prácticas en empresas que se realizan nos programas de cualificación profesional inicial, así como as prácticas profesionais de carácter non laboral correspondentes ás accións de formación profesional para o emprego.
- b) A impartición de módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional ou módulos formativos incluídos en certificados de profesionalidade nas instalacións das empresas para garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais.
- c) A utilización por parte das empresas das instalacións e equipamento dos centros, sempre que non interfiran co desenvolvemento de actividades docentes e formativas.
- d) A actualización profesional dos traballadores e do profesorado. Esta formación poderá incluír estancias temporais dos profesores nas empresas tanto para a formación dos seus traballadores como para a actualización do profesorado.
- e) A validación de accións de formación desenvolvidas nas empresas, cos requisitos de impartición e tipos de proba que regulen as administracións educativas e laborais, para lles facilitar aos seus traballadores a obtención dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade.
- f) O desenvolvemento conxunto de proxectos de innovación.

3. A colaboración formalizarase mediante a fórmula que determinen as administracións no ámbito das súas competencias.

4. Os centros de formación profesional e empresas dos diferentes sectores produtivos poderán promover proxectos estratéxicos comúns, desenvolvendo para iso contornos académicos e profesionais dirixidos ao desenvolvemento dun modelo económico sustentable baseado no coñecemento, a mellora da innovación, o fomento da iniciativa emprendedora e o respecto ambiental.

As accións derivadas da posta en marcha destes proxectos poderán ser financiadas total ou parcialmente polas empresas relacionadas con estes.

Para que un proxecto sexa susceptible de ser considerado como proxecto estratéxico común deberá estar aprobado previamente pola Administración educativa ou laboral competente.

Artigo 76. *Instalacións e equipamentos docentes.*

Os investimentos dirixidos á construción, á adquisición e á adaptación de medidas de accesibilidade física e sensorial en todas as instalacións e equipamentos destinados aos centros públicos de formación profesional poderán ser financiadas, total ou parcialmente, con fondos procedentes de:

- a) As administracións educativas.
- b) As administracións laborais.
- c) Os concellos en cuxo termo municipal radiquen as empresas potencialmente beneficiarias da formación que se vaia impartir con estes medios e instalacións. Para estes efectos, poderanse establecer convenios de colaboración coas administracións educativas.
- d) Empresas privadas, nos termos que acorden coas respectivas administracións educativas ou laborais, que poderán prever a utilización compartida das instalacións e o equipamento para fins docentes e empresariais.

TÍTULO III

**Sustentabilidade ambiental**

CAPÍTULO I

**Modelo enerxético sustentable**

Artigo 77. *Principios da política enerxética.*

1. A política enerxética estará orientada a garantir a seguridade da subministración, a eficiencia económica e a sustentabilidade ambiental. En especial, o modelo de consumo e de xeración e distribución de enerxía debe ser compatible coa normativa e obxectivos comunitarios e cos esforzos internacionais na loita contra o cambio climático.

2. Para os ditos efectos, nesta lei fíxanse obxectivos nacionais de aforro enerxético e participación das enerxías renovables, establécese o marco procedemental para a elaboración dunha planificación integral do modelo enerxético, establécense as bases para a elaboración dos plans de aforro e eficiencia enerxética e desenvólvense as condicións adecuadas para a existencia dun mercado enerxético competitivo.

3. Con tal finalidade, o Goberno impulsará a diversificación das fontes de subministración de enerxía, o desenvolvemento eficiente das infraestruturas e redes intelixentes, a transparencia e competencia dos mercados enerxéticos, a suficiencia das retribucións, a crecente incorporación das enerxías renovables e as políticas de aforro e eficiencia.

Artigo 78. *Obxectivos nacionais en materia de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables.*

1. Establécese un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 20 por cento en 2020. Este obxectivo deberase alcanzar cunha cota de enerxía procedente de enerxías renovables en todos os tipos de transporte en 2020 que sexa como mínimo equivalente ao 10 por cento do consumo final de enerxía do sector transporte.

2. Do mesmo xeito, adoptaranse as estratexias e as medidas necesarias para lograr un obxectivo xeral de redución da demanda de enerxía primaria, sobre o escenario tendencial en ausencia de políticas activas de aforro e eficiencia enerxética, coherente co obxectivo establecido para a Unión Europea do 20 por cento en 2020 e cos obxectivos de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por España.

3. Os obxectivos anteriores deberán orientar o deseño e aprobación das políticas públicas e, en especial, os incentivos públicos ao desenvolvemento das diversas fontes de enerxía e á adopción de medidas de eficiencia enerxética.

4. Para ese efecto, o Goberno aprobará plans nacionais de aforro e eficiencia enerxética e plans de enerxías renovables, que recollerán medidas de orientación e fomento da oferta e o consumo enerxético que fagan posible o cumprimento dos obxectivos sinalados e que permitan a posibilidade efectiva de desenvolvemento das enerxías renovables en todas as comunidades autónomas.

#### Artigo 79. *Planificación enerxética indicativa.*

1. O Goberno, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, logo de informe da Conferencia Sectorial de Enerxía e tras o correspondente proceso de información pública, aprobará un documento de planificación, que establecerá un modelo de xeración e distribución de enerxía acorde cos principios recollidos no artigo 77 e cos obxectivos establecidos.

2. A planificación recollerá con carácter indicativo varios escenarios sobre a evolución futura da demanda enerxética, sobre os recursos necesarios para satisfacela, sobre as necesidades de nova potencia e, en xeral, previsións útiles para a toma de decisións de investimento pola iniciativa privada e para as decisións de política enerxética, fomentando un adecuado equilibrio entre a eficiencia do sistema, a seguridade de subministración e a protección do ambiente.

3. A dita planificación e as posteriores actuacións de ordenación do sistema enerxético orientaranse á consecución, baixo diferentes escenarios de demanda, dos seguintes obxectivos para o ano 2020:

a) Optimizar a participación das enerxías renovables na cesta de xeración enerxética e, en particular, na eléctrica.

b) Reducir a participación das enerxías con maior potencial de emisións de CO<sub>2</sub> na cesta de xeración enerxética e, en particular, na eléctrica.

c) Determinar os niveis de participación da enerxía nuclear na cesta de xeración enerxética, de acordo co calendario de operación das centrais existentes e coas renovacións que, solicitadas polos titulares das centrais, no marco da lexislación vixente, de ser o caso, correspondan, tendo en conta as decisións do Consello de Seguridade Nuclear sobre os requisitos de seguridade nuclear e protección radiolóxica, a evolución da demanda, o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a seguridade da subministración eléctrica, os custos de xeración eléctrica e as emisións de gases de efecto invernadoiro, e aténdose en todo caso ao marco de referencia establecido pola normativa europea vixente.

d) A participación das diferentes tecnoloxías no longo prazo tenderá a reflectir a competitividade relativa delas, entendendo por esta unha medida comprensiva dos custos e beneficios de cada unha das tecnoloxías que abrangan, entre os custos, os relativos a toda a cadea de xeración, incluíndo os custos ambientais e os interxeracionais, e, entre os beneficios, a achega á seguridade da subministración enerxética, incluíndo as contribucións en termos de autosuficiencia, xestionabilidade e predictibilidade das fontes.

4. De acordo con esta planificación, a lexislación ordenará os incentivos públicos necesarios para satisfacer os obxectivos fixados no punto anterior, de acordo cos seguintes principios:

a) Garantía dun retorno adecuado dos investimentos nas tecnoloxías do réxime especial, que incentive un volume de instalación compatible cos obxectivos establecidos nos plans de enerxías.

b) Consideración das curvas de aprendizaxe das distintas tecnoloxías ata alcanzar o punto de competitividade co custo do consumo da enerxía, co fin de fomentar os cambios tecnolóxicos que melloren a estabilidade da achega de enerxía ao sistema eléctrico polas enerxías renovables.

c) Progresiva internalización dos custos que asume o sistema enerxético para garantir a suficiencia e estabilidade na subministración, fomentando ademais a substitución de tecnoloxías que, pola súa baixa eficiencia económica, técnica ou ambiental, resulten obsoletas, sempre que iso supoña un aforro xeral do sistema.

d) Priorización na incorporación de instalacións que incorporen innovacións tecnolóxicas ou de xestión, que optimicen a eficiencia da produción, o transporte e a distribución, contribuíndo ao consumo local da electricidade a través do incremento da xeración distribuída, que acheguen unha maior xestionabilidade aos sistemas enerxéticos e que reduzan as emisións de gases de efecto invernadoiro, analizando en particular o seu ritmo de incorporación no tempo.

e) En todos os casos, deberase cumprir que os obxectivos se alcanzan tendo en conta os principios de eficiencia económica entre as distintas alternativas e de sustentabilidade económica das medidas que se adopten.

5. Anualmente, o Goberno presentará ás Cortes Xerais un informe de seguimento do cumprimento das medidas establecidas no documento de planificación. Este informe incorporará a información sobre a súa aplicación, que deberán subministrar as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

6. En atención ás singularidades dos sistemas enerxéticos insulares e extrapeninsulares, na planificación indicativa terase en conta a planificación desenvolvida en tales comunidades e cidades autónomas.

#### Artigo 80. *Planificación enerxética vinculante.*

1. A planificación vinculante establecida na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, realizarase baixo criterios que contribúan a desenvolver un sistema enerxético seguro, eficiente, sustentable economicamente e respectuoso co ambiente.

2. A planificación vinculante realizarase de conformidade co previsto no artigo anterior e deberase ter en conta no resto de instrumentos de planificación.

3. Os documentos de planificación serán aprobados polo Consello de Ministros, tras o correspondente procedemento de audiencia pública, e remitiranse posteriormente ás Cortes Xerais.

#### Artigo 81. *Cooperación entre administracións públicas.*

1. A Conferencia Sectorial de Enerxía é o órgano de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de preparación, desenvolvemento e aplicación da planificación estatal sobre enerxía.

2. Para ese efecto, a Conferencia coñecerá necesariamente das seguintes actuacións:

a) Preparación e formulación dos plans nacionais e, de ser o caso, dos plans das comunidades autónomas, nos ámbitos do aforro, a eficiencia enerxética e as enerxías renovables.

b) Coordinación, xestión e seguimento da aplicación polas comunidades autónomas da política enerxética definida na normativa estatal e nos correspondentes plans.

c) Intercambio de información e estatísticas enerxéticas.

d) Formulación, financiamento e xestión de proxectos e actuacións concretas.

3. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas establecerán marcos de cooperación e coordinación coas administracións locais para alcanzar os obxectivos fixados e para implementar os correspondentes plans, medidas e actuacións no ámbito local.

Artigo 82. *Fomento da investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito de enerxías renovables e o aforro e a eficiencia enerxética.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, fomentarán as actividades de investigación científica, desenvolvemento tecnolóxico e innovación de interese no campo das enerxías renovables e do aforro e a eficiencia enerxética, potenciando o desenvolvemento daquelas tecnoloxías que utilicen fontes limpas e poidan contribuir á redución de emisións, entre outras as de secuestro e almacenamento ou carbón limpo. Igualmente, fomentarán o desenvolvemento daquelas tecnoloxías que incorporen unha maior xestiónabilidade, innovación e eficiencia ao sistema, en particular, as que utilicen fontes de enerxía primaria renovable.

2. O Goberno, en colaboración coas administracións autonómicas e locais, aprobará programas e tomará as medidas necesarias para favorecer o desenvolvemento de redes de transporte e distribución intelixentes e microrredes integradas que melloren e faciliten a xestión do sistema, a xestión activa da demanda, a implantación de fontes de enerxía distribuída, a implantación do vehículo eléctrico e híbrido enchufable, a mellora da calidade e continuidade do servizo e a mellora da eficiencia das propias redes, incorporando, preferentemente, enerxía de orixe renovable ou de sistemas de coxeración de alta eficiencia e dotando os sistemas de transporte e distribución eléctrica dos equipamentos eléctricos e electrónicos e das solucións de automatización, telecontrol, información e comunicación que contribúan á progresiva implantación de intelixencia de rede. Todo iso co obxectivo de diminuír as perdas en transporte e distribución eléctrica, mellorar a garantía, estabilidade e rendemento do sistema eléctrico e incrementar a achega térmica de orixe renovable.

Artigo 83. *Transparencia e información aos consumidores.*

1. O Goberno establecerá os instrumentos necesarios para asegurar que os usuarios dispoñen da información sobre os custos do modelo de subministración enerxética, a súa composición, a súa orixe e o seu impacto ambiental.

2. Igualmente, as administracións públicas aseguraranse de que os consumidores dispoñan de información completa, clara e comprensible sobre o consumo de enerxía e o impacto ambiental dos produtos e equipamentos que utilicen enerxía que adquiren, de maneira que poidan incorporar tales elementos ás súas decisións de consumo.

3. Os certificados de eficiencia enerxética para edificios existentes obteranse de acordo co procedemento básico que se estableza regulamentariamente para seren postos á disposición dos compradores ou usuarios deses edificios cando estes se vendan ou aluguen.

Artigo 84. *Simplificación de procedementos administrativos.*

1. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, eliminarán as barreiras técnicas, administrativas e de mercado para o desenvolvemento das enerxías renovables e a promoción do aforro e a eficiencia enerxética, mantendo a conservación do medio natural nos termos previstos na lexislación vixente.

2. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio elaborará un catálogo dos procedementos e trámites que cómpre seguir para a implantación de instalacións de aproveitamento da enerxía de orixe renovable e coxeración de alta eficiencia, co obxecto de servir de guía ás administracións competentes para a súa elaboración, así como orientar os promotores deste tipo de instalacións.

3. Os trámites e exixencias recollidos nos procedementos que se van seguir serán adecuados ás distintas tecnoloxías, tamaños e usos, e terán en consideración prazos abreviados de resposta, con taxas e gravames reducidos e uniformes.

Artigo 85. *Aforro enerxético das administracións públicas.*

1. Todas as administracións públicas, no exercicio das súas respectivas competencias, incorporarán os principios de aforro e eficiencia enerxética e de utilización de fontes de

enerxía renovables entre os principios xerais da súa actuación e nos seus procedementos de contratación.

2. A Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos vinculados dependentes, as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, as sociedades mercantís estatais definidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas, as fundacións do sector público estatal definido na Lei 50/2002, do 26 de decembro, de fundacións, e as demais entidades de dereito vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, establecerán programas específicos de aforro e eficiencia enerxética e de utilización de fontes de enerxía renovables que, con carácter xeral, anticipen o cumprimento dos obxectivos xerais fixados co horizonte 2020, de modo que, de acordo co Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética, se alcance en 2016 o obxectivo previsto dun aforro enerxético do 20 por cento respecto ao escenario tendencial en ausencia de medidas. Dentro deses programas estableceranse os requirimentos mínimos de cualificación enerxética que deberá cumprir a adquisición de bens e dereitos etiquetados enerxeticamente, e a cualificación mínima dos edificios e vehículos que integran o patrimonio das administracións públicas.

#### Artigo 86. *Seguimento e avaliación.*

Para o adecuado seguimento e avaliación do cumprimento dos obxectivos desta lei, ademais dos informes periódicos de seguimento dos diferentes plans e programas, cada catro anos realizarase unha avaliación dos distintos instrumentos de planificación incluídos nesta lei:

- a) A planificación indicativa do modelo de xeración de enerxía.
- b) A planificación vinculante das infraestruturas e redes de enerxía.
- c) Os plans de enerxías renovables.
- d) Os plans nacionais e programas de aforro e eficiencia enerxética.

#### Artigo 87. *Investimento do factor de esgotamento no réxime da minaría.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir da entrada en vigor desta lei, a letra f) do artigo 99 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, queda redactada da seguinte forma:

«f) Actuacións comprendidas nos plans de restauración previstos no Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.»

## CAPÍTULO II

### Redución de emisións

#### Artigo 88. *Obxectivo de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.*

O Goberno impulsará as medidas necesarias para o cumprimento dos compromisos e esforzos que correspondan a España no marco da distribución que se acorde na Unión Europea, para alcanzar o obxectivo de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro no ano 2020.

#### Artigo 89. *Capacidade de absorción dos sumidoiros españois.*

1. As administracións públicas, no marco do Consello Nacional do Clima e a Comisión de Coordinación de Políticas de Cambio Climático, adoptarán as accións oportunas para incentivar a participación dos propietarios públicos e privados e do sector forestal no aumento da capacidade de captación de CO<sub>2</sub> dos sumidoiros españois. Co fin de coñecer

e determinar o carbono absorbido polas actividades de uso da terra, cambio de uso da terra e silvicultura en España, o Goberno, en colaboración co resto de administracións públicas, deseñará e desenvolverá un sistema de información áxil, exhaustivo, preciso e eficaz, que será actualizado periodicamente e terá carácter público e accesible.

2. Especialmente, as administracións públicas promoverán o aumento e mellora de sumidoiros vinculados ao uso forestal sustentable, que se avaliarán, entre outras fontes, a partir do Inventario forestal nacional. Para iso fomentaranse accións que dean valor tanto ás producións inmediatas como ás externalidades positivas que as áreas forestais producen e, en especial, as seguintes:

- a) A planificación e ordenación forestal a través dos plans e proxectos de xestión forestal sustentable.
- b) A agrupación de propietarios forestais para o desenvolvemento de explotacións forestais como unidades de xestión planificada sustentable.
- c) A produción e comercialización de produtos forestais procedentes de explotacións nacionais con certificado de xestión forestal sustentable, así como produtos derivados con certificación no seu proceso produtivo nacional.
- d) A conservación e mellora da variabilidade xenética dos recursos forestais.
- e) A prevención dos incendios forestais e outros danos, como pragas, tormentas, riadas e outros, e o seu impacto sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.
- f) As iniciativas e proxectos dirixidos á prevención de danos nos bosques, especialmente de incendios forestais, que agrupen axentes económicos e sociais, habitantes de zonas rurais, propietarios, empresas e organismos públicos.
- g) O desenvolvemento e utilización de novas tecnoloxías para a prevención e loita contra os danos nos bosques, especialmente incendios forestais.
- h) O uso da biomasa forestal no marco da xeración de enerxía de fontes de orixe renovable.

3. Así mesmo, as administracións públicas promoverán medidas específicas para reducir as emisións procedentes dos sistemas agrícolas a través de, entre outros, o fomento de prácticas agrícolas, ecolóxicas e sustentables.

#### Artigo 90. *Compensación de emisións.*

1. As empresas e persoas físicas que así o desexen poderán compensar as súas emisións de CO<sub>2</sub> a través de investimentos en incremento e mantemento de masas forestais, programas agrarios de redución do CO<sub>2</sub> e outros programas que estableza a Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de informe do Consello Asesor de Medio Ambiente e da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, establecerá os criterios de compensación, verificación e obrigacións de mantemento e información asociadas, así como os investimentos que se considerarán para os efectos de compensación.

3. Esta compensación non será válida para os efectos do cumprimento da obrigación de entrega anual de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión.

No entanto, esta compensación poderá terse en conta para os efectos do disposto nos artigos 70 e 103 da Lei 30/2007, do 30 de decembro, de contratos do sector público.

#### Artigo 91. *Constitución dun fondo para a compra de créditos de carbono.*

1. Créase un fondo de carácter público, adscrito á Secretaría de Estado de Cambio Climático, co obxecto de xerar actividade económica baixa en carbono e contribuír ao cumprimento dos obxectivos sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro asumidos por España mediante actuacións de ámbito nacional.

2. O fondo dedicarase á adquisición de créditos de carbono, en especial os derivados de proxectos realizados ou promovidos por empresas no marco dos mecanismos de

flexibilidade do Protocolo de Quioto nos termos establecidos regulamentariamente, coa finalidade de incentivar a participación das empresas españolas nos ditos mecanismos. O fondo destinarase de maneira preferente a proxectos de eficiencia enerxética, enerxías renovables e xestión de residuos e aqueles que representen un elevado compoñente de transferencia de tecnoloxía no país onde se leven a cabo. Para a certificación das reducións de emisións dos proxectos atenderase ás normas internacionais que as regulen, en función da súa natureza.

3. O fondo poderá condicionar a adquisición dos ditos créditos á realización por parte das empresas de investimentos en sectores non suxeitos ao comercio de dereitos de emisión.

4. Os créditos de carbono adquiridos polo fondo constituiranse en activos do Estado e poderanse allear, en particular, se resultan innecesarios para atender os compromisos de redución de España no marco do Protocolo de Quioto, permitindo o autofinanciamento do fondo.

5. O réxime orzamentario, económico-financeiro, contable e de control deste fondo será o previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para os fondos carentes de personalidade xurídica cuxa dotación se efectúe maioritariamente desde os orzamentos xerais do Estado, mencionados no artigo 2.2 da dita lei.

6. Non estarán suxeitas á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, as operacións de adquisición de créditos de carbono.

7. A Intervención Xeral da Administración do Estado controlará o Fondo para a Adquisición de Créditos de Carbono a través da auditoría pública, nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

8. A administración do fondo levaraa a cabo un órgano colexiado presidido pola secretaria de Estado de Cambio Climático, cuxa composición e funcionamento se establecerán regulamentariamente. En todo caso, participarán nel un representante da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e da Avogacía do Estado. Este órgano será responsable de aprobar as contas do fondo. O fondo contará tamén cun órgano de carácter executivo que, entre outras funcións, será responsable de levar a contabilidade do fondo, de acordo coa normativa aplicable, e da formulación das súas contas con periodicidade anual.

9. O fondo estará dotado coas achegas que anualmente se consignen nos orzamentos xerais do Estado. Poderanse atender con cargo ás dotacións do fondo os gastos que ocasione a súa xestión.

#### Artigo 92. *Incremento da dedución por investimentos ambientais.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir da entrada en vigor desta lei, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, e na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non- residentes e sobre o patrimonio:

Un. O punto 1 do artigo 39 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte forma:

«1. Os investimentos realizados en bens do activo material destinados á protección do ambiente consistentes en instalacións que eviten a contaminación atmosférica ou acústica procedente de instalacións industriais, ou contra a contaminación de augas superficiais, subterráneas e mariñas, ou para a redución, recuperación ou tratamento de residuos industriais propios, sempre que se estea cumprindo a normativa vixente nos ditos ámbitos de actuación pero que se realicen para mellorar as exixencias establecidas na dita normativa, darán dereito a practicar unha dedución na cota íntegra do 8 por cento dos investimentos que estean incluídos en programas, convenios ou acordos coa Administración competente en materia ambiental, que deberá expedir a certificación da validación do investimento.»



Dous. O punto 1 da disposición adicional décima do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte forma:

«1. As deducións reguladas nos artigos 36, nos puntos 4, 5 e 6 do artigo 38, puntos 2 e 3 do artigo 39, artigos 40 e 43 desta lei, determinaranse multiplicando as porcentaxes de dedución establecidas nos citados artigos polo coeficiente seguinte:

0.8, nos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2007.

0.6, nos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2008.

0.4, nos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2009.

0.2, nos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2010.

A porcentaxe de dedución que resulte redondearase na unidade superior.»

Tres. O punto 1 da disposición transitoria vixésimo primeira do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, queda redactado da seguinte forma:

«1. As deducións establecidas nos artigos 36, 37, puntos 4, 5 e 6 do artigo 38, puntos 2 e 3 do artigo 39, artigos 40 e 43 desta lei, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2011, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI desta lei, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2010. Estes requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.»

Catro. O punto 2 da disposición derogatoria segunda da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, queda redactado da seguinte forma:

«2. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2011, quedan derogados os artigos 36, 37, puntos 4, 5 e 6 do artigo 38, puntos 2 e 3 do artigo 39, artigos 40 e 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.»

### CAPÍTULO III

#### **Transporte e mobilidade sustentable**

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Regulación do transporte*

Artigo 93. *Principios da regulación do sector do transporte.*

A regulación das actividades de transporte polas administracións públicas atenderá aos seguintes principios:

- a) A garantía dos dereitos dos operadores e usuarios, en especial os dereitos de igualdade no acceso aos mercados de transporte, participación, queixa e reclamación.
- b) A promoción das condicións que propicien a competencia.
- c) A xestión eficiente por parte dos operadores e das administracións públicas.
- d) A coherencia entre os niveis de investimento e calidade de servizo e as necesidades e preferencias dos usuarios.
- e) O fomento dos medios de transporte de menor custo ambiental e enerxético e da intermodalidade.

Artigo 94. *Promoción da competencia e clasificación dos mercados de transporte.*

1. O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento, e logo de informe da Comisión Nacional da Competencia e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan asignadas as comunidades autónomas, clasificará os mercados de transporte españois, de acordo coa metodoloxía europea e española. Na dita análise terase en conta, en particular, o potencial de substitución entre os distintos modos de transporte de cara a establecer a posibilidade de que estes sexan prestados en competencia.

Esta clasificación, que carecerá de valor normativo, servirá de guía para que as autoridades competentes poidan desenvolver e adaptar o marco regulatorio do sector transporte aos principios contidos no artigo 93 desta lei e, en particular, da súa letra b).

A clasificación será obxecto de revisión transcorrido un prazo de cinco anos.

As sucesivas clasificacións dos mercados e os correspondentes informes da Comisión Nacional da Competencia serán publicados respectivamente na páxina web do Ministerio de Fomento e da citada comisión.

2. A proposta do ministro de Fomento conterá, ademais da definición dos mercados, a avaliación do grao de competencia efectivamente existente en cada un dos mercados e as medidas tendentes á promoción da competencia neles, de acordo co artigo anterior e no marco comunitario e da lexislación española de defensa da competencia.

Os mercados de transporte clasificaranse de acordo con algún dos seguintes modelos de competencia intramodal:

a) Mercados con acceso libre, aos cales se pode acceder libremente con só cumprir os requisitos previstos na lexislación vixente.

b) Mercados con acceso restrinxido, en exclusividade ou en concorrencia cun número limitado de operadores. Corresponde ao Ministerio de Fomento establecer o procedemento e as condicións de concorrencia competitiva para o acceso a estes mercados.

c) Mercados en que non é posible a competencia, reservados a un operador en exclusiva.

3. A clasificación dos mercados de transporte abranguerá, polo menos:

a) O transporte de mercadorías e de viaxeiros.

b) Os modos de transporte terrestre por estrada e ferroviario, marítimo e aéreo.

c) Toda a cadea de valor do transporte incluíndo a operación da infraestrutura de estradas, ferrocarril, portos e aeroportos, os servizos ligados á infraestrutura, e a provisión de transporte.

Artigo 95. *Servizos de transporte de interese público.*

1. Son servizos de interese público aqueles que as empresas operadoras non prestarían se tivesen en conta exclusivamente o seu propio interese comercial e que resulten necesarios para asegurar o servizo de transporte, a través de calquera modo de transporte, entre distintas localidades, ou para garantir a súa prestación en condicións razoablemente aceptables de frecuencia, prezo, calidade ou universalidade.

2. Soamente se poderán outorgar subvencións cando se presten servizos de interese público como compensación á asunción de obrigacións de servizo público. Cando proceda, as subvencións outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva. As subvencións deben ir estritamente vinculadas á prestación do servizo de interese público no mercado xeográfico que resulte deficitario, impedindo as subvencións cruzadas entre mercados que poden alterar as condicións de competencia.

3. Corresponde ao Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento, e logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, a declaración de obrigacións de servizo público en servizos de transporte de interese público de competencia estatal. Corresponde ao ministro de Fomento o establecemento das condicións de prestación do dito servizo e das compensacións económicas que procedan, que deberán ser suficientes para cubrir os custos do servizo e obter un beneficio razoable.

Cando os servizos de interese público se presten en mercados co acceso restrinxido, a contía final da compensación definirase mediante procedementos de licitación pública transparentes, equitativos e non discriminatorios, nos cales se ponderará debidamente a oferta que solicite unha menor compensación.

4. O ministro de Fomento establecerá as condicións e as compensacións económicas a que se refire o punto anterior con suxeición aos regulamentos comunitarios sobre establecemento de obrigacións de servizo público nos transportes terrestre, marítimo e aéreo.

Artigo 96. *Autonomía de xestión.*

Nos mercados de transporte, as funcións de operación e regulación corresponderán a entidades e órganos diferenciados e funcionalmente independentes entre si, conforme a normativa comunitaria que resulte de aplicación.

*Sección 2.<sup>a</sup> Planificación e xestión eficiente das infraestruturas e dos servizos do transporte*

Artigo 97. *Obxectivos e prioridades da planificación estatal das infraestruturas do transporte.*

1. A planificación estatal das infraestruturas do transporte responderá aos seguintes obxectivos:

a) A promoción da competitividade da economía, a través da redución de custos asociada ás infraestruturas de gran capacidade, os accesos ferroviarios e viarios que faciliten a intermodalidade e mediante as conexións e enlaces transfronteirizos da rede estatal de infraestruturas do transporte.

b) A cohesión social e territorial, mediante a dispoñibilidade dunha rede estatal de infraestruturas economicamente sustentable, adecuada á demanda en termos de capacidade, calidade e seguridade, e coherente coa mellora da eficiencia e a produtividade da economía, sen prexuízo dunha particular atención ás necesidades específicas dos territorios insulares e fragmentados que non están incluídos na rede estatal, tanto de estradas coma de ferrocarrís.

c) A mobilidade sustentable e segura en termos económicos e ambientais, a través de proxectos cuxa execución produza unha efectiva redución das emisións contaminantes e outros danos ao ambiente, que contribúan ao cumprimento dos compromisos internacionais nesta materia. Impulsaranse, así mesmo, proxectos relativos aos modos de transporte máis sustentables e eficientes, en particular, os referidos ao transporte ferroviario de mercadorías e, dentro de cada un dos modos de transporte, os dirixidos á incorporación da innovación tecnolóxica e á mellora da eficiencia enerxética do transporte que se desenvolva no respectivo modo.

d) Potenciar a dimensión europea e internacional.

e) Impulsar o transporte de mercadorías por ferrocarril establecendo como obxectivo aproximarse ao nivel dos países da nosa contorna.

2. Serán prioridades da planificación estatal das infraestruturas do transporte as seguintes:

a) Adaptar as liñas da rede básica para o transporte de mercadorías por ferrocarril, para facer posible a circulación de trens de mercadorías de máis de 750 metros de lonxitude.

b) Adaptar ás condicións de eficiencia e calidade comunitarias as liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral incluídas nos corredores de mercadorías que integren a rede ferroviaria europea para un transporte de mercadorías competitivo, así como de todas aquelas que presenten claras posibilidades de desenvolvemento para o transporte de mercadorías.

c) Potenciar as conexións viarias e ferroviarias cos portos de interese xeral en función do seu impacto económico potencial, das disfuncionalidades existentes e dos custos de oportunidade.

d) Impulsar a creación e mellora dos apartadoiros e centros de cambio modal e actividades loxísticas que propicien a redución dos custos de operación do transporte, a mellora da intermodalidade e a eficiencia no consumo enerxético.

e) Introducir as melloras que permitan a conexión da rede ferroviaria de alta velocidade coa rede ferroviaria convencional.

f) Favorecer o desenvolvemento das infraestruturas do transporte ferroviario metropolitano e de plataformas reservadas a autobuses e a vehículos de alta ocupación, así como de estacións de autobuses e intercambiadores intermodais e plataformas de estacionamento disuasorio.

g) Impulsar o desenvolvemento das infraestruturas ferroviarias para a mellora progresiva da conexión coas infraestruturas internacionais de largo estándar.

3. Para a adecuada priorización dos investimentos en infraestruturas de transporte, os proxectos das obras irán acompañados, ademais da documentación e dos estudos que requira a lexislación que resulte de aplicación á súa contratación e execución, dunha memoria en que se avalíe o cumprimento dos obxectivos e prioridades establecidos nos puntos anteriores e se analice o custo e o beneficio que en termos económicos e sociais comporta a súa execución.

Regulamentariamente, estableceranse o alcance das axudas, o obxecto e alcance das indemnizacións e o suxeito pasivo que debe asumir a carga económica.

*Artigo 98. Sistema de información sobre a rede estatal de infraestruturas do transporte e de análise e avaliación da demanda dos servizos de transporte.*

1. O Ministerio de Fomento desenvolverá un sistema de información integrado sobre capacidade, uso e oferta da rede estatal de infraestruturas do transporte, que se manterá permanentemente actualizado, e será de acceso electrónico, universal e gratuito. O sistema permitirá a difusión de información sobre a oferta de servizos loxísticos e de transporte dispoñible, por solicitude dos oferentes.

2. Para o exercicio das competencias de información, análise e proposta no ámbito dos servizos de transporte que competen ao Ministerio de Fomento, os operadores do transporte e as administracións públicas, no marco da colaboración interadministrativa, estarán obrigados a subministrar a información que regulamentariamente se determine.

### *Sección 3.<sup>a</sup> Mobilidade sustentable*

*Artigo 99. Principios en materia de mobilidade sustentable.*

No ámbito das súas competencias, as administracións públicas promoverán políticas de mobilidade sustentable que respecten os seguintes principios:

a) O dereito dos cidadáns ao acceso aos bens e servizos nunhas condicións de mobilidade adecuadas, accesibles e seguras, e co mínimo impacto ambiental e social posible.

b) A participación da sociedade na toma de decisións que afecten a mobilidade das persoas e das mercadorías.

c) O cumprimento dos tratados internacionais vixentes en España relativos á preservación do clima e da calidade ambiental, no que concirne á mobilidade e á adecuación ás políticas comunitarias nesta materia.

d) O establecemento de novos servizos de transporte deberase supeditar á existencia dun volume de demanda acorde cos custos de investimento e mantemento, tendo en conta, en todo caso, a existencia de modos alternativos da debida calidade, prezo, seguridade, así como os resultados da súa avaliación ambiental.

Artigo 100. *Obxectivos da política de mobilidade sustentable.*

As administracións públicas, no desenvolvemento da súa política de impulso da mobilidade sustentable, perseguirán os seguintes obxectivos:

1. Contribuír á mellora do ambiente urbano e da saúde e seguridade dos cidadáns e á eficiencia da economía grazas a un uso máis racional dos recursos naturais.
2. Integrar as políticas de desenvolvemento urbano, económico e de mobilidade de modo que se minimicen os desprazamentos habituais e facilitar a accesibilidade eficaz, eficiente e segura aos servizos básicos co mínimo impacto ambiental.
3. Promover a diminución do consumo de enerxía e a mellora da eficiencia enerxética, para o cal se terán en conta políticas de xestión da demanda.
4. Fomentar os medios de transporte de menor custo social, económico, ambiental e enerxético, tanto para persoas como para mercadorías, así como o uso dos transportes público e colectivo e outros modos non motorizados.
5. Fomentar a modalidade e intermodalidade dos diferentes medios de transporte, considerando o conxunto de redes e modos de transporte que faciliten o desenvolvemento de modos alternativos ao vehículo privado.

Artigo 101. *Os plans de mobilidade sustentable.*

1. Os plans de mobilidade sustentable son un conxunto de actuacións que teñen como obxectivo a implantación de formas de desprazamento máis sustentables no ámbito xeográfico que corresponda, priorizando a redución do transporte individual en beneficio dos sistemas colectivos e doutros modos non motorizados de transportes e desenvolvendo aqueles que fagan compatibles crecemento económico, cohesión social, seguridade viaria e defensa do ambiente; garátese, desta forma, unha mellor calidade de vida para os cidadáns. Estes plans deberán dar cabida a solucións e iniciativas novas que reduzan eficazmente o impacto ambiental da mobilidade ao menor custo posible.

2. Os plans de mobilidade poden ter un ámbito territorial autonómico, supramunicipal ou municipal. Poderanse adoptar plans de mobilidade sustentable de ámbito supramunicipal, cando así o acorden os municipios que compartan un esquema de mobilidade interdependente.

Para ese efecto, teñen esta condición os plans de mobilidade sustentable que poidan aprobar os municipios e agrupacións de municipios con poboación superior a 100.000 habitantes, no marco dos plans e programas para o cumprimento e mellora dos obxectivos de calidade do aire previstos no artigo 16.4 da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

3. Os plans de mobilidade sustentable autonómicos, supramunicipais ou locais axustarán o seu contido ao establecido na normativa que resulte aplicable, así como aos principios recollidos nesta lei e ao disposto nos instrumentos de planificación que os afecten e, en especial, aos relativos a infraestruturas, transportes, aforro e eficiencia enerxética, así como á Estratexia española de mobilidade sustentable.

4. O contido dos plans de mobilidade sustentable incluirá, como mínimo, o diagnóstico da situación, os obxectivos que se pretenden lograr, as medidas que cómpre adoptar, os mecanismos de financiamento oportunos e os procedementos para o seu seguimento, avaliación e revisión, e unha análise dos custos e beneficios económicos, sociais e ambientais. O exposto será igualmente exigible ao contido deses plans no relativo á seguridade viaria.

5. Na elaboración e revisión dos plans de mobilidade sustentable a que se refire este artigo garantírase a participación pública segundo o previsto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Artigo 102. *Fomento dos plans de mobilidade sustentable.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012, a concesión de calquera axuda ou subvención ás administracións autonómicas ou entidades locais incluída na Lei de orzamentos xerais do Estado e destinada ao transporte público urbano ou metropolitano condicionarase a que a entidade beneficiaria dispoña do correspondente plan de mobilidade sustentable, e á súa coherencia coa Estratexia española de mobilidade sustentable.

Artigo 103. *Elaboración dos plans de transporte en empresas.*

1. As administracións competentes fomentarán igualmente o desenvolvemento de plans de transporte de empresas, con vistas a reducir o uso do automóbil e promover modos menos contaminantes nos desprazamentos dos traballadores. Estes plans de transporte trataranse no marco do diálogo social, e terán carácter voluntario para as empresas.

2. Con ese fin, prestarase especial atención aos centros de traballo de titularidade pública ou privada cuxas características así o aconsellen por dimensión do persoal, actividade, procesos ou localización. As administracións competentes poderán impulsar a adopción de plans mancomunados, para empresas que compartan un mesmo centro ou edificio ou que desenvolvan a súa actividade nun mesmo parque ou recinto equivalente, así como a designación dun coordinador de mobilidade en empresas con máis de 400 traballadores, para facilitar a aplicación e o seguimento do plan de transporte adoptado, de ser o caso.

3. Os plans de transporte en empresas respectarán as previsións dos plans de mobilidade sustentable que fosen aprobados no seu ámbito territorial.

Artigo 104. *Modernización tecnolóxica e uso eficiente dos medios de transporte.*

As iniciativas públicas estatais de eficiencia e aforro enerxético perseguirán, entre outros, a consecución dos seguintes obxectivos:

- a) A mellora da eficiencia enerxética das froas de transporte e a posta en marcha de plans de formación e avaliación en xestión eficiente delas.
- b) A potenciación do uso de novas tecnoloxías na xestión de froas con criterios de eficiencia enerxética.
- c) O desenvolvemento de sistemas de certificación enerxética de empresas de transporte que acrediten contar con instrumentos de xestión de froas e políticas de formación en eficiencia enerxética para os seus técnicos, xestores de froa e condutores.
- d) A renovación da froa de vehículos de transporte colectivo de pasaxeiros e de mercadorías mediante a incorporación de vehículos enerxeticamente máis eficientes.
- e) O desenvolvemento de programas de formación e información sobre etiquetaxe de eficiencia enerxética dos vehículos e sistemas de vixilancia sobre a etiquetaxe.
- f) O fomento do uso do vehículo eléctrico e híbrido, así como a dotación de aplicacións e instalacións de enerxías renovables ligadas a estes vehículos.
- g) Fomento da utilización de envases e embalaxes sustentables, que reduzan a pegada de carbono do transporte.

Artigo 105. *Promoción do transporte por estrada limpo por parte dos poderes adxudicadores.*

1. As normas para a compra de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes do artigo 106 e da disposición adicional sexta desta lei serán de aplicación ás compras de vehículos de transporte por estrada das categorías M<sub>1</sub>, M<sub>2</sub>, M<sub>3</sub>, N<sub>1</sub>, N<sub>2</sub> e N<sub>3</sub>, tal como se definen na Directiva 2007/46/CE, do 5 de setembro, do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se crea un marco para a homologación dos

vehículos de motor e dos remolques, sistemas, compoñentes e unidades técnicas independentes destinados a estes vehículos realizados:

a) Polos poderes adjudicadores definidos no artigo 3.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e polas entidades contratantes definidas no artigo 3 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

b) Polos operadores que executen obrigacións de servizo público no marco dun contrato de servizo público no sentido do Regulamento (CE) núm. 1370/2007, do 23 de outubro, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada, cando o valor estimado do contrato sexa igual ou superior ao establecido, para os contratos de subministración, no artigo 16 da Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

2. De conformidade co disposto no artigo 2 da Directiva 2009/33/CE, do 23 de abril, quedarán excluídos da aplicación das normas para a compra de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes, sempre que non estean suxeitos a homologación de tipo ou homologación individual en territorio español, os seguintes vehículos:

a) Vehículos deseñados e fabricados para o seu uso principalmente en obras, canteiras, instalacións portuarias ou aeroportuarias;

b) Vehículos deseñados e fabricados para o seu uso polo exército, protección civil, servizos de bombeiros e forzas responsables do mantemento da orde pública;

c) Máquinas móbiles.

*Artigo 106. Adquisición, polos poderes adjudicadores, de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes.*

1. As entidades a que se refire o artigo anterior, nas súas adquisicións de vehículos de transporte por estrada que realicen a partir do 4 de decembro de 2010, terán en conta os impactos enerxético e ambiental da utilización durante a vida útil do vehículo, conforme o punto 2, e aplicarán unha das opcións previstas no punto 3 deste artigo.

2. Os impactos enerxético e ambiental da utilización que se deberán ter en conta incluírán polo menos o seguinte:

- a) O consumo de enerxía,
- b) As emisións de CO<sub>2</sub>, e.
- c) As emisións de NO<sub>x</sub>, NMHC e partículas.

3. Os requisitos dos puntos 1 e 2 cumpriranse conforme unha das seguintes opcións:

a) Establecendo especificacións técnicas para o comportamento enerxético e ecolóxico na documentación relativa á compra de vehículos de transporte por estrada para cada un dos impactos considerados, así como para calquera outro impacto ambiental adicional, ou.

b) Incluindo os impactos enerxético e ambiental na decisión de compra, de maneira que:

1.º Nos casos en que se leve a cabo un procedemento de contratación pública, teranse en conta eses impactos como criterios de adjudicación.

2.º Nos casos en que eses impactos se cuantifiquen para a súa inclusión na decisión de compra, utilizarase a metodoloxía prevista na disposición adicional sétima.

## CAPÍTULO IV

### Rehabilitación e vivenda

Artigo 107. *Fins comúns das políticas públicas para un medio urbano sustentable.*

Os poderes públicos, de acordo cos principios de cohesión territorial e social, eficiencia enerxética e complexidade funcional, formularán e desenvolverán as políticas da súa respectiva competencia ao servizo dun medio urbano sustentable que:

a) Posibilite o uso residencial en vivendas constitutivas de domicilio habitual nun contexto urbano seguro, salubre e adecuado, libre de ruídos e outras inmisións contaminantes que excedan os límites legalmente permitidos en cada momento e provisto do equipamento, servizos, materiais e produtos que eliminen ou, en todo caso, minimicen, por aplicación da mellor tecnoloxía dispoñible no mercado a prezo razoable, as emisións contaminantes, o consumo de auga, enerxía e a produción de residuos, e melloren a súa xestión.

b) Mellore a calidade ambiental e a funcionalidade das dotacións, infraestruturas e espazos públicos ao servizo de todos os cidadáns.

c) Fomente uns servizos xerais, incluídos os que aseguren o acceso universal ás novas tecnoloxías, máis eficientes económica e ambientalmente na xestión da auga, a enerxía e os residuos.

d) Favoreza, por contar coas infraestruturas, dotacións e servizos precisos, a localización de actividades de contido económico xeradoras de emprego estable e sustentables ambientalmente, especialmente as que faciliten o desenvolvemento da investigación científica e de novas tecnoloxías.

e) Garanta o acceso equitativo dos cidadáns ás dotacións e aos servizos e a súa mobilidade, potenciando para o efecto os medios de transporte, especialmente os de uso público, máis eficientes enerxeticamente e menos contaminantes.

f) Integre no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, contribuíndo ao equilibrio de cidades e núcleos residenciais, para o cal se favorecerá a aproximación de servizos e dotacións á comunidade residente, evitando desprazamentos innecesarios.

g) Fomente o uso de materiais, produtos e tecnoloxías limpas que reduzan as emisións contaminantes do sector da construción.

Artigo 108. *Información ao servizo das políticas públicas para un medio urbano sustentable.*

Para asegurar a obtención, actualización permanente e explotación da información necesaria para o desenvolvemento das políticas e das accións a que se refiren os dous artigos anteriores, a Administración xeral do Estado, en colaboración coas comunidades autónomas e as administracións locais, definirá e promoverá a aplicación dos criterios e principios básicos que possibiliten, desde a coordinación e complementación coas administracións competentes na materia, a formación e actualización permanente dun sistema informativo xeral e integrado, comprensivo, polo menos, dos seguintes instrumentos:

a) Censos de construcións, edificios, vivendas e locais desocupados e dos que precisan de mellora ou rehabilitación.

b) Mapas de ámbitos urbanos obsoletos, desfavorecidos ou en dificultades, que precisan de programas ou plans de rehabilitación ou de actuacións de renovación e rehabilitación urbana.

c) Un sistema público xeral e integrado de información sobre solo e urbanismo, previsto na disposición adicional primeira da Lei do solo, a través do cal os cidadáns terán dereito a obter por medios electrónicos toda a información urbanística proveniente das distintas administracións, respecto da ordenación do territorio levada a cabo por elas.



Artigo 109. *Rehabilitación e renovación para a sustentabilidade do medio urbano.*

A Administración xeral do Estado favorecerá, no ámbito das súas competencias e en colaboración coas administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo, as accións de rehabilitación e renovación da cidade e os demais núcleos residenciais existentes que reúnan as seguintes condicións:

a) Que teñan por obxectivo a cualificación, revitalización e, en xeral, posta en valor das tramas e dos tecidos correspondentes, así como, de ser o caso e complementariamente, da súa extensión razoable no ámbito da súa periferia inmediata, de acordo con criterios de compacidade e proximidade física e funcional e aproveitamento racional de infraestruturas, dotacións e servizos, e garantindo, en todo caso, un marco urbano coherente.

b) Que se articulen preferentemente en plans, programas ou instrumentos integrais que, considerando as pertinentes variables de natureza, ambiental, económica e social en ámbitos urbanos obsoletos, desfavorecidos, degradados ou que padezan problemas de natureza análoga determinados para o efecto, combinen as medidas de creación ou mellora do espazo urbano coas de reequipamento en dotacións e servizos e garantan a súa coherencia e eficacia.

c) Que contribúan, cando teñan carácter illado, ao obxectivo a que se refire a letra anterior e a un marco urbano coherente, no cal se aborde a mellora e o reforzo de dotacións e servizos e se consideren cantas variables de natureza socioeconómica son inherentes ao proceso rehabilitador.

Artigo 110. *Actuacións de renovación e rehabilitación urbanas.*

1. As actuacións de renovación e rehabilitación urbana supoñen a reforma da urbanización ou das dotacións e a rehabilitación de edificios, especialmente os de uso residencial, con algunha, varias ou todas as finalidades previstas no artigo 107 en ámbitos urbanos en que se dean procesos de obsolescencia ou degradación do tecido urbano e do patrimonio arquitectónico ou dun ou outro, especialmente cando unha parte significativa da poboación residente en tales ámbitos se encontre en dificultades específicas por razón da idade, discapacidade, emprego, insuficiencia do ingreso medio ou outras causas análogas.

2. As actuacións de renovación e rehabilitación urbana teñen a consideración de actuacións de transformación urbanística, de conformidade co previsto no artigo 14.1 do texto refundido da Lei do solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xullo, e éelles de aplicación o réxime legal establecido no dito texto ás actuacións de urbanización ou de dotación, segundo sexa o seu obxecto.

3. Os usuarios de vivendas ou locais, por calquera título, en edificios en que se realicen obras de rehabilitación en elementos ou servizos comúns que lles impidan o uso dunhas ou outros, terán dereito ao realoxamento noutra vivenda ou ao uso doutro local que estea dispoñible no propio edificio ou en edificios lindeiros ou próximos. No caso de que non se lles poida proporcionar o correspondente realoxamento, terán dereito a unha compensación económica que cubra o dano causado.

4. Os programas, plans e demais instrumentos ordenadores da rehabilitación de construcións e edificios, ademais de se conteren en plans de ordenación urbanística, pódense aprobar en forma independente a través dos procedementos de aprobación das normas regulamentarias e teñen, en todo caso, respecto das construcións e edificios afectados por eles, os mesmos efectos que os plans de ordenación urbanística. Cando os programas, plans ou outros instrumentos de rehabilitación afecten inmobles declarados de interese cultural ou suxeitos a calquera outro réxime de protección, deben recibir informe favorable do órgano competente para a xestión do réxime de protección aplicable.

5. A Administración ou administracións actuantes, os consorcios por elas constituídos ou as entidades ou sociedades que os xestionen, poden convir os termos e as condicións da súa execución cos propietarios de edificios, pisos ou locais, as comunidades de propietarios e agrupacións destas. Os convenios poden incluír as axudas públicas previstas.

Nos supostos en que se dean as condicións necesarias para o efecto, para edificios concretos e tamén mediante convenio, pódese establecer a execución privada da rehabilitación por empresas que, individualmente ou agrupadas e substituíndo a propiedade do inmovible, asuman a realización pola súa conta da totalidade das obras a cambio da cesión de parte determinada do edificio rehabilitado.

6. Todas as administracións públicas deben cooperar para asegurar a efectiva execución das actuacións de renovación e rehabilitación urbana, especialmente a aplicación coordinada das medidas, os fondos, as axudas e os beneficios, incluídos os previstos en programas comunitarios, que sexan aplicables por razón dos obxectivos perseguidos.

Artigo 111. *Obras e instalacións necesarias para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano.*

1. A Administración competente pode ordenar, na forma, nos termos e nos prazos que estableza a lexislación aplicable, a realización de obras de mellora ata o importe máximo do deber legal, ademais de por motivos turísticos e culturais recollidos na lexislación aplicable, no caso de que a construción ou o edificio de que se trate quede afectado por un programa, plan ou calquera outro instrumento legal de rehabilitación de vivendas aprobado e en vigor, e se refiran a obras que sirvan para garantir os dereitos recoñecidos por lei ás persoas, especialmente as que padezan algunha discapacidade, ou veñan impostas por normas legais sobrevidas por razóns de seguridade, adecuación de instalacións e servizos mínimos, redución de emisións e inmisións contaminantes de calquera tipo e as necesarias para reducir os consumos de auga e enerxía.

A aprobación dos programas, plans e instrumentos e a orde de execución das obras, aludidos no parágrafo anterior, comportan a declaración da utilidade pública ou, de ser o caso, o interese social, para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa execución.

2. As obras a que se refire o punto anterior teñen, para os efectos da Lei 49/1960, do 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, o carácter de necesarias que deben ser obrigatoriamente custeadas polos propietarios da correspondente comunidade ou agrupación de comunidades; non lles serán de aplicación as regras do artigo 17 da dita lei e o acordo da xunta correspondente débese limitar á distribución da derrama pertinente e á determinación dos termos do seu aboamento.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación cando a unidade familiar a que pertenza algún dos propietarios que forman parte da comunidade teña ingresos anuais inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), excepto no caso de que as subvencións ou axudas públicas a que esa unidade familiar poida ter acceso impidan que o custo anual repercutido das obras que o afecten, privativas ou nos elementos comúns, supere o 33 por cento dos seus ingresos anuais.

3. A conformidade ou autorización administrativas do proxecto técnico de calquera das obras de mellora a que se refire o punto primeiro ou, de ser o caso, a orde administrativa de execución destas determina a afección real directa e inmediata, por determinación legal, dos predios constitutivos de elementos privativos de réximes de propiedade horizontal ou de complexo inmobiliario, calquera que sexa o seu propietario, ao cumprimento do deber de custear as obras. A afección real faise constar no Rexistro da Propiedade mediante nota na marxe da inscrición de dominio, con constancia expresa do seu carácter de garantía real e co mesmo réxime de preferencia e prioridade establecido para a afección real ao pagamento de cotas de urbanización nas actuacións de transformación urbanística.

4. A ocupación de elementos comúns do edificio ou o complexo inmobiliario privado por obras e instalacións de rehabilitación a que se refire este artigo non require o consentimento nin dos propietarios integrantes da comunidade correspondente ou desta última no primeiro caso, nin das comunidades integrantes da agrupación das comunidades no caso do complexo inmobiliario.

5. A ocupación daquelas partes de pisos ou locais de edificios destinados predominantemente a uso de vivenda e constituídos en réxime de propiedade horizontal que sexa indispensable para a instalación de servizos comúns que, sendo legalmente exixibles, estean previstos en plans, programas ou instrumentos de rehabilitación e, en todo caso, o de ascensor, declárase necesaria para a súa expropiación en beneficio da correspondente comunidade de propietarios ou agrupación destas, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Resulte inviable técnica ou economicamente calquera outra solución.
- b) Quede garantido o respecto da superficie mínima e os estándares exixidos para locais, vivendas e espazos comúns dos edificios.

6. A ocupación das superficies de espazos libres ou de dominio público que sexa indispensable para a instalación de servizos comúns que, sendo legalmente exixibles, estean previstos en plans, programas ou instrumentos de rehabilitación e, en todo caso, o de ascensor, declárase causa suficiente para a súa desclasificación e, de ser o caso, desafectación e alleamento posterior á comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios correspondente, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Resulte inviable técnica ou economicamente calquera outra solución.
- b) Quede garantido o respecto da superficie mínima e os estándares exixidos para espazos libres e dotacións públicas, así como a funcionalidade do dominio público, nos casos en que se trate da ocupación de calquera dos espazos citados.

A ocupación de solo polas instalacións do ascensor, tales como vestíbulos, relanzos e acceso a vivendas derivados da instalación, así como do subsolo e voo correspondentes, obxecto da desclasificación como espazo libre e, de ser o caso, desafectación do dominio público a que se refire o parágrafo anterior, non é computable en ningún caso para efectos do volume edificable nin de distancias mínimas a lindeiros, outras edificacións ou a vía pública.

#### TÍTULO IV

##### **Instrumentos para a aplicación e avaliación da Lei de economía sustentable**

Artigo 112. *O Fondo de Economía Sustentable.*

1. O Fondo de Economía Sustentable foi creado por acordo do Consello de Ministros o 4 de decembro de 2009, e durante a súa vixencia é o instrumento financeiro do Estado para o apoio aos particulares no desenvolvemento dos principios e obxectivos contidos nesta lei.

2. A ministra de Economía e Facenda presentarlle á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos un informe trimestral sobre a evolución das liñas de crédito vinculadas ás finalidades desta lei, e especialmente sobre o Fondo de Economía Sustentable.

Artigo 113. *Coordinación administrativa no seguimento e avaliación da aplicación da lei.*

1. A Administración xeral do Estado presentará polo menos cada dous anos aos órganos de cooperación coas comunidades autónomas nos sectores afectados por esta lei e á Comisión Nacional da Administración Local un informe sobre a evolución das previsións desta lei que afectan o seu ámbito de actuación.

2. Igualmente, as comunidades autónomas presentarán aos ditos órganos de cooperación, con ocasión do informe previsto no punto anterior, a información sobre as súas actuacións en aplicación desta lei desenvolvidas no exercicio das súas competencias.

3. En especial, os órganos citados no punto primeiro avaliarán nos ditos informes o desenvolvemento dos instrumentos de cooperación entre comunidades autónomas e entre

Estado e comunidades autónomas que faciliten a progresiva coordinación dos procedementos e da coherencia dos requisitos que inciden na actividade económica no conxunto de España e promovan a mellora no funcionamento coordinado das distintas administracións públicas.

Artigo 114. *Informe do Goberno sobre o desenvolvemento da economía sustentable.*

1. O Goberno, por proposta da ministra de Economía e Facenda, aprobará polo menos cada dous anos un informe sobre a aplicación desta lei e as disposicións e medidas de desenvolvemento dela adoptadas no período precedente.

2. O informe incorporará as recomendacións de actuación para o período seguinte, co fin de garantir a mellor aplicación dos principios contidos nesta lei, e remitirase ao Congreso dos Deputados, así como aos interlocutores sociais para que poida ser obxecto de valoración no marco do diálogo social.

Disposición adicional primeira. *Responsabilidade por incumprimento de normas de dereito comunitario.*

1. As administracións públicas e calquera outra entidade integrante do sector público que, no exercicio das súas competencias, incumprisen obrigacións derivadas de normas do dereito da Unión Europea, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que se devenguen de tal incumprimento, de conformidade co previsto nesta disposición e nas de carácter regulamentario que, en desenvolvemento e execución dela, se ditén.

2. O Consello de Ministros, logo de audiencia das administracións ou entidades afectadas, será o órgano competente para declarar a responsabilidade por ese incumprimento e para acordar, de ser o caso, a compensación da dita débeda coas cantidades que deba transferir o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto, orzamentario e non orzamentario. Na dita resolución que se adopte teranse en conta os feitos e fundamentos contidos na resolución das institucións europeas, recolleranse os criterios de imputación tidos en conta para declarar a responsabilidade e acordarase a extinción total ou parcial da débeda. O acordo publicarase no Boletín Oficial del Estado.

3. Habíltase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o establecido nesta disposición, regulando as especialidades que resulten aplicables ás diferentes administracións públicas e entidades a que se refire o punto 1 desta disposición.

Disposición adicional segunda. *Acceso á información do Rexistro Nacional de Títulos Universitarios, Rexistro Nacional de Títulos Académicos e Profesionais Non Universitarios e rexistros nacionais e autonómicos de certificados de profesionalidade.*

1. As administracións públicas, nas condicións que se establezan regulamentariamente, poderán acceder á información contida no Rexistro Nacional de títulos Universitarios Oficiais e no Rexistro Nacional de títulos Académicos e Profesionais Non Universitarios, xestionados polo Ministerio de Educación, así como no Rexistro Xeral de Certificados de Profesionalidade e Acreditacións Parciais Acumulables e no Rexistro Estatal de Unidades de Competencia Acreditadas, xestionadas polo Servizo Público de Emprego Estatal, e nos rexistros autonómicos equivalentes, cando tramiten procedementos en que resulte necesario acreditar a titulación oficial ou a cualificación profesional do solicitante e unicamente deberán utilizar a información con este fin, todo iso con pleno respecto á lexislación sobre protección de datos de carácter persoal. De forma específica, quedan autorizados para acceder a esta información:

a) Os colexios profesionais para a tramitación de expedientes de colexiación dos seus profesionais.

b) As administracións públicas para a tramitación dos procesos selectivos de persoal funcionario ou laboral, así como na aplicación do procedemento de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e aprendizaxe non formais e a oferta da formación complementaria necesaria para obter un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade.

2. O acceso a esta información realizarase preferentemente a través de procedementos telemáticos, mediante a transmisión dos datos necesarios aos órganos competentes para a tramitación do procedemento. A transmisión de datos efectuarase por solicitude do órgano ou entidade tramitadora en que se identificarán os datos requiridos e os seus titulares, así como a finalidade para a cal se requiren. Na solicitude farase constar que se dispón do consentimento expreso dos titulares afectados, salvo que o dito consentimento non sexa necesario.

Da petición e recepción dos datos deixará constancia no expediente o órgano ou organismo receptor. Para os efectos da verificación da orixe e da autenticidade dos datos por parte dos órganos de fiscalización e control habilitaranse mecanismos para que os órganos mencionados poidan acceder aos datos transmitidos.

Disposición adicional terceira. *Clasificación dos mercados de transporte.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Ministerio de Fomento elaborará a proposta de clasificación dos mercados a que se refire o artigo 94.

Disposición adicional cuarta. *Actualización do Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes.*

1. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno levará a cabo unha actualización do Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transportes, co obxecto de adaptalo aos obxectivos e prioridades establecidos nesta lei, e especialmente nos seus artigos 97, 99 e 100. A actualización terá en conta as necesidades específicas dos territorios insulares e fragmentados, que non están incluídos na rede estatal, tanto de estradas como de ferrocarrís.

2. No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o Plan de Transporte Intermodal de Mercadorías previsto no PEIT, que determine a adecuada localización e dimensionamento dos centros intermodais, tanto públicos coma privados, en función das necesidades da demanda, así como o seu sistema de financiamento e xestión.

3. O Goberno impulsará as autoestradas do mar como modo alternativo e complementario ao transporte terrestre de mercadorías.

Disposición adicional quinta. *Centros de formación profesional e Campus de Excelencia Internacional.*

O Goberno adoptará as medidas adecuadas para promover a participación dos centros de formación profesional, no marco dos proxectos de Campus de Excelencia Internacional, para favorecer unha maior coordinación entre ambos os niveis educativos e unha mellor relación co sector produtivo de referencia. As entidades locais poderán participar no financiamento destas iniciativas nos termos que establezan nos contratos ou convenios de colaboración que subscriban coas universidades e coas administracións educativas.

Disposición adicional sexta. *Metodoloxía para o cálculo dos custos de utilización durante a vida útil dos vehículos recollidos no artigo 106 desta lei.*

1. Para os efectos do disposto no punto 3, letra b), número segundo do artigo 106 desta lei, os custos de utilización durante a vida útil do consumo de enerxía, das emisións de CO<sub>2</sub> e das emisións contaminantes enumeradas no cadro 2 do anexo desta lei, que

estean ligados á explotación dos vehículos obxecto de compra, serán cuantificados economicamente e calculados conforme a metodoloxía indicada nas seguintes letras:

a) O custo do consumo de enerxía derivado da utilización dun vehículo durante a súa vida útil calcularase de acordo coa metodoloxía seguinte:

1.º O consumo por quilómetro dun vehículo, determinado segundo o disposto no punto seguinte, calcularase en unidades de consumo de enerxía por quilómetro, tanto se o cálculo se realiza directamente, tal como ocorre no caso dos vehículos eléctricos, coma se non. Cando o consumo de carburante se indique en unidades distintas, converterase en consumo de enerxía por quilómetro utilizando os factores de conversión que figuran no cadro 1 do anexo desta lei, onde se indica o contido enerxético dos distintos combustibles.

2.º Usarase un único valor monetario por unidade de enerxía. Este valor único será igual ao custo por unidade de enerxía da gasolina ou do gasóleo (segundo cal sexa máis baixo) antes de impostos, cando se utilizan como combustibles de transporte.

3.º O custo do consumo de enerxía derivado da utilización dun vehículo durante a súa vida útil calcularase multiplicando a quilometraxe total, en caso necesario, tendo en conta a quilometraxe xa realizada, determinada segundo o disposto no punto 3, polo consumo de enerxía por quilómetro, de conformidade co número primeiro desta letra, e polo custo por unidade de enerxía, de conformidade co número segundo desta letra.

b) O custo das emisións de CO<sub>2</sub> derivado da utilización dun vehículo durante a súa vida útil calcularase multiplicando a quilometraxe total, en caso necesario, tendo en conta a quilometraxe xa realizada, determinada segundo o disposto no punto 3, polas emisións de CO<sub>2</sub> en quilogramos por quilómetro, de conformidade co punto 2, e polo custo por quilogramo tomado do intervalo que figura no cadro 2 do anexo desta lei.

c) O custo das emisións contaminantes, que figura no cadro 2 do anexo desta lei, derivado da utilización dun vehículo durante a súa vida útil calcularase sumando, durante a vida útil do vehículo, os custos relacionados coa súa utilización correspondentes a emisións de NO<sub>x</sub>, NMHC e as partículas. O custo de cada substancia contaminante durante a vida útil dun vehículo relacionado coa súa utilización calcularase multiplicando a quilometraxe total, en caso necesario, tendo en conta a quilometraxe xa realizada, determinada segundo o disposto no punto 3, polas emisións en gramos por quilómetro, de conformidade co punto 2, e polo custo respectivo por gramo. O custo de referencia será o dos valores medios comunitarios que figuran no cadro 2 do anexo desta lei.

Os poderes adxudicadores, as entidades adxudicadoras e os operadores a que se refire o artigo 3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, poderán aplicar custos superiores, sempre que estes custos non excedan os correspondentes valores que figuran no cadro 2 do anexo desta lei multiplicados por dous.

2. O consumo de combustible, as emisións de CO<sub>2</sub> e as emisións contaminantes por quilómetro derivados da explotación dun vehículo que figuran no cadro 2 do anexo desta lei determinaranse a partir duns procedementos de proba normalizados a escala comunitaria, de se tratar de vehículos para os cales están previstos tales procedementos na normativa de homologación da Comunidade. Respecto dos vehículos non cubertos por tales procedementos de proba normalizados a escala comunitaria, a comparabilidade entre as diferentes ofertas farase posible utilizando procedementos de proba xeralmente recoñecidos, ou resultados de probas realizadas pola autoridade ou información facilitada polo fabricante.

3. A quilometraxe dun vehículo durante a súa vida útil, se non se especifica outra cousa, tomarase do cadro 3 do anexo desta lei.

Disposición adicional sétima. *Modificación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.*

Un. Engádesse un novo punto 5 á disposición derradeira terceira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, que queda redactado nos seguintes termos:

«5. As comunidades autónomas e as entidades integradas na Administración local en que non poidan ser exercidos a partir do 31 de decembro de 2009 os dereitos recoñecidos no artigo 6 desta lei, en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións da súa competencia, deberán aprobar e facer públicos os programas e calendarios de traballo precisos para iso, atendendo ás respectivas previsións orzamentarias, con mención particularizada das fases en que os diversos dereitos serán exixibles polos cidadáns.

Os anteriores programas poderanse referir a unha pluralidade de municipios cando se deban executar en aplicación dos supostos de colaboración previstos no punto anterior.»

Dous. Os programas mencionados no punto anterior deberán ser obxecto de aprobación e publicación no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional oitava. *Avaliación da normativa existente sobre licenzas locais de actividade.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno avaliará a existencia de razóns incluídas no novo art. 84 bis da Lei de bases de réxime local nas previsións existentes sobre licenzas locais de actividade. De acordo cos resultados desta avaliación, o Goberno presentará no mesmo prazo un proxecto de lei de modificación das normas en que non concorran as razóns citadas, eliminando a correspondente exixencia de licenza, sen prexuízo da súa substitución por outras formas de verificación e control administrativo. As comunidades autónomas e as entidades locais, nun prazo de doce meses tras a entrada en vigor desta lei e no ámbito das súas competencias, adaptarán igualmente a súa normativa ao previsto no citado artigo da Lei de bases de réxime local.

2. Os municipios deberán adoptar un acordo que dea publicidade aos procedementos nos cales, de acordo co previsto no artigo 84.bis da Lei de bases de réxime local, subsiste o réxime de sometemento á licenza local de actividade, mantendo a dita relación adecuada á normativa vixente en cada momento.

Disposición adicional novena. *Adaptación da composición do número de membros do Consello dos Organismos Reguladores e da Comisión Nacional da Competencia.*

1. Co fin de adaptar a composición do número de membros do Consello dos Organismos Reguladores e da Comisión Nacional da Competencia ao disposto no artigo 12 desta lei, no prazo máximo de dous meses desde a súa entrada en vigor o Goberno acordará, mediante real decreto, o cesamento daqueles membros dos actuais consellos dos organismos cuxo mandato expírase no momento da entrada en vigor do citado real decreto.

2. A designación de novos presidentes dos organismos terá lugar a partir do momento en que expire o mandato dos actuais presidentes, e a de novos conselleiros a partir do momento en que o número de conselleiros cuxo mandato non expírase sexa inferior a seis.

3. Non obstante o disposto no artigo 13.2 desta lei, e co fin de garantir a renovación parcial dos consellos, sempre que queden vacantes ou en funcións cinco ou máis das vogalías dos conselleiros distintos do presidente, o mandato de polo menos dous dos conselleiros nomeados para cubrilas durará excepcionalmente tres anos. Os conselleiros que deban cesar transcorrido o prazo de tres anos desde o seu nomeamento determinaranse

mediante sorteo, que se efectuará na primeira reunión do Consello que se celebre tras o nomeamento dos seus novos membros.

4. No momento da entrada en vigor desta lei, os vicepresidentes dos organismos continuarán no seu cargo ata a expiración do seu mandato, momento en que o cargo de vicepresidente en cada organismo quedará suprimido.

Disposición adicional décima. *Impulso dos sectores produtivos vinculados con ciencia e innovación e maior capacidade de internacionalización.*

O Goberno, no marco do Plan Integral de Política Industrial 2020 e dos seus programas de desenvolvemento, así como nas modificacións do plan, adoptará, en colaboración coas administracións públicas competentes en cada caso e tendo en conta as achegas do diálogo social reforzado, as medidas necesarias para impulsar aqueles sectores produtivos máis vinculados co desenvolvemento das actividades de ciencia e innovación e aqueles de maior capacidade de internacionalización, de acordo co previsto nos capítulos V e VI do título II desta lei, con atención particular á automoción, á biotecnoloxía, á agroalimentación, ás tecnoloxías sanitarias e farmacéuticas, ás TIC e aos contidos dixitais, á química, aos sectores relacionados coa protección ambiental, incluíndo as enerxías renovables e a eficiencia enerxética, ao sector aeroespacial e á máquina-ferramenta.

Disposición adicional décimo primeira. *Réxime aplicable aos sistemas de concerto e convenio.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo, segundo o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, conforme o disposto no convenio económico entre o Estado e a Comunidade Foral de Navarra.

2. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Autónoma do País Vasco do disposto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico.

Disposición adicional décimo segunda. *Modificación da compensación equitativa por copia privada.*

O Goberno, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, mediante real decreto e con plena conformidade ao marco normativo e xurisprudencial da Unión Europea, procederá a modificar a regulación da compensación equitativa por copia privada.

Disposición adicional décimo terceira. *Réxime especial das telecomunicacións en Canarias.*

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional cuarta da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, en atención ás especiais circunstancias de distancia, insularidade e dispersión da poboación que concorren en Canarias como rexión ultraperiférica, así como á importancia que as telecomunicacións teñen para propiciar un desenvolvemento económico sustentable, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións analizará anualmente os sobrecostos e circunstancias específicas, tanto a nivel insular como no que se refire á interconexión das illas entre si e co exterior, co obxecto de analizar se existe un ámbito de competencia efectiva así como posibles desviacións no comportamento das ofertas de servizos en Canarias en relación ao resto do territorio nacional, e propondrá, de ser o caso, as medidas específicas que resulte conveniente que adopten as distintas autoridades de regulamentación nos seus respectivos ámbitos de competencia.



Disposición adicional décimo cuarta. *Desenvolvemento da Estratexia integral para a Comunidade Autónoma de Canarias.*

1. Na aplicación desta lei, o Goberno prestará atención ás características específicas que concorren na Comunidade Autónoma de Canarias como rexión ultraperiférica, en razón da súa distancia, insularidade e dispersión poboacional. Os obxectivos contidos nesta lei informarán as actuacións do Goberno e da Administración xeral do Estado en Canarias, e especialmente aquelas que, no marco da Estratexia integral para a Comunidade, aprobada polo Consello de Ministros do 9 de outubro de 2009, se refiren á política de internacionalización da economía canaria, enerxías renovables, infraestruturas terrestres, aeroportuarias e portuarias, subvencións ao transporte de mercadorías con orixe ou destino en Canarias, fomento do turismo e contribución ao desenvolvemento dos sectores industriais e das telecomunicacións en Canarias.

2. En particular, o Goberno terá en conta os seguintes aspectos:

a) O desenvolvemento de vínculos comerciais e económicos entre España e os países de África occidental, impulsando a actuación reforzada dos servizos comerciais no exterior así como o desenvolvemento das iniciativas de internacionalización da economía canaria que se proxecten neste ámbito xeográfico como consecuencia da especial situación xeográfica de Canarias.

b) A atención, na planificación enerxética, ás condicións específicas de Canarias e ás necesidades recollidas no Plan Enerxético da Comunidade en materia de enerxías renovables.

Para iso, estableceranse cotas especiais de potencia para enerxías renovables en Canarias atendendo a criterios técnicos e económicos, cando resulten competitivas coas tecnoloxías convencionais en cada un dos subsistemas do SEIE de Canarias. Así mesmo, revisaranse as necesidades de tecnoloxías de apoio á xeración renovable, co obxectivo de asegurar a estabilidade do sistema eléctrico canario, conforme se establece na normativa reguladora dos SEIE.

c) O impulso do turismo en Canarias mediante o Plan de Promoción Exterior de Canarias (2010-2012), que terá en conta o fomento de investimentos para a modernización e rehabilitación de infraestruturas turísticas en Canarias.

Así mesmo, levará a cabo as actuacións precisas co obxecto de axilizar a tramitación de visados nos países europeos non comunitarios.

d) O impulso da liberalización do tráfico aéreo con orixe e destino nos aeroportos canarios e a garantía de que na fixación das tarifas aeroportuarias se consideren as necesidades de mellora da conectividade e competitividade da economía de Canarias.

En especial, co obxecto de incrementar a conectividade de Canarias, a Dirección Xeral de Aviación Civil analizará de maneira individualizada as solicitudes e os proxectos operativos das compañías aéreas de países terceiros para operar 5as liberdades desde/cara a Canarias, e poderá outorgar este tipo de concesións cando se confirme que as propostas presentadas son viables e contribúen ao establecemento de operacións e enlaces beneficiosos para España e as illas Canarias.

e) O incremento de forma gradual das subvencións ao transporte de mercadorías ata alcanzar o 70%, durante o período 2010-2012.

f) O desenvolvemento do Programa de reindustrialización para Canarias no período 2010-2014.

Disposición adicional décimo quinta. *Modificación da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

1. Modifícase o punto 9. Primeiro. f) da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado nos seguintes termos:

«f) Normas de xestión: mediante orde ministerial aprobaranse o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa correspondente á recadación do penúltimo mes anterior ingresárase mediante autoliquidación que deberá efectuar o suxeito pasivo substituído do contribuínte antes do día 10 de cada mes ou, de ser o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

No entanto, cando se trate de suxeitos pasivos substituídos do contribuínte nos cales concorran as circunstancias a que se refire o punto 3.1 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o ingreso das taxas devengadas durante cada un dos trimestres naturais do ano farase efectivo, respectivamente, antes do día 10 dos meses de maio, setembro, novembro e febreiro ou, de ser o caso, do día hábil inmediatamente posterior.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Esta taxa integrárase para todos os efectos na estrutura de peaxes establecida na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e nas súas disposicións de desenvolvemento.»

2. Modifícase o punto 9. Cuarto da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que queda redactado nos seguintes termos:

«Cuarto. Taxa pola prestación de servizos de xestión de residuos radioactivos xerados noutras instalacións.

a) Feito imponible: constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de xestión dos residuos radioactivos xerados en calquera outra instalación non comprendida no feito imponible das taxas previstas nos puntos anteriores. Esas instalacións clasifícanse en:

Instalacións radioactivas: son aquelas instalacións que dispoñen dunha autorización de funcionamento como instalación radioactiva, concedida conforme o previsto no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e posteriormente modificado polo Real decreto 35/2008, do 18 de xaneiro. En diante designáranse coas siglas «IR».

Outras instalacións: para os efectos deste punto, son consideradas como tales aquelas persoas físicas ou xurídicas que, sendo ou podendo ser xeradoras de residuos radioactivos, non dispoñen dunha autorización das citadas no parágrafo anterior. Pola súa vez, entre estas distínguense:

Persoas físicas ou xurídicas que contén con autorización concedida pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para transferir os materiais a ENRESA en calidade de residuos radioactivos. En diante denomináranse coas siglas «IT».

Persoas xurídicas que estean adscritas ou sexan subscritoras do Protocolo de colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos, do 2 de novembro de 1999. En diante denomináranse «IP».

Persoas físicas ou xurídicas non incluídas nos parágrafos anteriores, que sexan responsables de materiais que deban ser xestionados como residuos radioactivos. En diante denomináranse «IG».

b) Base imponible: a base imponible da taxa está constituída pola cantidade ou unidade de residuos entregados para a súa xestión, medida na unidade correspondente aplicable entre as comprendidas na letra e) seguinte, de acordo coa natureza e instalación de procedencia do residuo e expresada con dous decimais, redondeando os restantes ao segundo decimal inferior.

No caso de que o residuo entregado poida estar comprendido en máis dunha categoría ou non estea expresamente comprendido nalguna categoría da mencionada táboa, a base imponible da taxa determinarase atendendo ao tipo de

residuo que, pola súa natureza, resulte equivalente de entre os recollidos na citada táboa.

c) Devengo da taxa: a taxa devengarase no momento da retirada por ENRESA dos residuos.

d) Suxeitos pasivos: serán suxeitos pasivos da taxa os titulares das instalacións ou as persoas físicas ou xurídicas a que se refire a letra a) anterior.

e) Tipos de gravame e cota: a cota tributaria que se deberá ingresar será a resultante de multiplicar a base impositiva polos tipos de gravame seguintes para cada tipo de residuos:

Tipo residuo	Descrición	Tipo de gravame (€/unid.)	Instalación de procedencia
<i>Sólidos</i>			
S01.	Residuos sólidos compactables (bolsas de 25 litros).	104,74	IR, IT
S02.	Residuos non compactables (bolsas de 25 litros).	104,74	IR, IT
S03.	Cadáveres de animais. Residuos biolóxicos (bolsas de 25 litros).	270,76	IR, IT
S04.	Agullas hipodérmicas en contedores ríxidos (bolsas de 25 litros).	104,74	IR, IT
S05.	Sólidos especiais:		
S051.	Residuos con Ir-192 como compoñente activo (bolsas de 25 litros).	104,74	IR, IT
S052.	Sales de uranio ou torio (bolsas de 25 litros).	195,82	IR, IT
<i>Mixtos</i>			
M01.	Residuos mixtos compostos por líquidos orgánicos máis viais (contedores de 25 litros)	225,51	IR, IT
M02.	Placas e similares con líquidos ou xeles (bolsas de 25 litros).	104,74	IR, IT
<i>Líquidos</i>			
L01.	Residuos líquidos orgánicos (contedores de 25 litros).	229,53	IR, IT
L02.	Residuos líquidos acuosos (contedores de 25 litros).	195,20	IR, IT
<i>Fontes</i>			
F01.	Fontes encapsuladas cuxa actividade non supere os límites establecidos polo ADR para vultos do tipo A e o conxunto da fonte co seu contedor de orixe ou co equipamento en que vai instalada non supere os 20 litros:		
F011.	As fontes F01 con elementos de semiperíodo inferior ou igual ao do Co-60.	310,07	IR, IT
F012.	As fontes F01 con elementos de semiperíodo comprendido entre o do Co-60 e o do Cs-137 incluído este.	310,07	IR, IT
F013.	As fontes F01 con elementos de semiperíodo superior ao do Cs-137.	310,07	IR, IT
F014.	As fontes F01 con isótopo en estado gasoso, a cal é sometida a alivio controlado.	310,07	IR, IT
F02.	Fontes encapsuladas cuxa actividade non supere os límites establecidos polo ADR para vultos do tipo A e o conxunto da fonte co seu contedor de orixe ou co equipamento en que vai instalada sexa superior a 20 l e inferior ou igual a 80 l.		
F021.	As fontes F02 con elementos de semiperíodo inferior ou igual ao do Co-60.	575,85	IR, IT
F022.	As fontes F02 con elementos de semiperíodo comprendido entre o do Co-60 e o Cs-137, incluído este.	575,85	IR, IT
F023.	As fontes F02 con elementos de semiperíodo superior ao do Cs-137.	575,85	IR, IT

Tipo residuo	Descrición	Tipo de gravame (€/unid.)	Instalación de procedencia	
F05.	Fontes encapsuladas que superen os límites de actividade expresados para os tipos F01 e F02 e/ou o seu volume sexa superior a 80 litros:			
F051.	As fontes F05 con elementos de semiperíodo inferior ou igual ao do Co-60 (a fonte supera o límite de actividade e o de volume).	27.000,00	IR	
F051X.	As fontes F051, considerando a desmontaxe do cabezal (coa fonte F051) do equipamento en que opera o dito cabezal.	39.600,00	IR	
F052.	As fontes F05 con elementos de semiperíodo comprendido entre o de Co-60 e o Cs-137, incluído este (a fonte supera o límite de actividade pero non supera o de volume).	2.400,00	IR, IT	
F053.	As fontes F05 con elementos de semiperíodo superior ao do Cs-137 (a fonte supera o límite de actividade pero non supera o de volume).	2.400,00	IR, IT	
PMM.	Residuos previstos no Protocolo de vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos.			
PMMD.	Deteccións: caso de bidón de 220 litros ou fracción de procedencia estranxeira ou que, sendo de procedencia nacional, os residuos non poidan ser aloxados nun único bidón de 220 litros (bidón de 220 l ou fracción).		IP	
PMMI1.	Incidentes: caso de xeración de residuos inferior a 200 m <sup>3</sup> (metro cúbico).		IP	
PMMI2.	Incidentes: caso de xeración de residuos igual ou superior a 200 m <sup>3</sup> (por m <sup>3</sup> e desde o primeiro).		IP	
XEN1.	Tipo xenérico de residuo non recollido nos tipos de residuos anteriores. A cota (€) resultará da aplicación da fórmula que se indica a continuación, adecuada á categoría do residuo (RBMA ou RBBA) e ao volume do residuo (V en m <sup>3</sup> ) que corresponde xestionar.			
RBMA (residuo de baixa e media actividade)	$V \leq 2 \text{ m}^3$	$1.500 + 4.020 \times V$	(1)	IG
	$2 \text{ m}^3 < V \leq 20 \text{ m}^3$	$9.540 + 4.170 \times (V-2)$	(1)	
	$20 \text{ m}^3 < V \leq 200 \text{ m}^3$	$4.230 \times V$	(1)	
	$V > 200 \text{ m}^3$	$846.000 + 20.310 \times (V-200)$	(1)	
RBBA (residuo de moi baixa actividade)	$V \leq 2 \text{ m}^3$	$1.500 + 500 \times V$	(1)	IG
	$2 \text{ m}^3 < V \leq 20 \text{ m}^3$	$2.500 + 650 \times (V-2)$	(1)	
	$20 \text{ m}^3 < V \leq 200 \text{ m}^3$	$710 \times V$	(1)	
	$V > 200 \text{ m}^3$	$142.000 + 2.710 \times (V-200)$	(1)	

(1) O tipo de gravame correspondente, segundo os casos, será o resultante da aplicación da fórmula que figura na columna "Descrición".

f) Normas de xestión: mediante orde ministerial aprobaranse o modelo de autoliquidación e os medios para facer efectivo o ingreso das contías exixibles.

A taxa ingresarase no prazo dos sesenta días naturais seguintes a aquel en que tivese lugar a retirada dos residuos das instalacións por ENRESA.

A recadación da taxa farase efectiva a través das entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

3. Engádesse un punto quinto ao punto 9 da disposición adicional sexta da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, co seguinte texto:

«Quinto. Sobre as contías que resulten exixibles polas taxas a que se refire este punto 9 aplicarase o imposto sobre o valor engadido que grava a prestación dos servizos obxecto de gravame nos termos establecidos na lexislación vixente.

Os tipos de gravame e elementos tributarios para a determinación da cota destas taxas poderán ser revisados polo Goberno mediante real decreto, con base nunha memoria económico-financeira actualizada do custo das actividades correspondentes recollidas no Plan Xeral de Residuos Radioactivos. »

Disposición adicional décimo sexta. *Modificación da Lei 12/1992, do 27 de maio, sobre contrato de axencia.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 12/1992, do 27 de maio, sobre contrato de axencia:

Un. Engádesse unha nova disposición adicional, que pasa a ser adicional primeira, do seguinte teor:

«Disposición adicional primeira.

1. Ata a aprobación dunha lei reguladora dos contratos de distribución, o réxime xurídico do contrato de axencia previsto nesta lei aplicarase aos contratos de distribución de vehículos automóbiles e industriais, polos cales unha persoa natural ou xurídica, denominada distribuidor, se obriga fronte a outra, o proveedor, de maneira continuada ou estable e a cambio dunha remuneración, a promover actos ou operacións de comercio destes produtos por conta e en nome do seu principal, como comerciante independente, asumindo o risco e ventura de tales operacións.

2. En defecto de lei expresamente aplicable, as distintas modalidades de contratos de distribución de vehículos automóbiles e industriais, calquera que sexa a súa denominación, rexeranse polo disposto nesta lei, cuxos preceptos teñen carácter imperativo.

3. Será nulo todo pacto en contrario polo que o proveedor reserve para si a facultade de modificar unilateralmente o contido esencial destes contratos e, en particular, a gama completa de produtos e servizos contractuais, o plan de negocio do distribuidor, os investimentos e prazo de amortización, a remuneración fixa e variable, os prezos dos produtos e servizos, as condicións xerais de venda e garantía posvenda, as directrices comerciais e os criterios de selección dos distribuidores.

4. O distribuidor unicamente estará obrigado a realizar os investimentos específicos que sexan necesarios para a execución do contrato que figuren expresamente relacionados, de forma individualizada, no contrato ou nas súas modificacións, e unicamente no caso de que se estableza para cada unha delas o período en que se considere que quedarán amortizadas.

Para estes efectos, consideraranse investimentos específicos aqueles que non poidan ser aproveitados de modo real e efectivo para usos distintos á execución do contrato de distribución.

5. Cando o proveedor lle exixa ao distribuidor unha compra mínima de produtos contractuais para dispor dun stock calculado en función dos obxectivos comerciais, o distribuidor poderá devolverlle os produtos subministrados e non pedidos por clientes unha vez que transcorran sesenta días desde a súa adquisición. Neste caso, o proveedor estará obrigado a lle recomprar ao distribuidor os produtos devoltos nas mesmas condicións en que se compraron.

6. En caso de extinción do contrato, xa sexa por vencemento do seu prazo ou por calquera outra causa, o distribuidor terá dereito a percibir as seguintes cantidades en concepto de compensación ou indemnización polos conceptos que se indican:

a) O importe correspondente ao valor dos investimentos específicos pendente de amortización no momento da extinción do contrato.

b) Unha indemnización por clientela que en ningún caso poderá ser inferior ao importe medio anual das vendas efectuadas polo proveedor ao distribuidor durante os últimos cinco anos de vixencia do contrato, ou durante todo o período de vixencia do contrato se este fose inferior.

c) As indemnizacións do persoal laboral de que tivese que prescindir o distribuidor pola extinción do contrato.

d) Así mesmo, en calquera caso de extinción do contrato, o provedor estará obrigado a adquirir do distribuidor todas aquelas mercadorías que estean en poder deste último, ao mesmo prezo polo que fosen vendidas.

As anteriores compensacións establécense sen prexuízo do dereito de indemnización a favor da parte correspondente polos danos e perdas ocasionados polos incumprimentos contractuais en que puidese ter incorrido a outra parte, e será nulo calquera pacto en contrario.

7. O provedor non poderá negar o seu consentimento á cesión total ou parcial do contrato de distribución de vehículos automóbiles e industriais se a empresa cesionaria se compromete por escrito a manter a organización, estrutura e recursos que o empresario cedente mantíña afectos á actividade de distribución.

8. A competencia para o coñecemento das accións derivadas do contrato de distribución comercial de vehículos automóbiles e industriais corresponderá ao xuíz do domicilio do distribuidor, e será nulo calquera pacto en sentido distinto».

Dous. A actual disposición adicional pasa a ser disposición adicional segunda.

Disposición adicional decimo sétima. *Impulso á implantación da sociedade da información.*

O Goberno comprométese a acelerar a implantación da sociedade da información co fin de contribuír ao crecemento económico, maximizando o potencial das TIC para a creación de emprego, a sustentabilidade e a inclusión social. Para iso levará a cabo unha serie de actuacións dirixidas á consecución dos seguintes obxectivos:

1. Mellorar a velocidade, calidade e capacidade das redes de telecomunicacións, así como estender a cobertura das redes troncais de alta capacidade en zonas rurais.
2. Continuar impulsando os proxectos de éxito como a implantación do DNI electrónico ou a dotación de centros escolares.
3. Apoiar programas de innovación ligados á sociedade da información que permitan seguir avanzando na mellora da competitividade.
4. Consolidar a cohesión social e territorial no ámbito da sociedade da información con especial atención á dispersión, ao medio rural, ás zonas de montaña, á insularidade e aos sectores con risco de exclusión.
5. Fomentar o uso da parte do espectro radioeléctrico reservada para usos comúns ou de radioaficionados.

Disposición adicional décimo oitava. *Mellora da actividade económica de internacionalización ou investigación.*

O Goberno, no prazo de tres meses, adoptará as medidas necesarias para mellorar o sistema de concesión de visados relacionados coa actividade económica de internacionalización ou de investigación, co fin de axilizar e mellorar os procedementos correspondentes que faciliten a concesión de visados temporais vinculados ás ditas actividades económicas de acordo coa lexislación comunitaria.

Disposición adicional décimo novena. *Proxecto de Lei de mobilidade sustentable.*

No prazo de seis meses desde a aprobación desta lei, o Goberno presentará ás Cortes Xerais un proxecto de Lei de mobilidade sustentable, que sentará as bases para fomentar a accesibilidade e a mobilidade sustentable, reforzar a seguridade do tráfico de persoas e mercadorías e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Disposición adicional vixésima. *Informe do Goberno sobre inclusión do IVE en procedementos de contratación pública.*

O Goberno elaborará un informe nun prazo de tres meses no cal analice a posibilidade, no marco da normativa comunitaria, de incluír no prezo dos procedementos de contratación pública o IVE cando interveñan licitadores exentos do imposto, en particular entidades do terceiro sector, tendo en conta o principio de adxudicación dos servizos á oferta economicamente máis vantaxosa para a Administración pública, así como os demais principios que deben rexer a contratación pública.

Disposición transitoria primeira. *Adaptación das axencias de subscrición.*

As axencias de subscrición que no momento da entrada en vigor desta lei comunicasen os seus poderes á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme a disposición adicional terceira da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, deberanse adaptar ao disposto no artigo 86.bis do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, segundo a redacción dada por esta lei, no prazo dun ano a partir da súa entrada en vigor.

Transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior, quen non acreditase adaptarse a esta lei conforme o previsto nesta disposición transitoria non poderá exercer as actividades de axencia de subscrición de seguros privados.

Disposición transitoria segunda. *Norma provisional sobre o seguro de responsabilidade civil profesional para exercer como axencia de subscrición.*

Mentres o Ministerio de Economía e Facenda non fixe normas sobre o seguro de responsabilidade civil profesional para exercer como axencia de subscrición, o seguro de responsabilidade civil profesional que cubra todo o territorio do Espazo Económico Europeo ou outra garantía financeira, para as responsabilidades que puideren xurdir por negligencia profesional, será de polo menos un millón e medio de euros por sinistro e, en suma, dous millóns de euros para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano.

As contías establecidas no parágrafo anterior actualizaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2015 e cada 5 anos desde esa data, para ter en conta a evolución do índice europeo de prezos de consumo publicado por Eurostat. Para os ditos efectos, para facilitar o seu coñecemento e aplicación, faranse públicas as actualizacións por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición transitoria terceira. *Adaptación dos comercializadores de plans de pensións individuais e dos contratos de comercialización.*

As persoas e entidades que estean realizando labores de comercialización de plans de pensións individuais, así como os acordos de comercialización formalizados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, deberanse adaptar ao disposto no artigo 26 bis do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, na redacción dada pola disposición derradeira décimo terceira desta lei, no prazo de doce meses desde a súa entrada en vigor. Así mesmo, dentro do dito prazo as entidades xestoras de fondos de pensións deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as entidades ou persoas coas cales establecesen os citados acordos de comercialización.

Transcorrido o referido prazo de doce meses sen que se procedese á adaptación, as entidades ou persoas que estivesen a realizar labores de comercialización deberán cesar nesta actividade, mentres non se efectúe a adaptación daquelas e dos acordos correspondentes, de ser o caso.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio dos recursos propios das entidades xestoras de fondos de pensións.*

As entidades xestoras de fondos de pensións autorizadas antes da entrada en vigor desta lei disporán dun prazo de doce meses desde a entrada en vigor para alcanzar as contías mínimas de recursos propios adicionais exixidas en función dos fondos xestionados, conforme o disposto no artigo 20 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, na redacción dada pola disposición derradeira décimo terceira desta lei.

Disposición transitoria quinta. *Procedemento de presentación de reclamacións ante o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

Ata a aprobación das disposicións regulamentarias a que se refire o artigo 30.2 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, na redacción dada pola disposición derradeira décimo primeira desta lei, continuará aplicándose o procedemento previsto nos artigos 7 a 15 do Real decreto 303/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento dos comisionados para a defensa do cliente de servizos financeiros.

Disposición transitoria sexta. *Cancelación de asentos no Rexistro Mercantil referidos a feitos non suxeitos a inscrición relacionados cos fondos de pensións e remisión telemática de solicitudes e comunicacións.*

A partir da entrada en vigor desta lei, os rexistradores mercantís cancelarán de oficio os asentos practicados no Rexistro Mercantil relativos a actos e circunstancias distintos dos previstos no número 1 do artigo 11 bis do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, na súa redacción dada pola disposición derradeira décimo terceira desta lei.

O previsto nos puntos 2 e 3 do artigo 11 bis, en relación coa remisión por medios telemáticos e con sinatura electrónica de solicitudes, certificacións, documentos e comunicacións, será de aplicación transcorridos seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria sétima. *Contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei.*

Os contratos administrativos regulados pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que fosen adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desta lei, rexeranse en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Disposición transitoria oitava. *Reserva para investimentos en Canarias.*

A materialización das dotacións á reserva para investimentos procedentes de beneficios de períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2007 regularase polas disposicións establecidas no artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, segundo a redacción dada polo Real decreto lei 12/2006, do 29 de decembro, coas modificacións introducidas por esta lei.

Disposición transitoria novena. *Fondo de reserva obrigatorio de cooperativas de crédito transformadas.*

Un. Os saldos do Fondo de reserva obrigatorio das cooperativas de crédito que se transformaron noutra entidade de crédito conforme o previsto no artigo décimo da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, e aos cales se lles deu o destino



previsto no artigo 75, por remisión do artigo 69.6, ambos da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, poderanse integrar no capital social da entidade resultante da transformación durante o exercicio 2011.

Dous. No período impositivo en que se produza o dito reintegro, integrárase na base impositiva da entidade de crédito transformada a parte deste que se corresponda co fondo de reserva obrigatorio que minorase a base impositiva da cooperativa de crédito nos períodos impositivos anteriores á transformación.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta lei e, en particular, as seguintes:

- a) Os artigos 22 a 28 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.
- b) O Real decreto 303/2004, do 20 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento dos comisionados para a defensa do cliente de servizos financeiros.
- c) A disposición adicional terceira da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.
- d) O punto 5 do artigo 23 do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Carácter de lexislación básica. Esta lei constitúe lexislación básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado as «bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica» e, en consecuencia, son de aplicación xeral a todas as administracións públicas e organismos e entidades dependentes delas.

Así mesmo, teñen carácter básico, ao abeiro do artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia «das bases da ordenación do crédito, banca e seguros», o capítulo III do título I, as disposicións transitorias primeira, cuarta e quinta e as disposicións derradeiras quinta a décimo cuarta.

Os capítulos I e V do título I, artigos 40, 41, 42, o punto 5 do artigo 111, a disposición adicional sétima e a disposición adicional oitava, terán carácter básico ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo aqueles preceptos que se refiran exclusivamente á regulación do réxime estatutario, réxime xurídico e funcionamento de órganos estatais.

O capítulo VII do título II, no que se refire á formación profesional do sistema educativo, ampárase no artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

O título III, salvo as seccións 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> do capítulo III e o capítulo IV, incardínase no artigo 149.1 puntos 23.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup>, en materia de «lexislación básica sobre protección do ambiente» e «bases do réxime mineiro e enerxético», respectivamente.

2. No entanto, non terán carácter básico os seguintes preceptos:

a) Os contidos da lei que fan referencia á organización e ao funcionamento de órganos do Estado ou de órganos adscritos á Administración xeral do Estado: artigos 8 a 24, ambos inclusive; 34, 35, 113 e 114.

b) Os artigos 27, puntos 2 e 4 do artigo 111, puntos 2 e 4 do artigo 110 e as disposicións transitorias segunda e terceira, incardínanse no artigo 149.1.6.<sup>a</sup> e 8.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúen ao Estado a competencia en materia de «lexislación mercantil» e «lexislación civil», respectivamente.

c) O capítulo VII do título II, no que se refire á formación profesional para o emprego, incardínase no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «lexislación laboral».

d) A sección 2.<sup>a</sup> do capítulo V do título II, que se incardina no artigo 149.1.9.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «lexislación sobre propiedade intelectual e industrial».

e) Os artigos 66, 67, 68, 69, 70 e 71, que se incardinan no artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «comercio exterior».

f) Os artigos 43, 44, 45, 46, 87, 92 e a disposición adicional primeira, que se incardinan no artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de «Facenda xeral e débeda do Estado».

g) As seccións 1.<sup>a</sup> e 3.<sup>a</sup> do capítulo V do título II, que se incardinan no artigo 149.1.15.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de «fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica».

h) O capítulo IV do título II, que se incardina no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «telecomunicacións».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.*

Dáse nova redacción á letra d) do punto 2 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, que queda como segue:

«2. Para o cumprimento do seu obxecto, as cooperativas agrarias poderán desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

d) Calquera outra actividade que sexa necesaria ou conveniente ou que facilite o melloramento económico, técnico, laboral ou ecolóxico da cooperativa ou das explotacións dos socios, entre outras, a prestación de servizos pola cooperativa e co seu propio persoal que consista na realización de labores agrarios ou outros análogos nas mencionadas explotacións e a favor dos seus socios».

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.*

Modifícase o artigo 8.1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, que queda redactado como segue:

«1. O procedemento de control previsto nesta lei aplicarase ás concentracións económicas cando concorra polo menos unha das dúas circunstancias seguintes:

a) Que, como consecuencia da concentración, se adquira ou se incremente unha cota igual ou superior ao 30 por cento do mercado relevante de produto ou servizo no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro del.

Quedan exentas do procedemento de control todas aquelas concentracións económicas nas cales, mesmo cumprindo o establecido nesta letra a), o volume de negocios global en España da sociedade adquirida ou dos activos adquiridos no último exercicio contable non supere a cantidade de 10 millóns de euros, coa condición de que as partícipes non teñan unha cota individual ou conxunta igual ou superior ao 50 por cento en calquera dos mercados afectados, no ámbito nacional ou nun mercado xeográfico definido dentro del.

b) Que o volume de negocios global en España do conxunto dos partícipes supere no último exercicio contable a cantidade de 240 millóns de euros, sempre que polo menos dous dos partícipes realicen individualmente en España un volume de negocios superior a 60 millóns de euros».

Disposición derradeira cuarta. *Organismo regulador do sector transporte.*

O Goberno, cando así o aconsellen as condicións de competencia nos mercados de transporte, e, en particular, os avances no proceso de liberalización do sector ferroviario, remitirá ao Parlamento un proxecto de lei de creación dun organismo regulador do sector transporte, que integre as funcións atribuídas ao Comité de Regulación Ferroviaria e a regulación do resto de modos de transporte.

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

Un. Queda derogada a letra c) do artigo 23.

Dous. Engádese un novo parágrafo ao artigo 35.1 coa seguinte redacción:

«Na memoria dos emisores cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea deberase informar sobre as operacións dos administradores e dos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual, ou de persoa que actúe por conta destes, realizadas co citado emisor ou cun emisor do mesmo grupo durante o exercicio a que se refiren as contas anuais, cando as operacións sexan alleas ao tráfico ordinario da sociedade ou que non se realicen en condicións normais de mercado.»

Tres. Engádese un novo capítulo VI no título IV co seguinte contido:

#### «CAPÍTULO VI

#### **Do informe anual de goberno corporativo.**

Artigo 61 bis. *Do informe anual de goberno corporativo.*

1. As sociedades anónimas cotizadas deberán facer público con carácter anual un informe de goberno corporativo.

2. O informe anual de goberno corporativo será obxecto de comunicación á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e xuntarase copia do documento en que conste. A Comisión Nacional do Mercado de Valores remitirá copia do informe comunicado ás respectivas autoridades de supervisión cando se trate de sociedades cotizadas que estean dentro do seu ámbito de competencias.

3. O informe será obxecto de publicación como feito relevante.

4. O contido e estrutura do informe de goberno corporativo será determinado polo ministro de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

O informe deberá ofrecer unha explicación detallada da estrutura do sistema de goberno da sociedade e do seu funcionamento na práctica. En todo caso, o contido mínimo do informe de goberno corporativo será o seguinte:

a) Estructura de propiedade da sociedade, que deberá incluír:

1.º Información relativa aos accionistas con participacións significativas, indicando as porcentaxes de participación e as relacións de índole familiar, comercial, contractual ou societaria que exista, así como a súa representación no consello;

2.º Información das participacións accionariais dos membros do consello de administración que deberán comunicar á sociedade, e da existencia dos pactos parasociais comunicados á propia sociedade e á Comisión Nacional do Mercado de Valores e, de ser o caso, depositados no Rexistro Mercantil;

3.º Información dos valores que non se negocien nun mercado regulado comunitario, con indicación, de ser o caso, das distintas clases de accións e, para

cada clase de accións, os dereitos e obrigacións que confira, así como a porcentaxe do capital social que represente a autocarteira da sociedade e as súas variacións significativas;

4.º Información relativa ás normas aplicables á modificación dos estatutos da sociedade.

b) Calquera restrición á transmisibilidade de valores e calquera restrición ao dereito de voto.

c) Estrutura da administración da sociedade, que deberá incluír:

1.º Información relativa á composición, regras de organización e funcionamento do consello de administración e das súas comisións;

2.º Identidade e remuneración dos seus membros, funcións e cargos dentro da sociedade, as súas relacións con accionistas con participacións significativas, indicando a existencia de conselleiros cruzados ou vinculados e os procedementos de selección, remoción ou reelección;

3.º Información dos poderes dos membros do consello de administración e, en particular, os relativos á posibilidade de emitir ou recomprar accións;

4.º Información dos acordos significativos que celebre a sociedade e que entren en vigor, sexan modificados ou conclúan en caso de cambio de control da sociedade por mor dunha oferta pública de adquisición, e os seus efectos, excepto cando a súa divulgación resulte seriamente prexudicial para a sociedade. Esta excepción non se aplicará cando a sociedade estea obrigada legalmente a dar publicidade a esta información;

5.º Información dos acordos entre a sociedade e os seus cargos de administración e dirección ou empregados que dispoñan indemnizacións cando estes dimitan ou sexan despedidos de forma improcedente ou se a relación laboral chega á súa fin con motivo dunha oferta pública de adquisición.

d) Operacións vinculadas da sociedade cos seus accionistas e cos seus administradores e cargos directivos e operacións intragrupo.

e) Sistemas de control do risco.

f) Funcionamento da xunta xeral, con información relativa ao desenvolvemento das reunións que celebre.

g) Grao de seguimento das recomendacións de goberno corporativo ou, de ser o caso, a explicación da falta de seguimento destas recomendacións.

h) Unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión da información financeira.

5. Sen prexuízo das sancións que proceda impor pola falta de remisión da documentación ou do informe de goberno corporativo, ou a existencia de omisións ou datos enganosos ou erróneos, correspóndelle á Comisión Nacional do Mercado de Valores o seguimento das regras de goberno corporativo; para este efecto poderá solicitar tanta información precise respecto diso, así como facer pública a información que considere relevante sobre o seu grao efectivo de cumprimento.

6. Cando a sociedade cotizada sexa unha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual, xunto ao informe anual de goberno corporativo elaborado pola dirección, achegarase un informe elaborado polo consello de control sobre o exercicio das súas funcións.

7. A información incluída no informe anual de goberno corporativo sobre a composición do consello de administración, as súas comisións delegadas e a cualificación dos seus conselleiros deberase elaborar de acordo coas definicións que estableza o ministro de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores. As definicións referiranse, entre outras, á categoría de conselleiro executivo, conselleiro dominical e conselleiro independente. Para a definición da categoría de conselleiro independente terase en conta, entre

outras cuestións, que as persoas sexan designadas, de ser o caso, por proposta dunha comisión de nomeamentos, en atención ás súas condicións persoais e profesionais, e que poidan desempeñar as súas funcións sen se veren condicionadas por relacións coa sociedade, cos seus accionistas significativos ou cos seus directivos.

O ministro de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, determinará as condicións que deberá cumprir un conselleiro para ser cualificado como independente, así como os supostos en que o dito conselleiro non poderá ser cualificado como tal. Para estes efectos poderanse ter en conta, entre outros, os seguintes supostos de exclusión: ter sido empregados ou conselleiros executivos de sociedades do grupo; ser ou ter sido socio do auditor externo ou responsable do informe de auditoría e ser cónxuxes, persoas ligadas por análoga relación de afectividade ou parentes ata de segundo grao dun conselleiro executivo ou alto directivo da sociedade.

Artigo 61 ter. *Do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros.*

1. Xunto co informe anual de goberno corporativo, o consello das sociedades anónimas cotizadas deberá elaborar un informe anual sobre as remuneracións dos seus conselleiros, que incluíra información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións da sociedade aprobada polo consello para o ano en curso, así como, de ser o caso, a prevista para anos futuros. Incluíra tamén un resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devengadas por cada un dos conselleiros.

2. O informe anual sobre as remuneracións dos conselleiros, a política de remuneracións da sociedade aprobada polo consello para o ano en curso, a prevista para anos futuros, o resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devengadas por cada un dos conselleiros difundirase e someterase a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, da xunta xeral ordinaria de accionistas.

3. As caixas de aforro deberán elaborar un informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración e da comisión de control, que incluíra información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións da entidade aprobada polo consello para o ano en curso, así como, de ser o caso, a prevista para anos futuros. Incluíra tamén un resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devengadas por cada un dos conselleiros e membros da comisión de control.

4. O informe anual sobre as remuneracións dos membros do consello de administración, a política de remuneracións da sociedade aprobada polo consello para o ano en curso, a prevista para anos futuros, o resumo global de como se aplicou a política de retribucións durante o exercicio, así como o detalle das retribucións individuais devengadas por cada un dos conselleiros, difundiranse e someteranse a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, da asemblea xeral.

5. O ministro de Economía e Facenda ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, determinará o contido e a estrutura do informe de remuneracións que poderá conter información, entre outras cuestións, sobre o importe dos compoñentes fixos, os conceptos retributivos de carácter variable e os criterios de rendementos elixidos para o seu deseño, así como o papel desempeñado, de ser o caso, pola Comisión de Retribucións. »

Catro. O punto 1 do artigo 70 bis queda modificado da seguinte maneira:

«1. Os grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como as empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos

consolidables, deberán facer pública, en canto sexa posible e polo menos con periodicidade anual, debidamente integrada nun só documento denominado Información sobre solvencia, información concreta sobre aqueles datos da súa situación financeira e actividade en que o mercado e outras partes interesadas poidan ter interese de cara a avaliar os riscos aos cales se enfrontan, a súa estratexia de mercado, o seu control de riscos, a súa organización interna e a súa situación para o cumprimento das exixencias mínimas de recursos propios previstas nesta lei.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará a información mínima que deberá ser obxecto de publicación conforme o parágrafo anterior. En todo caso, as entidades poderán omitir as informacións que non teñan importancia relativa e, coa oportuna advertencia, os datos que consideren reservados ou confidenciais; tamén poderán determinar o medio, lugar e modo de divulgación do citado documento.

Tamén se publicará a seguinte información relativa ás prácticas e políticas de remuneración dos grupos consolidables de empresas de servizos de investimento, así como das empresas de servizos de investimento non integradas nun destes grupos consolidables, para aquelas categorías de empregados cuxas actividades profesionais poidan ter impacto nos seus perfís de risco:

- a) Información sobre o proceso de decisión utilizado para determinar a política de remuneración.
- b) Información sobre as características fundamentais do sistema de remuneración, en especial os que teñan carácter variable ou prevexan a entrega de accións ou dereitos sobre elas.
- c) Información da relación entre remuneración, funcións desempeñadas, o seu desempeño e os riscos da entidade.

Para eses mesmos efectos, os grupos e entidades adoptarán unha política formal para o cumprimento dos ditos requisitos de divulgación e para a verificación da suficiencia e exactitude dos datos divulgados e da frecuencia da súa divulgación, e disporán de procedementos que lles permitan avaliar a adecuación da dita política.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá requirir dos grupos e entidades a que se refire este punto que limiten as remuneracións variables cando sexan incoherentes co mantemento dunha base sólida de capital.»

Cinco. O punto 3 do artigo 70 bis queda redactado como segue:

«3. Exceptúanse das obrigacións previstas neste artigo os grupos ou empresas de servizos de investimento individuais controlados por outras empresas de servizos de investimento ou sociedades financeiras de carteira autorizadas ou constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, salvo cando entre elas estea unha empresa de servizos de investimento importante, sexa de acordo co criterio que a autoridade responsable de supervisión consolidada do grupo comunicase á Comisión Nacional do Mercado de Valores, sexa en criterio desta última en atención á súa actividade en España ou á súa importancia relativa dentro do grupo.»

Seis. Engádese un novo parágrafo ao artigo 81.2, coa seguinte redacción:

«As prohibicións establecidas neste punto aplícanse tamén aos administradores e aos membros do consello de control dunha sociedade anónima europea domiciliada en España que optase polo sistema dual en relación con calquera operación sobre valores da propia sociedade ou das sociedades filiais, asociadas ou vinculadas, sobre as cales dispoñan, por razón do seu cargo, información privilexiada ou reservada, así como suxerir a súa realización a calquera persoa mentres esa información non se dea a coñecer publicamente.»

Sete. Dáselles unha nova redacción ás letras a), b) e g) do artigo 84.1 co seguinte teor literal:

«a) As sociedades reitoras dos mercados secundarios oficiais, as entidades reitoras dos sistemas multilaterais de negociación e as sociedades que administren sistemas de rexistro, compensación e liquidación de valores que se creen ao abeiro do previsto nesta lei. Queda excluído o Banco de España.

b) A sociedade de sistemas, as entidades de contrapartida central, a sociedade de bolsas e as sociedades que teñan a titularidade da totalidade das accións ou dunha participación que atribúa o control, directo ou indirecto, das entidades previstas na letra anterior.»

«g) Aqueles que, non estando incluídos nas letras precedentes, desempeñen a condición de membro dalgún mercado secundario oficial ou dos sistemas de compensación e liquidación das súas operacións.»

Oito. Engádese unha nova letra c bis) ao artigo 84.2 co seguinte teor literal:

«c bis) As sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo en canto presten servizos de investimento.»

Nove. O artigo 85.2 queda redactado como segue:

«2. Na forma e coas limitacións establecidas no ordenamento xurídico, as facultades de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores incluírán polo menos as seguintes potestades:

a) Acceder a calquera documento baixo calquera forma e recibir unha copia del;

b) Requirir de calquera persoa a remisión de información no prazo que razoablemente fixe a Comisión Nacional do Mercado de Valores e, se é necesario, citar e tomar declaración a unha persoa para obter información;

c) Realizar inspeccións con presenza física en calquera oficina ou dependencia;

d) Requirir os rexistros telefónicos e de tráfico de datos de que dispoñan;

e) Requirir o cesamento de toda práctica que sexa contraria ás disposicións establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento;

f) Solicitar o embargo ou a conxelación de activos;

g) Exixir a prohibición temporal para exercer actividade profesional;

h) Solicitar dos auditores das empresas de servizos de investimento e das entidades do artigo 84.1.a) e b) calquera información que obtivesen no exercicio da súa función;

i) Adoptar calquera tipo de medida para asegurarse de que as persoas e entidades sometidas á súa supervisión cumpren coas normas e disposicións aplicables, ou cos requirimentos de emenda ou corrección realizados, e poderán exixir a tales persoas e entidades, para tal fin, a achega de informes de expertos independentes, auditores ou dos seus órganos de control interno ou cumprimento normativo;

j) Acordar a suspensión ou limitación do tipo ou volume das operacións ou actividades que as persoas físicas ou xurídicas poidan facer no mercado de valores;

k) Acordar a suspensión ou exclusión da negociación dun instrumento financeiro, xa sexa nun mercado secundario oficial ou nun sistema multilateral de negociación;

l) Remitir asuntos para o seu procesamento penal;

m) Autorizar auditores ou expertos para levar a cabo verificacións ou investigacións, de acordo co previsto na letra c) do punto 4 do artigo 91;

n) No exercicio da función de comprobación da información periódica a que se refire o artigo 35.4 desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá:

1.º Solicitar dos auditores de contas dos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea, mediante requirimento escrito, cantas informacións ou documentos sexan necesarios, de conformidade co establecido na Lei 19/1988, do 11 de xullo, de auditoría de contas.

A revelación polos auditores de contas das informacións requiridas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores conforme o disposto neste artigo non constituirá incumprimento do deber de segredo.

2.º Exixir aos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea a publicación de informacións adicionais, conciliacións, correccións ou, de ser o caso, reformulacións da información periódica.

As medidas a que se refiren as letras e), g), i), j) e k) poderanse adoptar como medida cautelar no transcurso dun expediente sancionador ou como medida á marxe do exercicio da potestade sancionadora, sempre que sexa necesario para a eficaz protección dos investidores ou o correcto funcionamento dos mercados, e manteranse mentres permaneza a causa que as motivou.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá facer pública calquera medida adoptada como consecuencia do incumprimento das normas aplicables, a menos que a súa divulgación poida pór en grave risco os mercados de valores ou causar un prexuízo desproporcionado ás persoas afectadas.

Cando as medidas recollidas nas letras e), g), j) e n) se exerzan sobre entidades suxeitas á supervisión do Banco de España, xa sexa con carácter cautelar nun procedemento sancionador, xa sexa á marxe do exercicio da potestade sancionadora, deberán ser notificadas con carácter previo ao citado organismo.

Así mesmo, cando se trate das medidas recollidas na letra f) será preceptivo o informe previo do dito organismo.»

Dez. O punto 3 do artigo 85 queda redactado como segue:

«3. En virtude do disposto no punto anterior, as persoas físicas e xurídicas enumeradas no artigo 84 quedan obrigadas a pór á disposición da Comisión cantos libros, rexistros e documentos, sexa cal for o seu soporte, esta considere precisos, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase, incluídas as conversas telefónicas de índole comercial que fosen gravadas co consentimento previo do cliente ou investidor.

As persoas físicas están obrigadas a comparecer ante citacións da Comisión para a toma de declaración.

Na medida en que sexa necesario para o eficaz exercicio por parte da Comisión das súas funcións de supervisión e inspección, as persoas ou entidades que presten calquera tipo de servizo profesional ás persoas comprendidas nos parágrafos anteriores están obrigadas a facilitar cantos datos e informacións lles sexan requiridos por esta, de conformidade co disposto, de ser o caso, na normativa específica que regule a súa profesión ou actividade.

Para tales efectos, o acceso ás informacións e datos requiridos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores no exercicio das súas funcións de inspección e supervisión está amparado polo artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos a que se acceda unicamente se empregarán para o exercicio das mencionadas potestades nos termos previstos nesta lei.

Os órganos e organismos de calquera Administración pública; as cámaras e corporacións, colexios, consellos de colexios e asociacións profesionais; as demais entidades públicas, incluídas as entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e quen, en xeral, exerza funcións públicas, estarán obrigados a colaborar e subministrar á Comisión Nacional do Mercado de Valores cantos datos, documentos, rexistros, informes e antecedentes resulten necesarios para o exercicio pola



Comisión Nacional do Mercado de Valores das funcións recollidas no artigo 13 desta lei, sexa cal for o seu soporte, a través dos requirimentos concretos e no prazo indicado, e a prestarlle o concurso, auxilio e protección para o exercicio das súas funcións.

Así mesmo, as actuacións de comprobación e investigación, incluída a toma de declaración, poderanse desenvolver, á elección dos servizos da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da entidade ou persoa inspeccionada ou do seu representante.

b) Nos propios locais da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou doutros organismos da Administración.

Cando as actuacións de comprobación e investigación se desenvolvan nos lugares sinalados na letra a) anterior, observarase a súa xornada laboral, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas e días.»

Once. Engádesse un punto 6 ao artigo 85 coa seguinte redacción:

«6. A Comisión Nacional do Mercado de Valores, no exercicio das facultades de supervisión e inspección recollidas nesta lei, poderá comunicar e requirir, ás entidades previstas nos artigos 64, 65, 84.1.a) e b), e 84.2 a), por medios electrónicos, as informacións e medidas recollidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. As entidades referidas terán obrigación de habilitar, no prazo que se fixe para iso, os medios técnicos requiridos pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para a eficacia dos seus sistemas de notificación electrónica, de conformidade co disposto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O sistema de notificación electrónica, que respectará os principios e garantías da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e do artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, permitirá acreditar a data e hora en que se produza a posta á disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como o acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación se entenderá practicada para todos os efectos legais. Cando, existindo constancia da posta á disposición do acto obxecto de notificación, transcorresen dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, entenderase que a notificación foi rexeitada cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992.»

Doce. Engádesse un punto 7 ao artigo 85 coa seguinte redacción:

«7. Os feitos constatados no exercicio das súas funcións de supervisión e inspección polo persoal da Comisión Nacional do Mercado de Valores debidamente autorizado polo seu consello, de acordo co Regulamento de réxime interior, terán valor probatorio sen prexuízo das probas que en defensa dos seus respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar as persoas ou entidades interesadas.»

Trece. O punto 2 do artigo 86 queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do establecido no título III do libro I do Código de comercio, facúltase o ministro de Economía e Facenda e, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores para, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, establecer e modificar en relación coas entidades citadas no punto anterior as normas contables e os modelos a que se deben axustar os seus estados financeiros, así como os referidos ao cumprimento dos coeficientes que se establezan, dispoñendo a frecuencia e o detalle con que os correspondentes datos deberán ser subministrados á Comisión ou facerse públicos

con carácter xeral polas propias entidades. Esta facultade non terá máis restricións que a existencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para todas as entidades dunha mesma categoría e semellantes para as diversas categorías. Así mesmo, facúltase o ministro de Economía e Facenda, e coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para regular os rexistros, bases de datos internos ou estatísticos e documentos que deben levar as entidades enumeradas no artigo 84.1 desta lei, así como, en relación coas súas operacións de mercado de valores, as demais entidades recollidas no artigo 65.»

Catorce. O punto 3 do artigo 87.bis queda redactado como segue:

«3. Así mesmo, cando unha empresa de servizos de investimento non cumpra coas exigencias que, contidas nesta lei ou na súa normativa de desenvolvemento, determinen requirimentos mínimos de recursos propios ou requiran unha estrutura organizativa ou mecanismos e procedementos de control interno, contables ou de valoración adecuados, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

a) Obrigar as empresas de servizos de investimento e os seus grupos a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facelo, polo menos, sempre que aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa da empresa de servizos de investimento ou nos procedementos e mecanismos de control interno, contables ou de valoración, incluíndo en especial os mencionados no artigo 70.3 desta lei, ou sempre que determine, de acordo co previsto no artigo 87.bis.1.c), que os sistemas e os fondos propios mantidos a que se refire o dito precepto non garanten unha xestión e cobertura sólidas dos riscos. En ambos os casos a medida deberá ser adoptada cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere improbable que a mera aplicación doutras medidas mellore as citadas deficiencias ou situacións nun prazo adecuado.

b) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que reforcen ou modifiquen os procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos ou as estratexias adoptados para o cumprimento das ditas exigencias organizativas ou de recursos.

c) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos a aplicación dunha política específica, ben de dotación de provisións, ben de repartición de dividendos ou doutro tipo de tratamento para os activos suxeitos a ponderación para efectos das exigencias de recursos propios, ben de redución do risco inherente ás súas actividades, produtos ou sistemas.

d) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das empresas de servizos de investimento. O disposto neste punto enténdese sen prexuízo da aplicación das sancións que en cada caso procedan de acordo cos preceptos establecidos nesta lei.»

Quince. Engádese unha letra II) ao artigo 90.4 co seguinte teor literal:

«II) As informacións que a Comisión Nacional do Mercado de Valores lles facilite ás autoridades supervisoras españolas en materia enerxética e ás autoridades supervisoras do mercado ibérico da enerxía eléctrica e que sexan necesarias para o cumprimento das súas funcións de supervisión dos ditos mercados. Para estes efectos, deberanse ter en conta os acordos de colaboración formalizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores con outras autoridades. A información comunicada só poderá ser divulgada mediante consentimento expreso da Comisión.»

Dezaseis. O artigo 95 queda redactado como segue:

«As persoas físicas e entidades ás cales resulten de aplicación os preceptos desta lei, así como quen desempeñe de feito ou de dereito cargos de administración ou dirección destas últimas, que infrinxan normas de ordenación ou disciplina do mercado de valores incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto neste capítulo.

Desempeñan cargos de administración ou dirección nas entidades a que se refire o parágrafo anterior, para os efectos do disposto neste capítulo, os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que, de feito ou de dereito, desenvolvan na entidade funcións de alta dirección.

Quen exerza na entidade cargos de administración ou dirección será responsable das infraccións moi graves ou graves cando estas sexan imputables á súa conduta dolosa ou negligente.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, serán considerados responsables das infraccións moi graves ou graves cometidas polas entidades os que exerzan nelas cargos de administración ou dirección, salvo nos seguintes casos:

1. Cando, quen forme parte de órganos colexiados de administración non asistise, por causa xustificada, ás reunións correspondentes ou votase en contra ou salvase o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.

2. Cando as ditas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, conselleiros delegados, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións similares na entidade.

Considéranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores as leis e disposicións administrativas de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades comprendidas no artigo 84.1 desta lei ou á actividade relacionada co mercado de valores das persoas ou entidades a que se refire o seu punto 2 e que sexan de obrigada observancia para elas. Entre as citadas disposicións administrativas entenderanse comprendidas as disposicións da Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas no artigo 15 desta lei.»

Dezasete. O artigo 97.1 queda redactado da seguinte forma:

«1. A competencia para a incoación, instrución e sanción nos procedementos sancionadores a que se refire este capítulo axustarase ás seguintes regras:

a) A incoación e instrución de expedientes corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores. A incoación de expedientes, cando afecte empresas de servizos de investimento autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea, comunicarase ás súas autoridades supervisoras, co fin de que, sen prexuízo das medidas cautelares e sancións que procedan conforme esta lei, adopten as que consideren apropiadas para que cese a actuación infractora ou se evite a súa reiteración no futuro.

b) A imposición de sancións por infraccións graves e leves corresponderá á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderá ao ministro de Economía e Facenda, por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, salvo a de revogación da autorización, que será imposta polo Consello de Ministros.

Cando a entidade infractora sexa unha entidade de crédito española ou unha sucursal dunha entidade de crédito dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, será preceptivo para a imposición da correspondente sanción por infraccións graves ou moi graves o informe do Banco de España.»

Dezaioito. O primeiro parágrafo do artigo 98.1 queda redactado como segue:

«1. En materia de procedemento sancionador, resultará de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades recollidas nos artigos 21 a 24 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, así como nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.»

Dezanove. O artigo 98.3 queda redactado da seguinte forma:

«3. A imposición das sancións farase constar no correspondente rexistro administrativo a cargo da Comisión Nacional do Mercado de Valores. As sancións de suspensión, separación e separación con inhabilitación, unha vez que sexan executivas, faranse constar ademais, de ser o caso, no Rexistro Mercantil.»

Vinte. As letras a), c), l bis), m), ñ), p), u), z bis), z ter) do artigo 99 quedan redactadas da seguinte forma e engádense seis novas letras c bis), c ter), c quáter), e quinquies), z quinquies) e z sexies):

«a) O exercicio, non meramente ocasional ou illado, polas entidades enumeradas no artigo 84.1 a) e b) ou polas sociedades xestoras dos fondos de garantía de investimentos de actividades sen autorización ou, en xeral, alleas ao seu obxecto social.

c) O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, polas entidades enumeradas no artigo 84.1 a) e b) das normas reguladoras dos ditos mercados ou sistemas, incluíndo os seus correspondentes regulamentos, ou das normas reguladoras das súas propias actividades.

c bis) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores polas entidades enumeradas no artigo 84.1.a) e b) no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto na lei e nas súas normas de desenvolvemento, ou que a dita comisión requira no exercicio das súas funcións, cando pola relevancia da información ou da demora en que se incorreu se dificultase gravemente a apreciación sobre a súa situación ou actividade, así como a remisión de información incompleta ou con datos inexactos ou non veraces, cando nestes supostos a incorrección sexa relevante.

c ter) O incumprimento polas entidades enumeradas no artigo 84.1 a) e b) das obrigacións relacionadas, en cada caso, coa autorización, aprobación ou non oposición aos seus estatutos, regulamentos ou con calquera outra materia sometida ao réxime anterior, prevista nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

c quáter) O incumprimento polas entidades enumeradas no artigo 84.1.a) e b) das exixencias de estrutura de capital ou nivel de recursos propios que lles sexan de aplicación, segundo o previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como o incumprimento das excepcións ou limitacións que sobre os seus prezos, tarifas ou comisións que se deban aplicar lles impoña a Comisión Nacional do Mercado de Valores.

e quinquies) A non adopción por unha empresa de servizos de investimento ou grupo consolidable, no prazo e nas condicións fixadas para o efecto pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, das medidas por esta requiridas de reforzamento ou modificación dos seus procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos ou estratexias para a tenza dunha estrutura organizativa ou de recursos adecuados, cando con iso se poña en risco a súa solvencia ou viabilidade.

l bis) A falta de remisión polas empresas de servizos de investimento á Comisión Nacional do Mercado de Valores de cantos datos ou documentos se lle deban remitir de acordo con esta lei e coas súas normas de desenvolvemento, ou que a dita comisión requira no exercicio das súas funcións, ou a súa remisión con

datos inexactos, non veraces ou enganosos, cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou do grupo consolidable ou conglomerado financeiro en que se integre.

m) O incumprimento por parte das entidades a que se refiren os artigos 35 e 86 desta lei da obrigación de someter as súas contas anuais e informes de xestión individuais e consolidados á revisión definida no artigo 35.1 por parte do auditor de contas; o incumprimento das obrigacións de remisión da información regulada prevista no artigo 35, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorreu, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira regulada con datos inexactos ou non veraces, ou de información enganosa ou que omita aspectos ou datos relevantes.

ñ) O incumprimento, por parte dos emisores de valores, da obrigación establecida no artigo 82, cando diso se puxese en grave risco a transparencia e integridade do mercado, o incumprimento dos requirimentos da Comisión Nacional do Mercado de Valores formulados en virtude do artigo 89, así como a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores de datos inexactos ou non veraces, ou a achega á esta de información enganosa ou que omita aspectos ou datos relevantes.

p) A inobservancia do deber de información previsto nos artigos 35 bis, 53, 53 bis e 83 bis.4 desta lei cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorreu.

u) A adquisición dunha participación significativa de control incumprindo o previsto nos artigos 31.6, 44 bis.3 e 69 desta lei; así como que o titular dunha participación significativa incorra no suposto de feito recollido no artigo 69.11 da lei.

z bis) A falta de medidas ou políticas de xestión de conflitos de interese ou a súa inaplicación, non ocasional ou illada, por parte de quen preste servizos de investimento ou, de ser o caso, polos grupos ou conglomerados financeiros en que se integren as empresas de servizos de investimento, así como o incumprimento das obrigacións previstas nos artigos 79, 79 bis desta lei ou a falta de rexistro de contratos regulado no artigo 79 ter.

z ter) A falta de políticas de xestión e execución de ordes de clientes así como a súa inaplicación, ou a súa aplicación sen obter o consentimento previo de clientes, cando nestes supostos o sexa de forma non ocasional ou illada.

z quinquies) O incumprimento das medidas cautelares aplicadas á marxe do exercicio da potestade sancionadora acordadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores e, en especial, as previstas nas letras e), g), i), j) e k) do artigo 85.2 desta lei.

z sexies) A ausencia dun departamento ou servizo de atención ao cliente.

Vinte e un. As letras a), b), j), k) e t) do artigo 100 quedan redactadas da seguinte forma e engádense tres novas letras ll bis), z quáter) e z quinquies):

«a) O nomeamento, polas entidades enumeradas no artigo 84.1 a), b) e f) de administradores ou directores xerais e asimilados, sen a aprobación previa da Comisión Nacional do Mercado de Valores ou, cando cumpra, da comunidade autónoma con competencias en materia de mercados de ámbito autonómico.

b) A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo a que se refire o artigo 116 desta lei, ou a existencia no dito informe de omisións ou datos falsos ou enganosos; o incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 113, 114 e 115 desta lei; e carecer as entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais dun comité de auditoría, nos termos establecidos na disposición adicional décimo oitava desta lei.

j) A falta de comunicación de informacións aos organismos reitores dos mercados secundarios oficiais ou sistemas multilaterais de negociación, nos casos en que a dita comunicación sexa preceptiva conforme esta lei, así como o

incumprimento das obrigacións de difusión e disposición pública de información contida nos artigos 35 e 35 bis, cando non constitúan infraccións moi graves conforme o artigo anterior.

k) A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 69.3 sen comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores, o incumprimento das obrigacións establecidas no artigo 69 bis, así como o aumento ou redución dunha participación significativa, incumprindo o previsto nos artigos 31.6, 44 bis 3 e 69.9 desta lei.

ll bis) A colocación de emisións a que se refire o artigo 30 bis.1 desta lei sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen a terse ás condicións básicas publicitadas, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria, cando, en todos estes supostos, a contía da emisión ou o número de investidores afectados non sexan significativos.

t) A inobservancia ocasional ou illada por quen preste servizos de investimento das obrigacións, regras e limitacións previstas no artigo 70 ter. 2 e 3, ou nos artigos 70 quáter, 79, 79 bis, 79 ter, 79 quinquies e 79 sexies.

z quáter) A superación por parte das empresas de servizos de investimento dos límites previstos aos grandes riscos, cando estes non se producen de forma sobrepada senón por accións ou decisións adoptadas pola propia entidade.

z quinquies) O mal funcionamento do departamento ou servizo de atención ao cliente.»

Vinte e dous O artigo 101 queda redactado da seguinte forma:

«1. Constitúen infraccións leves das entidades e persoas a que se refire o artigo 95 aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia comprendidos nas normas de ordenación e disciplina do mercado de valores que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos dous artigos anteriores.

2. En particular, e entre outras, son infraccións leves:

a) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto nesta lei ou requira no exercicio das súas funcións, así como faltar ao deber de colaboración ante actuacións de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores, incluíndo a non comparecencia ante unha citación para a toma de declaración, cando estas condutas non constitúan infracción grave ou moi grave, de acordo co previsto nos dous artigos anteriores.

b) O incumprimento singular no marco dunha relación de clientela das normas de condutas previstas no capítulo I do título VII desta lei.»

Vinte e tres. Engádese un novo artigo 101 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 101 bis.

As infraccións moi graves e graves prescribirán ao cinco anos e as leves aos dous anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción foi cometida. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consume.

A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e restablecerase o prazo de prescrición se o expediente sancionador permanece paralizado durante tres meses por causa non imputable a aqueles contra os que se dirixa.»

Vinte e catro. A letra h do artigo 102 queda redactada como segue:

«h) Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor en calquera entidade financeira, con inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección en calquera outra entidade das previstas nos artigos 84.1 e 84.2.b) e e) por prazo non superior a dez anos.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo artigo 106 ter co seguinte teor literal:

«1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves, graves ou leves determinaranse con base nos criterios recollidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os seguintes:

- a) A natureza e entidade da infracción.
- b) A gravidade do perigo ocasionado ou do prexuízo causado.
- c) As ganancias obtidas, de ser o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.
- d) A importancia da entidade correspondente, medida en función do importe total do seu balance.
- e) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sistema financeiro ou a economía nacional.
- f) A circunstancia de ter procedido á substancia da infracción por propia iniciativa.
- g) A reparación dos danos ou prexuízos causados.
- h) A colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que esta achegase elementos ou datos relevantes para o esclarecemento dos feitos investigados.

No caso de insuficiencia de recursos propios, as dificultades obxectivas que poidan ter concurrido para alcanzar ou manter o nivel legalmente exixido.

A conduta anterior da entidade en relación coas normas de ordenación e disciplina que a afecten, atendendo ás sancións firmes que lle fosen impostas, durante os últimos cinco anos.

2. Para determinar a sanción aplicable entre as previstas nos artigos 105 e 106 desta lei, tomaranse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a) O grao de responsabilidade nos feitos que conorra no interesado.
- b) A conduta anterior do interesado, na mesma ou noutra entidade, en relación coas normas de ordenación e disciplina, tomando en consideración para o efecto as sancións firmes que lle fosen impostas durante os últimos cinco anos.
- c) O carácter da representación que o interesado desempeñe.»

Vinte e seis. O parágrafo segundo do artigo 107 queda redactado nos seguintes termos:

«Será de aplicación ás entidades enumeradas no artigo 84.1.a), b), c), d), e) e f) o disposto para as entidades de crédito no artigo 17 e no título III da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito. A competencia para acordar as medidas de intervención ou substitución corresponderanlle á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

As resolucións da Comisión Nacional do Mercado de Valores que poñan fin ao procedemento serán susceptibles de recurso de alzada ante o ministro de Economía e Facenda.»

Vinte e sete. Engádesse un novo artigo 107 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 107 bis.

No caso de condutas tipificadas como infraccións leves de acordo co previsto no punto 2.b) do artigo 101, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, antes da incoación do expediente sancionador poderá, motivando a non afectación da conduta de maneira significativa aos intereses públicos protexidos por esta lei, requirir o presunto responsable para que nun prazo de 30 días:

1. Adopte as medidas oportunas para evitar a continuidade ou reiteración da conduta.
2. Indemnice, se os houber, os prexuízos patrimoniais causados coa súa conduta aos investidores cando sexan identificables, e.
3. Xustifique o completo cumprimento do previsto nos dous puntos anteriores.

O requirimento debidamente notificado interromperá o prazo de prescrición da infracción, que se restablecerá o día seguinte ao do vencemento do prazo establecido no propio requirimento.

O cumprimento e acreditación do exixido no requirimento será valorado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para os efectos de considerar totalmente satisfeitos os obxectivos da supervisión. »

Vinte e oito. Queda derogado o artigo 114.2 e 3.

Vinte e nove. Quedan derogados os artigos 116 e 116 bis.

Trinta. Engádesse unha nova disposición adicional vixésima, coa seguinte redacción:

«A Comisión Nacional do Mercado de Valores é a autoridade competente en España, para efectos do previsto no Regulamento 1060/2009/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre axencias de cualificación crediticia.»

Trinta e un. Engádesse unha disposición derradeira terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira terceira.

Os requisitos de información sobre o control interno previstos no artigo 61 bis.4, letra h) e na disposición adicional segunda da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas, letra i), serán exixibles a partir dos exercicios económicos que comecen o 1 de xaneiro de 2011, e o seu contido será incluído no informe anual de goberno corporativo que se publique en relación con eses exercicios.»

*Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 26/2003, do 17 de xullo, pola que se modifican a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e o texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, co fin de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas.*

Engádesse unha nova letra i) ao punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 26/2003, do 17 de xullo, co seguinte teor literal:

«i) Unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión de información financeira regulada.»



Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O punto 3 do artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«3. As operacións de transformación estarán suxeitas aos requisitos seguintes:

a) Autorización administrativa previa da CNMV de acordo co procedemento previsto no artigo 10 desta lei.

b) Acreditación, no momento da transformación, de que se reúnen as condicións específicas fixadas para a clase de IIC resultante.

c) Reforma dos estatutos sociais ou do regulamento de xestión, deixando constancia da operación no rexistro da CNMV correspondente e, tratándose de sociedades, previamente no Rexistro Mercantil.

d) Cando se trate de sociedades, o acordo de transformación deberase publicar na páxina web da sociedade ou da súa sociedade xestora ou, no seu defecto, en dous xornais de gran circulación na provincia respectiva. O rexistrador mercantil remitirá, de oficio, de forma telemática e sen ningún custo adicional, o acordo inscrito para a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil». Cando se trate de fondos, o acordo de transformación deberáselles comunicar aos partícipes para que, de ser o caso, exerzan os dereitos de separación que lles correspondan.

e) Presentación na CNMV da auditoría dos estados financeiros que servisen para acordar a transformación, pechados con data non anterior a tres meses desde a adopción do acordo de transformación.»

Dous. O punto 4 do artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

«4. No caso de fondos de investimento, o procedemento de fusión iniciarase logo de acordo da sociedade xestora ou, de ser o caso, das sociedades xestoras, e do depositario ou, de ser o caso, dos depositarios, das institucións que pretendan fusionarse, o cal, xunto co proxecto de fusión, se presentará ante a CNMV para a súa autorización. A autorización do proceso de fusión terá a consideración de feito relevante e deberá ser obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Estado» e en dous xornais de ámbito nacional ou na páxina web das súas respectivas xestoras. Así mesmo, a autorización deberá ser obxecto de comunicación aos partícipes de todos os fondos afectados, xunto co proxecto de fusión, nos 10 días seguintes ao da súa notificación.

Transcorrido o prazo dun mes desde a data dos anuncios ou desde a remisión da notificación individualizada, se esta fose posterior, a sociedade xestora ou, de ser o caso, as sociedades xestoras, e o depositario ou, de ser o caso, os depositarios, dos fondos executarán a fusión mediante o outorgamento do correspondente documento contractual e a súa inscrición no correspondente rexistro da CNMV. A ecuación de troco determinarase sobre a base dos valores liquidativos e número de participacións en circulación no peche do día anterior ao do outorgamento da escritura ou, de non se producir aquela, ao do outorgamento do documento contractual. Os estados financeiros que se incorporen á escritura ou, de ser o caso, ao documento contractual serán aprobados por persoa debidamente facultada da sociedade xestora e do depositario.»

Tres. O artigo 69 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 69. *Suxeitos.*

1. Quedan suxeitos ao réxime de supervisión, inspección e sanción desta lei:

a) As IIC previstas no artigo 2.1 desta lei.

b) As SXIIC españolas previstas no título IV desta lei e os seus axentes, competencia que se estende a calquera oficina ou centro dentro ou fóra do territorio español.

- c) Os depositarios de IIC.
- d) Quen realice operacións propias de calquera dos suxeitos anteriores e, en xeral, as restantes persoas físicas e xurídicas en canto se poidan ver afectadas polas normas desta lei e polas súas disposicións regulamentarias, en particular para os efectos de comprobar se infrinxen as reservas de actividade e denominación previstas no artigo 14.

2. No caso de persoas xurídicas, as facultades que corresponden á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co disposto nesta lei, poderanse exercer sobre quen ocupe cargos de administración, dirección ou asimilados a eles.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao artigo 70:

«Artigo 70. *Facultades da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. Corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores a supervisión e inspección das persoas físicas e entidades previstas no artigo 69 e a vixilancia do cumprimento das súas obrigacións.

2. As disposicións contidas nos artigos 85 e 90 da Lei do mercado de valores resultarán de aplicación ás funcións de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre as persoas e entidades suxeitas ao ámbito desta lei.

3. A supervisión e a inspección prevista neste artigo poderá versar, entre outras, sobre a situación legal, técnica, económico-financeira, de control interno, contable ou de valoración, así como sobre as condicións en que exercen a súa actividade, xa sexa con carácter xeral ou referidas a cuestións concretas.»

Cinco. Dáse unha nova redacción ao artigo 77:

«Artigo 77. *Responsabilidade.*

As persoas físicas ou xurídicas previstas no artigo 69, así como quen desempeñe cargos de administración ou dirección nelas, que infrinxan esta lei e a súa normativa de desenvolvemento, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto neste título, sen prexuízo da responsabilidade penal que, de ser o caso, corresponda.

Exercen cargos de administración ou dirección nas persoas xurídicas a que se refire o parágrafo anterior e para os efectos do disposto neste título os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración, así como os seus directores xerais ou asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que, de feito ou de dereito, desenvolvan na entidade funcións de alta dirección.»

Seis. O artigo 80 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 80. *Infraccións moi graves.*

Constitúen infraccións moi graves das persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 69 desta lei os seguintes actos ou omisións:

a) A omisión ou falsidade na contabilidade e na información que se debe facilitar ou publicar de conformidade con esta lei e coas normas de desenvolvemento, así como calquera incumprimento das obrigacións de remisión da información periódica cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.

Do mesmo xeito, constitúe infracción moi grave a subministración á Comisión Nacional do Mercado de Valores da información financeira regulada con datos inexactos ou non veraces, ou de información enganosa ou que omita aspectos ou datos, cando nestes supostos a corrección sexa relevante. A relevancia da

incorrección determinarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: que se poidan coñecer publicamente as circunstancias que permiten influír na apreciación do valor do patrimonio e nas perspectivas da institución, en particular os riscos inherentes que comporta, e que se poida coñecer se a institución cumpre ou non coa normativa aplicable.

Constitúe, así mesmo, infracción moi grave a falta de remisión ou a remisión con datos inexactos, non veraces ou enganosos á Comisión Nacional do Mercado de Valores de cantos datos ou documentos se lle deban remitir ou esta requira no exercicio das súas funcións cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, de ser o caso, da situación patrimonial das IIC xestionadas.

b) O investimento en calquera activo distinto dos autorizados legalmente ou dos permitidos polo folleto, os estatutos ou o regulamento da IIC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da IIC, prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes, ou se trate de incumprimento reiterado.

c) O incumprimento da obrigaón de someter a auditoría as contas.

d) A realización de operacións de préstamo bolsista ou de valores, así como a peñoración de activos, con infracción das cautelas que se determinen nas normas de desenvolvemento desta lei ou no folleto, estatutos ou regulamento da IIC.

e) O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, ou das condicións establecidas no folleto, estatutos ou regulamento da IIC, sempre que iso desvirtúe o obxecto da IIC ou prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes e terceiros, ou cando se trate dun incumprimento reiterado.

f) A compravenda das propias accións nas sociedades de capital variable e a emisión, reembolso ou traspaso de accións ou de participacións con incumprimento dos límites e condicións impostos por esta lei, as súas disposicións complementarias e os estatutos e regulamentos de xestión das institucións, cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes ou cando se trate dun incumprimento reiterado.

g) O incumprimento da reserva de actividade prevista nos artigos 14 e 40 desta lei, a realización polas SXIIC ou por calquera persoa física ou xurídica de actividades para as cales non estean autorizadas, así como a inobservancia por unha sociedade xestora ou polos seus axentes das regras que se establezan ao abeiro do artigo 40.3 desta lei.

h) A resistencia ou negativa á inspección establecida no artigo 70.

i) A realización de operacións de investimento con incumprimento dos principios establecidos no artigo 23 ou en contravención das condicións establecidas no folleto, estatutos ou regulamento da IIC.

j) A realización sen autorización das operacións recollidas nos artigos 25, 26 e 27, ou con incumprimento dos requisitos establecidos.

k) O incumprimento dos prazos de permanencia dos investimentos que se fixen regulamentariamente de acordo co previsto no 36.3 desta lei ou no folleto, estatutos ou regulamento da IIC.

l) O incumprimento polas sociedades xestoras que actúen no marco desta lei das obrigaóns en materia de valoración de inmobles que se establezan en desenvolvemento do preceptuado no artigo 36 desta lei.

m) A comercialización de accións ou participacións de IIC non inscritas no correspondente rexistro da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

n) O incumprimento, por parte das sociedades xestoras, das funcións e obrigaóns recollidas no artigo 46, sempre que comporten un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.

ñ) O incumprimento por parte dos depositarios das funcións e obrigaóns recollidas nos artigos 60 e 62 desta lei, sempre que comporten un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.

o) A falta de procedementos aos cales se refire o artigo 43.1.j) desta lei ou a presentación por parte das sociedades de investimento ou das sociedades xestoras de deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno, incluídos os relativos á xestión dos riscos cando tales deficiencias poñan en perigo a solvencia ou a viabilidade da entidade, ou cando se prexudique gravemente ou se poñan en risco os intereses de partícipes ou accionistas.

p) O mantemento polas SXIIC durante un período de seis meses duns recursos propios inferiores aos exixidos pola normativa.

q) A ausencia dun departamento de atención ao cliente nos termos previstos no artigo 48.

r) A realización de operacións vinculadas con incumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 67.3, 67.4 e 67.5 desta lei e nas normas de desenvolvemento, cando fosen exixibles, sempre que prexudiquen gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

s) O incumprimento das normas de separación do depositario e a sociedade encargada da xestión da IIC, establecidas no artigo 68 desta lei e nas normas de desenvolvemento, sempre que se prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.

t) A comisión de infraccións graves cando, durante os cinco anos anteriores á súa comisión, lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

u) A realización de actuacións ou operacións prohibidas por normas reguladoras do réxime de IIC ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado.

v) O incumprimento do disposto no artigo 28 bis desta lei e nas súas normas de desenvolvemento cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou cando se trate dunha conduta reiterada.

w) A obtención da autorización en virtude de declaracións falsas, omisións ou por outro medio irregular, ou o incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización cando neste último caso se produza prexuízo grave para os intereses de partícipes ou accionistas ou cando se trate dunha conduta reiterada.

x) A delegación das funcións das SXIIC con incumprimento das condicións impostas por esta lei e demais normas de desenvolvemento cando se prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou cando se trate dunha conduta reiterada ou cando diminúa a capacidade de control interno ou de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

y) O incumprimento das medidas cautelares ou aplicadas á marxe do exercicio da potestade sancionadora acordadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores.

z) O incumprimento dos compromisos asumidos polas SXIIC ou sociedades de investimento para emendar as deficiencias detectadas no ámbito da supervisión e inspección, cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas ou cando se trate dunha conduta reiterada.

z bis) O exceso nos límites ás obrigacións fronte a terceiros que se fixen regulamentariamente ou no folleto, estatutos ou regulamento da IIC cando iso prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes.

z ter) A valoración da activos propiedade das IIC apartándose do establecido pola normativa, cando iso prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas, cando se trate dunha conduta reiterada ou teña impacto substancial no valor liquidativo da IIC.

z quáter) A adquisición dunha participación significativa de control incumprindo o previsto no artigo 45 desta lei, así como que o titular dunha participación significativa incorra no suposto de feito recollido no artigo 45.10 desta lei e nas normas que o desenvolvan.»

Sete. O artigo 81 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 81. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

a) O incumprimento da obrigaón de posta á disposición aos socios, partícipes e público da información que se deba render conforme o disposto no artigo 18 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

b) Levar a contabilidade de acordo con criterios distintos dos establecidos legalmente, cando iso desvirtúe a imaxe patrimonial da entidade ou a IIC afectada, así como o incumprimento das normas sobre formulación de contas ou sobre o modo en que deban levar os libros e rexistros oficiais, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

c) O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

d) O exceso de investimento sobre os límites que se establezan regulamentariamente ao abeiro do artigo 30 e sobre os cales se establezan ao abeiro do disposto nos artigos 35 e 36, cando a infracción non se deba cualificar como leve.

e) O exceso nas limitacións ás obrigaóns fronte a terceiros que se fixen regulamentariamente ou no folleto, estatutos ou regulamento da IIC, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

f) O cargo de comisións por servizos que non fosen efectivamente prestados á institución, o cobramento das comisións non previstas ou con incumprimento dos límites e condicións impostos no artigo 8 desta lei, nas súas normas de desenvolvemento, estatutos ou regulamentos das institucións.

g) O incumprimento por parte das sociedades xestoras das funcións e obrigaóns recollidas no artigo 46, cando non deba ser cualificada como falta moi grave.

h) O incumprimento polo depositario das funcións e obrigaóns recollidas nos artigos 60 e 62 desta lei, cando non se deba cualificar como falta moi grave.

i) O cesamento ou diminución dunha participación significativa incumprindo o previsto no artigo 45.8.

i bis) A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 45.1 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores, así como o aumento ou redución dunha participación significativa incumprindo o previsto no artigo 45.3 e 45.8 desta lei e nas súas normas de desenvolvemento e a falta de comunicación periódica da estrutura accionarial.

i ter) A adquisición dunha participación como a descrita no artigo 45.2 desta lei.

j) A inobservancia do disposto no artigo 11.2.c), terceiro inciso, desta lei.

k) A comisión de infraccións leves cando, durante os dous anos anteriores á súa comisión, lle fose imposta ao infractor sanción firme polo mesmo tipo de infracción.

l) A realización de actuacións ou operacións prohibidas por normas reguladoras do réxime de IIC ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, cando teña un carácter meramente ocasional ou illado.

m) A presentación por parte das sociedades de investimento ou das SXIIC de deficiencias na organización administrativa e contable ou nos procedementos de control interno ou de valoración, incluídos os relativos á xestión dos riscos, unha vez que transcorre o prazo concedido para o efecto para a súa emenda polas autoridades competentes e sempre que iso non constituía infracción moi grave.

n) A delegación das funcións da SXIIC con incumprimento das condicións impostas por esta lei e normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como moi grave.

ñ) O incumprimento das obrigacións de información á Comisión Nacional do Mercado de Valores e das condicións para retornar ao cumprimento que se establezan nas normas de desenvolvemento que se diten ao abeiro do artigo 43.1.e) desta lei, cando unha SXIIC presente un nivel de recursos propios inferiores ao mínimo exixible.

o) A realización de operacións vinculadas co incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 67.3, 67.4 e 67.5 desta lei e nas normas de desenvolvemento, cando fosen exixibles e non se deban cualificar como infracción moi grave.

p) O incumprimento das normas de separación do depositario e a sociedade xestora ou sociedade de investimento, establecidas no artigo 68 desta lei e en normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como moi grave.

q) A realización de publicidade con incumprimento do previsto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

r) O incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

s) O incorrecto funcionamento do departamento de atención ao cliente.

t) O investimento en calquera activo distinto dos autorizados pola normativa aplicable ou dos permitidos polo folleto, estatutos, ou regulamento da IIC, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

u) A compravenda das propias accións nas sociedades de capital variable e a emisión, reembolso ou traspaso de accións ou participacións con incumprimento dos límites e condicións impostos por esta lei e as súas normas de desenvolvemento e os estatutos e regulamentos de xestión das institucións, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

v) A valoración da activos propiedade das IIC apartándose do establecido pola normativa, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

w) A efectiva administración ou dirección das persoas xurídicas sinaladas no artigo 69 desta lei por persoas que non exerzan de dereito nelas un cargo da dita natureza.

x) A realización, con carácter ocasional ou illado, polas SXIIC ou sociedades de investimento de actividades para as cales non están autorizadas.

y) O uso indebido das denominacións a que se refiren o artigo 14 e 40.7 desta lei e normas de desenvolvemento.

z) O incumprimento dos compromisos asumidos pola SXIIC ou sociedades de investimento para emendar as deficiencias detectadas no ámbito da supervisión e inspección, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

z bis) O incumprimento do disposto no artigo 28 bis desta lei e nas súas normas de desenvolvemento, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.»

Oito. O artigo 82 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 82. Infraccións leves.

1. Son infraccións leves:

a) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións se lle deban remitir en virtude do disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento ou requira no exercicio das súas funcións, así como faltar ao deber de colaboración ante actuacións de supervisión da Comisión, incluíndo a non comparecencia ante unha citación para a toma de declaración, cando estas condutas non constituían infracción grave ou moi grave de acordo co previsto nos dous artigos anteriores.

b) A demora na publicación ou remisión da información que, de conformidade co disposto nesta lei, se deberá difundir entre os socios, partícipes e público en xeral, cando non se deba cualificar como infracción moi grave.

c) O exceso de investimento sobre os límites que se establezan regulamentariamente e en normas de desenvolvemento ao abeiro do artigo 30 e sobre os cales se establezan ao abeiro do disposto nos artigos 35 e 36, sempre que o exceso teña carácter transitorio e non exceda o 20 por cento dos límites legais.

Cando o exceso se refira aos coeficientes establecidos nos artigos 35 e 36 desta lei e normas de desenvolvemento, entenderase que un exceso é transitorio cando se dean as tres circunstancias seguintes:

1.º Que o exceso non se prolongue durante máis de cinco días hábiles nun período de rendición de información dos que se establezan no desenvolvemento regulamentario desta lei.

2.º Que o exceso non se produza máis dunha vez no mesmo período.

3.º Que esta situación non se reitere en máis de dous períodos nun exercicio.

Cando se refira aos coeficientes que se establezan ao abeiro do disposto no artigo 30, considerarase que un exceso é transitorio se non se prolonga máis de seis meses nun período dun ano.

d) O incumprimento singular no marco dunha relación de clientela das normas de conduta previstas no capítulo I do título VII da Lei do mercado de valores e nas súas normas de desenvolvemento.

e) Aqueles incumprimentos dos previstos no artigo 81. c), d), e), f), g), l), t), u) e v) da lei, que pola súa singularidade e escasa transcendencia non se deban cualificar como graves.

f) Constitúe, así mesmo, infracción leve calquera incumprimento desta lei e das súas normas de desenvolvemento que non constituía infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos puntos anteriores.»

Novo. O punto 3 do artigo 83 queda redactado da seguinte forma:

«3. A prescrición interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e restablecerase o prazo de prescrición se o expediente sancionador permanece paralizado durante seis meses por causa non imputable a aqueles contra os cales se dirixa.»

Dez. O artigo 88 queda redactado como segue:

«Artigo 88. Criterios para a determinación das sancións.

1. As sancións aplicables en cada caso pola comisión de infraccións moi graves ou leves determinaranse con base nos criterios recollidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e os seguintes:

a) A natureza e entidade da infracción.

b) A gravidade do perigo ocasionado ou do prexuízo causado.

c) As ganancias obtidas, de ser o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.

d) A importancia da IIC correspondente, medida en función do importe total do patrimonio ou do capital.

e) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sistema financeiro ou a economía nacional.

f) A circunstancia de proceder á emenda da infracción por propia iniciativa.

g) En caso de incumprimento dos requisitos exixidos no título II, as dificultades obxectivas que poidan concorrer para alcanzar ou manter os niveis legalmente exixidos.

h) A conduta anterior da entidade en relación coas normas de ordenación e disciplina que a afecte, atendendo ás sancións firmes que lle fosen impostas, durante os últimos cinco anos.

- i) A reparación dos danos ou prexuízos causados.
- j) A colaboración coa Comisión Nacional do Mercado de Valores, sempre que esta achegase elementos ou datos relevantes para o esclarecemento dos feitos investigados.

2. Para determinar a sanción aplicable entre as previstas nos artigos 85.2 e.3 e 86.2 e.3 desta lei tomaranse en consideración, ademais, as seguintes circunstancias:

- a) O grao de responsabilidade nos feitos que concorran no interesado.
- b) A conduta anterior do interesado, na mesma ou noutra entidade, en relación coas normas de ordenación e disciplina, tomando en consideración para o efecto as sancións firmes que lle fosen impostas durante os últimos cinco anos.
- c) O carácter da representación que o interesado exerza.»

Once. Engádesse un novo artigo 88 bis coa seguinte redacción:

«No caso de condutas tipificadas como infraccións leves de acordo co previsto no artigo 82.d) e e) desta lei, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, antes da incoación dun expediente sancionador poderá, motivando a non afectación da conduta de maneira significativa aos intereses públicos protexidos por esta lei, requirir o presunto responsable para que nun prazo de 30 días:

- 1. Adopte as medidas oportunas para evitar a continuidade ou reiteración da conduta.
- 2. Indemnice, se os houber, os prexuízos patrimoniais causados coa súa conduta aos investidores cando sexan identificables.
- 3. Xustifique o completo cumprimento do previsto nos puntos anteriores.

O requirimento debidamente notificado interromperá o prazo de prescrición da infracción, que se restablecerá o día seguinte ao do vencemento do prazo establecido no propio requirimento.

O cumprimento e a acreditación do exixido no requirimento será valorado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, para os efectos de considerar totalmente satisfeitos os obxectivos da supervisión.»

Doce. As letras c) e d) do artigo 92 quedan redactadas da seguinte forma:

«c) A imposición de sancións por infraccións moi graves corresponderá ao ministro de Economía e Facenda por proposta da Comisión Nacional do Mercado de Valores, salvo a imposición de sanción de revogación de autorización, que corresponderá ao Consello de Ministros.

d) Cando unha entidade infractora sexa unha entidade de crédito ou unha sucursal dunha entidade de crédito dun Estado que non sexa membro da Unión Europea, para a imposición da correspondente sanción por infraccións graves ou moi graves será preceptivo o informe previo do Banco de España.

O prazo para tramitar o procedemento sancionador quedará suspendido polo tempo que medie entre a solicitude do informe ao Banco de España e a súa recepción.»

Trece. O artigo 93 queda redactado da seguinte forma:

«En materia de procedemento sancionador, resultará de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades recollidas no artigo 20 a 24, 26 e 27 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, así como nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.»



Catorce. Engádesse unha disposición transitoria sétima, coa seguinte redacción:

«A publicación nun ou varios diarios da substitución ou cambio de control da sociedade xestora, así como das operacións de disolución, liquidación, transformación, fusión, escisión e traspaso da IIC reguladas no capítulo V do título II desta lei, ou da convocatoria das xuntas xerais de accionistas, cando sexa exixida por unha disposición de rango legal ou regulamentario, poderá ser substituída pola publicación na web da súa sociedade xestora ou, de ser o caso, na da sociedade de investimento, ademais de se publicar o correspondente feito relevante, que será incluído no informe periódico inmediato para a súa información aos partícipes ou accionistas.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.*

A Lei 25/2005, do 24 de novembro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras, queda modificada da seguinte maneira:

Un. O parágrafo segundo do artigo 49.2 queda redactado da seguinte forma:

«Desempeñan cargos de administración ou dirección nas entidades a que se refire o parágrafo anterior, para os efectos do disposto neste título, os seus administradores ou membros dos seus órganos colexiados de administración, así como os seus directores xerais e asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados del.»

Dous. O punto 3 do artigo 50 queda redactado como segue:

«3. As actuacións de comprobación poderanse desenvolver, á elección dos servizos da Comisión Nacional do Mercado de Valores:

- a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da entidade inspeccionada ou do seu representante.
- b) Nos propios locais da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Tres. Engádesse un novo punto 7 ao artigo 50 co seguinte teor literal:

«7. Resultarán de aplicación ás funcións de supervisión e inspección da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre as entidades suxeitas ao ámbito desta lei as disposicións contidas no artigo 70 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Catro. O punto 1 do artigo 51 queda redactado da seguinte forma:

«1. En materia de procedemento sancionador, resultará de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o seu desenvolvemento regulamentario, coas especialidades recollidas nos artigos 15, 19 a 25, e 27 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, así como nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.»

Cinco. Engádesse unha nova letra i) ao artigo 52.1 co seguinte teor literal:

«i) A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores de cantos documentos ou informacións se lle deban remitir, ou que aquela requira no exercicio das súas funcións, cando con iso se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, de ser o caso, da situación patrimonial das entidades xestionadas.»

Seis. Suprímese a letra h) do artigo 52.2 e danse novas letras ás anteriores letras i) e j):

«h) Incumprir as normas de conduta cando non constitúan infraccións moi graves.

i) As infraccións leves cando, durante os dous anos anteriores á súa comisión, o infractor fose obxecto de sanción firme polo mesmo tipo de infracción.»

Sete. O artigo 53.6 queda redactado nos seguintes termos:

«6. Co obxecto de gradación das sancións establecidas atenderase, coas necesarias especialidades, aos criterios recollidos no artigo 131.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como aos contidos no artigo 88 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Oito. Engádesse un novo artigo 55 co seguinte teor literal:

«Artigo 55. *Outras disposicións.*

En materia de prescrición de infraccións e sancións, de posible exención de responsabilidade administrativa, de imposición de multas coercitivas e de executividade das sancións que se impoñan conforme esta lei, resultará de aplicación o disposto respectivamente nos artigos 83, 90 e 94 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Disposición derradeira novena. *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros.*

A Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigacións de información dos intermediarios financeiros, queda modificada como segue:

Un. O punto 1 do artigo 10 bis queda redactado da seguinte maneira:

«1. Corresponderá ao Banco de España, na súa condición de autoridade responsable da supervisión das entidades de crédito e dos seus grupos consolidables:

a) Revisar os sistemas, sexan acordos, estratexias, procedementos ou mecanismos de calquera tipo, aplicados para dar cumprimento á normativa de solvencia contida nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan. Esta revisión incluírá as políticas e prácticas de remuneración a que se refire o punto 1 bis do artigo 30 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

b) Avaliar os riscos aos cales están ou poden estar expostos.

c) A partir da revisión e avaliación mencionadas nas letras precedentes, determinar se os sistemas mencionados na letra a) e os fondos propios mantidos garanten unha xestión e cobertura sólidas dos seus riscos.

d) Exixir a cada entidade de crédito que posúa normas de goberno que inclúan políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva para dar cumprimento á normativa que regulamentariamente se estableza.

e) Elaborar e publicar guías, dirixidas ás entidades e grupos supervisados, indicando os criterios, prácticas ou procedementos que considera adecuados para favorecer unha adecuada avaliación dos riscos a que están ou poidan estar expostos, así como o mellor cumprimento das normas de ordenación e disciplina dos suxeitos supervisados. Estas guías poderán incluír os criterios que o propio Banco de España seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión.

f) Elaborar e publicar guías, dirixidas ás entidades e grupos supervisados, indicando os criterios, prácticas ou procedementos que considera adecuados para garantir que as prácticas de remuneración derivan nuns incentivos de asunción de riscos compatibles cunha adecuada xestión do risco. Estas guías poderán incluír os criterios que o propio Banco de España seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión.

Para tal fin, o Banco de España poderá facer súas, e transmitiríllelas como tales ás entidades e grupos, as guías que, sobre as ditas cuestións, aproben os organismos ou comités internacionais activos na regulación e supervisión bancarias.

As análises e avaliacións mencionadas nas letras a) e b) anteriores actualizaranse con periodicidade, polo menos, anual.»

Dous. O punto 1 do artigo 10 ter queda redactado como segue:

«1. Os grupos consolidables de entidades de crédito e as entidades de crédito non integradas nun destes grupos consolidables farán pública, tan axiña como sexa viable, polo menos con periodicidade anual e debidamente integrada nun só documento denominado «información con relevancia prudencial», información concreta sobre aqueles datos da súa situación financeira e actividade nos cales o mercado e outras partes interesadas poidan ter interese co fin de avaliar os riscos a que se enfrontan, a súa estratexia de mercado, o seu control de riscos, a súa organización interna e a súa situación, co obxecto de dar cumprimento ás exixencias mínimas de recursos propios previstas nesta lei.

Tamén se publicará a seguinte información relativa ás prácticas e políticas de remuneración das entidades de crédito para aquelas categorías de empregados cuxas actividades profesionais poidan ter impacto nos seus perfís de risco:

- a) Información sobre o proceso de decisión utilizado para determinar a política de remuneración.
- b) Información sobre as características fundamentais do sistema de remuneración, en especial os que teñan carácter variable ou prevexan a entrega de accións ou dereitos sobre elas; e.
- c) Información respecto da relación entre remuneración, funcións desempeñadas, o seu desempeño e os riscos da entidade.

O Banco de España determinará a información mínima que deberá ser obxecto de publicación conforme os parágrafos anteriores. En todo caso, as entidades poderán omitir as informacións que non teñan importancia relativa e, coa oportuna advertencia, os datos que consideren reservados ou confidenciais; tamén poderán determinar o medio, lugar e modo de divulgación do citado documento.

Exceptúanse das obrigacións previstas neste artigo os grupos ou entidades de crédito individuais controlados por outras entidades de crédito ou sociedades financeiras de carteira autorizadas ou constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, salvo cando entre elas se encontre unha entidade de crédito importante, sexa de acordo co criterio que a autoridade responsable de supervisión consolidada do grupo lle comunicase ao Banco de España, sexa en criterio deste último, en atención á súa actividade en España ou á súa importancia relativa dentro do grupo.

Para eses mesmos efectos, os grupos e entidades adoptarán unha política formal para o cumprimento dos ditos requisitos de divulgación, a verificación da suficiencia e exactitude dos datos divulgados e da frecuencia da súa divulgación, e disporán de procedementos que permitan avaliar a adecuación desa política.

As mesmas obrigacións de divulgación serán exixibles, de forma individual ou subconsolidada, ás entidades de crédito españolas ou estranxeiras constituídas noutro Estado membro da Unión Europea, filiais de entidades de crédito españolas, nos casos en que o Banco de España así o considere en atención á súa actividade ou importancia relativa dentro do grupo. No caso de que a obrigación afecte filiais

estranxeiras, o Banco de España remitirá a correspondente resolución á entidade española dominante, que estará obrigada a adoptar as medidas necesarias para lle dar cumprimento efectivo.»

Tres. O punto 3 do artigo 11 queda redactado como segue:

«3. Con independencia do previsto nos puntos 1, 4, 5 e 6, e coa mesma finalidade prevista no punto 2, o Banco de España poderá, cando unha entidade de crédito non cumpra coas exixencias contidas neste título, ou noutras normas de ordenación e disciplina que determinen requirimentos mínimos de recursos propios ou de estrutura organizativa ou de control interno adecuados, adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

a) Obrigar as entidades de crédito e os seus grupos a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo.

O Banco de España deberá facelo, polo menos, sempre que aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa ou nos procedementos e mecanismos de control interno, incluíndo en especial os mencionados no artigo 6.4 desta lei, ou sempre que determine, de acordo co previsto no artigo 10 bis.1.c que os sistemas e os fondos propios mantidos a que se refire o dito precepto non garanten unha xestión e cobertura sólidas dos riscos. En ambos os casos, a medida deberá ser adoptada cando o Banco de España considere improbable que a mera aplicación doutras medidas mellore as ditas deficiencias ou situacións nun prazo adecuado.

b) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que reforcen os procedementos, mecanismos e estratexias adoptados para o cumprimento das ditas exixencias.

c) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos a aplicación dunha política específica, ben de dotación de provisións, ben doutro tipo de tratamento para os activos suxeitos a ponderación, para efectos das exixencias de capital, ben de redución do risco inherente ás súas actividades, produtos ou sistemas.

d) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das entidades.

e) Requirirlles ás entidades de crédito que limiten as remuneracións variables cando sexan incoherentes co mantemento dunha base sólida de capital.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

Un. A letra e) do artigo 5 queda modificada como segue:

«e) A realización de actos ou operacións con incumprimento das normas ditas ao abeiro do número 2 do artigo 28 desta lei ou ao abeiro do número 2 do artigo 29 da Lei de economía sustentable.»

Dous. Engádesse unha nova letra x) ao artigo 5, co teor literal seguinte:

«x) A ausencia ou mal funcionamento dos departamentos ou servizos de atención ao cliente, neste último caso unha vez que, transcorrido o prazo concedido para o efecto polo Banco de España, non se procedese á emenda das deficiencias detectadas por este.»

Tres. O artigo 9, letra a), queda modificado como segue:

«a) Multa por importe de ata o 1 por cento dos seus recursos propios ou ata 1.000.000 de euros se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra.»

Catro. O artigo 10, letra a), queda modificado como segue:

«a) Multa por importe de ata o medio por cento dos seus recursos propios, ou ata 500.000 euros se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra.»

Cinco. O artigo 11, letra b), queda modificado como segue:

«b) Multa por importe de ata 150.000 euros.»

Seis. A letra a) do artigo 12.1 queda modificada como segue:

«a) Multa a cada un deles por importe non superior a 500.000 euros.»

Sete. A letra c) do artigo 13.1 queda modificada como segue:

«c) Multa a cada un deles por importe non superior a 250.000 euros.»

Oito. O artigo 29.1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As persoas ou entidades que infrinxan o disposto no artigo anterior, así como os seus administradores de feito ou de dereito ou os seus accionistas, incorrerán na comisión dunha infracción moi grave e serán sancionados con multa por importe de ata 500.000 euros. Se, unha vez requiridas para que cesen inmediatamente na utilización das denominacións ou na realización das actividades, continúan utilizándoas ou realizándoas, serán sancionadas con multa por importe de ata 1.000.000 de euros, que poderá ser reiterada con ocasión de posteriores requirimentos.»

Nove. O punto 1 bis do artigo 30 bis queda redactado como segue:

«1 bis. As entidades de crédito e os grupos consolidables de entidades de crédito disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, dunha estrutura organizativa adecuada, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar expostos, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables sólidos e políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva.

Como parte deses procedementos de goberno e estrutura organizativa, as entidades de crédito e grupos consolidables de entidades de crédito que presten servizos de investimento deberán respectar os requisitos de organización interna recollidos no artigo 70 ter.2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, coas especificacións que regulamentariamente se determinen.

A adopción de tales medidas enténdese sen prexuízo da necesidade de definir e aplicar aquelas outras políticas e procedementos de organización que, en relación específica coa prestación de servizos de investimento, resulten exixibles ás ditas entidades en aplicación da normativa específica do mercado de valores.»

Dez. Engádese un novo parágrafo terceiro no punto 1 bis do artigo 43 bis co seguinte teor literal:

«Para tales efectos, o acceso ás informacións e datos requiridos polo Banco de España está amparado polo artigo 11.2.a) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.»

Once. Engádese un novo punto 1 ter no artigo 43 bis co seguinte teor literal:

«1 ter. Nos termos previstos polo artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os órganos e organismos de calquera Administración pública quedan suxeitos ao deber de colaborar co Banco de España e están obrigados a proporcionar, por requirimento deste e en prazo, toda clase de datos e informacións de que dispoñan e poidan resultar necesarios para o exercicio por parte deste das funcións que lle confire a normativa vixente.»

Doce. Engádesse un novo punto 1 quáter no artigo 43 bis co seguinte teor literal:

«1 quáter. O Banco de España poderá comunicar e requirir ás entidades suxeitas ás súas facultades de supervisión, inspección e sanción previstas nesta lei, por medios electrónicos, as informacións e medidas recollidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. As entidades referidas terán obrigaón de comunicarse co Banco de España a través de, e habilitar, no prazo que se fixe para iso, os medios técnicos requiridos polo Banco de España para a eficacia dos seus sistemas de comunicación electrónica, nos termos que este adopte para o efecto.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.*

O artigo 30 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Presentación de reclamacións ante o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós.*

1. Os servizos de reclamacións do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós atenderán as queixas e reclamacións que presenten os usuarios de servizos financeiros que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos, e que deriven de presuntos incumprimentos polas entidades reclamadas, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos financeiros.

Os servizos de reclamacións atenderán tamén as consultas que formulen os usuarios de servizos financeiros sobre as normas aplicables en materia de transparencia e protección á clientela, así como sobre as canles legais existentes para o exercicio dos seus dereitos.

A organización e o funcionamento dos servizos de reclamacións axustaranse aos principios de independencia, transparencia, contradición, eficacia, legalidade, liberdade e representación.

Os servizos de reclamacións funcionarán baixo o principio de portelo único e deberán remitir ao competente as reclamacións que non sexan da súa competencia.

Os servizos de reclamacións informarán os servizos de supervisión correspondentes cando aprecien indicios de incumprimentos graves ou reiterados das normas de transparencia e protección á clientela ou das boas prácticas e usos financeiros por parte dunha mesma entidade.

2. Os servizos de reclamacións do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós resolverán as queixas e reclamacións a que se refire o punto anterior, mediante informes motivados, que non terán en ningún caso carácter de acto administrativo impugnabile.

3. O ministro de Economía e Facenda desenvolverá o procedemento de presentación de reclamacións ante os servizos de reclamacións do Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, que se deberá axustar ás seguintes regras:

a) Para a admisión e tramitación de reclamacións será imprescindible acreditar telas formulado previamente, por escrito dirixido ao departamento ou servizo de atención ao cliente ou, de ser o caso, ao defensor do cliente da entidade contra a cal se reclame. Estes deberán avisar da recepción por escrito das reclamacións que se lles presenten e resolvelas ou denegalas igualmente por escrito e motivadamente. Así mesmo, o reclamante deberá acreditar que transcorreu o prazo de dous meses

desde a data de presentación da reclamación sen que fose resolta ou que foi denegada a admisión da reclamación ou desestimada a súa petición.

b) Recibida a reclamación polo servizo de reclamacións competente por razón da materia, verificarase a concorrencia das circunstancias previstas nos puntos anteriores e, de se cumpriren os requisitos necesarios, procederase á apertura dun expediente por cada reclamación, no cal se incluírán todas as actuacións relacionadas con ela; en caso contrario, requirirase o reclamante para completar a información no prazo de dez días, con apercibimento de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa reclamación.

c) Formulado o correspondente informe, e se este fose desfavorable á entidade reclamada, esta estará obrigada a informar o servizo de reclamacións competente se procedeu á rectificación voluntaria nun prazo non superior a un mes desde a súa notificación.

4. O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicarán anualmente unha memoria dos seus respectivos servizos de reclamacións, na cal, polo menos, se deberá incluír o resumo estatístico das consultas e reclamacións atendidas e os criterios mantidos por estes servizos, en relación coas materias sobre as cales versan as reclamacións presentadas, así como as entidades afectadas, con indicación, de ser o caso, do carácter favorable ou desfavorable do informe.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.*

Modifícase a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados nos seguintes termos:

Un. Dáse nova redacción ao punto 1 do artigo 4:

«1. As entidades aseguradoras poderán aceptar a cobertura de riscos, sen intervención de mediador de seguros privados.

Sen prexuízo dos contratos de axencia celebrados conforme esta lei, as entidades aseguradoras que cumpran os requisitos legalmente exixidos para operar en España tamén poderán celebrar contratos consistentes na prestación de servizos para a distribución, baixo a súa responsabilidade civil e administrativa, das súas pólizas de seguro por medio das redes de distribución de axentes de seguros exclusivos doutras entidades aseguradoras, as cales deberán garantir que posúen os coñecementos necesarios para o exercicio da súa actividade, en función dos seguros que medien.

Os ditos contratos deberán ser presentados polas entidades que os celebren na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para a súa toma de razón no rexistro previsto no art. 52 desta lei, e deberán indicar, polo menos, as entidades aseguradoras afectadas, composición da rede cedida, o ámbito, a duración, os ramos ou contratos de seguro ou clase de operacións que comprende, as obrigacións das partes, os movementos económicos e financeiros das operacións e as mencións que se deben incluír nos documentos contractuais e publicitarios.

Cando as entidades aseguradoras cedente e cesionaria formen parte do mesmo grupo consolidable de entidades aseguradoras, deberase indicar no contrato de distribución a esta circunstancia e incluír a denominación do grupo a que pertencen en toda a documentación mercantil e publicidade de mediación de seguros privados que realicen os axentes de seguros exclusivos.»

Dous. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Os auxiliares externos dos mediadores de seguros.*

1. Os mediadores de seguros poderán celebrar contratos mercantís con auxiliares externos que colaboren con eles na distribución de produtos de seguros actuando por conta dos ditos mediadores e poderán realizar traballos de captación da clientela, así como funcións auxiliares de tramitación administrativa, sen que estas operacións impliquen a asunción de obrigacións.

Serán auxiliares-asesores aqueles auxiliares externos que, ademais das actividades mencionadas no parágrafo anterior, presten por conta do mediador con quen subscribisen un contrato de auxiliar-asesor asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro, ou en caso de sinistro. O auxiliar-asesor persoa física, polo menos a metade das persoas que integren o órgano de dirección dos auxiliares-asesores que sexan persoas xurídicas, e aqueles dos seus empregados que presten asistencia na xestión, execución e formalización dos contratos de seguro ou en caso de sinistro deberán acreditar estar en posesión dos coñecementos adecuados e non incorrer en ningunha das incompatibilidades establecidas no punto 5 deste artigo.

Os mediadores de seguros comprobarán con anterioridade á celebración do contrato co auxiliar-asesor o cumprimento dos requisitos establecidos no parágrafo anterior.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán cumprir os programas de formación dos auxiliares-asesores en canto ao seu contido, organización e execución.

2. Os auxiliares externos non terán a condición de mediadores de seguros nin poderán asumir funcións reservadas por esta lei aos referidos mediadores, e desenvolverán a súa actividade baixo a dirección, responsabilidade e réxime de capacidade financeira do mediador de seguros para o cal actúen.

Os auxiliares-asesores deberanse identificar como tales e indicar tamén a identidade do mediador por conta do cal actúen. En virtude do contrato mercantil con este, a información que deberán proporcionar ao tomador de seguros será toda ou parte da establecida no artigo 42, sen que en ningún caso o tomador deixe de recibir esa información completa.

3. Os mediadores de seguros levarán un libro rexistro en que anotarán os datos persoais identificativos dos auxiliares externos, con indicación da data de alta e, de ser o caso, a de baixa, que quedará sometido ao control da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. Os auxiliares-asesores inscribíranse no Rexistro Administrativo de Auxiliares-Asesores. Faranse constar os datos identificativos, o número de rexistro, as datas de alta e de baixa e os mediadores aos cales auxilian. No caso de persoas xurídicas, ademais indícaranse os nomes das persoas físicas que integren o órgano de administración.

Os datos contidos no Rexistro Administrativo de Auxiliares-Asesores deberán estar actualizados e, para a súa inscrición no rexistro previsto no art. 52 desta lei, serán remitidos telematicamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por cada entidade aseguradora en relación cos auxiliares-asesores dos seus axentes exclusivos, e por cada axente vinculado, e corredor de seguros en relación cos seus respectivamente. O auxiliar-asesor non poderá iniciar a súa actividade ata que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o inscribíse no dito rexistro.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións determinará o contido e forma en que se deberá remitir esta información.

5. Un auxiliar externo dun mediador de seguros, persoa física ou xurídica, non poderá colaborar con outros mediadores de seguros de distinta clase á daquel que o contratou en primeiro lugar. Ademais, se é auxiliar externo dun axente exclusivo, só poderá colaborar con outros axentes exclusivos da mesma entidade aseguradora.»



Tres. Modifícase a redacción do punto 4 do artigo 13 nos seguintes termos:

«4. Os axentes de seguros exclusivos, persoas físicas e, polo menos, a metade das persoas que integran a dirección das sociedades de axencia de seguros exclusivos, posuirán os coñecementos necesarios para o exercicio da súa actividade, en función dos seguros que medien. Así mesmo, aquelas persoas que participen directamente na mediación dos seguros baixo a dirección daqueles deberán estar en posesión dos coñecementos necesarios para o exercicio da súa actividade e non deberán incorrer en ningunha das causas de incompatibilidade previstas no artigo 19 desta lei.»

Catro. Enumérase como punto 1 o vixente artigo 19 e incorpóranse dous novos puntos 2 e 3 nos seguintes termos:

«2. Os axentes de seguros exclusivos, persoa física ou xurídica, non poderán desempeñar cargos de administración ou dirección en sociedades que exerzan a actividade de axencia de seguros exclusiva, salvo que se adopten os mecanismos necesarios para garantir o respecto ao pacto de exclusividade que os caracteriza e sexa admitido polas entidades aseguradoras afectadas.

3. Nas sociedades de axencia de seguros exclusivos, as persoas que integren o órgano de dirección responsable da mediación de seguros non poderán desempeñar cargos de dirección ou de administración noutras sociedades de axencia exclusiva, en sociedades de axencia vinculada, en sociedades de corredoría de seguros ou en auxiliares externos duns ou outros, salvo que se adopten os mecanismos necesarios para garantir o respecto ao pacto de exclusividade e sexa admitido polas entidades aseguradoras afectadas.»

Cinco. Dáse nova redacción ás letras e), g) e h) do artigo 21.3.

«e) Os axentes de seguros vinculados disporán dun programa de formación para os empregados e auxiliares externos.

Así mesmo, as entidades aseguradoras adoptarán as medidas necesarias para a formación dos seus axentes de seguros vinculados e das persoas que integren o órgano de dirección previsto no segundo parágrafo da letra b) deste punto nos produtos de seguro mediados por estes.

A documentación correspondente aos programas de formación estará á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que poderá requirir que se efectúen as modificacións que resulten necesarias.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán cumprir os programas de formación dos axentes de seguros vinculados en canto ao seu contido, organización e execución.

g) Dispor dunha capacidade financeira que deberá en todo momento alcanzar o catro por cento do total das primas anuais percibidas, na forma que regulamentariamente se determine, salvo que contractualmente se pactase de forma expresa con todas e cada unha das entidades aseguradoras que os importes aboados pola clientela se realizarán directamente a través da domiciliación bancaria en contas abertas a nome daquelas, ou que, de ser o caso, o axente de seguros vinculado lle ofrezca ao tomador unha cobertura inmediata entregando o recibo emitido pola entidade aseguradora, e, nun e noutro caso, que as cantidades aboadas en concepto de indemnizacións serán entregadas directamente polas entidades aseguradoras aos tomadores de seguros, asegurados ou beneficiarios.

h) Acreditar que todas e cada unha das entidades aseguradoras con que vaia celebrar un contrato de axencia de seguros asumen a responsabilidade civil profesional derivada da súa actuación como axente de seguros vinculado, ou que o dito axente dispón dun seguro de responsabilidade civil profesional ou calquera outra garantía financeira que cubra en todo o territorio do Espazo Económico Europeo as responsabilidades que puideren xurdir por negligencia profesional, coa contía que regulamentariamente se determine, respecto da actividade sobre a cal non obtivese cobertura en virtude do contrato de axencia suscrito.»

Seis. O punto 4 do artigo 21 queda redactado así:

«4. A solicitude de inscrición como axente de seguros vinculado dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o anterior punto 3. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da dita solicitude. A inscrición especificará as entidades aseguradoras para as cales o axente de seguros vinculado poderá realizar a actividade de mediación de seguros. En ningún caso se producirá a inscrición en virtude do silencio administrativo, e a solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.»

Sete. No artigo 24 engádesse un novo punto 2, coa seguinte redacción, e renumérase o actual punto 2, que pasará a ser o 3:

«2. Os axentes de seguros vinculados, persoas físicas, non poderán desempeñar cargos de administración ou de dirección nas sociedades que exerzan a actividade de axencia de seguros exclusiva ou de corredoría de seguros ou de auxiliares externos duns e doutros.»

Oito. Modifícase o punto 1 do artigo 25:

«1. Terán a consideración de operadores de banca-seguros as entidades de crédito e as sociedades mercantís controladas ou participadas por estas conforme o indicado no artigo 28 desta lei que, mediante a celebración dun contrato de axencia de seguros cunha ou varias entidades aseguradoras e a inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, realicen a actividade de mediación de seguros como axente de seguros utilizando as redes de distribución das entidades de crédito. A entidade de crédito só poderá pór a súa rede de distribución á disposición dun único operador de banca-seguros.

Cando a actividade de mediación de seguros se realice a través dunha sociedade mercantil controlada ou participada pola entidade de crédito ou grupo de entidades de crédito, as relacións coa dita sociedade mercantil regularanse por un contrato de prestación de servizos consistentes na cesión da rede de distribución de cada unha das ditas entidades de crédito ao operador de banca-seguros para a mediación dos produtos de seguro. No dito contrato as entidades de crédito deberán asumir a obrigaçión de formación adecuada das persoas que forman parte da rede e que participen directamente na mediación dos seguros para o exercicio das súas funcións.

Para os efectos do previsto nesta lei entenderase por rede de distribución da entidade de crédito o conxunto de toda a súa estrutura da organización de medios persoais, oficinas operativas e axentes da entidade de crédito, de acordo co previsto na normativa de creación e réxime xurídico das entidades de crédito. Unha vez cedida a un operador de banca-seguros, a rede da entidade de crédito non se poderá fragmentar para que parte dela participe na mediación dos seguros como rede doutro operador de banca-seguros ou como auxiliar externo doutro mediador de seguros.

O operador de banca-seguros, no exercicio da actividade de mediación de seguros, someterase ao réxime xeral dos axentes de seguros que se regula na subsección 1.<sup>a</sup> e axustarase ao regulado, respectivamente, na subsección 2.<sup>a</sup> ou na subsección 3.<sup>a</sup> desta sección 2.<sup>a</sup>, segundo exerza como operador de banca-seguros exclusivo ou como operador de banca-seguros vinculado.»

Nove. O punto 2 do artigo 27 queda redactado da seguinte maneira:

«2. A solicitude de inscrición como corredor de seguros dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o punto anterior. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude de inscrición. En ningún caso se producirá a inscrición en virtude do silencio administrativo, e a solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.»

Dez. O punto 2 do artigo 35 queda redactado así:

«2. A solicitude de inscrición como corredor de reaseguros dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o punto anterior. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de entrada en calquera dos rexistros do Ministerio de Economía e Facenda. En ningún caso se producirá a inscrición en virtude do silencio administrativo, e a solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.»

Once. Modifícase o artigo 49, nos seguintes termos:

«Artigo 49. *Obrigacións contables e deber de información estatístico-contable.*

1. Unha vez iniciada a actividade de mediación de seguros ou de reaseguros, os corredores de seguros e os de reaseguros, os axentes e operadores de banca-seguros vinculados deberán levar os libros-rexistro contables e remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información estatístico-contable co contido e a periodicidade que regulamentariamente se determine.

2. O ministro de Economía e Facenda determinará os supostos e condicións en que os mediadores de seguros e os corredores de reaseguros a que se refire o punto anterior deberán presentar por medios telemáticos ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información que están obrigados a subministrar conforme a súa normativa específica.»

Doce. Modifícase a redacción do artigo 52.1:

«1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións levará o Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, en que se deberán inscribir, con carácter previo ao comezo das súas actividades, os mediadores de seguros, os seus auxiliares-asesores e os corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España sometidos a esta lei. No caso das persoas xurídicas, ademais, inscribíranse os administradores e as persoas que formen parte da dirección, responsables das actividades de mediación.

Tamén se tomará razón dos mediadores de seguros e de reaseguros domiciliados noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo que actúen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

No dito rexistro tomarase razón igualmente dos contratos de distribución a que se refire o art. 4.1 desta lei.

Este rexistro administrativo expresará as circunstancias que regulamentariamente se determinen e o acceso ao seu contido será xeral e gratuíto.»

Trece. Modifícase a redacción do parágrafo inicial do punto 1 do artigo 53:

«1. A cancelación da inscrición dos auxiliares-asesores, dos mediadores de seguros e dos corredores de reaseguros inscritos no Rexistro administrativo especial

de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos será acordada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando conorra algunha das seguintes causas:

Catorce. Modifícase a redacción da letra b) do artigo 53.1, e engádesse unha nova letra g):

«b) Cando o auxiliar-asesor, o mediador de seguros ou o corredor de reaseguros deixe de cumprir algún dos requisitos exixidos para figurar inscrito no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos.

g) Cando o mediador de seguros rescindise o contrato co seu auxiliar-asesor e se comunique a súa baixa no seu rexistro.»

Quince. Modifícase a redacción do artigo 54.1.

«1. As entidades aseguradoras, os axentes de seguros vinculados, os operadores de banca-seguros vinculados, os corredores de seguros e os corredores de reaseguros, así como os mediadores de seguros e de reaseguros domiciliados noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, así como quen exerza cargos de administración ou dirección de todos eles, que infrinxan normas sobre mediación en seguros e reaseguros privados incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto nos artigos seguintes.

Tamén serán responsables fronte á Administración as persoas que exerzan, por si ou a través de persoa interposta, actividades de mediación de seguros ou de reaseguros, sen cumpriren os requisitos legalmente exixidos ou excedendo as funcións previstas nesta lei, ou aquelas para as cales esta lei estableza prohibicións.

Consideraranse:

a) Cargos de administración: os administradores ou membros dos órganos colexiados de administración, e cargos de dirección: os seus directores xerais, director técnico ou asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que desenvolvan na sociedade de mediación funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración, de comisións executivas ou de conselleiros delegados daquel.

b) Normas sobre mediación de seguros e de reaseguros privados, as comprendidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento e, en xeral, as que figuren en leis e disposicións administrativas de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos á mediación en seguros privados e de obrigada observancia para quen concorre á dita actividade.»

Dezaseis. Modifícase a redacción da letra r) do artigo 55.2:

«r) A actuación de varios axentes de seguros exclusivos de distintas entidades aseguradoras en condicións tales que o resultado conxunto das súas actuacións supoña o exercicio de feito dunha actividade que apareza como corredoría de seguros ou axencia vinculada.»

Dezasete. A disposición adicional cuarta queda redactada como segue:

«1. Constitúe o feito impoñible da taxa:

a) A inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, das persoas que exerzan como axentes de seguros ou operadores de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, como corredores de seguros, como os seus auxiliares-asesores ou como corredores de reaseguros.

b) A inscrición dos cargos de administración e de dirección responsables das actividades de mediación de seguros ou de reaseguros das persoas xurídicas

inscritas como mediadores de seguros, os seus auxiliares-asesores ou corredores de reaseguros que, conforme esta lei e as súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, deban ser inscritos.

c) A inscrición dos actos relacionados cos anteriores, sempre que deban ser inscritos de acordo co exixido en normas sobre mediación de seguros e de reaseguros privados.

d) A expedición de certificados relativa á información incluída no rexistro a que se refire a letra a).

2. A taxa non será exixible nos supostos de inscricións relativas á cancelación da inscrición.

3. Será suxeito pasivo da taxa a persoa física ou xurídica a cuxo favor se practique a inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, e a persoa física ou xurídica solicitante dun certificado do dito rexistro.

4. A contía da taxa será:

a) Pola inscrición dun axente de seguros exclusivo ou dun auxiliar-asesor, persoa física, unha cota fixa de 11 euros.

b) Pola inscrición dun axente de seguros vinculado, dun corredor de seguros ou de reaseguros, persoas físicas, unha cota fixa de 63 euros.

c) Pola inscrición dunha sociedade de axencia de seguros ou dun operador de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, dunha sociedade de corredoría de seguros ou de reaseguros ou dun auxiliar-asesor persoa xurídica, unha cota fixa de 147 euros.

d) Unha cota fixa de 11 euros por cada alto cargo pola inscrición de cargos de administración e de dirección responsables das actividades de mediación de seguros ou de reaseguros das sociedades de axencia de seguros ou dos operadores de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, de corredoría de seguros ou de corredoría de reaseguros, e pola inscrición de cargos de administración e de dirección dos auxiliares-asesores.

e) Pola inscrición de calquera outro acto inscristible ou pola modificación dos inscritos, unha cota fixa de 11 euros por cada un deles.

f) Pola expedición de certificados relativos á información incluída no mencionado rexistro, unha cota fixa de 11 euros.

5. A taxa devengarase cando se presente a solicitude, que non se tramitará sen que se efectuase o pagamento correspondente.

6. O importe da taxa poderase recadar mediante autoliquidación, na forma e nos prazos que determine o ministro de Economía e Facenda.

7. A taxa correspondente á inscrición dos axentes de seguros exclusivos, dos operadores de banca-seguros exclusivos, dos cargos de administración e de dirección responsables das actividades de mediación de seguros, e dos auxiliares-asesores dos anteriores e dos seus cargos de administración e dirección será autoliquidada pola entidade aseguradora en cuxo rexistro de axentes figuren inscritos, en calidade de substituto do contribuínte.

8. A administración, liquidación e recadación en período voluntario da taxa corresponde á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. A recadación en período executivo corresponde á Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo coa lexislación vixente.

9. Os importes da taxa poderanse actualizar pola Lei de orzamentos xerais do Estado.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Modifícase o Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 8 do artigo 8, que queda redactado como segue:

«8. Os partícipes só poderán facer efectivos os seus dereitos consolidados nos supostos de desemprego de longa duración ou de enfermidade grave. Regulamentariamente determinaranse estas situacións, así como as condicións e os termos en que se poderán facer efectivos os dereitos consolidados en tales supostos. En todo caso, as cantidades percibidas nestas situacións suxeitaranse ao réxime fiscal establecido pola lei para as prestacións dos plans de pensións.

Os dereitos consolidados nos plans de pensións do sistema asociado e individual poderanse mobilizar a outro plan ou plans de pensións, por decisión unilateral do partícipe ou por perda da condición de asociado do promotor nun plan de pensións do sistema asociado ou por terminación do plan.

Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de pensións do sistema individual e asociado tamén se poderán mobilizar a outros plans de pensións por petición do beneficiario, sempre e cando as condicións de garantía e aseguramento da prestación así o permitan e nas condicións previstas nas especificacións dos plans de pensións correspondentes.

Os dereitos consolidados dos partícipes nos plans de pensións do sistema de emprego non se poderán mobilizar a outros plans de pensións, salvo no suposto de extinción da relación laboral e nas condicións que regulamentariamente se establezan, e só se estivese previsto nas especificacións do plan, ou por terminación do plan de pensións. Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de emprego non se poderán mobilizar, salvo por terminación do plan de pensións.

O partícipe ou beneficiario dun plan de pensións que decida mobilizar os seus dereitos deberase dirixir á entidade xestora do fondo de destino, á cal ordenará por un medio fidedigno a realización das xestións necesarias. A entidade xestora de destino deberá comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento para a mobilización de tales dereitos, e solicitar á xestora do fondo de orixe o traspaso dos dereitos indicándolle, polo menos, o plan e fondo de pensións de destino, o depositario deste e os datos da conta do fondo de pensións de destino a que se debe efectuar o traspaso. A entidade xestora de orixe, unha vez realizadas as comprobacións que xulgue necesarias, deberá ordenar a transferencia bancaria correspondente e remitir á xestora de destino toda a información financeira e fiscal necesaria para o traspaso.

A entidade xestora de destino conservará a documentación derivada das mobilizacións entre plans de pensións á disposición da entidade xestora de orixe, das entidades depositarias dos fondos de orixe e de destino, así como á disposición das autoridades competentes.

Regulamentariamente poderanse regular as condicións do procedemento e os prazos para tramitar e facer efectivas as mobilizacións de dereitos dos partícipes e beneficiarios nos termos necesarios que garantan a fiabilidade, transparencia e axilidade das mobilizacións, así como autorizar sistemas estandarizados coas debidas garantías de seguridade para a transmisión de información entre as entidades intervinientes e para a transferencia de efectivo.

Os dereitos consolidados do partícipe nun plan de pensións non poderán ser obxecto de embargo, traba xudicial ou administrativa, ata o momento en que se cause o dereito á prestación ou en que se fagan efectivos nos supostos de enfermidade grave ou desemprego de longa duración.»

Dous. Modifícase o punto 5 do artigo 9, que queda redactado da seguinte maneira:

«5. O sistema financeiro e actuarial dos plans de emprego de calquera modalidade e dos plans asociados de prestación definida e mixtos deberá ser revisado polo menos cada tres anos por actuario independente designado pola comisión de control, con encomenda expresa e exclusiva de realizar a revisión actuarial. Se, como resultado da revisión, se suscitase a necesidade ou conveniencia de introducir variacións nas achegas e contribucións, nas prestacións previstas ou noutros aspectos con incidencia no desenvolvemento financeiro-actuarial, someterase á comisión de control do plan para que propoña ou acorde o que xulgue procedente, de conformidade coa letra i) do punto 1 do artigo 6.

Determinarase regulamentariamente o contido e alcance da referida revisión actuarial, así como as funcións do actuario ao cal se encomende a revisión e que necesariamente deberá ser persoa distinta ao actuario ou actuarios que, de ser o caso, interveñan no desenvolvemento ordinario do plan de pensións.»

Tres. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Os fondos de pensións constituiranse, logo de autorización administrativa do Ministerio de Economía e Facenda, en escritura pública outorgada polas entidades promotora ou promotoras, xestora, depositaria e inscribíranse no Rexistro Mercantil e no rexistro especial administrativo establecido para o efecto. Os fondos de pensións carecerán de personalidade xurídica e serán administrados e representados conforme o disposto nesta lei.

2. A escritura de constitución do fondo de pensións deberá conter necesariamente as seguintes mencións:

a) A denominación ou razón social e o domicilio da entidade ou entidades promotoras, da xestora e depositaria, así como a identificación das persoas que actúan na súa representación no outorgamento.

b) A denominación do fondo, que deberá ser seguida, en todo caso, da expresión «fondo de pensións».

c) As normas de funcionamento do fondo, que especificarán, polo menos:

1.º O ámbito de actuación do fondo expresando a súa categoría como persoal ou de emprego conforme o previsto no punto 7 deste artigo.

2.º O procedemento para a elección e renovación e a duración do mandato dos membros da comisión de control do fondo, así como o funcionamento desta.

3.º A política de investimentos dos recursos achegados ao fondo.

4.º Os criterios de imputación de resultados, de conformidade co disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

5.º Os sistemas actuariais que se poden utilizar na execución dos plans de pensións.

6.º A comisión máxima que se lle deba satisfacer á entidade xestora.

7.º As normas de distribución dos gastos de funcionamento a que se refire o punto 6 do artigo 14 desta lei.

8.º Os requisitos para a modificación das normas de funcionamento e para a substitución das entidades xestora e depositaria de conformidade co establecido no artigo 23 desta lei.

9.º As normas que deban rexer a disolución e liquidación do fondo.

10.º As condicións de mobilización das contas de posición dos plans de pensións e os criterios de cuantificación destas.

11.º Calquera outro contido mínimo que se estableza regulamentariamente.

3. Con carácter previo á constitución do fondo o promotor ou promotores deberán solicitar da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a autorización administrativa do proxecto, a cuxos termos se acomodará, de ser o caso, a escritura

de constitución. O outorgamento da autorización en ningún caso poderá ser título que cause a responsabilidade da Administración do Estado.

4. Dentro do prazo de tres meses contados desde a notificación da autorización administrativa previa deberase formalizar a escritura de constitución do fondo e solicitar a súa inscrición no Rexistro Mercantil, de conformidade co disposto no artigo 11 bis desta lei. En caso contrario, transcorrido o dito prazo, quedará sen efecto a autorización previa concedida, salvo causa debidamente xustificada. Unha vez inscrito o fondo no Rexistro Mercantil, o rexistrador comunicarllo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para a súa inscrición no Rexistro Administrativo Especial de Fondos de Pensións conforme o procedemento establecido no artigo 11 bis.

A inscrición no rexistro administrativo exige o cumprimento previo de todos os requisitos de constitución exixidos por esta lei e as súas normas de desenvolvemento.

A inscrición ou denegación da inscrición do fondo de pensións no rexistro administrativo realizarase por resolución motivada da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Ningún fondo de pensións poderá integrar plans de pensións con anterioridade á súa inscrición no rexistro administrativo.

5. Crearanse na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións e o de Entidades Xestoras de Fondos de Pensións. Os fondos de pensións inscribíranse necesariamente no rexistro administrativo, no cal se farán constar a escritura de constitución e as modificacións posteriores. Ademais, deberase facer constar no rexistro administrativo o plan ou plans de pensións integrados no fondo de pensións, así como as sucesivas incidencias que os afecten.

As modificacións posteriores das normas de funcionamento do fondo de pensións non requirirán autorización administrativa previa, aínda que os acordos de modificación se deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións xuntando certificación deles e, posteriormente, unha vez outorgada a escritura pública correspondente, deberase presentar esta para a súa inscrición no Rexistro Mercantil e no Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións conforme o previsto no artigo 11 bis.

O establecido no parágrafo anterior será igualmente aplicable para o cambio de denominación do fondo de pensións e para a substitución ou nova designación de entidade xestora, depositaria ou promotora do fondo.

6. Queda reservada a denominación de "fondo de pensións", así como as súas siglas, aos constituídos conforme este artigo, sen prexuízo dos constituídos conforme a lexislación doutros Estados membros previstos na sección terceira do capítulo X desta lei.

7. Os fondos de pensións encadraranse necesariamente nunha das dúas categorías seguintes:

a) Fondos de pensións de emprego, cuxo ámbito de actuación se limitará ao desenvolvemento de plans de pensións do sistema de emprego exclusivamente.

b) Fondos de pensións persoais, cuxo ámbito de actuación se limitará ao desenvolvemento de plans de pensións do sistema asociado ou individual.

8. Poderanse constituír fondos de pensións que instrumenten un único plan de pensións.

9. En relación cos procesos de investimento desenvolvidos, os fondos de pensións poderanse encadrar dentro de dous tipos:

a) Fondo aberto, caracterizado por poder canalizar os investimentos doutros fondos de pensións.

b) Fondo pechado, que instrumenta exclusivamente os investimentos do plan ou plans de pensións integrados nel.



10. Nos fondos de pensións que integran plans de pensións de prestación definida e nos fondos de pensións abertos poderase requirir a constitución dun patrimonio inicial mínimo, segundo niveis fixados regulamentariamente, en razón das garantías exixidas para o seu correcto desenvolvemento financeiro.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 11 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 11 bis. *Inscripción dos fondos de pensións no Rexistro Mercantil e coordinación co Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións.*

1. No Rexistro Mercantil abrirase a cada fondo de pensións unha folla de inscrición en que se inscribirá:

- a) A constitución do fondo de pensións.
- b) Os acordos de delegación de facultades de representación do fondo.
- c) Os acordos de cambio de denominación do fondo e de modificación das súas normas de funcionamento.
- d) O cesamento, renuncia e substitución das entidades promotora, xestora e depositaria do fondo.
- e) Os nomeamentos e cesamentos dos membros da comisión de control do fondo.
- f) A disolución e liquidación do fondo de pensións.
- g) As medidas administrativas que afecten a entidade xestora ou os seus administradores, o fondo ou algún dos plans integrados nel, ou as comisións de control.

h) En xeral, os actos e contratos que modifiquen o contido dos asentos practicados ou cuxa inscrición estea prevista por disposicións con rango de lei.

As normas de funcionamento e as contas anuais do fondo de pensións serán obxecto de depósito no Rexistro Mercantil. Non se practicará ningún asento posterior ao da letra a) salvo as previstas na letra g) anterior, mentres non se expida na súa marxe nota acreditativa da inscrición do fondo no Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións. Dentro dos catro meses seguintes á data do asento de constitución do fondo no Rexistro Mercantil, sen que conste a súa inscrición no rexistro administrativo ou, de ser o caso, sen que se interpuxese recurso contra a resolución denegatoria, expresa ou por silencio, caducará aquel asento e poderá ser cancelado de oficio por nota marxinal.

2. A constitución do fondo de pensións, as modificacións das normas de funcionamento, a substitución de entidade promotora, xestora ou depositaria, e a disolución e liquidación do fondo inscribíranse no Rexistro Mercantil en virtude de escritura pública.

Para os demais actos bastarán certificacións dos acordos correspondentes expedidas polo órgano de administración ou apoderado da entidade xestora.

No caso de escrituras públicas, o notario remitiráas de forma telemática ao Rexistro Mercantil do domicilio social da entidade xestora do fondo para a súa inscrición, salvo que algunha das partes intervinientes no outorgamento non o autorice para iso. Neste caso, o notario entregará unha copia electrónica da escritura pública á entidade xestora, que a deberá remitir por medios telemáticos con sinatura electrónica ao Rexistro Mercantil para a súa inscrición.

Cando se trate de certificacións de acordos, estas serán remitidas ao Rexistro Mercantil pola entidade xestora de forma telemática con sinatura electrónica.

Nas remisións telemáticas de escrituras públicas e certificacións a que se refire este punto xuntarase a documentación adicional que, de ser o caso, se estableza regulamentariamente, e observaranse os requisitos previstos na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Para a inscrición da constitución do fondo incorporarase copia electrónica da escritura de constitución e os documentos de que resulte a preceptiva autorización

administrativa previa, a obtención do número de identificación fiscal e a certificación negativa de denominación expedida polo Rexistro Mercantil Central.

O notario autorizante da escritura de constitución do fondo de pensións solicitará telematicamente á Axencia Estatal de Administración Tributaria a asignación provisional dun número de identificación fiscal.

Unha vez inscrito o fondo de pensións no Rexistro Mercantil, o encargado deste notificará telematicamente á Axencia Estatal da Administración Tributaria a inscrición do fondo. A Axencia Estatal da Administración Tributaria notificaralles telematicamente ao notario e ao rexistrador mercantil o carácter definitivo do número de identificación fiscal.

Así mesmo, o notario autorizante da escritura de constitución ou de cambio de denominación do fondo solicitará telematicamente ao Rexistro Mercantil Central o certificado negativo de denominación, salvo petición expresa en contrario das partes intervinientes, caso en que será a entidade xestora quen o solicite en modo telemático con sinatura electrónica. Recibida a solicitude, o Rexistro Mercantil Central expedirá tamén telematicamente a certificación negativa ou, de ser o caso, indicará a imposibilidade da súa emisión.

3. Unha vez practicadas as correspondentes inscricións, o rexistrador mercantil remitirá de oficio á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por medio telemático unha certificación autorizada coa súa sinatura electrónica, acreditativa dos asentos practicados, acompañada da escritura pública, de ser o caso, e da documentación que se estableza regulamentariamente.

Cando se trate de acordos suxeitos a inscrición no Rexistro Administrativo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, unha vez recibida a certificación do rexistrador mercantil, procederá á súa inscrición naquel e notificarállelo á entidade xestora e ao Rexistro Mercantil.

Mediante resolución motivada a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá denegar a inscrición no Rexistro Administrativo ou requirir das entidades a emenda da documentación e os requisitos necesarios para a inscrición.

4. O Colexio de Rexistradores habilitará modelos estandarizados de certificacións, accesibles de forma gratuíta pola internet ou por outros medios equivalentes de consulta telemática, que poidan ser utilizados para cumprir os trámites anteriormente indicados, aprobados pola Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado logo de consulta coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Cinco. Modifícase o punto 3 do artigo 15, que queda redactado como segue:

«3. O acordo de disolución do fondo de pensións comunicáraselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e inscribírase no Rexistro Mercantil e no Rexistro Administrativo conforme o establecido no artigo 11.bis desta lei. O rexistrador mercantil remitirá de oficio, de forma telemática e sen ningún custo adicional, o acordo de disolución do fondo ao Boletín Oficial del Rexistro Mercantil para a súa publicación. Ademais, a entidade xestora deberá publicar o acordo na súa páxina web ou, na súa falta, nun dos xornais de maior circulación do lugar do domicilio social da dita entidade.

Ultimada a liquidación, tras dar cumprimento ao preceptuado no parágrafo terceiro do punto 2 precedente, os liquidadores deberán solicitar do rexistrador mercantil e da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a cancelación respectiva dos asentos referentes ao fondo de pensións extinguido.»

Seis. Modifícase a letra a) do punto 1 do artigo 20, que queda redactado da seguinte maneira:

«a) Ter un capital desembolsado mínimo de 600.000 euros.

Adicionalmente, os recursos propios deberanse incrementar nos tantos por mil do activo total do fondo ou fondos xestionados que se sinalan a continuación:

O 5 por mil do activo total cando este non exceda os 60 millóns de euros.

O 3 por mil do que exceda os 60 millóns ata 600 millóns de euros.

O 2 por mil do que exceda os 600 millóns ata 3.000 millóns de euros.

O 1 por mil do que exceda os 3.000 millóns ata 6.000 millóns de euros.

O 0,5 por mil do que exceda os 6.000 millóns de euros.

Para estes efectos, computaranse como recursos propios o capital social desembolsado e as reservas que se determinen regulamentariamente.

No caso de que o fondo ou os fondos de pensións xestionados invistan en fondos de pensións abertos, para calcular os recursos propios exhibibles deducirase do activo total dos fondos de pensións investidores a parte correspondente aos investimentos destes en fondos de pensións abertos que estean pola súa vez xestionados pola mesma entidade xestora. Así mesmo, descontaranse do activo total dos fondos xestionados as débedas dos promotores dos plans de pensións de emprego adscritos.»

Sete. Engádesse un novo punto 7 ao artigo 20, que queda redactado da seguinte maneira:

«7. Os cambios de denominación, de domicilio e dos estatutos das entidades xestoras non requirirán autorización administrativa previa, aínda que os acordos de modificación se lle deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións xuntando certificación deles e, posteriormente, unha vez outorgada e inscrita no Rexistro Mercantil a escritura pública correspondente, deberase presentar esta para a súa inscrición no rexistro administrativo.

A fusión e escisión de entidades xestoras de fondos de pensións requirirá autorización administrativa previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no exercicio das súas funcións de supervisión sobre os requisitos e condicións de actividade das entidades xestoras de fondos de pensións establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, e deberanse cumprir os requisitos e, de ser o caso, o procedemento para a autorización e inscrición da nova ou novas entidades xestoras resultantes.

O anterior enténdese sen prexuízo do disposto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, en materia de notificacións e procedementos de autorización de concentracións económicas e das competencias atribuídas pola dita lei aos órganos correspondentes de defensa da competencia.»

Oito. Modifícase o artigo 21, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 21. *Entidades depositarias.*

1. A custodia ou depósito dos valores mobiliarios e demais activos financeiros integrados nos fondos de pensións corresponderá a unha entidade depositaria establecida en España. Poderán ser entidades depositarias de fondos de pensións as entidades que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser entidade de crédito conforme a normativa vixente en materia de entidades de crédito.

b) Ter en España o seu domicilio social ou unha sucursal.

c) Ter como actividade autorizada a recepción de fondos do público en forma de depósito, contas correntes ou outras análogas que comporten a obriga da

súa restitución e, como depositarias de valores negociables e outros activos financeiros, a custodia e administración por conta dos seus titulares.

d) Estar inscrita no Rexistro Especial de Entidades Depositarias de Fondos de Pensións do Ministerio de Economía e Facenda.

2. Cada fondo de pensións terá unha soa entidade depositaria, sen prexuízo da posibilidade de que esta poida delegar as súas funcións noutra entidade nos termos que regulamentariamente se determinen. En ningún caso a responsabilidade da entidade depositaria se verá afectada neste suposto.

3. As entidades depositarias exercerán a función de custodia nos termos que regulamentariamente se determinen tendo en conta a natureza dos activos do fondo. En especial, para aqueles activos que non sexan susceptibles de ser depositados, a entidade depositaria manterá os certificados ou outros documentos acreditativos que xustifiquen a posición declarada pola xestora.

A responsabilidade pola función de custodia esténdese á garantía de que a titularidade, pleno dominio e libre disposición dos valores mobiliarios e outros activos custodiados corresponde aos fondos de pensións titulares deles.

4. Ademais da función de custodia, exercerán a vixilancia da entidade xestora ante as entidades promotoras, partícipes e beneficiarios, e deberán verificar que as operacións acordadas polas entidades xestoras se axusten ás disposicións legais e regulamentarias.

Nos termos que regulamentariamente se determinen, as entidades depositarias poderán solicitar das entidades xestoras toda a información que precisen para o exercicio das súas funcións, e deberanlle comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións aquelas anomalías de especial relevancia que se puidesen pór de manifesto a través do dito control.

5. Corresponde, en todo caso e de maneira exclusiva, á entidade depositaria a instrumentación dos cobramentos e pagamentos que se puideren derivar por calquera concepto do desenvolvemento da actividade de plans e fondos de pensións. Para ese efecto, as entidades depositarias xunto ás xestoras deberán establecer os mecanismos e procedementos adecuados para garantir que en ningún caso a realización dos cobramentos e pagamentos se fai sen o seu consentimento.

Ademais da súa necesaria intervención na liquidación das operacións sobre instrumentos financeiros, a entidade depositaria poderá intervir na execución das operacións de compravenda cando así o acordase a entidade xestora.

6. En remuneración dos seus servizos, os depositarios percibirán dos fondos as retribucións que libremente pacten coas entidades xestoras, coa conformidade previa da comisión de control do fondo, sen prexuízo das limitacións que se poidan establecer regulamentariamente.

7. Ninguén poderá ser ao mesmo tempo xestor e depositario dun fondo de pensións, salvo os supostos que se prevexan regulamentariamente en desenvolvemento do artigo 23 desta lei.»

Nove. Modifícanse os puntos 1, 2 e 5 do artigo 24, que quedan redactados como segue:

«1. Corresponde ao Ministerio de Economía e Facenda a ordenación e supervisión administrativa do cumprimento das normas desta lei, e poderá solicitar das entidades xestoras e depositarias, das entidades ou persoas en que delegasen ou externalizasen funcións, dos comercializadores de plans de pensións individuais, dos promotores dos plans de pensións, das comisións de control, dos actuarios, así como dos representantes dos fondos de pensións doutros Estados membros, toda a información que sexa precisa para comprobar o correcto cumprimento das disposicións legais e regulamentarias.

2. Será de aplicación á inspección de entidades xestoras e de plans e fondos de pensións o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no art. 72 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Na falta de mención expresa en contrario nas especificacións dos plans de pensións ou nas normas de funcionamento dos fondos de pensións, todas as actuacións derivadas da inspección dos plans e fondos de pensións, excepto as que se refiran ás persoas físicas, se entenderán notificadas cando a comunicación se efectúe ante a entidade xestora correspondente.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá ordenar a inspección das entidades depositarias de fondos de pensións para comprobar o correcto cumprimento da normativa relativa aos plans e fondos de pensións. Neste caso será informado da orde de inspección o ente ou órgano administrativo a que, de ser o caso, corresponda o control e supervisión da entidade, poderá solicitar daquel a súa actuación ou asistencia nos supostos que sexa preciso, e será aplicable igualmente o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no citado artigo 72 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá ordenar a inspección das funcións transferidas a un terceiro, así como as de comercialización de plans de pensións, para comprobar se se desenvolven de conformidade coa normativa de plans e fondos de pensións. Neste caso será informado da orde de inspección o ente ou órgano administrativo a que, de ser o caso, corresponda o control e supervisión do prestador do servizo. Poderase solicitar daquel a súa actuación ou asistencia nos supostos en que sexa necesario e será aplicable o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no citado artigo 72 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Dez. Introdúcese un novo artigo 26 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 26 bis. *Actividade de comercialización de plans de pensións individuais.*

1. A actividade de comercialización dos plans de pensións do sistema individual poderá ser realizada polas seguintes entidades e persoas autorizadas para operar en España:

a) Entidades de crédito que teñan como actividade típica e habitual recibir fondos do público en forma de depósito, préstamo, cesión temporal de activos financeiros ou outras análogas que comporten a obrigaición da súa restitución, aplicándoos por conta propia á concesión de créditos ou operacións de análoga natureza.

- b) Entidades aseguradoras.
- c) Empresas de servizos de investimento.
- d) Sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.
- e) Entidades xestoras de fondos de pensións.
- f) Axentes de seguros vinculados.
- g) Operadores de banca-seguros vinculados.
- h) Corredores de seguros.

A entidade ou persoa física comercializadora de plans de pensións individuais deberá dispor dunha estrutura e de medios humanos e materiais adecuados á actividade, garantir a capacidade e formación das persoas que realicen a comercialización por conta do comercializador, contar cun regulamento de conduta ou documento análogo sobre política de comercialización, que asegure un servizo e información en interese dos partícipes e beneficiarios, así como acreditar un sistema de control do exercicio da actividade.

O acordo de comercialización, suscrito polo comercializador coa entidade xestora, deberá delimitar as competencias e obrigaicións do comercializador, incluídas, de ser o caso, as relativas á realización de accións publicitarias, aos medios e redes de distribución, e ás persoas ou entidades que van efectuar a actividade por conta do comercializador.

As entidades xestoras de fondos de pensións deberanlle comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a celebración dos acordos de comercialización de plans individuais.

2. O comercializador deberá subministrar información sobre os plans de pensións e sobre a adecuación destes ás características e necesidades dos partícipes, nos termos que se establezan regulamentariamente.

O comercializador deberá tramitar as solicitudes de achegas, de mobilización de dereitos consolidados, de cobramento de prestacións e reembolso de dereitos consolidados nos supostos excepcionais de liquidez que se produzan con posterioridade á contratación en que interveña.

Toda entrega ou recepción de fondos por achegas, prestacións ou supostos excepcionais de liquidez se deberá realizar directamente entre o partícipe ou beneficiario e o fondo de pensións, mediante, de ser o caso, efectos nominativos, ingreso en conta ou ordes de transferencia a favor do fondo de pensións ou do partícipe ou beneficiario, segundo corresponda. A comercialización non implicará en ningún caso a instrumentación de cobramentos e pagamentos, os cales se deberán realizar a través da entidade depositaria do fondo de pensións.

Os gastos inherentes á comercialización do plan e as remuneracións ou comisións establecidas polos servizos de comercialización en ningún caso serán por conta do partícipe ou beneficiario nin do plan ou fondo de pensións correspondente.

3. Tanto no momento de formalización do acordo de comercialización, como durante toda a súa vixencia, a entidade xestora do fondo de pensións velará para que as actuacións das persoas ou entidades comercializadoras se axusten ao establecido no dito acordo e na lexislación vixente. Para ese efecto, os acordos de comercialización deberán prever procedementos que permitan comprobar o cumprimento polo comercializador das obrigacións derivadas do acordo e das establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento. Poderanse establecer regulamentariamente condicións específicas a que se deban axustar os citados procedementos.

As persoas ou entidades comercializadoras serán responsables ante os partícipes e beneficiarios de todos os prexuízos que lles causaren por incumprimento das súas obrigacións.

Non obstante, en relación cos prazos que regulamentariamente se establezan para a mobilización de dereitos consolidados, aboamento de prestacións e reembolso de dereitos consolidados nos supostos excepcionais de liquidez, as entidades xestoras serán responsables dos atrasos que se produzan en exceso dos prazos previstos para tramitar e facer efectivas as solicitudes dos partícipes e beneficiarios, sen prexuízo da posibilidade da entidade xestora de repetir contra quen causase o atraso. Para estes efectos, a presentación das citadas solicitudes en calquera establecemento do comercializador ou da súa rede comercial entenderase realizada na entidade xestora.

As reclamacións que formulen os partícipes e beneficiarios ou os seus habentes dereito contra comercializadores de plans de pensións individuais someteranse ao defensor do partícipe conforme o previsto no punto 5 do artigo 7 desta lei, e entenderanse realizadas ao comercializador as referencias ás entidades xestoras e depositarias ou promotores dos plans.

4. O previsto nos anteriores puntos en relación coa práctica da actividade de comercialización de plans de pensións será tamén de aplicación á entidade xestora cando realice directamente tal actividade.

Poderanse desenvolver regulamentariamente os requisitos previstos neste artigo para o exercicio da actividade de comercialización de plans de pensións e o contido dos acordos correspondentes.»

Once. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

«Artigo 35. *Infraccións administrativas.*

1. As entidades xestoras e depositarias, os promotores de plans de pensións, as persoas ou entidades ás cales se transferiron funcións, os comercializadores de plans de pensións, os actuarios e as entidades en que estes desenvolvan a súa actividade, os liquidadores, así como quen desempeñe cargos de administración ou dirección nas entidades citadas, os membros da comisión promotora e os membros das comisións e subcomisións de control dos plans e fondos de pensións, que infrinxan normas de ordenación e supervisión de plans e fondos de pensións, incorrerán en responsabilidade administrativa sancionable conforme o disposto no artigo seguinte.

Consideraranse:

a) Cargos de administración os administradores ou membros dos órganos colexiados de administración, das comisións e subcomisións de control e das comisións promotoras, e cargos de dirección os seus directores xerais ou asimilados, entendéndose por tales aquelas persoas que desenvolvan na entidade funcións de alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración ou de comisións executivas ou conselleiros delegados del.

b) Normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións, as comprendidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento e, en xeral, as que figuren en leis de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos aos plans e fondos de pensións ou a outras entidades e persoas recollidas nesta lei.

2. As infraccións de normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Terán a consideración de infraccións moi graves:

a) O exercicio polas entidades xestoras de actividades alleas ao seu obxecto exclusivo legalmente determinado, salvo que teña un carácter meramente ocasional ou illado, así como a aceptación dos servizos de comercialización de plans de pensións de entidades ou persoas distintas das enumeradas no punto 1 do artigo 26 bis desta lei, ou a aceptación de tales servizos sen o preceptivo acordo de comercialización.

b) A substitución das entidades xestoras ou depositarias sen axustarse ao disposto no artigo 23 ou sen dar cumprimento ao preceptuado no punto 5 do artigo 11 desta lei.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía superior ao 5 por cento do importe necesario para garantir o cumprimento das obrigacións potenciais.

Nos casos en que a situación descrita nesta letra derive dunha revisión actuarial, só se considerará como infracción o incumprimento do plan de financiamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisións matemáticas e outras provisións técnicas exixibles conforme o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 8 en contía superior ao 10 por cento.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

e) Carecer da contabilidade exixida legalmente ou levala con anomalías substanciais que impidan ou dificulten notablemente coñecer a situación económica, patrimonial e financeira da entidade xestora ou do fondo de pensións, así como o

incumprimento da obrigaón de someter as súas contas anuais a auditoría de contas conforme a lexislación vixente.

f) Carecer das bases técnicas exixidas polo sistema financeiro e actuarial dos plans de pensións, así como a falta da revisión do dito sistema financeiro e actuarial que exixe o punto 5 do artigo 9.

g) O investimento en bens distintos aos autorizados cando exceda o 3 por cento do activo do fondo, ou o investimento en bens autorizados en proporción superior á establecida no artigo 16 ou en disposicións regulamentarias cando o exceso supere o 50 por cento dos límites legais ou regulamentarios e non teña carácter transitorio, así como a realización de operacións con incumprimento das condicións xerais impostas no artigo 17.

h) Confiar a custodia ou o depósito dos valores mobiliarios e demais activos financeiros a entidades distintas das previstas no artigo 21.

i) O incumprimento das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións ou das normas de funcionamento dos fondos de pensións, salvo que teñan un carácter meramente ocasional ou illado, así como a realización de prácticas abusivas que prexudiquen o dereito dos promotores, partícipes ou beneficiarios.

j) O incumprimento das medidas de control especial adoptadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme o artigo 34 desta lei.

k) O reiterado incumprimento dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos lle deban subministrar a entidade xestora, a comisión de control dos plans ou fondos de pensións, a entidade depositaria ou os actuarios, xa mediante a súa presentación periódica, xa mediante a atención de requirimentos individualizados que lles dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, ou a falta de veracidade neles, cando con iso se dificulte a apreciación da súa solvencia. Para os efectos deste parágrafo entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo concedido para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ao lembrar por escrito a obrigaón de presentación periódica ou reiterar o requirimento individualizado.

m) A escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito respecto diso.

n) A aceptación de achegas a un plan de pensións, a nome dun mesmo partícipe, por riba do límite financeiro previsto no punto 3 do artigo 5, salvo que as ditas achegas correspondan á transferencia dos dereitos consolidados por alteración da adscrición a un plan de pensións ou ás previsións dun plan de reequilibrio formulado conforme o réxime transitorio aplicable en cada momento.

ñ) O incumprimento do deber de información ou subministrar información insuficiente, inexacta ou inadecuada ás comisións de control, partícipes, beneficiarios e ao público en xeral, sempre que, polo número de afectados ou pola importancia da información, tal incumprimento se poida considerar como especialmente relevante.

o) A falsidade nos ditames e documentos contables, de auditoría, actuariais ou de información previstos nesta lei.

p) O incumprimento polos actuarios ou as entidades en que desenvolvan a súa actividade da obrigaón de realizar a revisión actuarial dun plan de pensións ou os cálculos ou informes actuariais, contratados en firme, así como a elaboración de bases técnicas ou a realización de cálculos e informes incumprindo as normas actuariais aplicables aos plans de pensións, cando destas condutas derive un prexuízo importante no desenvolvemento ou viabilidade do plan ou para os intereses dos promotores, partícipes ou beneficiarios.

q) A prestación de servizos de comercialización de plans de pensións por persoas ou entidades distintas das enumeradas no punto 1 do artigo 26 bis desta lei, ou a prestación de tales servizos sen o preceptivo acordo de comercialización.



r) A realización de actos e operacións prohibidos por normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións establecidas en disposicións con rango de lei, ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, salvo que tales condutas teñan carácter ocasional ou illado.

4. Terán a consideración de infraccións graves:

a) O exercicio meramente ocasional ou illado polas entidades xestoras de actividades alleas ao seu obxecto exclusivo legalmente determinado.

b) A ausencia de comunicación, cando esta sexa preceptiva, da formalización, modificación e traslado a outro fondo de pensións dos plans de pensións, da composición e cambios nos órganos de administración das entidades xestoras e nas comisións de control e da designación de actuarios para a revisión das bases e cálculos actuariais.

c) O defecto na marxe de solvencia en contía inferior ao 5 por cento do importe exixible conforme o parágrafo terceiro do punto 1 do artigo 8.

Nos casos en que a situación descrita neste parágrafo derive dunha revisión actuarial, só se considerará como infracción o incumprimento do plan de financiamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

d) O defecto no cálculo ou a insuficiencia dos investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisiones matemáticas e outras provisiones técnicas exixibles conforme o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 8 en contía superior ao 5 por cento, pero inferior ao 10 por cento.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

e) O incumprimento das normas vixentes sobre contabilización de operacións, formulación de balances e conta de perdas e ganancias, sempre que non constitúa infracción moi grave conforme a letra e) do punto 3 precedente, así como as relativas á elaboración dos estados financeiros de obrigada comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

f) A materialización en títulos valores das participacións no fondo de pensións, contravindo a prohibición establecida no artigo 10.

g) O investimento en bens non autorizados cando non exceda o 3 por cento do activo do fondo, ou o investimento en bens autorizados en proporción superior á establecida no artigo 16 ou en disposicións regulamentarias sempre que o exceso supere o 20 por cento pero non exceda o 50 por cento dos límites legais ou regulamentarios e non teña carácter transitorio.

h) A contratación da administración de activos contravindo as normas que se diten conforme o punto 4 do artigo 20.

i) O incumprimento meramente ocasional ou illado das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións ou das normas de funcionamento dos fondos de pensións, así como a aplicación incorrecta das especificacións e bases técnicas dos plans de pensións en prexuízo dos partícipes ou beneficiarios.

j) A emisión de obrigacións ou o recurso ao crédito por parte das entidades xestoras.

k) O incumprimento meramente ocasional ou illado dos acordos ou resolucións emanados da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

l) A falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de cantos datos ou documentos deban serlle subministrados xa mediante a súa presentación periódica, xa mediante a atención de requirimentos individualizados que lles dirixa a citada dirección xeral no exercicio das súas funcións, así como a falta de veracidade neles, salvo que iso supoña a comisión dunha infracción moi grave.

Para os efectos deste parágrafo entenderase que hai falta de remisión cando esta non se produza dentro do prazo fixado nas normas reguladoras da presentación periódica ou do prazo concedido para o efecto ao formular o requirimento individualizado.

m) A escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora cando non constituía infracción moi grave.

n) A aplicación de comisións de xestión ou de depósito en contía superior á acordada ou aos límites fixados regulamentariamente ou nas normas de funcionamento do fondo de pensións.

ñ) O incumprimento do deber de información ou subministrar información insuficiente, inexacta ou inadecuada aos partícipes, beneficiarios ou ao público en xeral, cando non concorran as circunstancias a que se refire a letra ñ) do punto 3 deste artigo, así como a realización de calquera acto ou operación con incumprimento das normas reguladoras da publicidade e deber de información dos plans e fondos de pensións.

o) O incumprimento polas entidades depositarias das obrigacións establecidas no artigo 21.

p) A realización de actos ou operacións con incumprimento das normas que se diten sobre a forma e condicións da contratación de plans de pensións cos partícipes, salvo que teña carácter meramente ocasional ou illado.

q) O incumprimento polos actuarios ou polas entidades en que desenvolvan a súa actividade da obrigación de realizar a revisión actuarial dun plan de pensións ou os cálculos ou informes actuariais, contratados en firme, así como a elaboración de bases técnicas ou a realización de cálculos e informes incumprindo as normas actuariais aplicables aos plans de pensións ou os requisitos establecidos no punto 5 do artigo 9 desta lei, cando non se deban cualificar como infraccións moi graves.

r) O incumprimento reiterado dos prazos e condicións previstos na normativa relativos ás formas de cobramento e recoñecemento do dereito ás prestacións, á mobilización de dereitos consolidados ou ao reembolso destes nos supostos excepcionais de liquidez.

s) As infraccións leves, cando durante os dous anos anteriores á súa comisión fosen impostas sancións firmes por infraccións leves reiteradas.

t) Incumprimento por parte da entidade xestora da obrigación establecida no punto 3 do artigo 26 bis de velar para que as actuacións das persoas ou entidades comercializadoras se axusten ao establecido no acordo de comercialización e na lexislación vixente, salvo que teña carácter meramente ocasional ou illado.

u) A realización de actos e operacións prohibidos por normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións establecidas en disposicións regulamentarias, ou con incumprimento dos requisitos establecidos nelas, salvo que tales condutas teñan carácter ocasional ou illado.

#### 5. Terán a consideración de infraccións leves:

a) O defecto no cálculo ou a insuficiencia de investimentos para a cobertura dos fondos de capitalización, provisións matemáticas e outras provisións técnicas exixibles conforme o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 8 en contía inferior ao 5 por cento.

Nos casos en que a insuficiencia dos investimentos derive dunha perda imprevisible de aptitude dos investimentos sobrevida despois da súa realización ou ben derive dunha revisión actuarial, só se entenderá como infracción o incumprimento do plan de financiamento ou saneamento que se estableza, ou a falta de formulación deste no prazo que se estableza.

b) O exceso de investimento sobre os coeficientes establecidos no artigo 16 ou en disposicións regulamentarias cando teña carácter transitorio, ou cando, non tendo tal carácter, non exceda o 20 por cento dos límites legais ou regulamentarios.

c) En xeral, o incumprimento de preceptos de obrigada observancia comprendidos nas normas de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións que non constitúan infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos dous puntos anteriores.

d) O incumprimento meramente ocasional ou illado dos prazos e condicións previstos na normativa relativos ás formas de cobramento e recoñecemento do dereito ás prestacións, á mobilización de dereitos consolidados ou ao reembolso destes nos supostos excepcionais de liquidez.»

Doce. Modifícase o artigo 36, que queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Sancións administrativas.*

1. Ás entidades e persoas referidas no punto 1 do artigo 35 desta lei, salvo as mencionadas nos puntos 2, 3 e 4 seguintes, seranlles aplicables as sancións administrativas previstas no artigo 41 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aínda que as de suspensión da autorización administrativa efectiva se referirán ao exercicio de actividade como xestora ou depositaria de calquera fondo de pensións ou á habilitación para ser promotor de plans de pensións do sistema individual.

2. Os expertos actuarios e as entidades en que desenvolvan a súa actividade, polas súas actuacións en relación cos plans e fondos de pensións, serán sancionados pola comisión de infraccións moi graves cunha das seguintes sancións: prohibición de emitir os seus ditames na materia por un período non superior a dez anos nin inferior a cinco ou multa por importe desde 150.253,02 euros ata 300.506,05 euros. Pola comisión de infraccións graves imporáselles aos actuarios unha das seguintes sancións: prohibición de emitir ditames na materia nun período de ata cinco anos ou multa por importe desde 30.050,61 euros ata 150.253,02 euros. Pola comisión de infraccións leves imporáselle ao actuario a sanción de multa, que poderá alcanzar ata o importe de 30.050,61 euros. Se o actuario actúa en nome dunha sociedade, as mesmas sancións serán aplicables, ademais, á dita sociedade.

3. Será de aplicación aos cargos de administración e dirección das entidades referidas no punto 1 do artigo 35 desta lei, excepto aos que desenvolvan a súa actividade en entidades comercializadoras, o réxime de responsabilidade que para os cargos de administración ou de dirección de entidades aseguradoras regula o artigo 42 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aínda que a inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección a que se refire a letra a) do seu punto 3 o será, segundo os casos, en calquera entidade xestora ou depositaria, en calquera entidade en que os actuarios desenvolvan a súa actividade ou, finalmente, en calquera comisión ou subcomisión de control dos plans e dos fondos de pensións.

Igualmente será de aplicación o réxime do artigo 42 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados aos cargos de administración e dirección das entidades promotoras de plans de pensións, e aos de entidades en que se delegaron funcións da xestora ou depositaria.

Nestes supostos a inhabilitación virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección nas citadas entidades para o exercicio de funcións e facultades relativas aos plans e fondos de pensións.

4. Serán de aplicación as sancións administrativas previstas nos artigos 56.1, letras b), c) e d); 56.2, e 56.3 da Lei 26/2006, de mediación de seguros e reaseguros privados, ás persoas ou entidades comercializadoras, aínda que a suspensión se entenderá referida á inhabilitación temporal para o exercicio da actividade de comercialización de plans de pensións.

Así mesmo, serán de aplicación as sancións administrativas previstas nos artigos 57.3, letras b) e c), e 57.4 da Lei 26/2006, de mediación de seguros e reaseguros privados, aos cargos de administración e dirección das entidades

comercializadoras. Nestes supostos, a suspensión temporal virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección nas citadas entidades para o exercicio de funcións e facultades relativas aos plans e fondos de pensións.

As sancións a que se refiren os parágrafos anteriores imporanse nos termos sinalados nos citados artigos 56 e 57, e será de aplicación o disposto nos artigos 58, 59 e 60 da mesma Lei 26/2006.

5. A inobservancia polo partícipe do límite de achega previsto no punto 3 do artigo 5, salvo que o exceso de tal límite sexa retirado antes do día 30 de xuño do ano seguinte, será sancionada cunha multa equivalente ao 50 por cento do dito exceso, sen prexuízo da inmediata retirada do citado exceso do plan ou plans de pensións correspondentes. Esta sanción será imposta, en todo caso, a quen realice a achega, sexa ou non partícipe, aínda que o partícipe quedará exonerado cando se realizase sen o seu cofecemento.

6. Para os efectos do exercicio da potestade sancionadora a que se refiren este artigo e o anterior serán de aplicación as normas contidas nos artigos 43 a 47 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

Cando o infractor sexa entidade de crédito ou entidade ou persoa á cal se transferisen ou realice funcións ás cales se refire o punto 5 do artigo 24, ou cargos de administración e dirección das anteriores, para a imposición da sanción será preceptivo o informe do ente ou órgano administrativo a que corresponda o control e supervisión das ditas entidades ou persoas.

7. As persoas ou entidades que desenvolvan a actividade propia dos fondos de pensións ou das entidades xestoras de fondos de pensións sen contar coa preceptiva autorización administrativa ou que utilicen as denominacións «plan de pensións», «fondo de pensións», «entidade xestora de fondos de pensións» ou «entidade depositaria de fondos de pensións», sen selo, serán sancionadas conforme o disposto no artigo 48 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.»

Trece. Modifícase a disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, que queda redactado da seguinte maneira:

«Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución das solicitudes de autorización administrativa.*

As peticións de autorizacións administrativas e de inscrición reguladas nesta lei deberán ser resoltas dentro dos tres meses seguintes á data de presentación da solicitude. O silencio administrativo terá carácter negativo, salvo no caso da solicitude de autorización administrativa previa para a constitución dun fondo de pensións, que terá carácter positivo.»

Catorce. Introdúcese unha nova disposición adicional sexta no texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Mobilizacións entre plans de pensións, plans de previsión asegurados e plans de previsión social empresarial previstos no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos de sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

1. Os dereitos consolidados nos plans de pensións do sistema individual e asociado poderanse mobilizar a un ou a varios plans de previsión asegurados ou a un plan de previsión social empresarial, por decisión unilateral do partícipe, ou por terminación do plan. A mobilización por decisión unilateral poderá ser total ou parcial.

Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de pensións do sistema individual e asociado poderanse mobilizar a plans de previsión asegurados por petición do beneficiario, sempre e cando as condicións de garantía e aseguramento da prestación así o permitan e nas condicións previstas nas especificacións dos plans de pensións correspondentes. Esta mobilización poderá ser total ou parcial.

Os dereitos consolidados dos partícipes nos plans de pensións do sistema de emprego non se poderán mobilizar a plans de previsión asegurados ou a plans de previsión social empresarial, salvo no suposto de extinción da relación laboral e só se estivese previsto nas especificacións do plan, ou por terminación do plan de pensións.

Os dereitos económicos dos beneficiarios nos plans de emprego non se poderán mobilizar salvo por terminación do plan de pensións.

2. O tomador dun plan de previsión asegurado poderá mobilizar a totalidade ou parte da súa provisión matemática a outro ou outros plans de previsión asegurados dos cales sexa tomador, ou a un ou varios plans de pensións dos cales sexa partícipe, ou a un plan de previsión social empresarial en que teña a condición de asegurado, cos requisitos e condicións que regulamentariamente se establezan. Unha vez producida a continxencia, a mobilización será posible sempre que as condicións de garantía e aseguramento da prestación así o permitan e nas condicións que se establezan no plan de previsión asegurado.

3. Os asegurados dos plans de previsión social empresarial poderán mobilizar os seus dereitos económicos a outros plans de previsión social empresarial, a plans de previsión asegurados ou a plans de pensións no suposto de cesamento da relación laboral e só se estiver previsto nas condicións xerais, especiais ou particulares da póliza.

4. O procedemento para as mobilizacións previsto no artigo 8.8 desta lei será de aplicación ás mobilizacións a que se refiren os puntos anteriores, entendéndose realizadas, segundo os casos, á entidade aseguradora de orixe ou de destino, ou ao plan de previsión asegurado ou plan de previsión social empresarial de orixe ou de destino, as referencias do dito artigo á entidade xestora de orixe ou de destino ou ao plan ou fondo de pensións de orixe ou de destino, coas adecuadas adaptacións regulamentarias.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo inciso ao final do artigo 24.1, coa seguinte redacción:

«En caso de transformación de mutuas ou mutualidades de previsión social, os mutualistas que non votasen a favor do acordo poderanse separar da sociedade que se transforma, nos termos previstos no artigo 15 da Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais de sociedades mercantís.

Na valoración das partes sociais que corresponden ao socio que se separa teranse en conta as achegas que realizou ao fondo mutual e o reembolso da parte da prima non consumida dos contratos de seguro que se resolan.»

Dous. Modifícase a redacción da letra a) do primeiro inciso do punto 1 do artigo 40 nos seguintes termos:

«a) As entidades aseguradoras, incluídas as dominantes de grupos consolidables de entidades aseguradoras, e as axencias de subscripción.»

Tres. Modifícase o título do artigo 50 e engádese un novo punto 4, nos seguintes termos:

«Artigo 50. *Cesión de carteira e fusión transfronteiriza.*

(...)

4. Cando, como consecuencia dunha fusión transfronteiriza, os contratos subscritos por unha entidade aseguradora española pasen a estar subscritos en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, resultará de aplicación o disposto nos puntos anteriores.»

Catro. No artigo 60 dáse nova redacción ao punto 3 e engádese un novo punto 4, coa seguinte redacción:

«3. Nos seguros de vida en que o tomador asume o risco do investimento informarase de forma clara e precisa acerca de que o importe que se vai percibir depende de fluctuacións nos mercados financeiros, alleos ao control do asegurador e cuxos resultados históricos non son indicadores de resultados futuros.

Nos seguros de vida en que o tomador non asuma o risco do investimento informarase da rendibilidade esperada da operación, considerando todos os custos. A rendibilidade esperada calcularase nos termos que se establezan regulamentariamente.

4. Antes da celebración dun contrato de seguro de decesos ou seguro de enfermidade, en calquera das súas modalidades de cobertura, a entidade aseguradora deberá informar o tomador do seguro sobre os criterios que se deberán aplicar para a renovación da póliza e actualización das primas en períodos sucesivos, nos termos que se determinen regulamentariamente.»

Cinco. Modifícase o artigo 74.1 nos seguintes termos:

«1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións levará un rexistro administrativo de entidades aseguradoras sometidas a esta lei. Igualmente, levará os seguintes rexistros administrativos: especial de corredores de seguros, de sociedades de corredoría de seguros e os seus altos cargos; dos altos cargos de entidades aseguradoras; das axencias de subscrición; e das organizacións para a distribución da cobertura de riscos entre entidades aseguradoras ou para a prestación de servizos comúns relacionados coa súa actividade e os seus altos cargos.

Estes rexistros administrativos expresarán as circunstancias que regulamentariamente se determinen e o acceso ao seu contido será xeral e gratuíto.»

Seis. Modifícase a redacción do artigo 81.1, nos seguintes termos:

«1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos estarán suxeitas nos contratos que celebren en ambos os réximes ao mesmo deber de información ao tomador do seguro que ás entidades aseguradoras españolas lles impoñen os artigos 53 e 60 desta lei. Así mesmo, deberán mencionar expresamente a non aplicación da normativa española en materia de liquidación da entidade. A información será subministrada en lingua española oficial do domicilio ou residencia habitual do tomador do seguro.»

Sete. Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do artigo 86.1 nos seguintes termos:

«1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que pretendan operar en España en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a designar un representante para efectos das

obligacións tributarias a que se refire esta lei polas actividades que realicen en territorio español.»

Oito. Engádesse no capítulo I do título III unha nova sección 4.<sup>a</sup>, integrada polos novos artigos 86.bis e 86.ter, coa seguinte redacción:

«Sección 4.<sup>a</sup> *Réxime das axencias de subscrición*

Artigo 86 bis. *Axencias de subscrición.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas en Estados membros do Espazo Económico Europeo distintos de España e que exerzan as súas actividades en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos poderán subscribir contratos de apoderamento con persoas xurídicas españolas para a subscrición de riscos en nome e por conta daquelas.

2. Unha axencia de subscrición en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo accederá á súa actividade logo de obtención da autorización administrativa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. Serán requisitos necesarios para obter e conservar a autorización administrativa os seguintes:

a) Ser sociedade mercantil cuxos estatutos prevexan dentro da epígrafe correspondente ao obxecto social a realización de actividades como axencia de subscrición.

b) Presentar e aterse a un programa de actividades no cal se indiquen os riscos que se van subscribir, para qué entidades aseguradoras e en qué termos xuntando os poderes outorgados; a súa estrutura organizativa e procedementos de control interno.

c) Indicar as achegas e participacións no capital social dos socios con participación significativa, os cales deberán reunir expresamente os requisitos expresados no artigo 14.

d) Estar dirixidas efectivamente por persoas que reúnan as condicións necesarias de honorabilidade e de cualificación ou experiencia profesionais establecidas no artigo 15.

e) Dispor, por cada unha das entidades aseguradoras que subscribiron un poder, dunha conta separada do resto de recursos económicos da sociedade na cal unicamente se xestionen recursos económicos en nome e por conta de cada unha delas.

f) Dispor dun seguro de responsabilidade civil profesional ou calquera outra garantía financeira que cubra en todo o territorio do Espazo Económico Europeo as responsabilidades que puideren xurdir por negligencia profesional coa contía que se determine regulamentariamente.

4. Tamén será precisa autorización administrativa para que unha axencia de subscrición poida operar para outras entidades aseguradoras distintas das autorizadas e para que poida subscribir negocio noutros riscos distintos dos inicialmente solicitados e autorizados cunha determinada entidade coa cal xa estea autorizada. A ampliación da autorización administrativa estará suxeita a que a axencia de subscrición cumpra o requisito de presentar e aterse a un programa de actividades no cal se indiquen os riscos que se van subscribir, para qué entidades aseguradoras e en qué termos, xuntando os poderes outorgados.

5. A solicitude de inscrición como axencia de subscrición presentarase na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o punto 3 precedente. Tal petición deberá ser resolta no prazo dos tres meses seguintes á data de presentación da solicitude de autorización. A inscrición especificará as

entidades aseguradoras que outorgasen poderes á axencia de subscrición. En ningún caso se entenderá autorizada unha axencia de subscrición en virtude de actos presuntos polo transcurso do prazo referido. A solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.

6. A autorización determinará a inscrición a que se refire o artigo 74, no cal se fará constar o nome das entidades aseguradoras que lle outorgaron poderes de subscrición, a súa vixencia, os ramos risco a que se refiren e as súas renovacións.

7. Serán aplicables ás axencias de subscrición as normas sobre participacións significativas contidas nos artigos 22, 22 bis e no artigo 22 ter. parágrafo 2 desta lei, entendendo que as mencións alí realizadas ás entidades aseguradoras se refiren ás axencias de subscrición, cando o transmitente ou o adquirente sexa unha entidade aseguradora, ou un mediador de seguros, ou un corredor de reaseguros ou outra axencia de subscrición.

8. A denominación «axencia de subscrición» queda reservada ás sociedades definidas neste artigo. Na documentación mercantil de subscrición de seguros e publicidade que as axencias de subscrición realicen con carácter xeral ou a través de medios telemáticos deberán mencionar a súa natureza de axencia de subscrición e a ou as entidades aseguradoras con quen celebren contrato de apoderamento.

9. Os departamentos e servizos de atención ao cliente das entidades aseguradoras atenderán e resolverán as queixas e reclamacións que se presenten en relación coa actuación das axencias de subscrición nos termos que estableza a normativa sobre protección do cliente de servizos financeiros.

#### Artigo 86 ter. *Intervención e supervisión de axencias de subscrición.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións revogará a autorización administrativa concedida ás axencias de subscrición nos termos establecidos no artigo 26.1.a), b), c) e e) e 26.3 e 4 desta lei, entendendo que as referencias alí contidas ás entidades aseguradoras se fan ás axencias de subscrición.

A causa de revogación da autorización administrativa por falta efectiva de actividade recollida no artigo 26.1.b) desta lei referirase a que todos os poderes concedidos á axencia de subscrición fosen revogados.

2. Serán aplicables ás axencias de subscrición as medidas de control especial contidas no artigo 39 desta lei, entendendo que as mencións alí realizadas ás entidades aseguradoras se refiren ás axencias de subscrición, salvo as letras a) a d) do punto 1, as letras a) a c) do punto 2, e os puntos 3, 4, e 8.

3. O réxime de infraccións e sancións será o establecido na sección quinta do capítulo terceiro do título segundo desta lei.

4. As axencias de subscrición quedan suxeitas ao control da súa actividade polo Ministerio de Economía e Facenda nos termos recollidos nos artigos 70, 71, 72, 74, 75 e 77 desta lei.»

#### Disposición derradeira décimo quinta. *Réxime fiscal dos organismos públicos que se transformen en axencias estatais.*

Modifícase o punto 2 da disposición adicional décima da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, con efectos desde a entrada en vigor da dita lei, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os organismos públicos que se transformen en axencias estatais conforme o previsto na disposición adicional quinta desta lei ou en calquera outra norma manterán o réxime fiscal que teña o organismo de orixe.»



Disposición derradeira décimo sexta. *Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

De acordo co previsto no artigo 37 desta lei, modifícase a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha letra r) ao punto 1 do artigo 4, coa seguinte redacción:

«r) Os contratos de investigación e desenvolvemento remunerados integramente polo órgano de contratación, sempre que este comparta coas empresas adxudicatarias os riscos e os beneficios da investigación científica e técnica necesaria para desenvolver solucións innovadoras que superen as dispoñibles no mercado. Na adxudicación destes contratos deberase asegurar o respecto aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non-discriminación e de elección da oferta economicamente máis vantaxosa.»

Dous. O artigo 11 queda redactado como segue:

«Artigo 11. *Contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado.*

1. Son contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado aqueles en que unha Administración pública ou unha entidade pública empresarial ou organismo similar das comunidades autónomas lle encarga a unha entidade de dereito privado, por un período determinado en función da duración da amortización dos investimentos ou das fórmulas de financiamento que se prevexan, a realización dunha actuación global e integrada que, ademais do financiamento de investimentos inmateriais, de obras ou de subministracións necesarias para o cumprimento de determinados obxectivos de servizo público ou relacionados con actuacións de interese xeral, comprenda algunha das seguintes prestacións:

a) A construción, instalación ou transformación de obras, equipamentos, sistemas e produtos ou bens complexos, así como o seu mantemento, actualización ou renovación, a súa explotación ou a súa xestión.

b) A xestión integral do mantemento de instalacións complexas.

c) A fabricación de bens e a prestación de servizos que incorporen tecnoloxía especificamente desenvolvida co propósito de achegar solucións máis avanzadas e economicamente máis vantaxosas que as existentes no mercado.

d) Outras prestacións de servizos ligadas ao desenvolvemento por parte da Administración do servizo público ou actuación de interese xeral que lle fose encomendado.

2. Só se poderán celebrar contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado cando previamente se puxese de manifesto, na forma prevista no artigo 118, que outras fórmulas alternativas de contratación non permiten a satisfacción das finalidades públicas.

3. O contratista pode asumir, nos termos previstos no contrato, a dirección das obras que sexan necesarias, así como realizar, total ou parcialmente, os proxectos para a súa execución e contratar os servizos precisos.

4. A contraprestación que percibirá o contratista colaborador consistirá nun prezo que se satisfará durante toda a duración do contrato, e que poderá estar vinculado ao cumprimento de determinados obxectivos de rendemento.»

Tres. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 20, que queda redactado como segue:

«2. Os contratos privados rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, e aplicaranse supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, de ser o caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda

por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

No entanto, serán de aplicación a estes contratos as normas contidas no título V do libro I, sobre modificación dos contratos.»

Catro. Introdúcese un novo capítulo III, no título II do libro I, co seguinte contido:

### «CAPÍTULO III

#### **Sucesión na persoa do contratista**

Artigo 73 bis. *Supostos de sucesión do contratista.*

Nos casos de fusión de empresas en que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes del. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade delas, continuará o contrato coa entidade á cal se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes del, sempre que teña a solvencia exixida ao se acordar a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da cal proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquela da execución do contrato. Se non se puiden producir a subrogación por non reunir a entidade á cal se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o contrato considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 76, que queda redactado como segue:

«1. Para todos os efectos previstos nesta lei, o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, pagadoiro segundo as estimacións do órgano de contratación. No cálculo do importe total estimado deberanse ter en conta calquera forma de opción eventual e as eventuais prórrogas do contrato.

Cando se prevea aboar primas ou efectuar pagamentos aos candidatos ou licitadores, a contía destes terase en conta no cálculo do valor estimado do contrato.

No caso de que, de conformidade co disposto no artigo 92 ter, se prevea nos pregos ou no anuncio de licitación a posibilidade de que o contrato sexa modificado, considerarase valor estimado do contrato o importe máximo que este poida alcanzar, tendo en conta a totalidade das modificacións previstas.»

Seis. Modifícase o segundo parágrafo no punto 1 do artigo 91, coa seguinte redacción:

«Cando o órgano de contratación decida exixir unha garantía provisional deberá xustificar suficientemente no expediente as razóns da súa exixencia para ese concreto contrato.»

Sete. Introdúcese un novo título V no libro I co seguinte contido:

### «TÍTULO V

#### **Modificación dos contratos**

Artigo 92 bis. *Supostos.*

1. Sen prexuízo dos supostos previstos nesta lei de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución,

os contratos do sector público só se poderán modificar cando así se preveise nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 92 quáter.

En calquera outro suposto, se fose necesario que a prestación se executase en forma distinta á pactada, inicialmente deberase proceder á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes. Este novo contrato deberá ser adjudicado de acordo co previsto no libro III.

2. A modificación do contrato non se poderá realizar co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non recollidas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. Nestes supostos, deberase proceder a unha nova contratación da prestación correspondente, na cal se poderá aplicar o réxime establecido para a adjudicación de contratos complementarios, de concorreren as circunstancias previstas nos artigos 155.b) e 158.b).

Artigo 92 ter. *Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación.*

Os contratos do sector público poderanse modificar sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallasen de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que se poderá facer uso dela, así como o alcance e os límites das modificacións que se poden acordar con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato que como máximo poidan afectar, e o procedemento que se deba seguir para iso.

Para estes efectos, os supostos en que se poderá modificar o contrato deberanse definir con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva e as condicións da eventual modificación deberanse precisar cun detalle suficiente para permitirlles aos licitadores a súa valoración para os efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á existencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.

Artigo 92 quáter. *Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.*

1. As modificacións non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación só se poderán efectuar cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

a) Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

b) Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adjudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

c) Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

d) Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se produciuse con posterioridade á adjudicación do contrato.

e) Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adjudicación do contrato.

2. A modificación do contrato acordada conforme o previsto neste artigo non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación, e deberase limitar a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, entenderase que se alteran as condicións esenciais de licitación e adxudicación do contrato nos seguintes casos:

a) Cando a modificación varíe substancialmente a función e características esenciais da prestación inicialmente contratada.

b) Cando a modificación altere a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

c) Cando, para a realización da prestación modificada, fose necesaria unha habilitación profesional diferente da exixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

d) Cando as modificacións do contrato igualem ou excedan, en máis ou en menos, o 10 por 100 do prezo de adxudicación do contrato; no caso de modificacións sucesivas, o conxunto delas non poderá superar este límite.

e) En calquera outro caso en que se poida presumir que, de ser coñecida previamente a modificación, concorresen ao procedemento de adxudicación outros interesados, ou que os licitadores que tomaron parte nel presentasen ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

Artigo 92 quinquies. *Procedemento.*

1. No caso previsto no artigo 92 ter as modificacións contractuais acordaranse na forma que se especificou no anuncio ou nos pregos.

2. Antes de proceder á modificación do contrato conforme o disposto no artigo 92 quáter, deberáselle dar audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes foron preparados por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido no artigo 195 para o caso de modificacións que afecten contratos administrativos.»

Oito. O artigo 118 queda redactado como segue:

«Artigo 118. *Avaliación previa.*

1. Con carácter previo á iniciación dun expediente de contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado, a Administración ou entidade contratante deberá elaborar un documento de avaliación en que se poña de manifesto que, tendo en conta a complexidade do contrato, non se encontra en condicións de definir, con carácter previo á licitación, os medios técnicos necesarios para alcanzar os obxectivos proxectados ou de establecer os mecanismos xurídicos e financeiros para levar a cabo o contrato, e se efectúe unha análise comparativa con formas alternativas de contratación que xustifiquen en termos de obtención de maior valor por prezo, de custo global, de eficacia ou de imputación de riscos, os motivos de carácter xurídico, económico, administrativo e financeiro que recomenden a adopción desta fórmula de contratación.

2. A avaliación a que se refire o punto anterior poderase realizar de forma sucinta se concorren razóns de urxencia non imputables á Administración ou entidade contratante que aconsellen utilizar o contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado para atender as necesidades públicas.

3. A avaliación será realizada por un órgano colexiado onde se integren expertos con cualificación suficiente na materia sobre a cal verse o contrato.

4. Non será necesario realizar unha nova avaliación cando un órgano integrado na mesma Administración ou entidade que aquel que pretenda realizar o contrato,

ou na Administración da cal dependa este ou á cal se encuentre vinculado, a efectuase previamente para un suposto análogo, sempre que esta avaliación previa non se realizase de forma sucinta por razóns de urxencia.»

Nove. Modifícase a letra b) do artigo 155, que quedará redactada como segue:

«b) Cando se trate de obras complementarias que non figuren no proxecto nin no contrato, nin no proxecto de concesión nin no seu contrato inicial, pero que debido a unha circunstancia que non puido prever un poder adjudicador dilixente pasen a ser necesarias para executar a obra tal e como estaba descrita no proxecto ou no contrato sen modificala, e cuxa execución se confíe ao contratista da obra principal ou ao concesionario da obra pública de acordo cos prezos que rexan para o contrato primitivo ou que, de ser o caso, se fixen contraditoriamente, sempre que as obras non se poidan separar técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ao órgano de contratación ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarias para o seu perfeccionamento, e que o importe acumulado das obras complementarias non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato.»

Dez. Modifícase a letra b) do artigo 158, que quedará redactada como segue:

«b) Cando se trate de servizos complementarios que non figuren no proxecto nin no contrato pero que debido a unha circunstancia que non puido prever un poder adjudicador dilixente pasen a ser necesarios para executar o servizo tal e como estaba descrito no proxecto ou no contrato sen modificalo, e cuxa execución se confíe ao empresario ao cal se lle adjudicou o contrato principal de acordo cos prezos que rexan para este ou que, de ser o caso, se fixen contraditoriamente, sempre que os servizos non se poidan separar técnica ou economicamente do contrato primitivo sen causar grandes inconvenientes ao órgano de contratación ou que, aínda que resulten separables, sexan estritamente necesarios para o seu perfeccionamento e que o importe acumulado dos servizos complementarios non supere o 50 por cento do importe primitivo do contrato.»

Once. O artigo 195 queda redactado como segue:

«Artigo 195. *Procedemento de exercicio.*

1. Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á interpretación, modificación e resolución do contrato deberase dar audiencia ao contratista.

2. Na Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, os acordos a que se refire o punto anterior deberán ser adoptados logo de informe do servizo xurídico correspondente, salvo nos casos previstos nos artigos 87 e 197.

3. Non obstante o anterior, será preceptivo o informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos de:

a) Interpretación, nulidade e resolución, cando sexa formulada oposición por parte do contratista.

b) Modificacións do contrato, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 euros.

4. Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.»

Doce. O artigo 202 queda redactado como segue:

«Artigo 202. *Potestade de modificación do contrato.*

1. Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos no título V do libro I, e de acordo co procedemento regulado no artigo 195.

Nestes casos, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas.

2. As modificacións do contrato deberanse formalizar conforme o disposto no artigo 140.»

Trece. O artigo 206 queda redactado como segue:

«Artigo 206. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato:

a) A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista, sen prexuízo do previsto no artigo 73 bis.

b) A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.

c) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.

d) A demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista e o incumprimento do prazo sinalado na letra c) do punto 2 do artigo 96.

e) A demora no pagamento por parte da Administración por prazo superior ao establecido no punto 6 do artigo 200 ou o inferior que se fixase ao abeiro do seu punto 8.

f) O incumprimento das restantes obrigacións contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.

g) A imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados ou a posibilidade certa de produción dunha lesión grave ao interese público de continuarse executando a prestación neses termos, cando non sexa posible modificar o contrato conforme o disposto no título V do libro I.

h) As establecidas expresamente no contrato.

i) As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nesta lei.»

Catorce. O artigo 207 queda redactado como segue:

«Artigo 207. *Aplicación das causas de resolución.*

1. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista, de ser o caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta lei se estableza.

2. A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato.

Nos restantes casos, a resolución poderá ser instada por aquela parte á cal non lle sexa imputable a circunstancia que der lugar a ela, sen prexuízo do establecido no punto 7.

3. Cando a causa de resolución sexa a morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual, a Administración poderá acordar a continuación do contrato cos seus herdeiros ou sucesores.

4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato.

5. En caso de declaración de concurso e mentres non se producise a apertura da fase de liquidación, a Administración potestativamente continuará o contrato se o contratista prestar as garantías suficientes ao xuízo daquela para a súa execución.

6. No suposto de demora a que se refire a letra e) do artigo anterior, se as penalidades a que der lugar a demora no cumprimento do prazo alcanzasen un múltiplo do 5 por cento do importe do contrato, observarase o disposto no artigo 196.5.

7. O incumprimento das obrigacións derivadas do contrato por parte da Administración orixinará a resolución daquel só nos casos previstos nesta lei.»

Quince. Engádense ao artigo 208 un punto 5 e un punto 6, coa seguinte redacción:

«5. Cando a resolución sexa acordada polas causas recollidas na letra g) do artigo 206, o contratista terá dereito a unha indemnización do 3 por cento do importe da prestación deixada de realizar, salvo que a causa sexa imputable ao contratista.

6. Ao tempo de se incoar o expediente administrativo de resolución do contrato pola causa establecida na letra g) do artigo 206, poderase iniciar o procedemento para a adxudicación do novo contrato, aínda que a adxudicación deste quedará condicionada á terminación do expediente de resolución. Aplicarase a tramitación de urxencia a ambos os procedementos.

Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo público ou a ruína do construído ou fabricado. Na falta de acordo, a retribución do contratista será fixada, por instancia deste, polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano de contratación, que deberá resolver o que proceda no prazo de quince días hábiles.»

Dezaseis. O punto 7 do artigo 210 queda redactado da seguinte maneira:

«7. Os órganos de contratación poderán impor ao contratista, advertíndoo no anuncio ou nos pregos, a subcontratación con terceiros non vinculados a el de determinadas partes da prestación que non excedan no seu conxunto o 50 por cento do importe do orzamento do contrato, cando gocen dunha substantividade propia dentro do conxunto que as faga susceptibles de execución separada, por ter que ser realizadas por empresas que contén cunha determinada habilitación profesional ou poder se atribuír a súa realización a empresas cunha clasificación adecuada para realizala.

As obrigacións impostas conforme o previsto no parágrafo anterior consideraranse condicións especiais de execución do contrato para os efectos previstos nos artigos 196.1 e 206.g).»

Dezasete. O artigo 216 queda redactado como segue:

«Artigo 216. *Obras por un prezo global e obras con prezo cerrado.*

1. Cando a natureza da obra o permita, poderase establecer o sistema de retribución por un prezo global, sen existencia de prezos unitarios, de acordo co establecido nos puntos seguintes cando o criterio de retribución se configure como de prezo cerrado ou nas circunstancias e condicións que se determinen nas normas de desenvolvemento desta lei para o resto dos casos.

2. O sistema de retribución por un prezo global poderá, de ser o caso, configurarse como de prezo cerrado, co efecto de que o prezo ofertado polo adxudicatario se manterá invariable e non serán aboables as modificacións do contrato que sexan necesarias para corrixir erros ou omisións que se produciron na

redacción do proxecto conforme o establecido nas letras a) e b) do punto 1 do artigo 92 quáter.

3. A contratación de obras por un prezo global con prezo cerrado requirirá que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que así se prevexa no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato; este poderá establecer que algunhas unidades ou partes da obra se exclúan deste sistema e se aboan por prezos unitarios.

b) As unidades de obra cuxo prezo se vaia aboar conforme este sistema deberán estar previamente definidas no proxecto e reformularse antes da licitación. O órgano de contratación deberalles garantir aos interesados o acceso ao terreo onde se situarán as obras, co fin de que poidan realizar sobre este as comprobacións que consideren oportunas con suficiente antelación á data límite de presentación de ofertas.

c) Que o prezo correspondente aos elementos do contrato ou unidades de obra contratados polo sistema de prezo global con prezo cerrado sexa aboado mensualmente, na mesma proporción que a obra executada no mes a que corresponda garde co total da unidade ou elemento de obra de que se trate.

d) Cando, de conformidade co establecido no punto 2 do artigo 131, os licitadores sexan autorizados para a presentación de variantes ou melloras sobre determinados elementos ou unidades de obra que de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares do contrato deban ser ofertadas polo prezo cerrado, as citadas variantes deberán ser ofertadas baixo a dita modalidade.

Neste caso, os licitadores estarán obrigados a presentar un proxecto básico cuxo contido se determinará no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato.

O adxudicatario do contrato, no prazo que determine o dito prego, deberá achegar o proxecto de construción das variantes ou melloras ofertadas, para a súa preceptiva supervisión e aprobación. En ningún caso o prezo ou o prazo da adxudicación sufrirá variación como consecuencia da aprobación deste proxecto.»

Dezaoito. O artigo 217 queda redactado como segue:

«Artigo 217. *Modificación do contrato de obras.*

1. Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que se acorden de conformidade co establecido no artigo 202 e no título V do libro I.

No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar ningunha indemnización.

2. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, os prezos aplicables a elas serán fixados pola Administración, logo de audiencia do contratista, por un prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptar os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase ou executatalas directamente.

3. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

a) Redacción da modificación do proxecto e a súa aprobación técnica.

b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por un prazo mínimo de tres días.

c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.



No entanto, poderanse introducir variacións sen necesidade de aprobación previa cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo primitivo do contrato.

4. Cando a tramitación dun modificado exixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público, o ministro, se se trata da Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas estatais, poderá acordar que continúen provisionalmente estas tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que o importe máximo previsto non supere o 10 por cento do prezo primitivo do contrato e exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

O expediente de modificación que se tramitará para o efecto exixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

- a) Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación así como a descrición básica das obras que se van realizar.
- b) Audiencia do contratista.
- c) Conformidade do órgano de contratación.
- d) Certificado de existencia de crédito.

No prazo de seis meses deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente do modificado.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non deban quedar posterior e definitivamente ocultas. A autorización do ministro para iniciar provisionalmente as obras implicará, no ámbito da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, a aprobación do gasto, sen prexuízo dos axustes que se deban efectuar no momento da aprobación do expediente do gasto.»

Dezanove. O artigo 220 queda redactado como segue:

«Artigo 220. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de obras, ademais das sinaladas no artigo 206, as seguintes:

- a) A demora na comprobación da implantación, conforme o artigo 212.
- b) A suspensión da iniciación das obras por un prazo superior a seis meses por parte da Administración.
- c) A desistencia ou a suspensión das obras por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración.»

Vinte. O artigo 221 queda redactado como segue:

«Artigo 221. *Suspensión da iniciación da obra.*

Na suspensión da iniciación das obras por parte da Administración, cando esta deixar transcorrer seis meses contados desde esta sen ditar acordo sobre a dita situación e notificalo ao contratista, este terá dereito á resolución do contrato.»

Vinte e un. O artigo 225 queda redactado como segue:

«Artigo 225. *Principio de risco e ventura na execución das obras.*

1. As obras executaranse a risco e ventura do concesionario, de acordo co disposto nos artigos 199 e 214, salvo para aquela parte da obra que poida ser executada por conta da Administración, segundo o previsto no artigo 223.2, caso en que rexerá o réxime xeral previsto para o contrato de obras.

2. Non se terán en conta para os efectos do cómputo do prazo de duración da concesión e do establecido para a execución da obra aqueles períodos en que esta se deba suspender por unha causa imputable á Administración concedente ou debida a forza maior. Se o concesionario for responsable do atraso na execución da obra, observarase o disposto no réxime de penalidades contido no prego de cláusulas administrativas particulares e nesta lei, sen que proceda a ampliación do prazo da concesión.

3. Se a concorrencia de forza maior implicar maiores custos para o concesionario, procederase a axustar o plan económico-financeiro. Se a forza maior impidise por completo a realización das obras, procederase a resolver o contrato, e o órgano de contratación deberalle aboar ao concesionario o importe total das executadas, así como os maiores custos en que incorrese como consecuencia do endebedamento con terceiros.»

Vinte e dous. O artigo 226 queda redactado como segue:

«Artigo 226. *Modificación do proxecto.*

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no proxecto de acordo co establecido no título V do libro I e no artigo 232.1.b). O plan económico-financeiro da concesión deberá recoller, en todo caso, mediante os oportunos axustes, os efectos derivados do incremento ou diminución dos custos.»

Vinte e tres. O artigo 232 queda redactado como segue:

«Artigo 232. *Prerrogativas e dereitos da Administración.*

1. Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e cos efectos sinalados nesta lei, o órgano de contratación ou, de ser o caso, o órgano que se determine na lexislación específica, terá as seguintes prerrogativas e dereitos en relación cos contratos de concesión de obras públicas:

a) Interpretar os contratos e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

b) Modificar os contratos por razóns de interese público debidamente xustificadas, de acordo co previsto no título V do libro I.

c) Restablecer o equilibrio económico da concesión a favor do interese público, na forma e coa extensión prevista no artigo 241.

d) Acordar a resolución dos contratos nos casos e nas condicións que se establecen nos artigos 245 e 246.

e) Establecer, de ser o caso, as tarifas máximas pola utilización da obra pública.

f) Vixiar e controlar o cumprimento das obrigacións do concesionario; para este efecto poderá inspeccionar o servizo, as súas obras, instalacións e locais, así como a documentación, relacionados co obxecto da concesión.

g) Asumir a explotación da obra pública nos supostos en que se produza o secuestro da concesión.

h) Imporlle ao concesionario as penalidades pertinentes por razón dos incumprimentos en que incorra.

- i) Exercer as funcións de policía no uso e explotación da obra pública nos termos que se establezan na lexislación sectorial específica.
- j) Impor con carácter temporal as condicións de utilización da obra pública que sexan necesarias para solucionar situacións excepcionais de interese xeral, e aboar a indemnización que, de ser o caso, proceda.
- k) Calquera outro dereito recoñecido nesta ou noutras leis.

2. O exercicio das prerrogativas administrativas previstas neste artigo axustarase ao disposto nesta lei e na lexislación específica que resulte de aplicación.

En particular, será preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da comunidade autónoma respectiva nos casos de interpretación, modificación, nulidade e resolución, cando sexa formulada oposición por parte do concesionario, nas modificacións acordadas na fase de execución das obras que se encontren no caso previsto no artigo 195.3.b) e naqueles supostos previstos na lexislación específica.»

Vinte e catro. O artigo 233 queda redactado como segue:

«Artigo 233. *Modificación da obra pública.*

1. O órgano de contratación poderá acordar, cando o interese público o exixa e se concorren as circunstancias previstas no título V do libro I, a modificación da obra pública, así como a súa ampliación ou, de concorreren as circunstancias previstas no artigo 155 b), a realización de obras complementarias directamente relacionadas co obxecto da concesión durante a vixencia desta, e procederase, de ser o caso, á revisión do plan económico-financeiro co obxecto de acomodalo ás novas circunstancias.
2. Toda modificación que afecte o equilibrio económico da concesión se rexerá polo disposto no artigo 241.
3. As modificacións que, polas súas características físicas e económicas, permitan a súa explotación independente serán obxecto de nova licitación para a súa construción e explotación.»

Vinte e cinco. O artigo 241 queda redactado como segue:

«Artigo 241. *Mantemento do equilibrio económico do contrato.*

1. O contrato de concesión de obras públicas deberá manter o seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para a súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto no punto seguinte.
2. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:
  - a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público e de acordo co previsto no título V do libro I, as condicións de explotación da obra.
  - b) Cando causas de forza maior ou actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Para estes efectos, entenderanse por causa de forza maior as enumeradas no artigo 214.
  - c) Cando se produzan os supostos que se establezan no propio contrato para a súa revisión, de acordo co previsto no punto 4.º da letra c), e na letra d) do artigo 115.1.
3. Nos supostos previstos no punto anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas establecidas pola utilización da obra, na redución do prazo concesional e, en xeral,

en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos no punto 2.b), e sempre que a retribución do concesionario proviñer en máis dun 50 por cento de tarifas aboadas polos usuarios, poderase prorrogar o prazo da concesión por un período que non exceda un 15 por cento da súa duración inicial. No suposto de forza maior previsto no punto 2.b), a Administración concedente asegurará os rendementos mínimos acordados no contrato sempre que aquela non impidise por completo a realización das obras ou a continuidade da súa explotación.»

Vinte e seis. O artigo 243 queda redactado como segue:

«Artigo 243. *Extinción da concesión por transcurso do prazo.*

1. A concesión entenderase extinguida por cumprimento cando transcorra o prazo inicialmente establecido ou, de ser o caso, o resultante das prórrogas acordadas conforme o artigo 241.3, ou das reducións que se decidisen.

2. Quedarán igualmente extinguidos todos os contratos vinculados á concesión e á explotación das súas zonas comerciais.»

Vinte e sete. O artigo 244 queda redactado como segue:

«Artigo 244. *Prazo das concesións.*

1. As concesións de construción e explotación de obras públicas outorgaranse polo prazo que se acorde no prego de cláusulas administrativas particulares, que non poderá exceder os 40 anos.

2. Os prazos fixados nos pregos de condicións só poderán ser prorrogados polas causas previstas no artigo 241.3.

3. As concesións relativas a obras hidráulicas rexeranse, en canto á súa duración, polo artigo 134.1.a) do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.»

Vinte e oito. O artigo 258 queda redactado como segue:

«Artigo 258. *Modificación do contrato e mantemento do seu equilibrio económico.*

1. A Administración poderá modificar por razóns de interese público, e de concorreren as circunstancias previstas no título V do libro I, as características do servizo contratado e as tarifas que deberán aboar os usuarios.

2. Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar o contratista de maneira que se manteña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adjudicación do contrato.

3. No caso de que os acordos que dite a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica, o contratista non terá dereito a indemnización por razón deles.

4. A Administración deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público e de acordo co establecido no título V do libro I, as características do servizo contratado.

b) Cando actuacións da Administración determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

c) Cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderanse por causas de forza maior as enumeradas no artigo 214 desta lei.

5. Nos supostos previstos no punto anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación das tarifas que deberán aboar os usuarios, a redución do prazo do contrato e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos nos puntos 4.b) e c) poderase prorrogar o prazo do contrato por un período que non exceda un 10 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.»

Vinte e nove. O artigo 272 queda redactado como segue:

«Artigo 272. *Modificación do contrato de subministración.*

Cando, como consecuencia das modificacións do contrato de subministración acordadas conforme o establecido no artigo 202 e no título V do libro I, se produza aumento, redución ou supresión das unidades de bens que integran a subministración ou a substitución duns bens por outros, sempre que estes estean comprendidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña ningún dereito a reclamar indemnización polas ditas causas en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de bens. »

Trinta. O artigo 275 queda redactado como segue:

«Artigo 275. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución do contrato de subministración, ademais das sinaladas no artigo 206, as seguintes:

- a) A suspensión, por causa imputable á Administración, da iniciación da subministración por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada no contrato para a entrega, salvo que no prego se sinale outro menor.
- b) A desistencia ou a suspensión da subministración por un prazo superior ao ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.»

Trinta e un. O artigo 282 queda redactado como segue:

«Artigo 282. *Modificación destes contratos.*

Cando, como consecuencia de modificacións do contrato de servizos de mantemento acordadas conforme o establecido no artigo 202 e no título V do libro I, se produza aumento, redución ou supresión de equipamentos que se deberán manter ou a substitución duns equipamentos por outros, sempre que estes estean contidos no contrato, estas modificacións serán obrigatorias para o contratista, sen que teña ningún dereito, en caso de supresión ou redución de unidades ou clases de equipamentos, a reclamar indemnización polas ditas causas.»

Trinta e dous. O artigo 284 queda redactado como segue:

«Artigo 284. *Causas de resolución.*

Son causas de resolución dos contratos de servizos, ademais das sinaladas no artigo 206, as seguintes:

- a) A suspensión por causa imputable á Administración da iniciación do contrato por prazo superior a seis meses a partir da data sinalada nel para o seu comezo, salvo que no prego se sinale outro menor.
- b) A desistencia ou a suspensión do contrato por prazo superior a un ano acordada pola Administración, salvo que no prego se sinale outro menor.
- c) Os contratos complementarios a que se refire o artigo 279.2 quedarán resoltos, en todo caso, cando se resolva o contrato principal.»

Trinta e tres. O punto 1 do artigo 309 queda redactado como segue:

«1. A Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado, a través dos seus órganos de apoio técnico, porá á disposición de todos os órganos de contratación do sector público unha plataforma electrónica que permita dar publicidade a través da internet ás convocatorias de licitacións e aos seus resultados e a canta información consideren relevante relativa aos contratos que celebren, así como prestar outros servizos complementarios asociados ao tratamento informático destes datos. En todo caso, os perfís de contratante dos órganos de contratación do sector público estatal deberanse integrar nesta plataforma, e xestionaranse e difundiranse exclusivamente a través dela. Nas sedes electrónicas destes órganos incluírase un enlace ao seu perfil de contratante situado na Plataforma de contratación do Estado.»

Trinta e catro. Engádesse unha disposición adicional trixésimo quinta co seguinte contido:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Réxime de adxudicación de contratos públicos no marco de fórmulas institucionais de colaboración entre o sector público e o sector privado.*

Os contratos públicos e concesións poderanse adxudicar directamente a unha sociedade de economía mixta na cal concorran capital público e privado, sempre que a elección do socio privado se efectuase de conformidade coas normas establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para a adxudicación do contrato cuxa execución constituía o seu obxecto e sempre que non se introduzan modificacións no obxecto e nas condicións do contrato que se tiveron en conta na selección do socio privado.»

Trinta e cinco. O punto 2 da disposición derradeira oitava queda redactado como segue:

«2. En todo caso, nos procedementos iniciados por solicitude dun interesado para os cales non se estableza especificamente outra cousa e que teñan por obxecto ou se refiran á reclamación de cantidades, exercicio de prerrogativas administrativas ou calquera outra cuestión relativa da execución, consumación ou extinción dun contrato administrativo, unha vez transcorrido o prazo previsto para a súa resolución sen notificarse esta, o interesado poderá considerar desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da subsistencia da obrigaçión de resolver.»

Disposición derradeira décimo sétima. *Reforma da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Un. A letra b) do punto 2 do artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, quedará redactada como segue:

«b) Persoas naturais ou xurídicas para financiar bens e investimentos en xeral que deban reverter na Administración xeral do Estado e deban quedar afectos a concesión administrativa, ou deban adquirirse ou realizarse no marco dun contrato de concesión de obra pública ou de colaboración entre o sector público e o sector privado, ou por unha sociedade de economía mixta creada para executar un destes contratos.»

Dous. O punto 1 do artigo 115 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, queda redactado como segue:

«1. O importe total dos avais recollidos no punto 2 do artigo precedente desta lei non poderá exceder o límite que en cada exercicio sinala a Lei de orzamentos

xerais do Estado. Dentro deste límite especificarase o importe que, como máximo, se poderá destinar a avalar as operacións concertadas polas sociedades de economía mixta e polos adxudicatarios de contratos de concesión de obra pública ou de colaboración entre o sector público e o sector privado a que se refire a letra b) do punto 2 do artigo anterior.

O límite anual de avais entenderase referido ao principal das operacións avaladas. O aval concedido non poderá garantir máis que o pagamento do principal e dos xuros, salvo que a Lei de orzamentos ou de concesión dispoñan expresamente outra cousa.»

Disposición derradeira décimo oitava. *Modificación do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2004, do 5 de marzo.*

Modifícase o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario nos seguintes termos:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Contido.*

1. A descrición catastral dos bens inmoables comprenderá as súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as cales estarán a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor catastral e o titular catastral, co seu número de identificación fiscal ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro.

2. A certificación catastral descritiva e gráfica acreditativa das características indicadas no punto anterior e obtida, preferentemente, por medios telemáticos, incorporarase nos documentos públicos que conteñan feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha incorporación no Catastro inmobiliario, así como ao Rexistro da Propiedade nos supostos previstos por lei. Igualmente, incorporarase nos procedementos administrativos como medio de acreditación da descrición física dos inmoables.

3. Salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro inmobiliario presúmense certos.»

Dous. Modifícase o artigo 6.3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Concepto e clases de bens inmoables.*

3. A cada ben inmoable asignaráselle como identificador unha referencia catastral, constituída por un código alfanumérico que permite situalo inequivocamente na cartografía oficial do Catastro.

A dita identificación deberá figurar en todos os documentos que reflectan relacións de natureza económica ou con transcendencia tributaria vinculadas ao inmoable, conforme establece o título V desta lei.»

Tres. Modifícase o artigo 11.2, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Obrigatoriedade da incorporación e tipos de procedementos.*

2. A dita incorporación realizarase mediante algún dos seguintes procedementos:

- a) Declaracións, comunicacións e solicitudes.
- b) Emenda de discrepancias e rectificación.
- c) Inspección catastral.
- d) Valoración.»

Catro. Derrógase o punto 6 do artigo 12, que queda sen contido.

Cinco. Modifícanse as letras a) e c) do artigo 14, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Procedemento de incorporación mediante comunicacións.*

a) A información que os notarios e rexistradores da propiedade deben remitir conforme o disposto no artigo 36, en canto se refira a documentos por eles autorizados ou inscritos cuxo contido supoña exclusivamente a adquisición ou consolidación da propiedade da totalidade do inmovible, sempre que os interesados achegasen a referencia catastral nos termos a que se refire o título V e se formalice en escritura pública ou se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o feito, acto ou negocio de que se trate.

Así mesmo, constituirá comunicación a información que deben remitir os notarios referida á segregación, división, agregación ou agrupación dos bens inmoibles, sempre que, realizadas as actuacións que prevé o artigo 47.2, conste a referencia catastral dos inmoibles afectados, exista correspondencia entre os inmoibles obxecto das ditas actuacións e a descrición que figura no Catastro e que se achegue o plano, representado sobre a cartografía catastral, que permita a identificación desas alteracións.

c) As que as administracións actuantes deben formalizar ante o Catastro inmobiliario nos supostos de concentración parcelaria, de deslindamento administrativo, de expropiación forzosa e dos actos de plan e de xestión urbanísticos que se determinen regulamentariamente. A comunicación comprenderá a correspondente certificación administrativa expedida polo órgano actuante.

Cando as actuacións mencionadas fosen inscritas no Rexistro da Propiedade, a información será igualmente obxecto de comunicación ao Catastro polo rexistrador, sempre que, realizadas as actuacións que prevé o artigo 48.5, conste a referencia catastral dos inmoibles afectados, así como o plano que permita a identificación desas actuacións sobre a cartografía catastral.

Tamén constituirá comunicación a información que os rexistradores da propiedade deben remitir, referida aos actos de parcelación que consistan na segregación, división, agregación ou agrupación dos bens inmoibles, sempre que se cumpran os requisitos expresados no parágrafo anterior e que se solicite a súa inscrición no Rexistro da Propiedade no prazo de dous meses desde o feito, acto ou negocio de que se trate.»

Seis. O artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 18. *Procedementos de emenda de discrepancias e de rectificación.*

1. O procedemento de emenda de discrepancias iniciarase por acordo do órgano competente, xa sexa por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, cando a Administración teña coñecemento, por calquera medio, da falta de concordancia entre a descrición catastral dos bens inmoibles e a realidade inmobiliaria e a súa orixe non se deba ao incumprimento da obrigaón de declarar ou comunicar a que se refiren os artigos 13 e 14. A iniciación do procedemento comunicáraselles aos interesados, aos cales se lles concederá un prazo de 15 días para que formulen as alegacións que xulguen convenientes.

A resolución que se dite terá efectividade desde o día seguinte ao da data en que se acorde e notificaráselles aos interesados de conformidade co disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa será de seis meses desde a notificación do acordo de iniciación aos interesados. O vencemento do prazo máximo de resolución determinará a caducidade do expediente e o arquivo de todas as actuacións.

No entanto, naqueles supostos en que non existan terceiros afectados polo procedemento, este poderase iniciar directamente coa notificación da proposta de



resolución. Neste caso, o expediente porase de manifesto para a presentación de alegacións durante un prazo de 15 días. Cando, transcorrido este prazo, os interesados non formulasen alegacións, a proposta de resolución converterase en definitiva e procederáase ao peche e arquivo do expediente. A efectividade desta resolución producirase desde o día seguinte ao de finalización do mencionado prazo.

2. Con ocasión da autorización dun feito, acto ou negocio nun documento público, poderanse emendar as discrepancias relativas á configuración ou superficie da parcela, de conformidade co seguinte procedemento:

a) O notario ante o cal se formalicen os correspondentes feitos, actos ou negocios xurídicos solicitará dos outorgantes que lle manifesten se a descrición que contén a certificación catastral a que se refire o artigo 3.2 se corresponde coa realidade física do inmovible no momento do outorgamento do documento público.

b) Se os outorgantes lle manifestan a identidade entre a realidade física e a certificación catastral, o notario describirá o inmovible no documento público de acordo coa certificación e fará constar nel a manifestación de conformidade dos outorgantes.

Cando exista un título previo que deba ser rectificado, os novos datos consignaranse cos que xa aparecesen naquel. Nos documentos posteriores só será preciso consignar a descrición actualizada.

c) Se os outorgantes lle manifestan a existencia dunha discrepancia entre a realidade física e a certificación catastral, o notario solicitará a súa acreditación por calquera medio de proba admitido en dereito. Cando o notario entenda suficientemente acreditada a existencia da discrepancia e unha vez obtido o consentimento, requirido expresamente, dos titulares que resulten do disposto no artigo 9.5 que, na súa condición de estremeiros, poidan resultar afectados pola rectificación, incorporará a nova descrición do ben inmovible no mesmo documento público ou noutro posterior autorizado para o efecto, na forma establecida no parágrafo anterior.

O notario informará a Dirección Xeral do Catastro sobre a rectificación realizada, por medios telemáticos, no prazo máximo de cinco días desde a formalización do documento público. Unha vez validada tecnicamente pola citada dirección xeral a rectificación declarada, incorporárase a correspondente alteración no Catastro. Nos supostos en que se achegue o plano, representado sobre a cartografía catastral, a alteración realizarase no prazo de cinco días desde o seu coñecemento polo Catastro, de modo que o notario poida incorporar no documento público a certificación catastral descritiva e gráfica dos inmovibles afectados que reflecta a súa nova descrición.

d) Nos supostos en que non se obteña o consentimento para a emenda da discrepancia ou cando esta non resulte debidamente acreditada, o notario deixará constancia dela no documento público e, por medios telemáticos, informará da súa existencia á Dirección Xeral do Catastro para que, de ser o caso, esta incoe o procedemento oportuno.

A descrición da configuración e superficie do inmovible conforme a certificación catastral descritiva e gráfica actualizada á cal se fai referencia nas letras b) e c) incorporárase nos asentos dos predios xa inscritos no Rexistro da Propiedade, sen prexuízo das funcións que correspondan ao rexistrador no exercicio das súas competencias.

Cando exista identidade, nos termos que establece o artigo 45, co correspondente predio rexistral inscrito, nos asentos posteriores tomarase como base a nova descrición física e gráfica.

Nos supostos en que non exista esa identidade, o rexistrador da propiedade, por medios telemáticos, porá esta circunstancia en coñecemento da Dirección Xeral do Catastro que, tras analizar a motivación exposta, emitirá informe cuxas conclusións se farán constar no Rexistro da Propiedade, e incoará, de ser o caso, o procedemento oportuno.

Mediante resolución da Dirección Xeral do Catastro, logo de informe favorable da Dirección Xeral dos Rexistros e Notariado, poderanse determinar outros elementos da descrición do ben inmovible que serán obxecto de rectificación de discrepancias conforme o procedemento previsto neste punto.

3. A Dirección Xeral do Catastro poderá rectificar de oficio a información contida na base de datos catastral en canto sexa necesario para efectuar correccións de superficie dentro da marxe de tolerancia técnica que se defina regulamentariamente, así como para reflectir cambios nos identificadores postais ou na cartografía, ou cando se leven a cabo outras operacións de carácter xeral, legalmente previstas, que teñan por finalidade manter a adecuada concordancia entre o Catastro e a realidade inmobiliaria.

Cando a operación de carácter xeral consista na rectificación da descrición dos inmovibles que se deba realizar con motivo de axustes á cartografía básica oficial ou ás ortofotografías inscritas no Rexistro Central de Cartografía, anunciarase no boletín oficial da provincia o inicio do procedemento de rectificación por axustes cartográficos nos municipios afectados e calendario de actuacións. Tras o anuncio abrirase un período de exposición pública no concello en que se sitúen os inmovibles durante un mínimo de 15 días e a subseguinte apertura do prazo de alegacións durante o mes seguinte. Cando, como consecuencia destas actuacións, se produzan rectificacións que superen a tolerancia técnica, a resolución pola que se aproben as novas características catastrais, que terá efectividade o día seguinte a aquel en que se dite, notificaráselles aos interesados de conformidade co previsto no artigo 29 deste texto refundido, e non será necesario o anuncio previsto no punto 1 do dito artigo.»

Sete. Modifícase o artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 33. *Concepto.*

1. A representación gráfica dos bens inmovibles a que se refire o artigo 3 comprenderá en todo caso a súa descrición cartográfica no modo que neste título se establece.

2. A base xeométrica do Catastro inmobiliario está constituída pola cartografía parcelaria elaborada pola Dirección Xeral do Catastro. Esta cartografía catastral constituirá a base para a xeorreferenciación dos bens inmovibles.

3. A cartografía catastral estará á disposición dos cidadáns e das empresas, así como das administracións e entidades públicas que requiran información sobre o territorio ou sobre bens inmovibles concretos, preferentemente a través dun servidor de mapas xestionado pola Dirección Xeral do Catastro ou dos servizos que para ese efecto se establezan na súa sede electrónica.

Mediante resolución da Dirección Xeral do Catastro determinaranse os formatos, condicións de acceso e subministración, así como as restantes características necesarias para a prestación dos ditos servizos.

4. Co fin de facilitar a utilización da cartografía catastral como cartografía básica para a identificación dos predios no Rexistro da Propiedade, a Dirección Xeral do Catastro proporcionará acceso ao servizo de identificación e representación gráfica dos predios sobre a cartografía catastral, mediante un sistema interoperable que responderá ás especificacións que se determinen por resolución da Dirección Xeral do Catastro.

Nos supostos en que se utilicen medios ou procedementos distintos da cartografía catastral para a identificación gráfica dos predios no Rexistro da Propiedade, poderase aplicar o procedemento de rectificación por axustes cartográficos establecido no artigo 18.3 desta lei.

5. Será de aplicación á cartografía catastral o disposto na Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía, nas escalas e coas especialidades establecidas regulamentariamente.»

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 2, así como o punto 3 do artigo 36, que quedan redactados nos seguintes termos:

Artigo 36. *Deber de colaboración.*

«2. As administracións e demais entidades públicas, os fedatarios públicos e quen, en xeral, exerza funcións públicas estarán obrigados a subministrar ao Catastro inmobiliario, nos termos previstos no artigo 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cantos datos ou antecedentes relevantes para a súa formación e mantemento sexan solicitados por este, ben mediante disposición de carácter xeral, ben a través de requirimentos concretos. Para tal fin, facilitarán o acceso gratuíto a esa información nos termos que se acaban de indicar, a través de medios telemáticos.

(...))»

«3. Os notarios e rexistradores da propiedade remitirán telematicamente ao Catastro, dentro dos 20 primeiros días de cada mes, información relativa aos documentos por eles autorizados ou que xerasen unha inscrición rexistral no mes anterior, nos cales consten feitos, actos ou negocios susceptibles de inscrición no Catastro inmobiliario. Na dita información consignarase de forma separada a identidade das persoas que incumprisen a obriga de achegar a referencia catastral establecida no artigo 40. Así mesmo, remitirán a documentación complementaria incorporada na escritura pública que sexa de utilidade para o Catastro.

Cando a dita subministración se refira ás comunicacións que deben realizar os notarios conforme o disposto no artigo 14. a), a remisión da información deberase producir dentro dos 5 días seguintes ao da autorización do documento público que orixine a alteración.

Mediante resolución da Dirección Xeral do Catastro, logo de informe favorable da Dirección Xeral dos Rexistros e Notariado, regularanse os requisitos técnicos para lles dar cumprimento ás obrigacións de subministración de información tributaria establecidas neste punto.»

Nove. O contido actual do artigo 46 pasa a numerarse como punto 1 e engádese un novo punto 2, redactado nos seguintes termos:

Artigo 46. *Constancia da referencia catastral en documentos administrativos.*

«1. (...).

2. Cando do procedemento administrativo resulten modificacións no inmovible de acordo co previsto no artigo 40.2, o órgano administrativo remitirá ao Catastro copia dos planos de situación, para que este expida e comunique, no prazo de cinco días, as novas referencias catastrais dos bens inmovibles afectados.»

Dez. Modifícase o artigo 47.2, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 47. *Constancia da referencia catastral en documentos notariais.*

«2. Cando as modificacións a que se refire o artigo 40.2 consistan en agrupacións, agregacións, segregacións ou divisións de predios ou se trate da constitución sobre eles do réxime de propiedade horizontal, o notario remitirá ao Catastro, no prazo de cinco días desde a autorización do documento, copia simple da escritura xunto co plano ou proxecto, se llo presentase o interesado, para que se expida unha nova referencia catastral. O Catastro comunicarlle a nova referencia catastral ao notario autorizante do documento público no prazo de 24 horas, para a súa constancia na matriz por dilixencia ou nota na marxe.

A mesma documentación se achegará para a asignación notarial da referencia catastral provisional nos supostos de obra nova en construción en réxime de propiedade horizontal.»

Once. Modifícase o artigo 48, que se redacta nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Constancia rexistral da referencia catastral.*

1. A constancia da referencia catastral nos asentos do Rexistro da Propiedade ten por obxecto, entre outros, posibilitar o transvasamento de información entre o Rexistro da Propiedade e o Catastro inmobiliario.

2. O rexistrador, unha vez cualificada a documentación presentada, recollerá no asento como un máis dos datos descritivos do predio e co carácter e efectos establecidos no artigo 6.3, a referencia catastral que lle atribúan os outorgantes no documento inscribible, cando exista correspondencia entre a referencia catastral e a identidade do predio nos termos expresados no artigo 45.

3. Non obstante o disposto no punto anterior, poderase reflectir rexistralmente a identificación catastral dos predios como operación específica, de acordo co legalmente previsto.

4. Se a referencia catastral inscrita sufrise algunha modificación que non derive dunha modificación das características físicas do predio, bastará para a súa constancia a certificación expedida para o efecto polo Catastro.

5. En caso de inscrición de actos de natureza urbanística, o rexistrador remitirá á Dirección Xeral do Catastro copia do plano o día seguinte ao da súa presentación no Rexistro da Propiedade. O Catastro devolveralle ao rexistrador, no prazo de cinco días, as referencias catastrais dos predios obxecto do acto de que se trate.

6. As discrepancias na referencia catastral non afectarán a validez da inscrición.»

Doce. Dáse nova redacción ao artigo 62, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 62. *Feito impoñible.*

1. Constitúe o feito impoñible da taxa de acreditación catastral a expedición pola Dirección Xeral do Catastro ou polas xerencias e subxerencias do Catastro, por instancia de parte, de certificacións nas cales figuren datos que consten no Catastro inmobiliario e de copia dos seguintes documentos:

- a) Ortofotografía.
- b) Fotografía aérea.
- c) Cartografía.
- d) Información alfanumérica dixital.
- e) Copias de información non gráfica de expedientes.

2. A expedición das certificacións e documentos a que se refire o punto anterior non quedará suxeita á dita taxa cando a súa obtención se produza directamente por medios telemáticos.»

Trece. A disposición adicional única do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario pasa a numerarse como disposición adicional primeira e incorpórase unha nova disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Colaboración de notarios e rexistradores.*

Mediante orde do ministro de Presidencia, ditada por proposta dos ministros de Economía e Facenda e de Xustiza, desenvolveranse os aspectos procedementais que sexan precisos para dar cumprimento ás obrigacións establecidas nesta lei, sempre que non se previsen nesta de modo específico outros desenvolvementos normativos.»

Catorce. Incorporárase unha nova disposición transitoria, a oitava, no texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Utilización de medios electrónicos.*

A vixencia dos prazos previstos nos artigos 18.2, 36.3, 46.2, 47.2 e 48.5 desta lei producirase transcorrido un ano desde a entrada en vigor da Lei de economía sustentable. Entre tanto, serán de aplicación os prazos establecidos nos ditos artigos conforme a redacción vixente no momento da entrada en vigor da dita lei.»

Disposición derradeira décimo novena. *Modificación da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas.*

Modifícase o punto 2 da disposición adicional oitava da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Unha vez establecidas as condicións xerais, os requisitos e as características técnicas da presentación de solicitudes e escritos en soporte magnético ou por medios telemáticos, quedará reducido nun 15 por cento o importe das taxas a que estean suxeitas as ditas solicitudes e escritos, se estes son presentados e as taxas son aboadas previa ou simultaneamente a través deses medios técnicos.»

Disposición derradeira vixésima. *Modificación da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.*

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, queda modificada nos termos que se establecen a continuación:

Un. Modifícase o punto 1 da disposición adicional primeira da Lei orgánica 5/2002, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O profesorado dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, así como o de profesores técnicos de formación profesional, sen prexuízo do establecido no artigo 95 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá exercer as súas funcións nos centros de titularidade pública con oferta integrada, impartindo todas as modalidades de formación profesional de conformidade co seu perfil académico e profesional, e sempre que reúna os requisitos para impartir os módulos incluídos nos títulos de formación profesional ou nos certificados de profesionalidade correspondentes. Este profesorado poderá completar a xornada e horario establecidos para o seu posto de traballo impartindo accións formativas das outras modalidades. Así mesmo, poderá ampliar voluntariamente a súa dedicación, que se considerará de interese público e non suxeita a autorización de compatibilidade.»

Dous. Engádese un novo artigo 15 bis á Lei orgánica 5/2002, coa seguinte redacción:

«Artigo 15 bis. *Os servizos de información e orientación profesional.*

1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, promoverá o desenvolvemento dun sistema integrado de información e orientación profesional, establecendo unha rede que asegure, polo menos, o asesoramento dos cidadáns en relación coas posibilidades de formación, emprego e o recoñecemento de competencias, que permita a coordinación e busque a complementariedade dos dispositivos dependentes das administracións educativas e laborais, da Administración local, dos interlocutores sociais e de calquera outro organismo ou entidade que preste servizos de orientación, en canto que servizo público.

2. O Goberno, en cooperación coas comunidades autónomas, velará e promoverá actuacións para que os servizos públicos de orientación profesional se adecuen ás seguintes directrices:

- a) A orientación integral e a calidade dos servizos de orientación, con independencia da entidade que os preste.
- b) A adecuada formación inicial e continua dos profesionais que prestan servizos de orientación.
- c) A coordinación entre os servizos de orientación e as políticas de educación, emprego e de inclusión social.
- d) A accesibilidade deste servizo a todos os cidadáns, independentemente da súa condición social e profesional e da súa localización xeográfica, e de acordo co principio de igualdade de oportunidades.
- e) A prestación de servizos de atención singularizada ás empresas, especialmente pequenas e medianas, así como a traballadores autónomos, en canto que recurso que permite optimizar o seu capital humano e deseñar itinerarios formativos axustados ás súas necesidades.

3. O Goberno impulsará a recollida sistemática de datos a nivel nacional sobre o uso do servizo de información e orientación profesional e a demanda potencial, co fin de axustar o mapa destes servizos, e elaborará un informe con recomendacións e ferramentas para mellorar a calidade da prestación.

4. O Goberno desenvolverá, coa colaboración das administracións das comunidades autónomas, unha plataforma informática integrada de información e orientación, para o asesoramento dos cidadáns en relación coas posibilidades de formación, emprego e o recoñecemento de competencias, que facilite a coordinación e a complementariedade dos dispositivos dependentes das administracións educativas e laborais, da Administración local, dos interlocutores sociais e de calquera outro organismo ou entidade que preste servizos de información e orientación. Esta plataforma estará vinculada á Rede europea para o desenvolvemento das políticas de orientación permanente.

5. Os centros integrados de formación profesional e os centros de referencia nacional asumirán a función de experimentación e difusión dos resultados do modelo mixto de servizo de información e orientación.»

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Enerxías renovables.*

O Goberno, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, remitiralles ás Cortes Xerais un proxecto de Lei de eficiencia enerxética e enerxías renovables, que adopte as medidas necesarias para avanzar no cumprimento dos obxectivos previstos nesta lei.

Disposición derradeira vixésimo segunda. *Modificación da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

Modifícase a Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres (LOTT), nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 72.3 da lei, que queda redactado do seguinte modo:

«3. A duración das concesións establecerase no título concesional, de acordo coas características e necesidades do servizo e atendendo aos prazos de amortización de vehículos e instalacións. Esta duración será limitada e non poderá ser superior a dez anos.

No entanto, en caso necesario, e tendo en conta as condicións de amortización dos activos adscritos á súa prestación, a duración dunha concesión poderase prolongar, como máximo, durante a metade do período orixinal, sempre que o concesionario achegase elementos que resulten significativos en relación coa

totalidade dos ditos activos e se encontren predominantemente relacionados coa prestación dos servizos concesionais.»

Dous. Modifícase o artigo 73.3 da lei, que queda redactado do seguinte modo:

«3. As condicións e circunstancias a que se refire o punto anterior poderanse establecer nos pregos de condicións con carácter de requisitos mínimos ou con carácter orientativo, e as empresas licitadoras dentro dos límites, de ser o caso, establecidos poderán formular ofertas que inclúan precisións, ampliacións ou modificacións das condicións do correspondente prego sempre que non alteren as condicións esenciais do servizo ou da súa prestación.

No establecemento das mencionadas condicións prestarase especial atención aos criterios de eficiencia económica, e tamén aos criterios ambientais e de eficiencia enerxética, á accesibilidade para persoas de mobilidade reducida e ao fomento do emprego, e preverase, de ser o caso, a subrogación nas relacións laborais conforme o sinalado no artigo 75.4.»

Tres. Modifícase o artigo 74.1 da lei, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Na resolución do concurso teranse en conta as circunstancias de toda índole que concorran nas distintas ofertas e nas empresas que as formulen, aínda que con especial atención aos criterios sinalados no punto 3 do artigo anterior; deberanse establecer, para ese efecto, criterios de valoración específicos, ben con carácter xeral ou ben no correspondente prego de condicións.»

Disposición derradeira vixésimo terceira. *Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

Os artigos 8.7, 40, 82, 83 e 84 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, quedarán redactados nos seguintes termos:

Un. Engádese un novo punto 7 ao artigo 8 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, redactado nos seguintes termos:

«7. Igualmente, non terán a consideración de pasos a nivel para os efectos desta lei as interseccións de vías, tanto as destinadas ao tráfico rodado como ao peonil, coas liñas ferroviarias integradas na Rede Ferroviaria de Interese Xeral ou tramos delas que sexan susceptibles de ser utilizadas non soamente para a circulación de trens e doutros vehículos ferroviarios convencionais, senón tamén para a de tranvías, metros lixeiros ou outros medios de transporte sobre raís diferentes do ferrocarril convencional, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a configuración física da liña ferroviaria ou tramo dela responda ás tipoloxías e aos parámetros de deseño propios das liñas destinadas á circulación de tranvías, metros lixeiros ou vehículos análogos.

b) Que os sistemas de control de tráfico da liña ou tramo e as características da súa explotación sexan os utilizados habitualmente nas liñas destinadas á circulación de tranvías, metros lixeiros ou vehículos análogos.»

Dous. Modifícase o artigo 40 da lei, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Prestación dos servizos adicionais, complementarios e auxiliares.*

1. Os servizos adicionais, complementarios e auxiliares na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas súas zonas de servizo ferroviario, tendentes a facilitar o funcionamento do sistema ferroviario, prestaranse ás empresas ferroviarias e a outros candidatos conforme se establece a continuación. Enténdese por zonas de servizo ferroviario as referidas no artigo 9 desta lei.

2. A prestación dos servizos adicionais na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas súas zonas de servizo ferroviario será realizada sempre polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, que estará obrigado a prestalos por solicitude das empresas ferroviarias.

3. A prestación de servizos complementarios na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado e poderá ser realizada:

a) Polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias polos seus propios medios ou mediante xestión indirecta a través de empresas contratistas seleccionadas conforme a Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais; e nos supostos en que esta non sexa de aplicación, conforme o ordenamento xurídico privado con observancia dos principios de publicidade e concorrencia. As ditas empresas contratistas deberán dispor dun título habilitante para a prestación do servizo complementario correspondente, outorgado polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, e deberán axustar a súa actuación aos principios de igualdade de trato, transparencia e non-discriminación. Considerarase condición esencial da actividade o respecto á confidencialidade dos datos que se poidan coñecer durante o seu desenvolvemento acerca das operacións das empresas ferroviarias e candidatos, e considerarase o seu incumprimento como infracción grave das comprendidas na letra a) do artigo 89 desta lei.

Por orde do titular do Ministerio de Fomento determinaranse os criterios conforme os cales o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberá prestar estes servizos.

Os servizos complementarios que ofrezca en cada momento o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, a través da declaración sobre a rede ou documento equivalente, serán de obrigada prestación por solicitude das empresas ferroviarias e doutros candidatos.

b) Directamente, ao seu risco e ventura, por empresas prestadoras provistas do preceptivo título habilitante outorgado polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, sempre que dispoñan dos espazos, instalacións ou medios necesarios para a realización da prestación correspondente, a través do oportuno acordo ou contrato co dito administrador. O título habilitante deberá ter carácter regulado. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias deberá outorgar o dito título ás empresas que cumpran os requisitos que o titular do Ministerio de Fomento estableza regulamentariamente para a súa obtención. Regulamentariamente estableceranse as condicións para que o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias subscriba acordos ou contratos de disposición de espazos, instalacións ou medios que as empresas prestadoras de servizos complementarios soliciten, garantindo a seguridade ferroviaria e o adecuado uso das instalacións. Os referidos servizos complementarios serán de prestación obrigatoria por solicitude das empresas ferroviarias e doutros candidatos, con aplicación dos principios de igualdade de trato, transparencia e non-discriminación. Considerarase condición esencial da actividade o respecto á confidencialidade dos datos que se poidan coñecer durante o seu desenvolvemento acerca das operacións das empresas ferroviarias e candidatos, e considerarase o seu incumprimento como infracción grave das comprendidas na letra a) do artigo 89 desta lei.

c) As empresas ferroviarias e os candidatos titulares de material rodante, presten ou non servizos complementarios ao abeiro do establecido nas letras a) e b) anteriores, poderán realizar para si mesmos os ditos servizos complementarios sempre que subscribisen co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, de instalacións ou medios que sexan solicitados pola empresa ferroviaria ou candidato. A autoprestación poderase realizar directamente ou a través de contrato



con terceiros. Neste caso, os prestadores deberán estar en posesión do correspondente título habilitante outorgado polo dito administrador. No suposto recollido nesta letra c) as empresas ferroviarias e outros candidatos terán prohibida a prestación de servizos complementarios a empresas distintas. O incumprimento desta obrigaón suporá unha infracción grave comprendida na letra a) do artigo 89 desta lei.

4. A prestación de servizos auxiliares na Rede Ferroviaria de Interese Xeral e nas áreas das súas zonas de servizo administradas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado, sen que sexa precisa ningunha autorización previa da Administración ferroviaria e sen que sexa obrigatoria a dita prestación. En todo caso, a empresa prestadora deberá subscribir co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, das instalacións ou medios cuxa utilización lle solicitase. O obxecto social da empresa prestadora deberá abarcar a realización dos citados servizos; no entanto, as empresas ferroviarias e outros candidatos titulares de material rodante que non cumpran este requisito poderán realizar para si os referidos servizos en réxime de autoprestación, directamente ou a través de terceiros, sempre que subscribisen co Administrador de Infraestruturas Ferroviarias o correspondente acordo ou contrato sobre dispoñibilidade de espazos e, de ser o caso, das instalacións ou medios cuxa utilización lle solicitasen. O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias poderá prestar en calquera caso os servizos auxiliares.

5. A prestación de servizos complementarios e auxiliares naquelas áreas das zonas de servizo ferroviario que non estean administradas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias efectuarase en réxime de dereito privado e poderá ser levada a cabo sen suxeición ao título habilitante recollido neste artigo, por empresas cuxo obxecto social abarque a realización dos citados servizos. Porén, as empresas ferroviarias e outros candidatos titulares de material rodante que non cumpran este requisito poderán realizar para si os referidos servizos en réxime de autoprestación, directamente ou a través de terceiros. A prestación dos servizos complementarios e auxiliares no referido ámbito non será obrigatoria.

6. No ámbito da súa competencia, as autoridades portuarias realizarán as funcións asignadas ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias nos puntos anteriores en relación cos servizos adicionais, complementarios e auxiliares. Os servizos adicionais de acceso a e desde a vía ás redes ferroviarias dos portos de interese xeral do Estado poderán ser prestados pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, logo de acordo entre a dita entidade e a correspondente autoridade portuaria.

7. O uso dos espazos, instalacións e medios dispoñibles nas áreas das zonas de servizo ferroviario administradas polo Administrador de Infraestruturas Ferroviarias regularase a través do correspondente contrato de dispoñibilidade entre as partes, no cal figurarán, entre outros aspectos, o obxecto, a forma e temporalidade da utilización dos ditos medios, a duración do contrato e o seu prezo. No caso das autoridades portuarias, o mencionado uso de espazos, instalacións e medios dispoñibles levarase a cabo mediante as correspondentes concesións, autorizacións e demais formas xurídicas que sexan de aplicación conforme a lexislación portuaria.

8. O disposto nos puntos anteriores non será de aplicación ás infraestruturas ferroviarias de titularidade privada que complementan a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e que non se encontren situadas nas súas zonas de servizo ferroviario, coa excepción dos servizos adicionais de acceso aos apartadoiros e desde estes, aos cales lles será de aplicación o establecido no punto 2.»

Tres. Modifícase o artigo 82 da lei, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 82. *O Comité de Regulación Ferroviaria.*

1. Créase o Comité de Regulación Ferroviaria como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Fomento, que se rexerá polos preceptos contidos nos artigos 22 a 27 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e que actuará con independencia funcional plena, no plano da organización, das decisións financeiras, da estrutura legal e da toma de decisións de todo administrador de infraestruturas, organismo de tarifación, organismo adxudicador e candidato.

2. O Comité de Regulación Ferroviaria estará composto por un presidente, un mínimo de dous e un máximo de catro vogais e un secretario. O presidente e os vogais serán designados polo ministro de Fomento, entre persoas de recoñecida competencia profesional no sector ferroviario ou na regulación de mercados. O secretario será designado polo presidente.

3. O mandato do presidente e dos vogais do Comité terá unha duración de seis anos, ao termo dos cales non poderán ser designados novamente.

4. Os membros do Comité de Regulación Ferroviaria cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:

a) Expiración do termo do seu mandato, continuando en funcións ata o nomeamento dos novos membros que procedan á súa substitución.

b) Renuncia.

c) Incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, incompatibilidade sobrevida para o dito exercicio ou condena por delito doloso.

5. Determinarase regulamentariamente o procedemento para a renovación dos membros do Comité de Regulación Ferroviaria e o seu réxime de incompatibilidades.»

Catro. Modifícase o artigo 83 da lei, que queda redactado como segue:

«Artigo 83. *Fins e competencias do Comité de Regulación Ferroviaria e eficacia dos seus actos.*

1. Son fins do Comité de Regulación Ferroviaria os seguintes:

a) Salvagardar a pluralidade da oferta na prestación dos servizos sobre a Rede Ferroviaria de Interese Xeral e as súas zonas de servizo ferroviario, así como velar por que estes sexan prestados en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias.

b) Garantir a igualdade entre empresas públicas e privadas, así como entre calquera candidato, nas condicións de acceso ao mercado dos referidos servizos.

c) Velar por que os canons e as tarifas ferroviarios cumpran o disposto nesta lei e non sexan discriminatorios.

2. Para o cumprimento dos citados fins o Comité de Regulación Ferroviaria ten as seguintes competencias:

a) Coñecer e resolver as reclamacións que, en relación coa actuación do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias, das empresas ferroviarias e dos restantes candidatos, presenten as empresas ferroviarias e os restantes candidatos en materia de:

1.º O outorgamento e uso do certificado de seguridade e o cumprimento das obrigacións que este comporte.

2.º A aplicación dos criterios contidos nas declaracións sobre a rede.

3.º Os procedementos de adxudicación de capacidade e os seus resultados.

4.º A contía, a estrutura ou a aplicación dos canons e tarifas que se lles exixan ou se lles poidan exixir.

5.º Calquera trato discriminatorio no acceso ás infraestruturas ou aos servizos ligados a estas que reciban da Administración ou de calquera ente público, ou que se produza por actos levados a cabo por outras empresas ferroviarias ou candidatos.

Cando se trate de reclamacións entre empresas ferroviarias e os restantes candidatos, ou entre aquelas e estes entre si, estableceranse regulamentariamente as condicións en que se lles poderá exixir a estes o pagamento dos gastos que ocasione o procedemento.

b) Iniciar de oficio os procedementos que considere necesarios, resolver acerca de calquera denuncia e adoptar, de ser o caso, as medidas necesarias para remediar a situación que os orixinou no prazo de dous meses desde a recepción de toda a información.

c) Supervisar as negociacións entre candidatos e administradores de infraestruturas sobre o nivel dos canons e intervir nelas cando preveña que o resultado destas negociacións pode contravir as disposicións comunitarias aplicables.

d) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos de normas nos cales se fixen canons e tarifas ferroviarios.

e) Emitir informe determinante sobre os expedientes en materia ferroviaria tramitados pola Comisión Nacional da Competencia. Este informe deberase emitir nun prazo de quince días. Cando a Comisión Nacional da Competencia, de ser o caso, resolva, só poderá disentir do contido do informe determinante de forma expresamente motivada.

f) Informar a Administración do Estado e as comunidades autónomas que o requiran respecto de calquera proxecto de norma ou resolución que afecte a materia ferroviaria.

g) Calquera outra que se lle atribúa por lei ou por regulamento.

3. As reclamacións ante o Comité de Regulación Ferroviaria deberanse presentar no prazo dun mes desde que se produza o feito ou a decisión correspondente.

Unha vez iniciado o procedemento, o Comité de Regulación Ferroviaria poderá, en calquera momento, adoptar as medidas provisionais que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución. Estas medidas adoptaranse motivadamente, e serán proporcionadas e limitadas no tempo.

4. No exercicio das súas funcións o Comité de Regulación Ferroviaria ditará resolucións que vincularán a todas as partes afectadas, terán eficacia executiva e porán fin á vía administrativa. O Comité poderá proceder, logo de apercibimento e respectando sempre o principio de proporcionalidade, á execución forzosa das súas resolucións por calquera dos medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que resulte admisible.

5. As resolucións ditadas polo Comité de Regulación Ferroviaria serán impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade co disposto na lei reguladora desta xurisdición.»

Cinco. Modifícase o artigo 84 da lei, que queda redactado como segue:

«Artigo 84. *Deber de colaboración co Comité de Regulación Ferroviaria.*

O Comité de Regulación Ferroviaria disporá dos medios necesarios para o exercicio das súas competencias. O Ministerio de Fomento estará obrigado a prestarlle a colaboración que lle solicite para o cumprimento dos seus fins.

Igualmente, o Comité de Regulación Ferroviaria poderá solicitar a colaboración e a información que precise do Administrador de Infraestruturas, dos candidatos e de calquera terceiro interesado.»

Disposición derradeira vixésimo cuarta. *Modificación da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, queda modificada nos termos que se recollen a continuación:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 37, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para obter o título será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato. Non obstante o anterior, os alumnos que teñan o título de técnico en formación profesional poderán obter o título de bacharel pola superación das materias necesarias para alcanzar os obxectivos xerais do bacharelato, que serán determinadas en todo caso polo Goberno nos termos recollidos no artigo 44 desta lei.»

Dous. Modifícase o punto 3 do artigo 39, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A formación profesional no sistema educativo comprende os módulos profesionais asociados a cualificacións profesionais de nivel 1 incluídos nos programas de cualificación profesional inicial, cuxa superación permite a obtención de certificados de profesionalidade de nivel 1, e os ciclos formativos de grao medio e grao superior, cunha organización modular, de duración variable e contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais.»

Tres. Modifícase o artigo 41, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderán acceder a un programa de cualificación profesional inicial os alumnos maiores de 15 anos, cumpridos antes do 31 de decembro do ano de inicio do programa, para os cales se considere que é a mellor opción para alcanzar os obxectivos da etapa. Para acceder a estes programas requirirase o acordo dos alumnos e dos seus pais ou titores.

As administracións educativas establecerán as características e a organización destes programas co fin de que o alumnado poida obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Así mesmo, as administracións educativas realizarán o deseño dos módulos obrigatorios para permitir que os alumnos que os superen teñan a formación necesaria para poderen acceder a un ciclo formativo de grao medio.

2. O acceso a ciclos formativos de grao medio requirirá unha das seguintes condicións:

a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

b) Ter superados os módulos obrigatorios dun programa de cualificación profesional inicial.

c) Ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao medio en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.

d) Ter superado unha proba de acceso.

Nos supostos de acceso ao abeiro das letras c) e d), requirirase ter dezasete anos como mínimo, feitos no ano de realización da proba.

Tanto o curso como a proba que permiten o acceso aos ciclos formativos de grao medio se centrarán nas materias básicas da educación secundaria obrigatoria imprescindibles para cursar estes ciclos. As materias do curso e as súas características básicas serán reguladas polo Goberno.

3. O acceso a ciclos formativos de grao superior requirirá unha das seguintes condicións:

- a) Estar en posesión do título de bacharel.
- b) Posuír o título de técnico de grao medio e ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
- c) Ter superada unha proba de acceso. Neste suposto, requirírase ter dezanove anos, cumpridos no ano de realización da proba, ou dezaioito se se acredita estar en posesión dun título de técnico relacionado con aquel ao cal se desexa acceder.

Tanto o curso como a proba que permiten o acceso aos ciclos formativos de grao superior se centrarán nos obxectivos xerais do bacharelato, e as súas características básicas serán reguladas polo Goberno.

4. As probas a que se refire o punto anterior deberán acreditar, para a formación profesional de grao medio, os coñecementos e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas e, para a formación profesional de grao superior, a madurez en relación cos obxectivos de bacharelato.

5. Correspóndelles ás administracións educativas regular a exención das partes das probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional en función da formación previa acreditada polo alumnado.»

Catro. Modifícase o punto 1 do artigo 44, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os alumnos que superen as ensinanzas de formación profesional de grao medio recibirán o título de técnico da correspondente profesión. O título de técnico, independentemente da súa forma de obtención, permitirá o acceso directo a todas as modalidades de bacharelato. O Goberno regulará o réxime de validacións recíprocas entre os módulos profesionais dun ciclo formativo de grao medio e as materias de bacharelato e establecerá as materias que sexa necesario superar para obter o título de bacharel, co fin de facilitar a mobilidade entre estas ensinanzas. Así mesmo, regularanse as validacións entre os estudos de formación profesional e as ensinanzas artísticas e deportivas.»

Cinco. Modifícase o punto 2 do artigo 44, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os alumnos que superen as ensinanzas de formación profesional de grao superior obterán o título de técnico superior. O título de técnico superior permitirá o acceso directo aos estudos universitarios de grao polo procedemento que regulamentariamente se determine, logo de consulta ás comunidades autónomas.»

Disposición derradeira vixésimo quinta. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital.*

Modifícase o artigo 497, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 497. *Dereito a coñecer a identidade dos accionistas.*

As entidades que, de acordo coa normativa reguladora do mercado de valores, deban levar os rexistros dos valores representados por medio de anotacións en conta están obrigadas a comunicarlle á sociedade emisora, en calquera momento que o solicite e con independencia de que as súas accións teñan ou non que ser nominativas por disposición legal, os datos necesarios para a identificación dos accionistas, incluídos os enderezos e medios de contacto de que dispoñan, para permitir a comunicación con aqueles.

Reglamentariamente, poderanse concretar os aspectos técnicos e formais necesarios para o exercicio deste dereito por parte da sociedade emisora.»

Disposición derradeira vixésimo sexta. *Estudo sobre medidas de simplificación e axilización de constitución de empresas contidas nesta lei.*

No prazo de doce meses desde a entrada en vigor desta lei, elaborárase un estudo, para a súa elevación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, sobre as medidas de simplificación e axilización de creación de empresas. Este estudo incluírá as recomendacións oportunas sobre as modificacións normativas e organizativas necesarias para continuar avanzando na simplificación, axilización e plena implantación de medios telemáticos nos trámites para a constitución de sociedades, así como na súa extensión a outros supostos de creación de empresas.

Disposición derradeira vixésimo sétima. *Adaptación da Lei reguladora do imposto xeral indirecto canario aos cambios realizados na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, pola Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011 e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. Modifícase o punto 4 do artigo 11.º, que queda redactado da seguinte forma:

«4. As entregas de bens a organismos debidamente recoñecidos que os envíen con carácter definitivo á península, Illes Balears, Ceuta, Melilla, calquera outro Estado membro da Comunidade Europea ou os exporte definitivamente a países terceiros no marco das súas actividades humanitarias, caritativas ou educativas, logo de recoñecemento do dereito á exención na forma que regulamentariamente se determine.

No entanto, cando quen entregue os bens a que se refire o parágrafo anterior deste número sexa un ente público ou un establecemento privado de carácter social, poderase solicitar da Administración Tributaria Canaria a devolución do imposto soportado que non se puidese deducir totalmente logo de xustificación do seu importe no prazo de tres meses desde que as ditas entregas se realicen.»

Dous. Modifícase o número 7 do artigo 12.º, que queda redactado da seguinte forma:

«7. As entregas de bens e as prestacións de servizos destinadas aos organismos internacionais recoñecidos por España ou aos membros con estatuto diplomático dos ditos organismos ou ao seu persoal técnico e administrativo, dentro dos límites e coas condicións fixadas regulamentariamente ou establecidas nos convenios internacionais.

En particular, incluíranse neste punto as entregas de bens e as prestacións de servizos destinadas á Comunidade Europea, á Comunidade Europea da Enerxía Atómica, ao Banco Central Europeo ou ao Banco Europeo de Investimentos, ou aos organismos creados polas comunidades a que se aplica o Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas, dentro dos límites e conforme as condicións do dito protocolo e os acordos para a súa aplicación ou os acordos de sede, sempre que con iso non se provoquen distorsións na competencia.»

Tres. Modifícanse o punto 7.º do número 1 do artigo 14.º e o número 9 do mesmo artigo, que quedan redactados da seguinte forma:

«1.7.º As divisas, billetes de banco e moedas que sexan medios legais de pagamento, coa excepción das moedas e billetes de colección e das pezas de ouro, prata e platino.»

«9. As importacións efectuadas por organismos internacionais recoñecidos por España e as realizadas polos seus membros con estatuto diplomático e polo seu persoal técnico e administrativo, cos límites e nas condicións fixadas regulamentariamente ou establecidas nos convenios internacionais polos cales se crean tales organismos ou nos acordos sobre a súa sede.

En particular, estarán exentas do imposto as importacións de bens realizadas pola Comunidade Europea, a Comunidade Europea da Enerxía Atómica, o Banco Central Europeo ou o Banco Europeo de Investimentos, ou polos organismos creados polas Comunidades aos cales se aplica o Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades das Comunidades Europeas, dentro dos límites e conforme as condicións do protocolo e os acordos para a súa aplicación ou os acordos de sede, sempre que a dita exención non provoque distorsións na competencia.»

Catro. Modifícase a letra a) do punto 3 do número un do artigo 17.º, que queda redactada da seguinte forma:

«a) Os servizos que se enumeran a continuación cando o seu destinatario estea establecido ou teña o seu domicilio ou residencia habitual fóra da Unión Europea:

As cesións e concesións de dereitos de autor, patentes, licenzas, marcas de fábrica ou comerciais e os demais dereitos de propiedade intelectual ou industrial, así como calquera outro dereito similar.

A cesión ou concesión de fondos de comercio, de exclusivas de compra ou venda ou do dereito a exercer unha actividade profesional.

Os de publicidade.

Os de asesoramento, auditoría, enxeñaría, gabinete de estudos, avogacía, consultores, expertos contables ou fiscais e outros similares, con excepción dos comprendidos no punto 1 do número un do punto tres deste artigo.

Os de tratamento de datos e a subministración de informacións, incluídos os procedementos e experiencias de carácter comercial.

Os de tradución, corrección ou composición de textos, así como os prestados por intérpretes.

Os de seguro, reaseguro e capitalización, así como os servizos financeiros, citados respectivamente polo artigo 10, número 1, puntos 16.º e 18.º desta lei, incluídos os que non estean exentos, con excepción do aluguer de caixas de seguridade.

Os de cesión de persoal.

A dobraxe de películas.

Os arrendamentos de bens mobles corporais, con excepción dos que teñan por obxecto calquera medio de transporte e os contedores.

A provisión de acceso aos sistemas de distribución de gas natural, electricidade, calefacción ou refrixeración, e o seu transporte ou transmisión a través deses sistemas, así como a prestación doutros servizos directamente relacionados con calquera dos servizos comprendidos neste parágrafo.

As obrigacións de non prestar, total ou parcialmente, calquera dos servizos enunciados neste número.»

Cinco. Modifícase o punto 3.º do número 1 do artigo 31, que queda redactado da seguinte forma:

«3.º A factura orixinal ou o xustificante contable da operación expedido por quen realice unha entrega de bens ou unha prestación de servizos ao destinatario, suxeito pasivo do imposto, nos supostos a que se refire o punto 2.º do número 1 do artigo 19 e o artigo 58 ter.6 desta lei, sempre que a cota devengada pola dita entrega ou prestación estea debidamente declarada na declaración-liquidación a que se refire o artigo 59.1.f) da Lei 20/1991.

No suposto de substitución a que se refire o punto 6 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, o documento de ingreso da cota.»

Seis. Modifícase o artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 32. *Nacemento do dereito a deducir.*

O dereito á dedución nace no momento en que se devengan as cotas deducibles.

No entanto, no suposto de substitución a que se refire o punto 6 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, o dereito á dedución nace no momento en que se ingrese a cota.»

Sete. Modifícase o número 4 do artigo 33, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Entenderanse soportadas as cotas deducibles, así como a carga impositiva implícita nas adquisicións a comerciantes retallistas, no momento en que o empresario ou profesional que as soportou reciba a correspondente factura ou demais documentos xustificativos do dereito a deducir.

Se o devengo do imposto se producir nun momento posterior ao da recepción da factura, as ditas cotas entenderanse soportadas cando se devenguen.

No suposto de substitución a que se refire o punto 6 do artigo 25 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, as cotas entenderanse soportadas no momento en que se ingresen.»

Oito. Engádese un número 8 ao artigo 48, que queda redactado da seguinte forma:

«8. No caso de empresarios ou profesionais establecidos nun Estado membro da Comunidade Europea distinto de España, a solicitude deberase presentar por vía electrónica a través do portal electrónico disposto para o efecto polo Estado membro en que estean establecidos.»

Nove. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 59, que queda redactada da seguinte forma:

«c) Conservar as facturas recibidas, os xustificantes contables e as copias das facturas expedidas, mesmo por medios electrónicos, durante o prazo de prescrición do imposto.

Cando os documentos a que se refire o parágrafo anterior se refiran a adquisicións polas cales se soportasen ou satisfíxesen cotas do imposto cuxa dedución estea sometida a un período de regularización, deberanse conservar durante o período de regularización correspondente ás ditas cotas e os catro anos seguintes.»

Disposición derradeira vixésimo oitava. *Adaptación da Lei reguladora do imposto xeral indirecto canario aos cambios realizados na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, pola Lei 2/2010, do 1 de marzo, pola que se traspoñen determinadas directivas no ámbito da imposición indirecta e se modifica a Lei do imposto sobre a renda de non-residentes para adaptala á normativa comunitaria.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2010 e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias:

Un. Modifícase o número 11 do artigo 14.º, que queda redactado da seguinte forma:

«11. As importacións de bens cuxo valor global non exceda os 22 euros.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

a) Os produtos alcohólicos comprendidos nos códigos NC 22.03 a 22.08 do arancel alfandegueiro.



- b) Os perfumes e augas de colonia.
- c) O tabaco en rama ou manufacturado.»

Dous. Modifícase o número 2 do punto tres.un do artigo 17.º, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Os de transporte que se citan a continuación, pola parte de traxecto que discorra polo territorio de aplicación do imposto tal e como este redefine no artigo 3 desta lei:

- a) Os de transporte de pasaxeiros, calquera que sexa o seu destinatario.
- b) Os de transporte de bens cando o destinatario non sexa un empresario ou profesional actuando como tal.»

Disposición derradeira vixésimo novena. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Engádesse unha disposición transitoria vixésimo segunda á Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo segunda. *Réxime transitorio de instalacións en dominio público.*

Os titulares das actividades referidas no artigo 103.1 desta lei que, con anterioridade á súa entrada en vigor, requirisen resolución da Administración do Estado previa ao inicio do seu exercicio na cal se estableza unha determinada localización das instalacións e infraestruturas, con obrigación de aprobación administrativa do seu proxecto de instalación, e da que resulte a necesidade de ocupación de terreos deslindados, anterior ou posteriormente, como dominio público estatal de calquera natureza, terán dereito á prórroga das ditas concesións ou, de ser o caso, ao outorgamento de novas concesións de ocupación de dominio ao termo da primeira, mentres non se declare extinguido o interese xeral que motivou a dita localización mediante resolución motivada de rango equivalente a aquela en que se adoptou esa decisión, ou de teren perdido, por causa prevista no ordenamento, o título ou condicións que habilitan para o exercicio da actividade. Mentres non se resolva a dita prórroga ou, de ser o caso, unha nova concesión, considerarase prorrogada a existente.»

Disposición derradeira trixésima. *Concepto de rehabilitación para efectos da materialización da reserva para investimentos en Canarias.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2010, modifícanse as letras A e C do punto 4 do artigo 27 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, que quedan redactadas da seguinte forma:

«A. Os investimentos iniciais consistentes na adquisición de elementos patrimoniais novos do activo fixo material ou inmaterial como consecuencia:

Da creación dun establecemento.

Da ampliación dun establecemento.

Da diversificación da actividade dun establecemento para a elaboración de novos produtos.

Da transformación substancial no proceso de produción dun establecemento.

Tamén terán a consideración de iniciais os investimentos en solo, edificado ou non, sempre que non se beneficiasen anteriormente do réxime previsto neste artigo e se afecte:

Á promoción de vivendas protexidas, cando proceda esta cualificación de acordo co previsto no Decreto 27/2006, do 7 de marzo, polo que se regulan as actuacións

do Plan de Vivenda de Canarias, e sexan destinadas ao arrendamento pola sociedade promotora.

Ao desenvolvemento de actividades industriais incluídas nas divisións 1 a 4 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

Ás zonas comerciais situadas nunha área cuxa oferta turística se encontre en declive por precisar de intervencións integradas de rehabilitación de áreas urbanas.

Ás actividades turísticas reguladas na Lei 7/1995, do 6 de abril, de ordenación do turismo de Canarias, cuxa adquisición teña por obxecto a rehabilitación dun establecemento turístico.

Para os únicos efectos de entender incluído no importe da materialización da reserva o valor correspondente ao solo, consideraranse obras de rehabilitación as actuacións dirixidas á renovación, ampliación ou mellora de establecementos turísticos, sempre que reúnan as condicións necesarias para seren incorporadas ao activo fixo material como maior valor do inmovible:

No caso dos establecementos turísticos situados nunha área cuxa oferta turística se encontre en declive, por precisar de intervencións integradas de rehabilitación de áreas urbanas, segundo os termos en que se define nas directrices de ordenación xeral de Canarias, aprobadas pola Lei 19/2003, do 14 de abril, pola que se aproban as directrices de ordenación xeral e as directrices de ordenación do turismo de Canarias, con independencia do importe das ditas actuacións.

No caso dos establecementos turísticos situados fóra das áreas cuxa oferta turística se encontre en declive, sempre que o custo das ditas actuacións exceda o 25 por cento do valor catastral do establecemento, descontada a parte proporcional correspondente ao solo.

Tratándose de elementos de transporte, deberanse destinar ao uso interno da empresa en Canarias, segundo se determina no punto 5 deste artigo, sen que se poidan utilizar para a prestación de servizos de transporte a terceiros.

No caso de activo fixo inmaterial, deberase tratar de dereitos de uso de propiedade, industrial ou intelectual, coñecementos non patentados, nos termos que regulamentariamente se determinen, e de concesións administrativas, e reunir os seguintes requisitos:

Utilizarse exclusivamente no establecemento que reúna as condicións indicadas nesta letra.

Ser amortizable.

Ser adquirido a terceiros en condicións de mercado. No caso das concesións administrativas, entenderase que son adquiridas en condicións de mercado cando sexan obxecto dun procedemento de concorrencia competitiva.

Figurar no activo da empresa.

Tratándose de suxeitos pasivos que cumpran as condicións do artigo 108 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, no período impositivo en que se obtén o beneficio con cargo ao cal se dota a reserva, o investimento poderá consistir na adquisición de activos fixos usados, sempre que os bens adquiridos non se beneficiasen anteriormente do réxime previsto neste artigo. Tratándose de solo, deberanse cumprir en todo caso as condicións previstas nesta letra.

Determinaranse regulamentariamente os termos en que se entenda que se produce a creación ou ampliación dun establecemento e a diversificación e a transformación substancial da súa produción.»

«C. Adquisición de elementos patrimoniais do activo fixo material ou inmaterial que non poida ser considerada como investimento inicial por non reunir algunha das

condicións establecidas na letra A anterior, o investimento en activos que contribúan á mellora e protección do ambiente no territorio canario, así como aqueles gastos de investigación e desenvolvemento que regulamentariamente se determinen.

Tratándose de vehículos de transporte de pasaxeiros por vía marítima ou por estrada, deberanse dedicar exclusivamente a servizos públicos no ámbito de funcións de interese xeral que se correspondan coas necesidades públicas das illas Canarias.

Tratándose de solo, edificado ou non, este débese afectar:

Á promoción de vivendas protexidas, cando cumpra esta cualificación de acordo co previsto no Decreto 27/2006, do 7 de marzo, polo que se regulan as actuacións do Plan de Vivenda de Canarias, destinadas ao arrendamento pola sociedade promotora.

Ao desenvolvemento de actividades industriais incluídas nas divisións 1 a 4 da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e a instrución do imposto sobre actividades económicas.

Ás zonas comerciais situadas nunha área cuxa oferta turística se encontre en declive por precisar de intervencións integradas de rehabilitación de áreas urbanas.

Ás actividades turísticas reguladas na Lei 7/1995, do 6 de abril, de ordenación do turismo de Canarias, cuxa adquisición teña por obxecto a rehabilitación dun establecemento turístico.

Só para os efectos de entender incluído no importe da materialización da reserva o valor correspondente ao solo, consideraranse obras de rehabilitación as actuacións dirixidas á renovación, ampliación ou mellora de establecementos turísticos, sempre que reúnan as condicións necesarias para seren incorporadas ao activo fixo material como maior valor do inmovible:

No caso dos establecementos turísticos situados nunha área cuxa oferta turística se encontre en declive, por precisar de intervencións integradas de rehabilitación de áreas urbanas, segundo os termos en que se define nas directrices de ordenación xeral de Canarias, aprobadas pola Lei 19/2003, do 14 de abril, pola que se aproban as directrices de ordenación xeral e as directrices de ordenación do turismo de Canarias, con independencia do importe das actuacións.

No caso dos establecementos turísticos situados fóra das áreas cuxa oferta turística se encontre en declive, sempre que o custo das ditas actuacións exceda o 25 por cento do valor catastral do establecemento, descontada a parte proporcional correspondente ao solo.»

Disposición derradeira trixésimo primeira. *Desenvolvemento regulamentario sobre difusión de información en política de investimento de fondos de pensións.*

Desenvolveranse regulamentariamente as condicións para a difusión da información sobre o uso de criterios sociais, ambientais e de bo goberno na política de investimento dos fondos de pensións.

Disposición derradeira trixésimo segunda. *Autorización para elaborar un texto refundido en materia de contratación pública.*

Autorízase o Goberno para elaborar, no prazo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, un texto refundido no cal se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e harmonizadas, a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e as disposicións en materia de contratación do sector público contidas en normas con rango de lei, incluídas as relativas á captación de financiamento privado para a execución de contratos públicos.

Disposición derradeira trixésimo terceira. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. Os puntos 2 e 3 do punto primeiro quedan redactados da seguinte maneira:

«2. Créase a Comisión Nacional de Enerxía como organismo público regulador do funcionamento do sector da enerxía, que inclúe o mercado eléctrico, así como os mercados de hidrocarburos tanto líquidos coma gasosos. A Comisión Nacional de Enerxía terá por obxecto promover o funcionamento competitivo do sector enerxético para garantir a efectiva dispoñibilidade e prestación duns servizos e de calidade, no que se refire á subministración de electricidade e gas natural, en beneficio do conxunto do mercado e dos consumidores e usuarios, de acordo co previsto no artigo 10 da Lei 2/2011, de economía sustentable.

A natureza xurídica e o réxime de funcionamento da Comisión Nacional de Enerxía serán os previstos nos artigos 8.3 e 8.4 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

A relación da Comisión Nacional de Enerxía coas entidades públicas e privadas e a súa independencia funcional serán as previstas no artigo 9 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

A organización do persoal da Comisión Nacional de Enerxía, as súas funcións, procesos de selección e nomeamento e as garantías para a súa actuación serán os previstos na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo II do título I da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

A publicidade das actuacións da Comisión Nacional de Enerxía será a prevista no artigo 20 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

A Comisión Nacional de Enerxía elaborará e aprobará con carácter anual un orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Economía e Facenda e remitírallo a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. O orzamento da Comisión Nacional de Enerxía terá carácter estimativo e as súas variacións serán autorizadas de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

O control económico e financeiro da Comisión Nacional de Enerxía efectuarase conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

3. A organización da Comisión Nacional de Enerxía e do Consello, as funcións asignadas ao Consello, ao secretario e ao presidente do organismo, que tamén o será do Consello, e o nomeamento, mandato, causas de cesamento e funcións e incompatibilidades dos membros do Consello serán as previstas na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título I da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Dous. Suprímense os números 4, 5 e 6 do punto primeiro.

Tres. Modifícase a numeración do número 7 do punto primeiro conforme os cambios propostos anteriormente.

Catro. Suprímese o número 3 do punto segundo.

Cinco. As funcións décimo cuarta e décimo quinta do número 1 do punto terceiro quedan redactadas da seguinte maneira:

«Décimo cuarta: autorizar a adquisición de participacións realizada por sociedades de acordo co seguinte:

1. Autorizar a adquisición de participacións realizada por sociedades que, por si ou por medio doutras que pertencen ao seu grupo de sociedades, desenvolvan as actividades de transporte, distribución de gas natural ou de enerxía eléctrica, a operación do sistema e do mercado de enerxía eléctrica e operación do sistema do gas natural, ou sexan titulares de centrais térmicas nucleares, centrais térmicas de

carbón de especial relevancia no consumo de carbón de produción nacional, plantas de regasificación, ou que se desenvolvan nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, así como as actividades de almacenamento de gas natural ou de transporte de gas natural por medio de gasodutos internacionais que teñan como destino ou tránsito o territorio español.

2. Deberáselle comunicar á Comisión Nacional de Enerxía a adquisición de participacións nunha porcentaxe superior a un 10 por cento no capital social ou calquera outra inferior que conceda influencia significativa en sociedades que, por si ou por medio doutras que pertencen ao seu grupo de sociedades, alternativamente:

- a) Desenvolvan as actividades de transporte ou distribución de gas natural e enerxía eléctrica.
- b) Desenvolvan a operación do sistema e do mercado de enerxía eléctrica e operación do sistema de gas natural.
- c) Desenvolvan as actividades para a subministración de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.
- d) Desenvolvan a actividade de almacenamento de gas natural.
- e) Desenvolvan a actividade de transporte de gas natural por medio de gasodutos internacionais que teñan como destino ou tránsito o territorio español.
- f) Sexan titulares de centrais térmicas nucleares.
- g) Sexan titulares de centrais térmicas de carbón de especial relevancia no consumo de carbón de produción nacional.
- h) Sexan titulares de plantas de regasificación.

Así mesmo, a comunicación requirirase cando se adquiran directamente os activos precisos para desenvolver as citadas actividades.

Sen prexuízo do rexistro de participacións previsto polo ordenamento xurídico vixente, o adquirente deberá comunicar a titularidade inicial das participacións e as alteracións que nelas experimente.

As comunicacións previstas neste punto deberán ser efectuadas dentro dos quince días seguintes ao da realización das correspondentes adquisicións.

3. Deberáselle solicitar autorización á Comisión Nacional de Enerxía cando sociedades non comunitarias pretendan a adquisición de participacións nunha porcentaxe superior a un 20 por cento do capital social ou calquera outra inferior que conceda influencia significativa nunha sociedade que, por si ou por medio doutras que pertencen ao seu grupo de sociedades, desenvolva algunha das actividades ou sexa titular dalgún dos activos mencionados no punto 2 anterior. No cálculo das porcentaxes de participación teranse en conta os dereitos de voto doutras sociedades que fosen ou vaian ser adquiridas nunha porcentaxe igual ou superior ao 25 por cento por parte da sociedade non comunitaria que vai realizar a adquisición. Tamén se considerarán os dereitos de voto de terceiras partes coas cales a sociedade non comunitaria adquirente concluíse un acordo de exercicio conxunto de dereitos de voto.

A autorización tamén será necesaria no caso de sociedades comunitarias en que unha sociedade non comunitaria posúa polo menos o 25 por cento do seu capital social, ou calquera outra inferior que conceda influencia significativa, sempre que haxa indicios de que a creación da sociedade comunitaria ou o uso da dita sociedade comunitaria se realizou en fraude de lei co obxecto de eludir a preceptiva autorización.

A adquisición realizada sen a correspondente autorización, sendo necesaria, non eximirá da obriga da súa solicitude, e a Comisión Nacional de Enerxía poderá requirila de oficio. Neste caso, o adquirente disporá dun prazo de dous meses, contados desde a data de notificación, para a presentación da correspondente solicitude. En ningún caso poderá o adquirente facer uso dos seus dereitos de voto ata o momento de recibir a preceptiva autorización.

4. A autorización establecida no punto 3 anterior só poderá ser denegada ou sometida a condicións cando exista unha ameaza fundada e suficientemente grave para a seguridade pública.

5. A resolución de autorización a que se refiren os puntos precedentes será ditada no prazo dun mes desde a presentación da solicitude e o silencio terá carácter estimatorio.

Décimo quinta: emitir informe determinante, no marco dos expedientes de control de concentracións de empresas que realicen actividades no sector da súa competencia, segundo o previsto no artigo 17.2 c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. Cando a Comisión Nacional da Competencia, de ser o caso, resolva, só poderá disentir do contido do informe determinante de forma expresamente motivada.»

Seis. O número 5 do punto terceiro queda redactado da seguinte maneira:

«5. Os actos e resolucións da Comisión Nacional de Enerxía ditadas no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa, e poderán ser impugnadas ante a xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na súa lei reguladora.»

Sete. Engádesse un novo punto cuarto, que queda redactado como segue:

«Cuarto. Control parlamentario.

O control parlamentario da actuación da Comisión Nacional de Enerxía será o previsto no artigo 21 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Oito. Engádesse un novo punto quinto, que queda redactado como segue:

«Quinto. Cooperación con outros organismos reguladores e coa Comisión Nacional da Competencia.

A cooperación con outros organismos reguladores e coa Comisión Nacional da Competencia articularase conforme o previsto na sección 6.<sup>a</sup> do capítulo II do título I da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Disposición derradeira trixésimo cuarta. *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

Un. Modifícase o artigo 48, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións é un organismo regulador dos previstos polo artigo 8 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada. A relación desta comisión co Goberno e coa Administración xeral do Estado, así como a súa independencia funcional, será a prevista no artigo 9 da Lei 2/2011, de economía sustentable. Rexerase polo disposto nesta lei e disposicións que a desenvolvan, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que esta lei lle atribúe e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto polo punto 1 da súa disposición adicional décima e pola Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

2. A organización do persoal da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, as súas funcións, procesos de selección e nomeamento e garantías para a súa actuación regularanse conforme o previsto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

3. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá por obxecto o establecemento e a supervisión das obrigacións específicas que deban cumprir os

operadores nos mercados de telecomunicacións e o fomento da competencia nos mercados dos servizos audiovisuais, conforme o previsto pola súa normativa reguladora e no punto 1 do artigo 10 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, a resolución dos conflitos entre os operadores e, de ser o caso, o exercicio como órgano arbitral das controversias entre eles.

4. Nas materias de telecomunicacións reguladas nesta lei, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións exercerá as seguintes funcións:

a) Arbitrar nos conflitos que poidan xurdir entre os operadores do sector das comunicacións electrónicas, así como naquéloutros casos que se poidan establecer por vía regulamentaria, cando os interesados o acorden.

O exercicio desta función arbitral non terá carácter público. O procedemento arbitral establecerase mediante real decreto e axustarase aos principios esenciais de audiencia, liberdade de proba, contradición e igualdade, e será indispoñible para as partes.

b) Asignar a numeración aos operadores, para o cal ditará as resolucións oportunas, en condicións obxectivas, transparentes e non discriminatorias, de acordo co que regulamentariamente se determine. A Comisión velará pola correcta utilización dos recursos públicos de numeración asignados. Así mesmo, autorizará a transmisión dos ditos recursos, establecendo, mediante resolución, as condicións daquela.

c) Exercer as funcións que en relación co servizo universal e o seu financiamento lle encomende o título III desta lei.

d) A resolución vinculante dos conflitos que se susciten entre os operadores en materia de acceso e interconexión de redes, nos termos que se establecen no título II desta lei, así como en materias relacionadas coas guías telefónicas, o financiamento do servizo universal e o uso compartido de infraestruturas.

Así mesmo, exercerá as restantes competencias que en materia de interconexión se lle atribúen nesta lei.

e) Adoptar as medidas necesarias para salvagardar a pluralidade de oferta do servizo, o acceso ás redes de comunicacións electrónicas polos operadores, a interconexión das redes e a explotación de rede en condicións de rede aberta, e a política de prezos e comercialización polos prestadores dos servizos.

Para estes efectos, sen prexuízo das funcións encomendadas no capítulo III do título II desta lei e na súa normativa de desenvolvemento, a Comisión exercerá as seguintes funcións:

1.<sup>a</sup> Poderá ditar, sobre as materias indicadas, instrucións dirixidas aos operadores que actúen no sector de comunicacións electrónicas. Estas instrucións serán vinculantes unha vez notificadas ou, de ser o caso, publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

2.<sup>a</sup> Porá en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia os actos, acordos, prácticas ou condutas de que puiden ter noticia no exercicio das súas atribucións e que presenten indicios de ser contrarios á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. Para tal fin, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións comunicarlle á Comisión Nacional da Competencia todos os elementos de feito ao seu alcance e, de ser o caso, remitirá ditame determinante. Cando a Comisión Nacional da Competencia, de ser o caso, resolva, só poderá disentir do contido do ditame determinante de forma expresamente motivada.

3.<sup>a</sup> Exercer a competencia da Administración xeral de Estado para interpretar a información que en aplicación do artigo 9 desta lei lle subministren os operadores no exercicio da protección da libre competencia no mercado das comunicacións electrónicas.

f) Emitir informe determinante no marco dos expedientes de control de concentracións de empresas que realicen actividades no sector da súa competencia,

segundo o previsto no artigo 17.2 c) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

g) Definir os mercados pertinentes para establecer obrigacións específicas conforme o previsto no capítulo II do título II e no artigo 13 desta lei.

h) Asesorar o Goberno e o ministro de Industria, Turismo e Comercio, por solicitude destes ou por propia iniciativa, nos asuntos concernentes ao mercado e á regulación das comunicacións, particularmente naquelas materias que poidan afectar o desenvolvemento libre e competitivo do mercado. Igualmente, poderá asesorar as comunidades autónomas e as corporacións locais, por petición dos órganos competentes de cada unha delas, en relación co exercicio de competencias propias das ditas administracións públicas que entren en relación coa competencia estatal en materia de telecomunicacións.

En particular, emitirá informe preceptivo nos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado para a elaboración de disposicións normativas en materia de comunicacións electrónicas, especificacións técnicas de equipamentos, aparellos, dispositivos e sistemas de telecomunicación; planificación e atribución de frecuencias do espectro radioeléctrico, así como pregos de cláusulas administrativas xerais que, de ser o caso, deban rexer os procedementos de licitación para o outorgamento de concesións de dominio público radioeléctrico.

i) Exercer as funcións inspectoras naqueles asuntos sobre os cales teña atribuída a potestade sancionadora de acordo co artigo 50.1 e solicitar a intervención da Axencia Estatal de Radiocomunicacións para a inspección técnica das redes e servizos de comunicacións electrónicas naqueles supostos en que a Comisión o considere necesario para o desempeño das súas funcións.

j) O exercicio da potestade sancionadora nos termos previstos por esta lei.

Nos procedementos que se inicien como resultado de denuncia por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o órgano instrutor, antes de formular a oportuna proposta de resolución, someterá o expediente a informe do dito ministerio. A proposta de resolución deberá ser motivada se se separa do informe.

k) Denunciar, ante os servizos de inspección de telecomunicacións da Axencia Estatal de Radiocomunicacións, as condutas contrarias á lexislación xeral das telecomunicacións cando non lle corresponda o exercicio da potestade sancionadora.

Nos procedementos que se inicien como resultado das denuncias a que se refire o parágrafo anterior, o órgano instrutor, antes de formular a oportuna proposta de resolución, someterá o expediente a informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. A proposta de resolución deberá ser motivada se se separa do informe.

l) Levar un rexistro de operadores, no cal se inscribirán todas aquelas cuxa actividade requira a notificación a que se refire o artigo 6 desta lei. O rexistro conterá os datos necesarios para que a Comisión poida exercer as funcións que teña atribuídas.

m) Calquera outra que legal ou regulamentariamente se lle atribúa ou que lle encomenden o Goberno ou o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

5. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións estará rexida por un Consello, ao cal lle corresponderá o exercicio de todas as funcións establecidas no punto anterior. A organización da Comisión e do Consello, a aprobación e o contido do regulamento de funcionamento interno, as funcións asignadas ao Consello, ao secretario e ao presidente do organismo, que tamén o será do Consello, a composición do Consello, nomeamento, mandato, renovación, causas do cesamento, funcións e incompatibilidades dos membros do Consello e do secretario serán as previstas na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título I da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

6. A publicidade das actuacións da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, así como a presentación dunha avaliación dos seus plans de actuación e os



resultados obtidos, serán as previstas no artigo 20 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

7. No exercicio das súas funcións, e nos termos que regulamentariamente se determinen, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, unha vez iniciado o procedemento correspondente, poderá en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, adoptar as medidas cautelares que xulgue oportunas para asegurar a eficacia do laudo ou da resolución que puiden recaer, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso.

8. A Comisión terá a súa sede en Barcelona e disporá de patrimonio propio, independente do patrimonio do Estado.

9. Os recursos da Comisión estarán integrados por:

a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os produtos e rendas deste.

b) Os ingresos obtidos pola liquidación de taxas devengadas pola realización de actividades de prestación de servizos e os derivados do exercicio das competencias e funcións a que se refire o punto 3 deste artigo. No entanto, a recadación procedente da actividade sancionadora da Comisión do Mercado das Telecomunicacións ingresarase no Tesouro Público.

En particular, constituirán ingresos da Comisión as taxas que se regulan no punto 1 do anexo I desta lei nos termos fixados naquel.

A xestión e recadación en período voluntario das taxas dos puntos 1 e 2 do anexo I desta lei, así como das taxas de telecomunicacións establecidas no punto 4 do citado anexo I, que se recaden pola prestación de servizos que teña encomendada a Comisión, de acordo co previsto nesta lei, corresponderalle á Comisión nos termos que se fixan no punto 5 do dito anexo, sen prexuízo dos convenios que puiden esta establecer con outras entidades e da facultade executiva que lles corresponda a outros órganos do Estado en materia de ingresos públicos, ou da súa obriga de ingreso no Tesouro Público, de ser o caso, nos supostos previstos no anexo I desta lei.

c) As transferencias que, de ser o caso, efectúe o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

10. A Comisión elaborará e aprobará, con carácter anual, un orzamento coa estrutura que sinala o Ministerio de Economía e Facenda, e remitirallo a este para a súa elevación ao acordo do Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, integrado nos orzamentos xerais do Estado. O orzamento terá carácter estimativo e as súas variacións serán autorizadas de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

11. O control económico e financeiro da Comisión efectuarase conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas.

O control parlamentario da Comisión efectuarase conforme o disposto no artigo 21 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

12. As disposicións e resolucións que dite a Comisión no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa e serán impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na lei reguladora da dita xurisdición.

Os laudos que dite a Comisión no exercicio da súa función arbitral terán os efectos establecidos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje; a súa revisión, anulación e execución forzosa acomodarase ao disposto na citada lei.

13. A cooperación e colaboración da Comisión do Mercado das Telecomunicacións co resto de organismos reguladores e coa Comisión Nacional da Competencia será a prevista nos artigos 23 e 24 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Disposición derradeira trixésimo quinta. *Modificación da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia:

Un. Modifícase o punto 2 do artigo 12, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. De acordo co disposto nesta lei e na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, a Comisión Nacional da Competencia exercerá as súas funcións no ámbito de todo o territorio español. Igualmente, exercerá as súas funcións en relación con todos os mercados ou sectores produtivos da economía, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lles atribúe aos organismos reguladores sectoriais.»

Dous. Modifícase o artigo 17, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión Nacional da Competencia e os reguladores sectoriais cooperarán no exercicio das súas funcións nos asuntos de interese común, respectando, en todo caso, as competencias atribuídas a cada un deles.

2. Para os efectos do previsto no punto anterior, transmitiranse mutuamente de oficio ou por instancia do órgano respectivo información sobre as súas respectivas actuacións, así como ditames determinantes, no marco dos procedementos de aplicación da regulación sectorial e desta lei. Os ditames serán determinantes para os reguladores sectoriais ou para a Comisión Nacional da Competencia, segundo se aplique, que só poderán disentir do seu contido de forma expresamente motivada. En todo caso:

a) Os reguladores sectoriais porán en coñecemento da Comisión Nacional da Competencia os actos, acordos, prácticas ou condutas de que poida ter coñecemento no exercicio das súas atribucións que presenten indicios de ser contrarios a esta lei, achegando todos os elementos de feito ao seu alcance e unindo, de ser o caso, o ditame correspondente, que terá carácter determinante.

b) Así mesmo, os reguladores sectoriais solicitarán informe, que terá carácter de determinante, á Comisión Nacional da Competencia, antes da súa adopción, sobre as circulares, instrucións, decisións de carácter xeral ou resolucións en aplicación da normativa sectorial correspondente que poidan incidir significativamente nas condicións de competencia nos mercados.

c) A Comisión Nacional da Competencia solicitaralles aos reguladores sectoriais a emisión do correspondente informe determinante no marco dos expedientes de control de concentracións de empresas que realicen actividades no sector da súa competencia.

Adicionalmente, na vixilancia das resolucións da Comisión Nacional da Competencia en procedementos sancionadores ou de control de concentracións, o regulador sectorial emitirá un informe determinante conforme o previsto a continuación.

Este informe emitirase, logo de solicitude da Dirección de Investigación, nalgún dos seguintes supostos:

1.º Cando se detecte a existencia dun incumprimento das condicións ou compromisos impostos pola resolución sometida a vixilancia.

2.º Cando, por se teren cumprido as condicións ou compromisos, se deba propor a finalización da vixilancia.

3.º Cando a empresa autorizada solicite algún tipo de suspensión, modificación ou dispensa das obrigacións derivadas da resolución obxecto de vixilancia.

Tamén se poderá emitir o dito informe por iniciativa do regulador sectorial cando, como consecuencia da modificación da estrutura do mercado ou da actividade

normativa desenvolvida por aquel, se considere que as condicións ou compromisos impostos pola Comisión Nacional da Competencia resulten innecesarios ou se deba proceder á súa modificación.

d) A Comisión Nacional da Competencia ou os órganos competentes das comunidades autónomas solicitarán aos reguladores sectoriais a emisión do correspondente informe determinante no marco dos expedientes incoados por condutas restritivas da competencia en aplicación dos artigos 1 a 3 desta lei.

3. Os presidentes da Comisión Nacional da Competencia e dos respectivos órganos reguladores sectoriais reuniránse polo menos con periodicidade anual para analizar as orientacións xerais que guiarán a actuación dos organismos que presiden e, de ser o caso, establecer mecanismos formais e informais para a coordinación das súas actuacións. A convocatoria, funcionamento e conclusións destas reunións realizaranse conforme o previsto no artigo 24 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Tres. Modifícase o artigo 20, que queda redactado nos seguintes termos:

«Os órganos da Comisión Nacional da Competencia son:

a) O presidente da Comisión Nacional da Competencia, que desempeña as funcións de dirección e representación desta e preside o Consello.

b) O Consello da Comisión Nacional da Competencia, órgano colexiado de resolución formado polo presidente da Comisión Nacional da Competencia e seis conselleiros.

c) A Dirección de Investigación, que realiza as funcións de instrución de expedientes, investigación, estudo e preparación de informes da Comisión Nacional da Competencia.»

Catro. Modifícase o punto 2 do artigo 28, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O presidente da Comisión Nacional da Competencia deberá comparecer con periodicidade polo menos anual ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados para expor as liñas básicas da súa actuación e os seus plans e prioridades para o futuro. Igualmente, o presidente da Comisión Nacional da Competencia enviará ao ministro de Economía e Facenda con carácter anual unha programación das súas actividades. Cada tres anos haberá unha comparecencia especial para debater a avaliación dos plans de actuación e os resultados obtidos pola Comisión Nacional da Competencia.»

Cinco. Modifícase o punto 2 do artigo 29, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Os conselleiros serán nomeados polo Goberno mediante real decreto por proposta do ministro de Economía e Facenda entre xuristas, economistas e outros profesionais de recoñecido prestixio, logo de comparecencia ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados, que versará sobre a capacidade e coñecementos técnicos do candidato proposto.»

Seis. Modifícase o punto un do artigo 30, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O presidente e os conselleiros da Comisión Nacional da Competencia cesarán no seu cargo segundo o previsto no artigo 16 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Sete. Modifícanse os puntos 1, 3 e 5 do artigo 33, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Son membros do Consello da Comisión Nacional da Competencia o presidente da Comisión Nacional da Competencia, que preside o Consello, e seis conselleiros.»

«3. O Consello da Comisión Nacional da Competencia enténdese validamente constituído coa asistencia do presidente e tres conselleiros.»

«5. O Consello, por proposta do presidente, nomeará un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto e que realizará as funcións previstas no artigo 12 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Oito. Modifícase o artigo 34, que queda redactado nos seguintes termos:

«O Consello da Comisión Nacional da Competencia é o órgano de decisión en relación coas funcións resolutorias, consultivas e de promoción da competencia previstas nesta lei. En particular, é o órgano competente para:

1. Por proposta da Dirección de Investigación:

a) Resolver e ditaminar nos asuntos que a Comisión Nacional da Competencia ten atribuídos por esta lei e, en particular, nos previstos nos artigos 24 a 26 desta lei.

b) Resolver os procedementos sancionadores previstos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

c) Solicitar ou acordar o envío de expedientes de control de concentracións que entren no ámbito de aplicación desta lei á Comisión Europea, segundo o previsto nos artigos 9 e 22 do Regulamento (CE) n.º 139/2004 do Consello, do 20 de xaneiro, sobre o control das concentracións entre empresas.

d) Acordar o levantamento da obrigación de suspensión da execución dunha concentración económica de conformidade co artigo 9.6 desta lei.

e) Resolver sobre o cumprimento das resolucións e decisións en materia de condutas prohibidas e de concentracións.

2. Adoptar as comunicacións previstas na disposición adicional terceira e as declaracións de inaplicabilidade previstas no artigo 6.

3. Solicitar a instrución de expedientes pola Dirección de Investigación.

4. Acordar a impugnación dos actos e disposicións a que se refire o artigo 12.3 desta lei.

5. Elaborar, de ser o caso, o seu regulamento de réxime interior, no cal se establecerá o seu funcionamento administrativo e a organización dos seus servizos.

6. Resolver sobre as recusacións, incompatibilidades e correccións disciplinarias e apreciar a incapacidade e o incumplimento grave das súas funcións polo presidente e conselleiros.

7. Nomear e acordar o cesamento do secretario, por proposta do presidente do Consello.

8. Aprobar o orzamento do organismo.

9. Elaborar a memoria anual do organismo, así como os plans anuais ou plurianuais de actuación nos cales se definan obxectivos e prioridades.»

Disposición derradeira trixésimo sexta. *Modificación da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

Un. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 1 e introdúcese un novo punto 4, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. A Comisión Nacional do Sector Postal configúrase como un organismo público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, dos previstos na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

3. A relación da Comisión Nacional do Sector Postal co Goberno e coa Administración xeral do Estado, así como a súa independencia funcional, será a prevista no artigo 9 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

4. O control parlamentario da Comisión Nacional do Sector Postal será o previsto no artigo 21 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.»

Dous. Modifícase o artigo 2, que queda redactado nos seguintes termos:

«A Comisión Nacional do Sector Postal rexerese polo disposto nesta lei, nas súas disposicións de desenvolvemento, na lexislación postal e na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.

Así mesmo, seranlle de aplicación a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que a lei lle asigne, e a Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con carácter supletorio.»

Tres. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«A Comisión exercerá as súas funcións a través dun Consello, ao cal lle corresponderá desempeñar as establecidas na lexislación postal e na Lei 2/2011, de economía sustentable.»

Catro. Modifícase o artigo 4, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Consello estará composto por un presidente, que será igualmente o presidente da Comisión Nacional do Sector Postal, e seis conselleiros. O Consello, por proposta do presidente, elixirá un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto. A organización da Comisión e do Consello, a aprobación e contido do regulamento de funcionamento interno, as funcións asignadas ao Consello, ao secretario e ao presidente do organismo, que o será pola súa vez do Consello, a composición do Consello, nomeamento, mandato, renovación, causas do cesamento, funcións e incompatibilidades dos membros do Consello e do secretario serán as previstas na sección 3.<sup>a</sup> do capítulo II do título I da Lei 2/2011, de economía sustentable.»

Cinco. Derrógase o artigo 5.

Seis. Modifícase o artigo 6, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A Comisión velará pola correcta prestación do servizo postal universal, pola garantía da libre competencia no sector en condicións adecuadas de calidade, eficacia, eficiencia, e polo pleno respecto dos dereitos dos usuarios e dos operadores postais e dos seus traballadores.

Con tal fin, a Comisión preservará e promoverá o maior grao de competencia efectiva e transparencia no funcionamento do sector postal, sen prexuízo das funcións atribuídas á Comisión Nacional da Competencia.»

Disposición derradeira trixésimo sétima. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos para os períodos impositivos iniciados a partir da entrada en vigor desta lei, engádese a disposición adicional décimo terceira ao texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo terceira. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas nesta lei e noutras disposicións á Directiva 90/434/CEE do Consello, do 23 de xullo, relativa ao réxime fiscal común aplicable

ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou dunha SCE dun Estado membro a outro, entenderanse realizadas aos preceptos correspondentes da Directiva 2009/133/CE do Consello, do 19 de outubro, relativa ao réxime fiscal común aplicable ás fusións, escisións, escisións parciais, achegas de activos e trocos de accións realizados entre sociedades de diferentes Estados membros e ao traslado do domicilio social dunha SE ou dunha SCE dun Estado membro a outro.»

Disposición derradeira trixésimo oitava. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Engádesse unha letra e) ao punto 7 do artigo 18 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada da seguinte forma:

«e) Os prazos en que se deberán presentar as solicitudes de devolución dos impostos especiais de fabricación.»

Disposición derradeira trixésimo novena. *Modificación da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.*

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, modifícase como segue:

Un. Os artigos 37 e 39 da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 37. *Acceso á documentación para evitar a repetición de experimentos con animais vertebrados.*

1. Cando se trate de substancias activas incluídas na lista comunitaria, non se repetirán innecesariamente experimentos con animais vertebrados para o cumprimento do establecido no punto 2 do artigo 30 na presentación de novas solicitudes, renovacións, revisións ou modificacións de autorización de produtos fitosanitarios ou substancias activas, ou para o mantemento das existentes.

2. Co fin de evitar a repetición innecesaria dos experimentos citados no punto anterior, aplicarase o procedemento de acceso á documentación previsto no artigo 39 desta lei só para os efectos de que, de ser o caso, a Administración poida utilizar os correspondentes datos da documentación a que se refire o punto 2 do artigo 36 a favor dos interesados na obtención, modificación, renovación, revisión ou mantemento das autorizacións para fabricar ou comercializar substancias activas e produtos fitosanitarios que as conteñan.

Artigo 38.

Queda sen contido.

Artigo 39. *Procedemento de acceso a documentación.*

1. Para o cumprimento do disposto no artigo 37, no caso de existiren dereitos de uso exclusivo da documentación por estar protexida conforme o punto 2 do artigo 36, o solicitante deberá tentar chegar a un acordo co titular dos dereitos para que a dita documentación poida ser utilizada ao seu favor.

2. Se o solicitante acredita que non se alcanzou un acordo para a utilización compartida da documentación, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de audiencia ao titular dos dereitos, instará os interesados a que realicen todas as xestións oportunas para chegar, no prazo de quince días, a un acordo que permita evitar a repetición innecesaria dos correspondentes experimentos con vertebrados.

3. Se, unha vez transcorrido o dito prazo, non se alcanza un acordo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño resolverá sobre a necesidade da utilización dos experimentos con vertebrados no que sexa estritamente indispensable para os efectos do previsto no artigo 37.

4. O titular dos dereitos poderá reclamar do solicitante unha proporción dos custos en que incorrese imputables á documentación respecto da cal se solicita o acceso. Os custos deberanse determinar de maneira equitativa, transparente e non discriminatoria. No caso de que as partes non cheguen a un acordo, poderán someter a fixación da compensación procedente a arbitraje, de acordo co disposto na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, ou á decisión da orde xurisdiccional civil.»

Dous. Engádesse unha disposición transitoria cuarta á Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuarta. *Procedementos de acceso a documentación para evitar a repetición de experimentos con animais vertebrados.*

O disposto nos artigos 37 e 39, na redacción dada pola Lei de economía sustentable, será de aplicación a todos os procedementos de acceso a documentación para evitar a repetición de experimentos con animais vertebrados que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor da dita lei.»

Disposición derradeira cuadraxésima. *Modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

Modifícase o punto 3 do artigo 142, ao cal se engade un seguinte inciso coa seguinte redacción:

«3. Para a determinación da responsabilidade patrimonial establecerase regulamentariamente un procedemento xeral con inclusión dun procedemento abreviado para os supostos en que concorran as condicións previstas no artigo 143 desta lei. No procedemento xeral será preceptivo o ditame do Consello de Estado ou, de ser o caso, do órgano consultivo da comunidade autónoma cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 € ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.»

Disposición derradeira cuadraxésimo primeira. *Modificación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual:

Un. O parágrafo sétimo do punto 3 do artigo 5 pasa a situarse como parágrafo cuarto coa seguinte redacción:

«En todo caso, o 60 por 100 desta obrigaçión de financiamento destinarase á produçión nalgunha das linguas oficiais en España.»

Dous. O parágrafo primeiro do punto 1 do artigo 49 pasa a ter a seguinte redacción:

«O Consello Estatal de Medios Audiovisuais estará formado pola Presidencia e seis consellerías, cuxos titulares serán nomeados polo Goberno mediante real decreto, por proposta do Congreso dos Deputados por maioría de tres quintos, entre persoas de recoñecida competencia en materias relacionadas co sector audiovisual en todas as súas vertentes.»

Tres. Engádesse unha nova disposición adicional, que pasa a ser a sétima, co seguinte texto:

«Disposición adicional sétima. *Carácter non publicitario de anuncios de servizo público ou de carácter benéfico.*

Non teñen a consideración de publicidade os anuncios de servizo público ou de carácter benéfico difundidos gratuitamente, de acordo co establecido no artigo 2 desta lei. Para os efectos do cómputo previsto no punto 1 do artigo 14, a autoridade audiovisual competente poderá resolver, por solicitude dos interesados e previamente á súa emisión, sobre a non consideración como mensaxes publicitarias destas comunicacións.»

Disposición derradeira cuadraxésimo segunda. *Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.*

Un. Con efectos para os exercicios económicos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2011, modifícase o punto 4 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, modificado pola Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, que queda redactado da seguinte forma:

«4. As cooperativas agrarias poderán desenvolver operacións con terceiros non socios ata un límite máximo do 50 por 100 do total das realizadas cos socios para cada tipo de actividade desenvolvido por aquelas.»

Dous. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2011, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, modificado pola Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade:

1. A letra a) do punto 2 do artigo 9 queda redactada da seguinte forma:

«a) Que as materias, produtos ou servizos adquiridos, arrendados, elaborados, producidos, realizados ou fabricados por calquera procedemento, pola cooperativa, con destino exclusivo para as súas propias explotacións ou para as explotacións dos seus socios, non sexan cedidos a terceiros non socios, salvo que se trate dos remanentes ordinarios da actividade cooperativa ou cando a cesión sexa consecuencia de circunstancias non imputables á cooperativa.

As cooperativas agrarias poderán distribuír polo miúdo produtos petrolíferos a terceiros non socios co límite establecido no punto 10 do artigo 13 desta lei.»

2. O parágrafo primeiro do punto 3 do artigo 9 queda redactado como segue:

«Que as bases impositivas do imposto sobre bens inmobles correspondentes aos bens de natureza rústica de cada socio situados no ámbito xeográfico a que se refire o punto un, cuxas producións se incorporen á actividade da cooperativa, non excedan os 95.000 euros; este importe modificarase anualmente segundo os coeficientes de actualización aplicables ao valor catastral dos bens inmobles de natureza rústica establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado. Non se incumpriará este requisito cando un número de socios que non exceda o 30 por 100 do total dos integrados na cooperativa supere o valor indicado neste parágrafo.»

3. O punto 10 do artigo 13 queda redactado da seguinte forma:

«10. A realización de operacións cooperativizadas con terceiros non socios, fóra dos casos permitidos nas leis, así como o incumprimento das normas sobre contabilización separada de tales operacións e destino ao Fondo de Reserva Obrigatorio dos resultados obtidos na súa realización.



Ningunha cooperativa, calquera que sexa a súa clase, poderá realizar un volume de operacións con terceiros non socios superior ao 50 por 100 do total das da cooperativa sen perder a condición de cooperativa fiscalmente protexida.

Para os efectos da aplicación do límite establecido no parágrafo anterior, asimílanse ás operacións con socios os ingresos obtidos polas seccións de crédito das cooperativas procedentes de cooperativas de crédito, investimentos en fondos públicos e en valores emitidos por empresas públicas.»

Disposición derradeira cuadraxésimo terceira. *Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, para a protección da propiedade intelectual no ámbito da sociedade da información e de comercio electrónico.*

Un. Introdúcese unha nova letra e) no artigo 8.1 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, co seguinte teor:

«e) A salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual.»

Dous. Introdúcese un novo punto segundo no artigo 8 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, con reenumeración correlativa dos actuais 2, 3, 4 e 5:

«2. Os órganos competentes para a adopción das medidas a que se refire o punto anterior, co obxecto de identificar o responsable do servizo da sociedade da información que está a realizar a conduta presuntamente vulneradora, poderán requiririlles aos prestadores de servizos da sociedade da información a cesión dos datos que permitan tal identificación co fin de que poida comparecer no procedemento. Tal requirimento exixirá a autorización xudicial previa de acordo co previsto no punto primeiro do artigo 122 bis da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Unha vez obtida a autorización, os prestadores estarán obrigados a facilitar os datos necesarios para levar a cabo a identificación.»

Tres. Introdúcese unha disposición adicional quinta no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, coa seguinte redacción:

«O Ministerio de Cultura, no ámbito das súas competencias, velará pola salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual fronte á súa vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información, nos termos previstos nos artigos 8 e concordantes da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

Catro. Modifícase o artigo 158 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, coa seguinte redacción:

«Artigo 158. *Comisión de Propiedade Intelectual.*

1. Créase no Ministerio de Cultura a Comisión de Propiedade Intelectual, como órgano colexiado de ámbito nacional, para o exercicio das funcións de mediación e arbitraje e de salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual que lle atribúe esta lei.

2. A Comisión actuará por medio de dúas seccións.

A Sección Primeira exercerá as funcións de mediación e arbitraje que lle atribúe esta lei.

A Sección Segunda velará, no ámbito das competencias do Ministerio de Cultura, pola salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual fronte á súa

vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información nos termos previstos nos artigos 8 e concordantes da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

3. Correspóndelle á Sección Primeira o exercicio das funcións de mediación e arbitraje, de acordo coas seguintes regras:

1.º Na súa función de mediación:

a) Colaborando nas negociacións, logo de sometemento das partes, para o caso de que non se chegue a celebrar un contrato, respecto das materias directamente relacionadas coa xestión colectiva de dereitos de propiedade intelectual, e para a autorización da distribución por cable dunha emisión de radiodifusión, por falta de acordo entre os titulares dos dereitos de propiedade intelectual e as empresas de distribución por cable.

b) Presentando, de ser o caso, propostas ás partes.

Considerarase que todas as partes aceptan a proposta a que se refire o parágrafo anterior se ningunha delas expresa a súa oposición nun prazo de tres meses. Neste suposto, a resolución da Comisión producirá os efectos previstos na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje, e será revisable ante a orde xurisdiccional civil. A proposta e calquera oposición a esta notificaránselles ás partes, de conformidade co disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O procedemento mediador determinarase regulamentariamente.

2.º A Comisión actuará na súa función de arbitraje:

a) Dando solución, logo de sometemento das partes, aos conflitos que se susciten entre entidades de xestión, entre os titulares de dereitos e as entidades de xestión, ou entre estas e as asociacións de usuarios do seu repertorio ou as entidades de radiodifusión ou de distribución por cable. O sometemento das partes á Comisión será voluntario e deberá constar expresamente por escrito.

b) Fixando unha cantidade substitutoria das tarifas xerais, para os efectos sinalados no punto 2 do artigo anterior, por solicitude da propia entidade de xestión afectada, dunha asociación de usuarios ou dunha entidade de radiodifusión, sempre que estas se sometan, pola súa parte, á competencia da Comisión co obxecto previsto na letra a) deste punto.

Determinarase regulamentariamente o procedemento para o exercicio da súa función de arbitraje.

A decisión da Comisión terá carácter vinculante e executivo para as partes.

O determinado neste punto entenderase sen prexuízo das accións que se poidan exercer ante a xurisdición competente. No entanto, a promoción da controversia sometida a decisión arbitral ante a Comisión impediráalles aos xuíces e tribunais coñecer dela ata que fose ditada a resolución e sempre que a parte interesada o invoque mediante excepción.

3.º No exercicio das súas funcións para a fixación de cantidades substitutorias de tarifas, a Comisión valorará o criterio de utilización efectiva, por parte do usuario, do repertorio real de titulares e obras ou prestacións que xestionen as entidades, e a relevancia e utilización no conxunto da actividade do usuario.

A Comisión tamén poderá ter en conta, entre outros criterios ou antecedentes, as tarifas existentes para a explotación dos mesmos dereitos e que fosen establecidas pola Comisión ou nos acordos e contratos asinados pola propia entidade para situacións análogas.

4.º A Sección Primeira da Comisión estará formada por tres membros nomeados polo ministro de Cultura, por proposta dos subsecretarios dos ministerios de Economía e Facenda, Cultura e Xustiza, por un período de tres anos renovable por unha soa vez, entre expertos de recoñecida competencia en materia de

propiedade intelectual. Os ministerios de Cultura e Economía e Facenda nomearán, conxuntamente, o presidente da Sección Primeira. A sección rexerá polo establecido neste texto e, supletoriamente, polas previsións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

4. Correspóndelle á Sección Segunda, que actuará conforme os principios de obxectividade e proporcionalidade, o exercicio das funcións previstas nos artigos 8 e concordantes da Lei 34/2002 para a salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual fronte á súa vulneración polos responsables de servizos da sociedade da información.

A sección poderá adoptar as medidas para que se interrompa a prestación dun servizo da sociedade da información que vulnere dereitos de propiedade intelectual ou para retirar os contidos que vulnere os citados dereitos sempre que o prestador, directa ou indirectamente, actúe con ánimo de lucro ou causase ou sexa susceptible de causar un dano patrimonial.

Antes de proceder á adopción destas medidas, o prestador de servizos da sociedade da información deberá ser requirido co fin de que nun prazo non superior ás 48 horas poida proceder á retirada voluntaria dos contidos declarados infractores ou, de ser o caso, realice as alegacións e propoña as probas que considere oportunas sobre a autorización de uso ou a aplicabilidade dun límite ao dereito de propiedade intelectual. Transcorrido o prazo anterior, de ser o caso, practicarase proba en dous días e daráselles traslado aos interesados para conclusións no prazo máximo de cinco días. A Comisión, no prazo máximo de tres días, ditará resolución. A retirada voluntaria dos contidos porá fin ao procedemento. En todo caso, a execución da medida ante o incumprimento do requirimento exixirá a autorización xudicial previa, de acordo co procedemento regulado no punto segundo do artigo 122 bis da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo das accións civís, penais e contencioso-administrativas que, de ser o caso, sexan procedentes.

A sección, baixo a presidencia do subsecretario do Ministerio de Cultura ou persoa en que este delegue, estará composta por un vogal do Ministerio de Cultura, un vogal do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, un vogal do Ministerio de Economía e Facenda e un vogal do Ministerio da Presidencia.

Determinarase regulamentariamente o funcionamento da sección e o procedemento para o exercicio das funcións que ten atribuídas. O procedemento para o restablecemento da legalidade, que se iniciará sempre por instancia do titular dos dereitos de propiedade intelectual que se consideran vulnerados ou da persoa que tivese encomendado o seu exercicio, e no cal serán de aplicación os dereitos de defensa previstos no artigo 135 da Lei 30/1992, estará baseado nos principios de celeridade, proporcionalidade e demais previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A falta de resolución no prazo regulamentariamente establecido terá efectos desestimatorios da solicitude. As resolucións ditadas pola Comisión neste procedemento poñen fin á vía administrativa.»

Cinco. Modifícase o artigo 9 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, numerando o seu texto actual como punto 1 e engadindo un punto 2, co contido seguinte:

«2. Corresponderalles aos xulgados centrais do Contencioso-Administrativo a autorización a que se refire o artigo 8.2 da Lei 34/2002, así como autorizar a execución dos actos adoptados pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual para que se interrompa a prestación de servizos da sociedade da información ou para que se retiren contidos que vulnere a propiedade intelectual, en aplicación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

Seis. Modifícase a letra d) do punto 1 do artigo 80 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co seguinte teor:

«d) Os recaídos sobre as autorizacións previstas no artigo 8.6 e nos artigos 9.2 e 122 bis.»

Sete. Introdúcese un novo artigo 122 bis na Lei 29/1998, do 13 de abril, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co seguinte teor:

«1. O procedemento para obter a autorización xudicial a que se refire o artigo 8.2 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, iníciase coa solicitude dos órganos competentes, na cal se exporán as razóns que xustifican a petición acompañada dos documentos que sexan procedentes para estes efectos. O xulgado, no prazo de 24 horas seguintes á petición e logo de audiencia do Ministerio Fiscal, ditará resolución en que autorice a solicitude efectuada sempre que non resulte afectado o artigo 18, puntos 1 e 3, da Constitución.

2. A execución das medidas para que se interrompa a prestación de servizos da sociedade da información ou para que se retiren contidos que vulneren a propiedade intelectual, adoptadas pola Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual en aplicación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, requirirá de autorización xudicial previa de conformidade co establecido nos parágrafos seguintes.

Acordada a medida pola Comisión, solicitará do xulgado competente a autorización para a súa execución, referida á posible afectación aos dereitos e liberdades garantidos no artigo 20 da Constitución.

No prazo improrrogable de dous días seguintes ao da recepción da notificación da resolución da Comisión e pondo de manifesto o expediente, o xulgado convocará o representante legal da Administración, o Ministerio Fiscal e os titulares dos dereitos e liberdades afectados ou a persoa que estes designen como representante, a unha audiencia na cal, de maneira contradictoria, o xulgado oír a todos os comparecentes e resolverá no prazo improrrogable de dous días mediante auto. A decisión que se adopte unicamente poderá autorizar ou denegar a execución da medida.»

Oito. Modifícase o punto 5 da disposición adicional cuarta da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co seguinte teor:

«5. Os actos administrativos ditados pola Axencia Española de Protección de Datos, Comisión Nacional de Enerxía, Comisión do Mercado das Telecomunicacións, Comisión Nacional do Sector Postal, Consello Económico e Social, Instituto Cervantes, Consello de Seguridade Nuclear, Consello de Universidades e Sección Segunda da Comisión de Propiedade Intelectual, directamente, en única instancia, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional.»

Nove. Suprímese o punto 6 da disposición adicional cuarta da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, que se engadiu pola disposición adicional vixésimo cuarta, punto 1, da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira cuadraxésimo cuarta. *Modificación do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario no sector eléctrico.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario no sector eléctrico.

Un. O punto 4 da disposición adicional primeira queda redactado así:

«4. Habilítase o Goberno para modificar mediante real decreto o disposto no punto 2, para adecualo á evolución da tecnoloxía. As eventuais modificacións só

afectarán as instalacións que non se encontren en funcionamento no momento da entrada en vigor do dito real decreto, para o cal se considerará a data de inscrición no rexistro de pre-asignación de retribución para instalacións fotovoltaicas.»

Dous. A disposición derradeira primeira queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio.*

Modifícase a táboa 3 do artigo 36 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, substituíndo, para as instalacións de tipo b.1.1, as referencias no prazo aos primeiros 25 anos polos primeiros 30 anos.»

Disposición derradeira cuaxrésimo quinta. *Acceso da tecnoloxía fotovoltaica ás liñas de liquidez do ICO.*

No marco das actuacións de impulso das enerxías renovables, os titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica con tecnoloxía fotovoltaica poderán acceder ás actuais liñas de liquidez do ICO para facilitar a adaptación ao seu marco regulatorio.

Disposición derradeira cuaxrésimo sexta. *Modificación do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.*

Engádese un parágrafo ao punto 2 da disposición transitoria primeira do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, coa seguinte redacción:

«O réxime transitorio do recurso cameral permanente regulado neste punto entenderase sen prexuízo dos réximes forais dos territorios históricos do País Vasco e Navarra.»

Disposición derradeira cuaxrésimo sétima. *Modificación da Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 3/1993, do 22 de marzo, básica das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación:

Un. Modifícase o artigo 2.4, que queda redactado da seguinte maneira:

«4. Para o adecuado desenvolvemento das súas funcións, en especial as de carácter obrigatorio, e logo de autorización da Administración tutelante, as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación poderán promover ou participar en toda clase de asociacións, fundacións e sociedades civís ou mercantís, así como establecer entre si os oportunos convenios de colaboración.

Con este mesmo fin, as cámaras e as administracións públicas poderán establecer os convenios que, de ser o caso, consideren pertinentes. Así mesmo, as cámaras poderán recibir encomendas para a xestión e prestación de servizos ás empresas.»

Dous. Modifícanse o título e o punto 1 do artigo 6, que quedan redactados da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Pertenza ás cámaras e censo público de empresas.*

1. Poderán ser membros das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan actividades comerciais, industriais ou navieiras en territorio nacional. Os membros terán a condición de electores das cámaras oficiais de comercio, industria e

navegación dentro de cuxa circunscrición contén con establecementos, delegacións ou axencias.

Sen prexuízo do anterior, formarán parte do censo público de empresas que elaboren as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, de acordo co artigo 2.1 h), as persoas naturais ou xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que exerzan actividades comerciais, industriais ou navieiras en territorio nacional, sen que diso deriven obrigacións ou dereitos.»

Tres. Introdúcese un novo artigo 17 co seguinte contido:

«Artigo 17. *Deber de información.*

1. As administracións tributarias facilitaránlles ao Consello Superior e ás cámaras, por solicitude deles, os datos con transcendencia tributaria que resulten necesarios para a xestión das exaccións integradas no recurso cameral permanente que resulten exixibles de acordo coa disposición transitoria primeira do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

2. As administracións tributarias facilitaránlles ao Consello Superior e ás cámaras, por solicitude deles, os datos do imposto sobre actividades económicas e os censuais das empresas que sexan necesarios para a confección do censo público de empresas a que se refire o artigo 2.1.h) desta lei.

3. Sen prexuízo da publicidade e do acceso público ao censo público de empresas, a referida información só poderá ser utilizada para o fin previsto nos puntos anteriores e unicamente terán acceso a ela os empregados de cada corporación que determine o Pleno. O dito persoal terá, con referencia aos indicados datos, o mesmo deber de sigilo que os funcionarios da Administración tributaria. O incumprimento deste deber constituirá, en todo caso, infracción moi grave.»

Disposición derradeira cuadraxésimo oitava. *Modificación da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

Modifícase o artigo 117 bis da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 117 bis. *Solicitudes de devolución de empresarios ou profesionais establecidos no territorio de aplicación do imposto, illas Canarias, Ceuta e Melilla correspondentes a cotas soportadas por operacións efectuadas na Comunidade con excepción das realizadas no territorio de aplicación do imposto.*

Os empresarios ou profesionais que estean establecidos no territorio de aplicación do imposto, illas Canarias, Ceuta e Melilla, solicitarán a devolución das cotas soportadas por adquisicións ou importacións de bens ou servizos efectuadas na Comunidade, con excepción das realizadas no territorio de aplicación do imposto, mediante a presentación por vía electrónica dunha solicitude a través dos formularios dispostos para o efecto no portal electrónico da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A recepción e a tramitación da solicitude a que se refire este artigo levaranse a cabo a través do procedemento que se estableza regulamentariamente.»

Disposición derradeira cuadraxésimo novena. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.*

Un. Engádesse unha nova disposición adicional trixésimo primeira na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial

das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, co seguinte contido:

«Disposición adicional trixésimo primeira. *Rendementos derivados do exercicio de opcións de compra sobre accións.*

No caso dos rendementos do traballo que deriven do exercicio de opcións de compra sobre accións ou participacións polos traballadores que se imputen nun período impositivo que finalice con posterioridade ao 4 de agosto de 2004, para os efectos da aplicación da redución do 40 por cento prevista no artigo 18.2 desta lei, só se considerará que o rendimento do traballo ten un período de xeración superior a dous anos e que non se obtén de forma periódica ou recorrente cando as opcións de compra se exerzan transcorridos máis de dous anos desde a súa concesión, se, ademais, non se conceden anualmente.»

Dous. Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2011 engádesse unha nova disposición adicional trixésimo segunda na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Escala autonómica aplicable aos residentes en Ceuta e Melilla.*

A escala prevista na disposición transitoria décimo quinta desta lei resultará de aplicación aos contribuíntes que teñan a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla.»

Disposición derradeira quincuaxésima. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos a partir de 3 meses desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» desta lei, modifícase o artigo 38 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 38. *Taxa por exame de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, para a súa cualificación por grupos de idade.*

1. Créase a taxa por exame de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, para a súa cualificación por grupos de idade. Esta taxa rexerese por esta lei e polas demais fontes normativas que para as taxas se establecen no artigo 9 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.

2. Constitúe o feito impoñible da taxa o exame das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais para a súa cualificación por grupos de idade cando o dito exame se estableza por disposición legal ou regulamentaria.

3. A taxa devengarase cando se presente a película ou outra obra audiovisual para o seu visionado.

4. Serán suxeitos pasivos da taxa os titulares dos dereitos de explotación das películas cinematográficas e doutras obras audiovisuais presentadas a cualificación e que pretendan distribuílas en España para a súa proxección, comunicación pública ou venda, que se encontren legal ou regulamentariamente obrigados a solicitar a cualificación das obras por grupos de idade.

5. Contía da taxa.

A contía da taxa aplicarase en función da duración das películas cinematográficas e doutras obras audiovisuais, de acordo cos tramos seguintes:

Películas e obras con duración entre 1' e 30': 10 €.

Películas e obras con duración entre 31' e 60': 50 €.

Películas e obras con duración entre 61' e 90': 80 €.  
Películas e obras con duración entre 91' e 120': 110 €.  
Películas e obras con duración a partir de 121': 150 €.

6. A taxa será obxecto de autoliquidación polos suxeitos pasivos, de acordo cos modelos que se aproben, e o seu pagamento realizarase en efectivo mediante ingreso en entidade de depósito autorizada polo Ministerio de Economía e Facenda.

7. A xestión da taxa corresponde ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

8. A recadación da taxa aplicarase ao orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.»

Disposición derradeira quincuaxésimo primeira. *Autorización ao Goberno para a aprobación do procedemento básico de certificación enerxética en edificios existentes.*

Autorízase o Goberno para que, mediante real decreto e no prazo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, aprobe o procedemento básico para a certificación de eficiencia enerxética nos edificios existentes establecida no artigo 83. O dito desenvolvemento regulamentario incorporará os supostos de excepción e os sistemas de certificación previstos nos artigos 4 e 7, respectivamente, da Directiva 2002/91/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2002, relativa á eficiencia enerxética dos edificios.

Disposición derradeira quincuaxésimo segunda. *Modificación da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.*

Modifícase o punto 1. A) da disposición adicional segunda da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os prazos máximos de resolución dos procedementos que se enumeran nesta disposición computaranse desde a data de recepción na Oficina Española de Patentes e Marcas das respectivas solicitudes, e serán os seguintes:

A. Concesión de patentes e adicións: de se tramitaren polo procedemento xeral de concesión, o que resulte de engadir catorce meses ao período transcorrido desde a data de recepción da solicitude ata a publicación do informe sobre o estado da técnica no «Boletín Oficial da Propiedade Industrial», e de se tramitaren polo procedemento de concesión con exame previo, o que resulte de engadir vinte e catro meses ao citado período.»

Disposición derradeira quincuaxésimo terceira. *Modificación da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.*

Modifícase o punto dous da disposición adicional quincuaxésimo cuarta da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, que queda redactado da seguinte maneira:

«Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abarcará desde o 1 de xaneiro de 2010 ata o 31 de decembro de 2011.»



Disposición derradeira quincuaxésimo cuarta. *Modificación do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.*

Modifícase a disposición adicional cuarta do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional cuarta. *Rexistro de persoal directivo do sector público estatal.*

Créase, dependente do Ministerio de Economía e Facenda, o rexistro de persoal directivo do sector público estatal e que incluíra o persoal que teña tal condición cando lle corresponda o exercicio de funcións executivas de máximo nivel das fundacións do sector público estatal, dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos e das sociedades mercantís estatais definidas na Lei de patrimonio das administracións públicas.»

Disposición derradeira quincuaxésimo quinta. *Modificación da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2011 e vixencia indefinida, modifícase o punto 1 do artigo 8 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O contrato de xestión de servizos públicos é aquel en cuxa virtude unha Administración pública ou unha mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social lle encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo cuxa prestación foi asumida como propia da súa competencia pola Administración ou mutua encomendante.

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais só poderán realizar este tipo de contrato respecto da xestión da prestación de asistencia sanitaria.»

Disposición derradeira quincuaxésimo sexta. *Modificación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.*

Modifícase a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, nos seguintes termos:

Un. Dáse nova redacción ao punto 2 do artigo 43, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. Cando se trate de ficheiros de titularidade pública observárase, en canto ao procedemento e ás sancións, o disposto nos artigos 46 e 48 desta lei.»

Dous. Dáse nova redacción aos puntos 2 a 4 do artigo 44, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Son infraccións leves:

a) Non lle remitir á Axencia Española de Protección de Datos as notificacións previstas nesta lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

b) Non solicitar a inscrición do ficheiro de datos de carácter persoal no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

c) O incumprimento do deber de información ao afectado acerca do tratamento dos seus datos de carácter persoal cando os datos se obteñan do propio interesado.

d) A transmisión dos datos a un encargado do tratamento sen dar cumprimento aos deberes formais establecidos no artigo 12 desta lei.

3. Son infraccións graves:

a) Proceder á creación de ficheiros de titularidade pública ou iniciar a recollida de datos de carácter persoal para eles, sen autorización de disposición xeral publicada no «Boletín Oficial del Estado» ou no diario oficial correspondente.

b) Tratar datos de carácter persoal sen o consentimento das persoas afectadas, cando este sexa necesario conforme o disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

c) Tratar datos de carácter persoal ou usalos posteriormente con conculcación dos principios e garantías establecidos no artigo 4 desta lei e as disposicións que o desenvolven, salvo cando sexa constitutivo de infracción moi grave.

d) A vulneración do deber de gardar segredo acerca do tratamento dos datos de carácter persoal a que se refire o artigo 10 desta lei.

e) O impedimento ou a obstaculización do exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

f) O incumprimento do deber de información ao afectado acerca do tratamento dos seus datos de carácter persoal cando os datos non se obtivesen do propio interesado.

g) O incumprimento dos restantes deberes de notificación ou requirimento ao afectado impostos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento.

h) Manter os ficheiros, locais, programas ou equipamentos que conteñan datos de carácter persoal sen as debidas condicións de seguridade que por vía regulamentaria se determinen.

i) Non atender os requirimentos ou apercibimentos da Axencia Española de Protección de Datos ou non lle proporcionar a aquela cantos documentos e informacións sexan solicitados por ela.

j) A obstrución ao exercicio da función inspectora.

k) A comunicación ou cesión dos datos de carácter persoal sen contar con lexitimación para iso nos termos previstos nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento, salvo que esta sexa constitutiva de infracción moi grave.

4. Son infraccións moi graves:

a) A recollida de datos en forma enganosa ou fraudulenta.

b) Tratar ou ceder os datos de carácter persoal a que se refiren os puntos 2, 3 e 5 do artigo 7 desta lei, salvo nos supostos en que esta o autoriza, ou violentar a prohibición contida no punto 4 do artigo 7.

c) Non cesar no tratamento ilícito de datos de carácter persoal cando exista un requirimento previo do director da Axencia Española de Protección de Datos para iso.

d) A transferencia internacional de datos de carácter persoal con destino a países que non proporcionen un nivel de protección equiparable sen autorización do director da Axencia Española de Protección de Datos, salvo nos supostos en que conforme esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento a autorización non resulta necesaria.»

Tres. Modifícanse os puntos 1 a 5 do artigo 45, e a redacción resultante é a seguinte:

«1. As infraccións leves serán sancionadas con multa de 900 a 40.000 euros.

2. As infraccións graves serán sancionadas con multa de 40.001 a 300.000 euros.

3. As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 300.001 a 600.000 euros.

4. A contía das sancións graduarase atendendo aos seguintes criterios:

a) O carácter continuado da infracción.

b) O volume dos tratamentos efectuados.

- c) A vinculación da actividade do infractor coa realización de tratamentos de datos de carácter persoal.
- d) O volume de negocio ou actividade do infractor.
- e) Os beneficios obtidos como consecuencia da comisión da infracción.
- f) O grao de intencionalidade.
- g) A reincidencia por comisión de infraccións da mesma natureza.
- h) A natureza dos prexuízos causados ás persoas interesadas ou a terceiras persoas.
- i) A acreditación de que con anterioridade aos feitos constitutivos de infracción a entidade imputada tiña implantados procedementos adecuados de actuación na recollida e no tratamento dos datos de carácter persoal, sendo a infracción consecuencia dunha anomalía no funcionamento dos ditos procedementos non debida a unha falta de dilixencia exigible ao infractor.
- j) Calquera outra circunstancia que sexa relevante para determinar o grao de antixuridicidade e de culpabilidade presentes na concreta actuación infractora.

5. O órgano sancionador establecerá a contía da sanción aplicando a escala relativa á clase de infraccións que preceda inmediatamente en gravidade a aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate, nos seguintes supostos:

- a) Cando se aprecie unha cualificada diminución da culpabilidade do imputado ou da antixuridicidade do feito como consecuencia da concorrencia significativa de varios dos criterios enunciados no punto 4 deste artigo.
- b) Cando a entidade infractora regularizase a situación irregular de forma dilixente.
- c) Cando se poida apreciar que a conduta do afectado puido inducir á comisión da infracción.
- d) Cando o infractor recoñecese espontaneamente a súa culpabilidade.
- e) Cando se producise un proceso de fusión por absorción e a infracción fose anterior a este proceso, sen ser imputable á entidade absorbente.»

Catro. Engádesse un novo punto 6 ao artigo 45, polo que os actuais puntos 6 e 7 pasan a ser os puntos 7 e 8, e o texto do novo punto é o seguinte:

«6. Excepcionalmente o órgano sancionador poderá, logo de audiencia dos interesados e atendida a natureza dos feitos e a concorrencia significativa dos criterios establecidos no punto anterior, non acordar a apertura do procedemento sancionador e, no seu lugar, apercibir o suxeito responsable co fin de que, no prazo que o órgano sancionador determine, acredite a adopción das medidas correctoras que en cada caso resultasen pertinentes, sempre que concorran os seguintes presupostos:

- a) Que os feitos fosen constitutivos de infracción leve ou grave conforme o disposto nesta lei.
- b) Que o infractor non fose sancionado ou apercibido con anterioridade.

Se o apercibimento non for atendido no prazo que o órgano sancionador determinase, procederá a apertura do correspondente procedemento sancionador polo dito incumprimento.»

Cinco. Dáse nova redacción aos puntos 1 a 3 do artigo 46, que pasa a ser a seguinte:

«1. Cando as infraccións a que se refire o artigo 44 fosen cometidas en ficheiros de titularidade pública ou en relación con tratamentos cuxos responsables o serían de ficheiros da dita natureza, o órgano sancionador ditará unha resolución en que se establezan as medidas que procede adoptar para que cesen ou se corrixan os efectos da infracción. Esta resolución notificaráselles ao responsable do ficheiro, ao órgano de que dependa xerarquicamente e aos afectados, se os houber.

2. O órgano sancionador poderá propor tamén a iniciación de actuacións disciplinarias, de procederen. O procedemento e as sancións que se van aplicar serán as establecidas na lexislación sobre réxime disciplinario das administracións públicas.

3. Deberánselle comunicar ao órgano sancionador as resolucións que recaian en relación coas medidas e actuacións a que se refiren os puntos anteriores.»

Seis. Modifícase o artigo 49, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 49. *Potestade de inmovilización de ficheiros.*

Nos supostos constitutivos de infracción grave ou moi grave en que a persistencia no tratamento dos datos de carácter persoal ou a súa comunicación ou transferencia internacional posterior puider supor un grave menoscabo dos dereitos fundamentais dos afectados, e en particular do seu dereito á protección de datos de carácter persoal, o órgano sancionador poderá, ademais de exercer a potestade sancionadora, requirir dos responsables de ficheiros de datos de carácter persoal, tanto de titularidade pública coma privada, a cesación na utilización ou cesión ilícita dos datos. Se o requirimento for desatendido, o órgano sancionador poderá, mediante resolución motivada, inmovilizar tales ficheiros só para os efectos de restaurar os dereitos das persoas afectadas.»

Disposición derradeira quincuaxésimo sétima. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.*

Modifícanse as letras k) e l) do punto 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«k) Os dividendos e as participacións en beneficios obtidos sen mediación de establecemento permanente por fondos de pensións equivalentes aos regulados no texto refundido da Lei de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, que sexan residentes noutro Estado membro da Unión Europea ou por establecementos permanentes das ditas institucións situados noutro Estado membro da Unión Europea.

Considéranse fondos de pensións equivalentes aquelas institucións de previsión social que cumpran os seguintes requisitos:

Que teñan por obxecto exclusivo proporcionar unha prestación complementaria no momento da xubilación, falecemento, incapacidade ou dependencia nos mesmos termos previstos no artigo 8.6 do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións.

Que as contribucións empresariais que se poidan realizar se imputen fiscalmente ao partícipe a quen se vincula a prestación, transmitíndolle de forma irrevogable o dereito á percepción da prestación futura.

Que contén cun réxime fiscal preferente de diferimento impositivo tanto respecto das achegas como das contribucións empresariais realizadas a eles. Este réxime débese caracterizar pola tributación efectiva de todas as achegas e contribucións así como da rendibilidade obtida na súa xestión no momento da percepción da prestación.

O disposto neste punto aplicarase igualmente aos fondos de pensións equivalentes residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo sempre que estes subscribisen con España un convenio para evitar a dobre imposición internacional con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria.»

«l) Os dividendos e as participacións en beneficios obtidos sen mediación de establecemento permanente polas institucións de investimento colectivo reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios; non obstante, en ningún caso a aplicación desta exención poderá dar lugar a unha tributación inferior á que resultase de se ter aplicado ás ditas rendas o mesmo tipo de gravame polo que tributan no imposto sobre sociedades as institucións de investimento colectivo residentes en territorio español.

O disposto neste punto aplicarase igualmente ás institucións de investimento colectivo residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo, sempre que estes subscribisen un convenio con España para evitar a dobre imposición internacional con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria.»

Disposición derradeira quincuaxésimo oitava. *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.*

Suprímese o segundo parágrafo da letra a) do punto 2 do artigo 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira quincuaxésimo novena. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o Consello de Ministros para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

Autorízanse os ministros de Fomento, de Industria, Turismo e Comercio, e de Economía e Facenda, de acordo coas súas respectivas competencias, para adaptaren as normas dos artigos 105 e 106 e a disposición adicional sexta desta lei ás modificacións da normativa comunitaria.

Disposición derradeira sesaxésima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo a modificación introducida pola disposición derradeira décimo cuarta desta lei no artigo 60.3 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, que entrará en vigor, para todas as pólizas de seguro subscribas ou renovadas, a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 4 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno.  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO.

## ANEXO Á DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA

## Datos para o cálculo dos custos de utilización dos vehículos de transporte por estrada durante a súa vida útil

## Cadro 1: contido enerxético dos combustibles

Combustible	Contido enerxético
Gasóleo . . . . .	36 MJ/litro
Gasolina . . . . .	32 MJ/litro
Gas natural/biogás . . . . .	33-38 MJ/m <sup>3</sup> N
Gas licuado de petróleo (GLP) . . . . .	24 MJ/litro
Etanol . . . . .	21 MJ/litro
Biodiésel . . . . .	33 MJ/litro
Emulsións . . . . .	32 MJ/litro
Hidróxeno . . . . .	11 MJ/m <sup>3</sup> N

## Cadro 2: custo das emisións no transporte por estrada (a prezos de 2007)

CO <sub>2</sub>	NO <sub>x</sub>	NMHC	Partículas
0,03-0,04 euros/kg	0,0044 euros/g	0,001 euros/g	0,087 euros/g

## Cadro 3: quilometraxe dos vehículos de transporte por estrada durante a súa vida útil

Categoría do vehículo. (categorías M e N, tal como se definen na Directiva 2007/46/CE)	Quilometraxe. durante a súa vida útil
Vehículos de turismo (M <sub>1</sub> ) . . . . .	200.000 km
Vehículos industriais lixeiros (N <sub>1</sub> ) . . . . .	250.000 km
Vehículos pesados para o transporte de mercadorías (N <sub>2</sub> , N <sub>3</sub> ) . . . . .	1.000.000 km
Autobuses (M <sub>2</sub> , M <sub>3</sub> ) . . . . .	800.000 km